pero lho rogu’ e lho digo.

Ca, se el m[e] adussesse o que me faz pêad'
[andar,
nunca tantos estadaes arderan ant’ o seu altar,
nen mi aduz o meu amigo,
pero lho rogu’ e lho digo.

- **Amigo 430:** *Crestomatia*, pp. 269-270; Machado 1151;
Braga 808; Gonçalves/Ramos, *A lírica*, 77; Álvarez Blázquez, *Escolma*, p. 182; Pena, *Lit. Galega*, II, 34.
- Filgueira, *Santuários*, 133; Correia, *Romaria*, 7-22.

B 1202, V 807.
Amigo (romaría), cant. de refrán, c. sing.
I-V: a16 a16 B7' B7'.
VI: a15' a15' B7' B7' (outras possibilidades, 244:9 (I, III, IV), 227:1 (II), 99:60 (V), 58:7 (VI))²⁶⁵.
Capfin. I-III; capden. 2 II, 3; paral. lit. 1 I, II; 1 III, IV; 2 III, IV.
- **Amigo 429**²⁶⁶: *Crestomatia*, pp. 226-227; Machado 1150;
Braga 807; Cidade, *Poesia medieval*, pp. 17-18; Torres, *Poesia trovadoresca*, pp. 381-382; Álvarez Blázquez, *Escolma*, pp. 181-182.
- Lapa, *O texto*, 188; Correia, *Romaria*, 7-22.

²⁶⁵ Tavani parece esquecerse dos possíveis esquemas en vv. longos, n^o 26 (aaB) e 37 (aaBB).

²⁶⁶ Disponémo-la cantiga en versos longos, como recomenda Lapa, *O texto*, p. 188. No v. 1 III preferimos tamén a lectura de Lapa *pêad'* fronte á de Nunes *penad'*, por se-la primeira más fiel ós manuscritos.

Ca, se el m[e] adussesse o por que eu moiro
[d' amor,
nunca tantos estadaes arderan ant' o meu senhor,
non mi aduz o meu amigo,
pero lho rogu' e lho digo.

Pois eu e[n] mia voontade de o non veer son ben
[fis;
que porrei par caridade ant' el candeas de Paris?
non mi aduz o meu amigo,
pero lho rogu' e lho digo.

En mi tolher meu amigo filhou comigo perfia,
por end' arderá, vos digo, ant' el lume de bogia,
nen mi aduz o meu amigo,
pero lho rogu' e lho digo.

110,4. San Clemenço do mar

San Clemenço do mar,
se mi d' el non vingar,
non dormirei.

San Clemenço senhor,
se vingada non fôr,
non dormirei.

[Se mi d' el non vingar,
do fals' e desleal,
non dormirei.]

Se vingada non fôr
do fals' e traedor,
non dormirei.

B 1201, V 806.
Amigo, cant. de refrán, c. alt.²⁶⁷
a6 a6 B4 (26:129).
Paral. lit. 1 I, II; 2 I, II; 2 III, IV; leixa-prén.

- **Amigo 428;** *Crestomatia*, p. 269; Machado 1149; Braga 806; Torres, *Poesia trovadoresca*, p. 380; Álvarez Blázquez, *Escolma*, p. 181; Deluy, *Troubadours*, p. 122.
- Jensen, *Earliest*, 60-63; Souto Cabo, *A natureza*, 405-406; Correia, *Romaria*, 7-22; id, *C. doblas*, 75-77; Brea, *Pai Gómez*, 144-146.

111. Osoir' Anes

Trobador galego, fillo de Johan Froiaz de Valadares, da poderosa familia dos Marinho, con poseisñas nas rías de Noia e de Arousa, e de Urraca Fernandez (López Ferreiro; Cotarelo Valledor na súa edición mantén esta identidade). Irmán de Per' Eanes e de Martin Anes Marinho (nºs 119 e 89) que, en virtude do que manifestamos nas súas fichas, non se identificarían cos trobadores. Osoir' Anes, sobre 1220, marcharía a París acompañando a un Domingo Fernández para adicarse ós estudios. Cando regresa instálase na cidade de Compostela, onde é “cannonicus compostellanus”. Morreu pouco despois de 1236, data do seu testamento, no que pide ser enterrado na catedral de Santiago (Tavani e Resende dan a data de 1246, baseándose posiblemente nun erro de Cotarelo Valledor). Esta data contrasta coa posibilidade, mencionada por Resende, 398, de que fora tenente de Lama Mala en 1239. Polas datas que se mencionan, desenvolveu as súas aptitudes poéticas nos momentos iniciais da implantación e expansión do movemento trovadoresco, converténdose nun trobador da primeira xeración.

²⁶⁷ Tavani, 26:129, explica: “3 c 2+1 (doblas: I, II-III?). Probabilm. incompl.; Nunes ricostruisce una str. (tra la II e la III) il che dà la formula 4 a 2+1”.

Bibliografía:

- López Ferreiro, 372-373; *CA* II, 526, 582, 596; Resende, *Galiza*, 15; Tavani, 309-310; Jensen, *DLMGP*, 499-500; Resende, 398-399.
- Correia, *C. doblas*, 75-90.
- EDIC.: *CA*, 645-656; Cotarelo, *Mariño*; Gonçalves/Ramos, *A lírica*, 132-133.

111,1. *Cuidei eu de meu coraçon*

Cuidei eu de meu coraçon
que me non podesse forçar
(pois me sacara de prison)
de ir começo i tornar!
E forçou-m' ora nov' amor,
e forçou-me nova senhor;
e cuido ca me quer matar.

E pois m(e) assi desemparar
úa senhor foi, des enton
e[u] cuidei ben per ren que non
podesse mais outra cobrar.
Mais forçaron-mi os olhos meus
e o bon parecer dos seus,
e o seu preç', e un cantar,

Que lh' oí, u a vi estar
en cabelos, dizend' un son.
¡Mal-dia non morri enton,
ante que tal coita levar,
qual levo! que non vi mayor
nunca, ond' estou a pavor
de mort[e], ou de lh' o mostrar.

B [39^{bis}].

Amor (mot. da *chanson de change*), cant. de mestria, c. doblas (II-III) (a I = b II, III; b I = a II, III; c I = c III).

I: a8 b8 a8 b8 c8 c8 b8 (101:55).

II, III: a8 b8 b8 a8 c8 c8 a8 (161:266).

Capcaud.; capden. 3 I, 1 II; p. volta 2 II, 3 III: *enton*.

- **CA 323**: Cotarelo, *Mariño*, pp. 21-22; *Crestomatia*, p. 154; Molteni 13; Machado 13; *Auswahl* 18; Gonçalves/Ramos, *A lírica*, 3; Jensen, *Medieval*, pp. 248-249, 534-535.

- Souto Cabo, *Olhos*, 410-413; Casas Rigall, *Silepsis*, 390-394; Frazão, *Razão*, 125-128; Juárez, *Datos*, 193-195.

111,2. *Ei eu tan gran medo de mia senhor*

Ei eu tan gran medo de mia senhor
que nunca lh' ouso nulha ren dizer.
E veed' ora de qual ei pavor:
de quen non sabe matar, nen prender,
nen dêostar, nen bravo responder,
nen catar

B 43.

Amor, fragm.

- **CA 326**: Cotarelo, *Mariño*, p. 25; Molteni 16; Machado 16.

111,3. *E por quê me desamades*

¿E por quê me desamades,
ay! melhor das que eu sei?
Cuid' eu, ren i non gâades
eno mal que por vos ei!
Pola ira (e)n que mi-andades,
tan graves dias levei:
Dereit' ei,

B 40.

Escarnio de amor, cant. de mestria, c. doblas.

a7' b7 a7' b7 a7' b7 b3 b7 a7' (67:1).

Capcaud. I-II; III-IV; V-VI; p. rima impfta. 7 I, II: *ei*; p. volta 4 I, 7 I/II: *ei*; 3, 5 VI: *poderia*; rima der. 1, 8 I, 7 IV, 3 V; 2 I, 1 II; 3 II, 1 IV; 6 II, V; 9 II, 2 III; 8 IV, 1 V; 9 IV, 2 VI; 5 V, 8 VI.

- **CA 324**: Cotarelo, *Mariño*, pp. 22-24; Molteni 14; Machado 14.

que da ren que mais amei,
d' aquela me segurades:
De vos! E, certas, sabiádes
ver amor non desejei;
e se vos end' al cuidades,
ben leu tort' én prenderei!
E por Deus, no'-no façades,
ca por vos me perderei!
Conort' ei,
en que pouco durarei,
se mais de min non pensades!

De muitos son preguntado
¿de que ei este pensar?
E a min pes(a) aficado
de quen me vai demandar.
Ei log' a buscar, sen grado,
razon por me lhe salvar.
E a guardar
m' ei d' eles, e rancurar,
e andar i come nembrado.

Ali me ven gran cuidado,
depois que me vou deitar;
pero sôo mais folgado,
que lhi non ei de falar.
Jasco d' eles alongado
que me non ouçan queixar.
Tal amar
podedes mui ben jurar
que nunca foi d' omen nado.

Úa ren vus juraria,
e devede'-lo creer,
que jamais non amaria,
se d' esta posso viver.
Quando vos, que ben queria,
tan sen razon fui perder,
¿que prazer
avedes de me tolher
meu corpo, que vus servia?

Ca me non receberia
aquele que me fez nacer.
Nen eu non vus poderia
a tal coita padecer,
ca per ren non poderia,
pois me deit', adormecer.
A valer,
[dona, vosso ben-querer
amparar]-me deveria.

111,4. Eu, que nova senhor filhei

Eu, que nova senhor filhei,
mal me soube d' affan guardar.
Pois ela nunca soub' amar,
a tal senhor que vus direi!
*Mais pero direi-lh' ûa vez:
que faça o que nunca fez!*

Quen omen sabe ben querer
ja mais servid[a] én será;
ca bôa dona vi eu ja,
por amar, mil tanto valer.
*Por én lbi direi ûa vez:
que faça o que nunca fez!*

111,5. Min pres forçadament' Amor

Min pres forçadament' Amor,
e fez mi-amar quen nunc' amou;
e fez-mi tort' e desamor
quen mi-a tal senhor [ar] tornou.
E vejo que mal baratei
que mi-a tal senhor [ar] tornei
que non sabe que é amar,
e sab(e) a omen penas dar.

Que forçad' og(e) e sen sabor
eno mundo vivendo you,
ca nunca pûdi aver sabor
de min nen d' al, des que foi sou,
se non d' ela. ¿E que farei?
¿Por quê pregunto? Ca eu sei:
viver ei, se de min pensar',
ou morrer, se min non amar!

Quen-quer x' esto pode veer,
e mais quen mego vid' ou[vler',
que non ei ja sen, nen poder
de m' emparar d' ûa molher,
a mais mansa que nunca vi,
nen mais sen sanha, pois naci.
Veed' ora, se estou mal,
que m' emparar non sei de tal!

Ca sôo tan en seu poder
que, s[e]l end' al fazer quiser',
no'-no poderei eu fazer,
se m' ende Deus poder non der'
(contra ela que eu servi)
qual dou a ela sobre mi.
Que nunca eu soub' amar al,
ergo ela que mi faz mal.

B 39.

Amor (mot. da *chanson de change*), cant. de refrán, c. sing.

a8 b8 b8 a8 C8 C8 (160:367).

- **CA 322**; Cotarelo, *Mariño*, p. 21; Molteni 12; Machado 12.

- Bertolucci, *Motivi*, 112-114.

B 37.

Amor, cant. de mestría, c. doblas.

a8 b8 a8 b8 c8 c8 d8 d8 (107:4).

Capden. 4 I, 1 III; 6 I, 8 III; 7 I, 3 III; p. volta 1, 3 II: *sabor*,
3 III, 1 IV: *poder*; 7 III, 8 IV: *mal*; rima der. 1-3, 7 I, 8 II; 4,
6 I; 8 I, 4 IV; 5 II, 3 IV; 1, 5 III.

- **CA 320**; Cotarelo, *Mariño*, pp. 18-19; Molteni 10;
Machado 10.

- Brea, *Misradores*, 169-171; Canettieri/Pulsoni, *Contrafacta*, 482-484; id., *Imitación métrica*, 25-33.

111,6. *Par Deus, fremosa mia senhor*

Par Deus, fremosa mia senhor,
macar me fazedes pesar,
ei vus ja sempr' a desejar
nos dias en que vivo for';
ca m' ar poderedes fazer,
quando ar quiserdes, p[razer].

B 42.
Amor, fragm.

- **CA 327;** Cotarelo, *Mariño*, p. 25; Molteni 17; Machado 17.

111,7. *Sazon é ja de me partir*

Sazon é ja de me partir
de mia senhor, ca ja temp' ei
que a servi, ca perdud' ei
o seu amor, e quero-m' ir;
mais pero direi-lh' ant' assi;
"Senhor ¿e que vus mereci?
Ca non foi eu depois peor,
des quando guaanhei voss' amor?"

E [a]veredes a sentir
camantha mingua vus farei;
e ve[e]redes, eu o sei,
como poss' eu sen vos guarir!
E diredes depois por mi:
"Mesela! ¿por quê o perdi?
¿E que farei quando s' el for'
alhur servir outra senhor?"

"Estranha mengua mi fará,
tal que per ren non poss' osmar
como sen el possa estar!
De min rancurado salrrá;
e terran-mi-o por pouco sen
que a tal omen non fiz ben!
A dona, que mi-o receber',
con migo se pode perder.

Cada que me lh' eu assanhar',
a meu osm', e lhi mal disser',
se mi-o logo acolher oer'
mia vezinh(a), e mi-o sussacar',
mao vezinho per será!
Mais non xi vo'-lo sentirá,
ca non quer' eu filhar o seu,
nen lh' ar querrei leixar o meu."

B 38.
Amor (mot. do *comjat*), cant. de mestría, c. doblas (I-II) e
sing. (III-IV; a III = c IV; b III = a IV).
a8 b8 a8 c8 c8 d8 d8 (168:6).
Capden. 7 I, IV; 4 II, 3 III; p. volta 2, 3 I: *ei*; rima der. 4 I, 7 II;
2 II, 1 III; 6 II, 8 III.
- **CA 321;** Cotarelo, *Mariño*, p. 20; Molteni 11; Machado 11.
- Ron, *Ir-se*, 128; Canettieri/Pulsoni, *Contrafacta*, 482-484.

111,8. *Vos, mia senhor, que non avedes cura*

Vos, mia senhor, que non avedes cura
de m' ascoitar, nen de me ben fazer,
-(ca non quis Deus, nen vos, nem mia ventura

B 41.
Amor, fragm.?, cant. de mestría, c. uniss.
a10' b10 a10' b10 b10 b10 a10' b10 (87:1).

a que m' eu nunca pudi defender)-
quero-vus eu de mia coita dizer:
mal ei por vos mui mayor ca morrer.
Se me non val Deus, ou vossa mesura,
perder-m'-ei eu. E vos, en me perder,

Perder-vus ei! que vus tan muito dura
de mal, com' eu por vos ei a sofrer,
e que non sei de vos aver rancura,
pero m' en coita fazedes viver,
e que vus ei por amor a têer
quanto de mal me fazedes sofrer.
Tod' est' eu faç(o), e non faço cordura,
pois me vos non queredes gradecer.

Capfin.; capden. 8 I, 1 II; p. volta 2, 6 II: *sofrer*.

- **CA 325**; Cotarelo, *Mariño*, p. 24; Molteni 15; Machado 15.

112. Pae Calvo

Xograr galego, por mor de estar integrado no hipotético Cancioneiro de Xograres Galegos entre Pero d' Armea (nº 121) e Martin de Padrozelos (nº 95). Boaventura, en virtude da existencia en Vila Chã (Esposende) dun lugar co nome do xograr, considerouno orixinario de Portugal; sen embargo, Resende, 399, menciona que nas *Inquirições* de 1220 e de 1258 hai varios individuos chamados Pai Calvo e que o nome tamén está documentado en León e en Galicia, o cal imposibilita, polo de agora, unha identificación satisfactoria. Desenvolveu a súa arte poética na segunda metade do século XIII.

Bibliografía:

- CA II, 445, 627; *Amigo* I, 237; Boaventura, 193-196; Resende, *Acrescento*, 709-714, 742; id., *Galiza*, 14, 18; Tavani, 310; Correia, *DLMGP*, 501; Resende, 399.
- EDIC.: *Amigo*, 407-409.

112,1. *Foi-s[e] o meu perjurado*

Foi-s[e] o meu perjurado
e non m' envia mandado;
deseja-lo-ei.

B 1237, V 842.
Amigo, cant. de refrán, c. alt.

a7' a7' B5 (26:110).
Capden. 1 I, 2 II; corr. paral. 1 I, 2 II; 1-2 III, IV; leixa-prén I-III.
- **Amigo 450**; *Crestomatia*, p. 208; Machado 1185; Braga 842.

Ai madr', o que ben queria
foi-s' ora d' aqui sa via;
deseja-lo-ei.

E non m' enviou mandado;
de Deus lhi seja buscado;
deseja-lo-ei.

Pois mandado non m' envia,
busque-lho Santa María;
deseja-lo-ei.

112,2. *Foi-s' o namorado*

Foi-s' o namorado,
madr' e non o vejo:
e viv' eu coitado

B 1236, V 841.
Amigo, cant. de refrán, c. sing. (a II = b IV; A = D).
I: a5' b5' a5' b5' C5' A5' C5' A5'.

e moiro con desejo:
*torto mi ten ora
o meu namorado,
que tant' albur mora
e sen meu mandado.*

Foi-s' el con perfia,
por mi fazer guerra;
nembrar-se devia
de que muito m' erra:
*torto mi ten ora
o meu namorado,
que tant' albur mora
e sen meu mandado.*

De pran con mentira
mi andava sen falha,
ca se foi con ira,
mais, se Deus mi valha,
*torto mi ten ora
o meu namorado,
que tant' albur mora
e sen meu mandado.*

Non quis meter guarda
de min que seria
e quant' alá tarda
é por seu mal dia;
*torto mi ten ora
o meu namorado,
que tant' albur mora
e sen meu mandado.*

II-IV: a5' b5' a5' b5' C5' D5' C5' D5' (112:8²⁶⁸; outra possibilidade, 37:31).

Capden. 1 I, II; p. volta 1 I, 6: *namorada*.

- **Amigo 449**: Machado 1184; Braga 841; Cidade, *Poesia medieval*, pp. 46-47.

- Lapa, *O texto*, 189-190; Ron, *Ir-se*, 122.

113. Pae de Cana (Pai da Cana)

Trobador galego, concretamente de Compostela, de condición clérigo. Era irmán ou fillo de Pedro Arias da Cana; desenvolveu a súa actividade poética a mediados do século XIII (López Ferreiro; Michaëlis, *CA* II, 582, apoiou esta identificación; cf. Resende, 399, que aporta outra posibilidade, ó pretender identificalo co "Pay da Cana" mencionado no testamento de Nuno Gonzalez de Bendaña en 1348).

Bibliografía:

- López Ferreiro, 377; *CA* II, 477, 582, 818; *Amigo* I, 338-339; Resende, *Acrescento*, 715, 742; id., *Galiza*, 15; Tavani, 310; id., *DLMGP*, 501-502; Resende, 399.
- EDIC.: *Amigo*, 247-249.

113,1. Amiga, o voss' amigo

Amiga, o voss' amigo
soub' eu que non mentiria,

B 934, V 522.
Amigo, cant. de refrán, c. sing.

²⁶⁸ En versos curtos, Tavani non distingue esquemas entre as estrofas I e II-IV.

pois que o jurad' avia
que veesse, mais vos digo:
que á de vós mui gram medo,
por que non veo mais cedo.

E rogou-m' el que vos visse
e vos dissesse mandado,
que non era perjurado,
e vedes al que mi disse:
que á de vós mui gram medo,
por que non veo mais cedo.

E rogo-vos, ai amiga,
que bôa ventur' ajades,
que muito lho gradescades,
pois m' el roga que vos diga:
que á de vós mui gran medo,
porque non veo mais cedo.

113,2. *Vedes que gram desmesura*

Vedes que gram desmesura,
amiga, do meu amigo:
non veo falar comigo,
nen quis Deus, nen mia ventura
que foss' el aqui o dia
que pôs migo, quando s' ia.

Como eu tevera guisado
de fazer quant' el quisesse,
amiga, sol que veesse,
non quis Deus, nen meu pecado
que foss' el aqui o dia
que pôs migo, quando s' ia.

E and' end' eu mui coitada,
como quer que vos al diga,
por que non quis Deus, amiga,
nen mia ventura minguada
que foss' el aqui o dia
que pôs migo, quando s' ia.

a7' b7' a7' C7' C7' (160:458).
Rima der. 1 I, III; 3 I, 2 III; 4; corr. paral. 1-2 II, 4 III.
- **Amigo 273;** *Crestomatia*, p. 198; Machado 878; Braga 522.

B 933, V 521.
Amigo, cant. de refrán, c. sing.
a7' b7' b7' a7' C7' C7' (160:459).
Capden. 2 I, 3 II; 4 I, II; 1 II, 2 III; rima der. 2 I, 3 III; corr.
paral. 4 I, II, 3-4 III.
- **Amigo 272;** Machado 877; Braga 521; Vasconcelos,
Textos arcaicos, p. 26.
- Pinto-Correia, *Dimensão*, 25-26.

114. **Pai Gomez Charinho**

Trobador galego descendente dunha liñaxe galega asentada na provincia de Pontevedra. Nacería ó redor de 1225, pero a súa proxección énos descoñecida ata 1284, momento no que é nomeado "Almirante do mar". Con anterioridade a esta data, só podemos aventura-la súa participación na conquista de Sevilla de 1248 e unha relación coa corte de Alfonso X, facilitada polo casamento da súa irmá con Joan Garcia de Villamaior, *mordomo-mor* e privado do Rei Sabio (Resende, *DLMGP*). A partir de 1284 convértese nunha figura de importancia para o rei Sancho IV, ó cal acompaña na súa viaxe a Santiago en 1286 (cf. Viñez, 540, que cita docs. do período 1284-1286 confirmados polo trobador en compañía de Gonçal' Eanes do Vinhal (nº 60) e Gomez Garcia (nº 59). Nese ano quedaría

en Galicia, e dende 1290 desenvolve o cargo de *meirinho-mor* do reino. Morreu asasinado por Rui Perez Tenoiro, irmán de Men Rodriguez Tenoiro (nº 101), en 1295, e foi enterrado no convento franciscano de Pontevedra. Casou en data incerta con Maria Giraldez Maldonado, conseguindo o señorío de Rianxo. Pola súa colocación nos cancioneiros e pola súa resposta á cantiga da "madeira" de Afonso Lopez de Baian (nº 6), supónse que exerceu os seus dotes poéticos entre ...1248-1295.

Bibliografía:

- CA II, 283, 406, 418, 423, 590, 597, 886; Amigo I, 166-170; Resende, *Galiza*, 14, 19, 22; Tavani, 310-311; Montero, *A cantiga*, 2-10; Resende, *DLMGP*, 502-503; Resende, 400-401; Vínez, *Documentación*, 540.
- Cunha, *O dobre*, 165-170; Bertolucci, *La lirica*, 28-31; Brea, *Pai Gómez*, 141-152.
- EDIC.: Cotarelo, 169-268; Monteagudo, 305-372; CA, 481-501; Amor, 240-258; Amigo, 158-203; Lapa, 453-456; Gonçalves/Ramos, *A lírica*, 211-215; Alvar/Beltrán, *Antología*, 227-234; Reckert/Macedo, *Cinquenta cant.*, 138-144; Beltrán, *O cervo*, 53; Ferreira, *Poesia e prosa*, 55-56, 80-81; Torres, *Poesia trovadoresca*, 161-168; Álvarez Blázquez, *Escolma*, 174-179; Pena, *Lit. Galega*, II, 102-105; Deluy, *Troubadours*, 123-126, 222-223, 278.

114.1. A dona que home "sennor" devía

A dona que home "sennor" devía
con derecho chamar, per boa fe,
meus amigos, direivos eu qual é:
hunha dona que eu vi noutro día,
e non ll'ousei más daquesto dizer,
mais quen a viss' e podess' entender
todo seu ben, "sennor" a chamaría,

Ca señor é de muito ben, e vía
eu por meu mal, seyo per boa fe,
e, se morrer por én, gran dereit' é,
ca ben soub' eu quanto m' end' averría
morrer assí com' eu moyr', e perder,
meus amigos, o corp', e non poder
veer ela quand' eu veer querría.

E tod' aquesto m' ant' eu entendía
que a visse, mays tant' oy falar
no seu ben, que me non soube guardar
nen cuidava que tan ben parecía
que logu' eu fosse por ela morrer;
mais, u eu vi o seu bon parecer,
vi, amigos, que mia morte sería.

É por esto que ben consellaría
quantos oyren no seu bon falar
non a veian, e pódense guardar
mellor ca m' end' eu guardei, que morría,
e dixe mal, mais fezme Deus aver
tal ventura, quando a fuy veer
que nunca dix' o que dizer quería.

A 246, B 811, V 395.

Amor, cant. de mestría, c. uniss. (rima b dobla).

a10' b10 b10 a10' c10 c10 a10' (161:161).

Capcaud.; capfin.; capden. 3 I, 6 II; 6 I, III; 7 I, 1 III; p. rima 2 I, II: *per boa fe*, III, IV: *falar*; 3 I, II: *é*, III, IV: *guardar*; rima der. 3 I/II, 7 III; 6 I, 1 III; 1 II, 6 IV; 7 II, IV; 4, 6 III; 5 III, 4 IV.

- **Monteagudo 6**; Cotarelo 6; CA 246; Machado 755; Braga 395.

- Álvarez Blázquez, *Mulher*, 90-92; Sansone, *Temi*, 174-175; Jensen, *Earliest*, 239-240; Cunha, *O dobre*, 165-170; Souto Cabo, *Bom parecer*, 30-33; Fidalgo/Souto Cabo, *Oídas*, 321-327.

114,2. *Ay, Santiago, padrón sabido*

¡Ay, Santiago, padrón sabido,
vós mh' adugades o meu amigo!
Sobre mar vén quen frores d' amor ten,
myrarey, madre, as torres de Geén.

¡Ay, Santiago, padrón provado,
vós mh' adugades o meu amado!
Sobre mar vén quen frores d' amor ten,
myrarey, madre, as torres de Geén.

B 843, V 429.
Amigo (mariña), cant. de refrán, c. sing.
a9' a9' B10 B10 (37:45).
Rima der. 2; paral. lit. 1; 2.

- **Monteagudo 24:** Cotarelo 24; Amigo 225; *Crestomatia*, p. 275; Machado 786; Braga 429; Cidade, *Poesia medieval*, pp. 4-5; Reckert/Macedo, *Cinquenta cant.*, 24; Beltrán, *O cervo*, 8; Torres, *Poesia trovadoresca*, p. 168; Álvarez Blázquez, *Escolma*, p. 178; Pena, *Lit. Galega*, II, 45; Deluy, *Troubadours*, p. 126; Jensen, *Medieval*, pp. 260-261, 539.
- Jensen, *Earliest*, 64-69, 252-262; Beltrán, *O cervo*, 15-20; Souto Cabo, *A natureza*, 397-405; Tavani, 142-143, 146-150; Ventura, *Toponimia*, 476-477.

114,3. *A mia sennor, que por mal destes meus*

A mia sennor, que por mal destes meus
ollos eu vi, fuylle gran ben querer;
e o mellor que dela poyd' aver,
desque a vi, diréivolo, par Deus:
dissom' oge ca me quería ben
pero que nunca me faría ben.

E por esto que me disso, cuydou
min a guarir, que ia moiro; mais non
perdí por én coita do coraçon,
pero ben foy más do que me matou:
dissom' oge ca me quería ben
pero que nunca me faría ben.

E por aquesto cuida que seu prez
tod' á perdudo, e vedes qual sennor
me faz amar muito Deus e Amor.
É o mellor que m' ela nunca fez:
dissom' oge ca me quería ben
pero que nunca me faría ben,

e entend' eu ca me quer atal ben
en que non perde, nen gaan' eu ren.

A 255, B 842, V 428.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:186).
Fiinda: c10 c10.
Capcaud. refr. III-f; capfin. I-II; capfin. refr. III-f; capden. 1 II, III; p. volta 5, 6, 1 f: *ben*.
- **Monteagudo 16:** Cotarelo 16; CA 255; Machado 785; Braga 428.
- Ron, *Ir-se*, 128.

114,4. *As ffroles do meu amigo*

As ffroles do meu amigo
briosas van no navyo.
E vanss' as frores
d' aquí ben con meus amores,
idas som as frores
d' aquí ben con meus amores.

As ffroles do meu amado
briosas van no barco.
E vanss' as frores

B 817, V 401.
Amigo (mariña), cant. de refrán, c. alt.
a7' a7' B5' B7' B5' B7' (43:4).
Capfin. refr. I-II; p. volta 3, 5: *as frores*; rima der. 1 I, II, 4/6; paral. lit. 1 I, II; 2 I, II; 2 III, IV; 2 V, VI; redupl. refr. 4, 6; leixa-prén.
- **Monteagudo 23:** Cotarelo 23; Amigo 220; *Crestomatia*, p. 274; Machado 761; Braga 401; Oliveira/Machado, p. 86; Gonçalves/Ramos, *A lírica*, 44; Cidade, *Poesia medieval*, p. 5; Reckert/Macedo, *Cinquenta cant.*, 23; Ferreira, *Antol. lit.*, pp. 97-98; id., *Poesia e prosa*, pp. 80-81; Tavares,

*d' aquí ben con meus amores,
idas som as frores
d' aquí ben con meus amores.*

Briosas van eno navío
para chegar ao ferido.

*E vanss' as frores
d' aquí ben con meus amores,
idas som as frores
d' aquí ben con meus amores.*

Briosas van eno barco
pera chegar ao fossado.

*E vanss' as frores
d' aquí ben con meus amores,
idas som as frores
d' aquí ben con meus amores.*

Pera chegar ao ferido
servirmi, corpo velido.

*E vanss' as frores
d' aquí ben con meus amores,
idas som as frores
d' aquí ben con meus amores.*

Pera chegar ao fossado
(de) servirmi, corpo loado.

*E vanss' as frores
d' aquí ben con meus amores,
idas som as frores
d' aquí ben con meus amores.*

114,5. *Coydávam' eu quand' amor non avía*²⁶⁹

Coydávam' eu quand' amor non avía
que non podes[s] el comigo poder,
mais, pois lo ei, ia o non cuidaría
ca me non sei nen posso deffender.
E porque soub' esto de mi, Amor,
fézom' el que amas[s]le tal sennor
en que me ben mostrass' o seu poder.

Textos medievais, pp. 51-52; Torres, *Poesia trovadoresca*, pp. 167-168; Álvarez Blázquez, *Escolma*, p. 177; Pena, *Lit. Galega*, II, 43; id., *Manual*, 6; Deluy, *Troubadours*, pp. 124-125; Jensen, *Medieval*, pp. 254-257, 537-538.

- Cardoso, *Cant. seguir*, 37-55; Jensen, *Earliest*, 64-69; Otero et alii, *Análise*, 493-497; Souto Cabo, *A natureza*, 397-399, 400-405.

A 250.

Amor, cant. de mestría, c. uniss.

a10' b10 a10' b10 c10 c10 b10 (101:29).

Capfin. I-II; dobre 2, 7 I: *poder*, II: *viver*, III: *non lhe/o ouso dizer*; p. rima 5: *Amor*; rima der. 3, 4 II; 6 II, 1 III; 2/7, 3 III.

- **Monteagudo 9** (non publica a estr. III); Cotarelo 9 (non publica a estr. III); CA 250; Machado 1604 (non publica a estr. III).

²⁶⁹ Na marxe dereita do folio, entre as estr. II e III desta cantiga, aparece unha estrofa más engadida polo copista en letra cursiva; trátase dunha estrofa mutilada, pois faltan as últimas letras dalgún verso debido a que o encadernador recortou as marxes. Michaëlis (C4, p. 488, en nota) reproduce a reconstrucción desta estrofa:

"Mais aqui á mester sabedor[ia]
mais ca esforç' e punhar d[el] [fazer]
a mia senhor serviço todavía,
e desejar seu ben e atender
sempre seu ben; e se m' ela d' am[or]
quer deffender por fazer desamor?
tan gran mesura non pode [fazer]".

Esta cantiga, por outra banda, é tamén considerada anónima (nº 157,8); véxanse na Introducción as razóns da súa atribución a Pai Gomez Charinho.

E de gui(s)sa mio mostrou, que quería
ante mia morte ogemais ca viver,
ca soffro coita qual non soffrería.
Mas eya, mal que me pes, de soffrer,
ca de guisa me ten vençud' Amor
que, se Deus ou gran mesura non for,
de mia señor pos[s] en coita viver.

Mais esta mesura, ¿como sería
de mia señor? Ca non ll' ouso dizer
que me valla, ca sei ca me diría
que me quitasse ben de a veer;
e por aquesto, ben sei que Amor
me faría cada día peor
se llo disses[s] e non-n' ouso dizer.

114,6. *De quantas couzas eno mundo son*²⁷⁰

De quantas couzas eno mundo son,
non veio eu ben qual pod' en semellar
al rey de Castella e de León
se [non] ûa qual vos direi: o mar.
O mar semella muit' aqueste rei,
e d' aquí en deante vos direi
en quaes couzas, segundo razón:

O mar dá muit' e creede que non
se pod' o mundo sen el governar
e pode muit' e [á] tal coraçon
que o non pode ren apoderar.
Des i ar [é] temudo, que non sei
quen o non tema, e contarvos ey
áinda mais, e iudgá[de]m' entón.

E no mar cabe quant' i quer caber
e mantén muitos, e outros y á
que x' ar quebranta e que faz morrer
enxerdados; e outros a que dá
grandes herdades, e muit' outro ben.
E tod' esto que vos cuncto avén
al rey, se o souberdes coñocer.

E da mansedume vos quero dizer
do mar: non á cont', e nunca será
bravo nen sannudo, se llo fazer
outro non fezer, e sofrervos' á
tódalas couzas, mais se en desdén
ou per ventura algún louco ten
con gran tormenta o fará morrer.

A 256.

Cantiga encomiástica, cant. de mestría, c. doblas.
a10 b10 a10 b10 c10 c10 a10 (100:11).
Fiinda: c10 c10 a10 (sobre III-IV).
Capcaud. I-II; III-IV; capden. 3 I, 7 III; 5 I, 1 II; p. volta 3 III,
7 IV: morrer, rima der. 1 I, 2 IV; 6 I, 1 IV.
- **Monteagudo 26**; Cotarelo 26; CA 256; *Randgl. XIII*, pp.
165-166; *Crestomatia*, pp. 303-304; Machado 1609;
Oliveira/Machado, pp. 139-140; *Auswahl* 11; Alvar/Beltrán,
Antología, 77; Fonseca, *Escárnio*, 15; Torres, *Poesia trovadoresca*, pp. 163-164; Alvarez Blázquez, *Escolma*, pp.
178-179; Dobarro et alii, *Literatura*, Apéndice I, 32; Deluy,
Troubadours, pp. 222-223; Piccolo 110; Jensen, *Medieval*,
pp. 262-263, 539-540.
- Beltrán, *La estructura*, 73-75; Correia, *C. doblas*, 75-90;
Ramos, *A separação*, 706-715.

²⁷⁰ Esta cantiga é tamén considerada anónima (nº 157,11); véxanse na Introducción os motivos da súa atribución a Pai Gomez Charinho.

Estas manñas, segund' o meu sen,
que o mar á, á el rey, e por én
se semellan, quen o ben entender.

114,7. Disséronm' oi', ay, amiga, que non

Disséronm' oi', ay, amiga, que non
é meu amig' almirante do mar,
e meu coraçon ia pode folgar
e dormir iha, e por esta razón
o que do mar meu amigo sacou
sáqueo Deus de coytas qu' afogou.

Muy ben é a min, ca (ia) non andarey
triste por vento que veia fazer,
nen por tormenta non ei de perder
o sono, amiga, mays sse foy el rey
o que do mar meu amigo sacou
sáqueo Deus de coitas qu' afogou.

Mui ben é a min, ca (ia) cada que vir
algún home de fronteyra chegar
non ey medo que mi diga pesar,
mays por que m' el fez ben sen lho pedir
o que do mar meu amigo sacou
sáqueo Deus de coitas qu' afogou.

114,8. Dizen, sennor, ca disseses por mi²⁷¹

-Dizen, sennor, ca disseses por mi
que foi ia temp' e que foi ia sazón
que vus prazía d' oyrdes entón
en mi falar, e que non é ia 'ssí.
-Dizen verdad', amigo, porque non
entendía o que pois entendí.

-E, señor, dizen, pero vos tal ben
quiero, que moyro, que ren non me val,
ca vus dizedes dest' amor atal
que nunca vos ende senón mal vén.
-Dizen verdad', amigo, e pois é mal
non y faledes, ca prol non vus ten.

-Pero cuid' eu, fremosa mia sennor,
desque vos vi, que sempre me guardei
de vos fazer pesar. Mais, ¿que farei,
ca por vós moir' e non ei d' al sabor?
-Non vus á prol, amigo, ca ia (non) sei
o por que era todo o voss' amor.

B 838, V 424.

Amigo (mariña), cant. de refrán, c. sing. (b I = b III).

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:187).

Capden. 1 II, III.

- **Monteagudo 25**; Cotarelo 25; Amigo 221; CA II, p. 426;
Montero, *A cantiga*, pp. 14-32; Braga 424; Machado 781;
Gonçalves/Ramos, *A lírica*, 45; Alvar/Beltrán, *Antología*,
80; Cidade, *Poesía medieval*, p. 72; Reckert/Macedo,
Cinquenta cant., 25; Torres, *Poesía trovadoresca*, p. 166;
Álvarez Blázquez, *Escolma*, p. 178; Pena, *Lit. Galega*, II,
44; Dobarro et alii, *Literatura*, Apéndice I, 6; Deluy,
Troubadours, pp. 123-124; Piccolo 109; Jensen, *Medieval*,
pp. 258-259, 538-539.

- Beltrán, *O vento*, 20-21; Beltrán, *O cervo*, 26-29; Montero,
A cantiga, 32-42; Ron, *Ir-se*, 128.

A 249.

Amor (dial.), cant. de mestría, c. sing.

a10 b10 b10 a10 b10 a10 (148:1).

Capden. 5 I, II; corr. paral. 6 II, 5 III.

- **Monteagudo 5**; Cotarelo 5; CA 249; Piccolo 107.

- Tavani, 123-124.

²⁷¹ Esta cantiga é tamén considerada anónima (nº 157,17); véxanse na Introducción as razóns da súa atribución a Pai Gomez Charinho.

114,9. *Don Affonso López de Baiám quer*²⁷²

Don Affonso López de Baiám quer
fazer sa casa se el pod' aver
madeyra nova; e sse mi creer,
fará bon siso, tanto que ouver
madeyra, logo punh' ena cobrir
o fundamento ben alt', e guarir
pode lavor por hy, se o fezer.

E quand' el a madeyra adusser
guárdea ben, e fácaa iazer
en logar que non chovha, ca torcer
ss' ya mui tost' e non ar á mester,
e, sse o lavor non quer escarnir,
ábralh' o fundament' alt' e ferir
e muyto batelo quanto poder.

E poys o fundamento aberto for,
alt' e ben batudo, polo lavor
en salvo sobr' el, e poys s' acabar
estará da madeyra sen pavor.
E do que diz que a revolverá
ant' esto faça, se non matarss' á,
ca est' é o começo do lavor.

E Don Affonso, poys á tal sabor
de fazer bôa casa, começar
a dev' [ell] assy, e des y folgar
e iazer quand' e quando mester for
descobrilha e cobrilha poderá
e revvelha, ca todo sofrerá
a madeyra, e seer aly en melhor.

E don Affonso tod' esto fará
que lh' eu conselho, se non, perderss' á
esta casa, por mao lavrador.

114,10. *Mha filha, non ey eu prazer*

Mha filha, non ey eu prazer
de que parecedes tan ben
ca voss' amigo falar vén
convosqu' e vén[ho]vos dizer
que nulba ren non creades
que vos diga que sabbades,
filha; ca perderedes hi
e pesarmh' á de coraçón,
e ia Deus nunca mi perdón

B 1625, V 1159.
Escarnio persoal, cant. de mestria, c. doblas.
I, II, IV: a10 b10 b10 a10 c10 c10 a10 (161:67)²⁷³.
III: a10 a10 b10 a10 c10 c10 a10.
Fiinda: c10 c10 a10 (sobre III-IV).
Capcaud. I-II; III-IV; capden. 1 I, IV, f; p. volta 1 III, 4 IV: *for*,
2, 7 III: *lavor*, rima der. 2, 4 I; 7 I, 1 f; 7 II, 5 IV.
- **Monteagudo 28**; Cotarelo 28; Lapa 304; Machado
1529; Braga 1159; Arias, *Poesía obscena*, 39.
- Andrade/Magalhães, *Igreja*, 44-46; Rodríguez, *Equívoco*,
38-44; Correia, *C. doblas*, 75-90.

²⁷² Esta cantiga nace coma resposta á de Afonso Lopez de Baian (nº 6,3).

²⁷³ Tavani sinala unicamente este esquema para toda a composición.

B 840, V 426.
Amigo, cant. de refrán, atehuda ata a fiinda, c. doblas (II-III)
(rima b sing.).
a8 b8 a8 C7' C7' (160:404).
Fiinda: a8 a8 (sobre II-III).
Capden. 1; repet. lit. 1 II-f.
- **Monteagudo 22**; Cotarelo 22; Amigo 223; Machado
783; Braga 426.
- Jensen, *Earliest*, 86-90; Juárez, *Madre*, 134-140; Lapa, *O
texto*, 174; Gonçalves, *Atehudas*, 167-186; Correia, *C.
doblas*, 75-77, 81-84.

sse ment' e dígovos assy
que nulha ren non creades
que vus diga que sabbades,
 filha; ca perderedes hi
 e vedes que vos averrá,
 des quand' eu quiser non será,
 ora vos defend' aquí
que nulha ren non creades
que vus diga que sabbades,
 filha, ca perde[re]des hi
 no voss', ende máys pes' a min.

114,11. *Muytos dizem con gram coyta d' amor*

Muytos dizem con gram coyta d' amor
 que querían morrer, e que assy
 perderíam coytas; mays eu de mi
 quero dizer verdad' a mha senhor:
queríamelb' eu mui gran ben querer
mays non quería por ela morrer
 com' outros morreron. ¿E que prol ten?
 Ca, desque morrer, non a veerey,
 nen bôo serviço nunca lhi farey.
 Por end', a senhor que eu quero ben
queríamelb' eu mui gram ben querer
mays non quería por ela morrer
 com' outros morreron no mundo ia,
 que depoys nunca poderon servir
 as por que morreron, nen lhis pedir
 ren. Por end', esta que m' estas coitas dá
queríamelb' eu mui gram ben querer
mays non quería por ela morrer
 ca nunca lhi tan ben posso fazer
 serviço morto, como sse viver.

114,12. *Oy eu sempre, mia sennor, dizer*

Oy eu sempre, mia sennor, dizer
 que peor he de soffrer o gran ben
 ca o gran mal, e maravíllom' én,
 e non o pude nen posso creer,
 ca sofr' eu mal por vós; qual mal, sennor,
 me quer matar, e guarría mellor
 se me ben vós quises[s]ledes fazer.
 E se eu ben de vós podess' aver
 ficass' o mal que por vós ey a quen

B 809, V 393.
 Amor, cant. de refrán, atehuda ata a fiinda, c. sing.
 a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:188).
 Fiinda: c10 c10.
 Capcaud. refr. III-f; capfin. refr. I-III; capden. 1 II, III; rima der. 3 II, 1 f.
 - **Monteagudo 4**; Cotarelo 4; *Amor* 118; Machado 753;
 Braga 393; Spina, *Lírica*, pp. 327-328; Jensen, *Medieval*,
 pp. 250-251, 536.
 - Panunzio, *Lettura*, 181-186; Ciccarelli, *Proposta*, 20-32;
 Tavani, 123-134; Gonçalves, *Atehudas*, 167-186; Gomes,
Trobar, 219.

A 248 (en A 253 aparece o mesmo texto con leves variantes), B 816, V 400 (en B e V só as duás primeiras estrofas).
 Amor, cant. de mestría, c. doblas.
 a10 b10 b10 a10 c10 c10 a10 (161:68).
 Fiinda: c10 c10 a10 (sobre III-IV).
 Capcaud. I-II; III-IV; capfin. I-II; IV-f; p. volta 2 III, 3 IV:
coraçón; rima der. 5 II, 1 III; 7 II, 5 IV.
 - **Monteagudo 1**; Cotarelo 1; CA 248; Machado 760;
 Braga 400.
 - Correia, *C. doblas*, 75-90.

aquesto diz, e o que assí ten
o mal en pouco, fáçao viver
Deus con mal sempr' e con coita d' amor,
e pod' assí veer qual é peor,
do gran ben ou do gran mal, de soffrer.

E o que esto diz non sab' amar
neúa cousa tan de coraçón
com' eu, sennor, amo vós, demais non
creo que sabe que x' é deseiar
tal ben qual eu deseiei desque vi
o vosso bon parecer, que dessí
me faz por vós muitas coitas levar.

E de qual eu sennor ouço contar
que o ben est' e faz gran trayción
e que ben á, se o seu coraçón
en al pon nunca senón en guardar
senpr' aquel ben. Mais eu, que mal soffréi
senpre por vós, e non ben, des aquí
terriades por ben de vos nenbrar.

Se o fezerdes, faredes ben y,
se non, sen ben viverei senpr' assí,
ca non ey eu outro ben de buscar.

114,13. *Ora me venh' eu, senhor, espedir*

Ora me venh' eu, senhor, espedir
de vós, a que muyt' á que aguardei
e ora me quero de vós partir
sen galardón de camanho temp' ey
que vos serví, e quérom' ir vyver
en atal terra, hu nunca prazer
veia, nen cante, nen possa riir.

Ca sôo certo desque vos non vir,
que outro prazer nunca veerey
e mal que aia non ei de sentir
se non o voss', e assy andarey
triste cuidando no vosso parecer
e chorando muitas vezes dizer:
senhor, ia nunca vos posso servir.

E do meu corpo ¿que será, senhor,
quand' el d' alá o vosso deseiar?
¿e que fará quen vos á tal amor
e vos non vir, nen vos poder falar?
ca veio vós e por vós morr' aquí,
poys, ¿que farey ou que será de min
quand' en terra hu vós fordes non for?

Ora con graça de vós, a melhor
dona do mundo, ca muyt' ei d' andar

B 813, V 397.

Amor (mot. do *comjat*), cant. de mestria, c. doblas.

a10 b10 a10 b10 c10 c10 a10 (100:12).

Fiinda: c10 c10 a10 a10 (sobre III-IV).

Capcaud. I-II; III-IV; capfin. I-IV; capden. 1, 3 I, 1 IV, 4 f;
7 II, 1 f; p. rima impfta. 5 III, IV: *aqui*; p. volta 1 III, 4 f:
senhor; 7 III, 3 f: *for*; 6 IV, 2 f: *serví*; rima der. 1, 2 II; 4 II,
2 IV; 7 II, 6 IV / 2 f; corr. paral. 1, 3 I.

- **Monteagudo 17**; Cotarelo 17; Amor 121; Machado 757; Braga 397; Alvar/Beltrán, *Antología*, 78; Spina, *Lírica*, pp. 328-329.

- Ciccarelli, *Proposta*, 20-32; Brea, *Dona*, 161-163; Casas Rigall, *Silepsis*, 390-394; Souto Cabo, *Bom parecer*, 30-33; Ron, *Ir-se*, 128; Correia, *C. doblas*, 75-90; Neves, *O campo semântico*, 259-265.

e vós ficades de min pecador,
ca vos serví muyt' e galardoar
non mho quisestes, e vount' eu d' aquí,
d' u eu tanto lazerey e serví,
buscar hu vyva pouqu' e ssen sabor.

E mha senhor, tod' est' eu merecí
a Deus, mais vós, de como vos serví
mui sen vergonha hirey por u for,
ora con graça de vós, mha senhor.

114,14. *Par Deus, senhor, de grado quería*

Par Deus, senhor, de grado quería
se Deus quisesse, de vós húa rrem:
que non deseias[s] eu o vosso bem
como deseai' a noyte o día,
por muyt' afán que eu sofr' e sofrí
por vós, senhor; e oymays des aquí
poss' entender que faç' y folya.

E, poys non quer a ventura mía
que vos doades do mal que mh' avén
por vós, senhor, e maravílhom' én
como non moyr' e morrer devya;
por én rrog' a Deus que me valha hy,
que sab' a coyta que por vós sofrí,
senón, mha morte máys me valrría.

114,15. *Par Deus, senhor, e meu lume e meu ben*

Par Deus, senhor, e meu lume e meu ben
e mhas coytas e meu mui grand' affán
e meus cuydados que mi coytas dan,
por mesura, dizédem' unha rem:
se mi queredes algún ben fazer,
se non, iamays non vos poss' atender.

Mui fremosa, qu' eu por meu mal vi
sempre mhas coitas, par Deus, ca non al,
meu coraçon, e meu ben, e meu mal
dizédem' por quanto vos serví:
se mi queredes algún ben fazer,
se non, iamays non vos poss' atender.

Muy fremosa e muyt' apostá senhor,
sempre mui manssa e de boa razón
melhor falar de quantas outras son,
dizédem', das bôas a melhor:
se mi queredes algún ben fazer,
se non, iamays non vos poss' atender.

B 818, V 402.
Amor, cant. de mestría, c. uniss.
a9' b10 b10 a9' c10 c10 a9' (161:222).
Capcaud.; capden. 6 I, 3 II; p. volta 5 I, 6 II: *sofrí / sofrí*.
- **Monteagudo 3**; Cotarelo 3; *Amor* 124; Machado 762;
Braga 402.
- Mussons, *Locura*, 172-176.

B 814, V 398.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:189).
Capden. 1 II, III; 2 II, III; 4 II, III; corr. paral. 1-3; 4.
- **Monteagudo 15**; Cotarelo 15; *Amor* 122; Machado 758; Braga 398.
- Brea, *Dona*, 163-167.

114,16. Pois mia ventura tal é ¡pecador! ²⁷⁴

Pois mia ventura tal é ¡pecador!
que eu ey por moller mort' a prender,
muito per devo a Deus a gradecer
e a servir, en quant' eu vivo for,
porque moiro, u mentira non á,
por tal moller, que quen a vir, dirá
que moir' eu ben morrer por tal sennor.

Ca, pois eu ey tan gran coita d' amor
de que ia muito non posso viver,
muit' é ben saberen, pois eu morrer,
que moiro con dereit', e gran sabor
ey eu desto, mais mal baratará,
pois eu morrer, quen mia señor verá,
ca morrerá como eu moir' ou peor.

Ca non á no mundo tan soffredor
que a veia que se possa soffrer
que lle non aia gran ben de querer.
E por esto baratará mellor
non a veer, ca ren non lle valrrá
e per força ben assí morrerá
com' eu moiro, de ben deseidor.

Mais eu, que me faço consellador
doutros, devera pera min prender
tal consello, mais fóronmio toller
meus pecados, porque vi a mellor
moller que nunca naceu nen será.
¡E moiro por ela! ¿Pero que á?
Moiro mui ben, se end' é sabedor

Ela, pero sey que lle plazerá
de mia morte, ca non quis, nen querrá,
nen quer que eu seia seu servidor.

114,17. Quantos og' andam eno mar aquí ²⁷⁵

Quantos og' andam eno mar aquí
coidan que coita no mundo non á
senón do mar, nen an outro mal ia.
Mais doutra guisa contece oie a mi:
*coita d' amor me faz escaecer
a muy gran coita do mar, e tēer*
pola mayor coita de quantas son
coita d' amor a quen a Deus quer dar.

A 253.

Amor, cant. de mestría, c. uniss.

a10 b10 b10 a10 c10 c10 a10 (161:69).

Fiinda: c10 c10 a10.

Capcaud. I-IV; capfin. I-II; III-f; capden. 3 I, II; 7 I, 4 II; 1 II, III;
p. rima impfta. 2 I, IV: *prender*, 4 III, IV: *mellor*; p. volta 5 I,
6 IV: á; rima der. 4 I, 5 IV; 3 II, 6 III; 1, 2 III; 3 III, 2 f.

- **Monteagudo 19**; Cotarelo 19; CA 253; Machado 1607.

- Ramos, *A separação*, 706-715; Souto Cabo, *Bom parecer*, 40-41.

A 251.

Amor (mariña), cant. de refrán, atehuda ata a fiinda, c. sing.

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:190).

Fiinda: c10 c10.

Capcaud. refr. III-f; capfin. refr.; capden. 4 I, II; 1 II-f; 2 II, 5,
2 f; rima der. 2 I, 3 III; 1 II, 2, 4 III.

- **Monteagudo 13**; Cotarelo 13; CA 251; CA II, p. 425;
Crestomatia, pp. 181-182; Oliveira/Machado, p. 29;

²⁷⁴ Esta cantiga é tamén considerada anónima (nº 157,43); véxanse na Introducción as razóns da súa atribución a Pai Gomez Charinho.

²⁷⁵ Esta cantiga é tamén considerada anónima (nº 157,45); véxanse na Introducción os motivos da súa atribución a Pai Gomez Charinho.

E é gran coita de mort' a do mar
mas non é tal, e por esta razón
coita d' amor me faz escaecer
a muy gran coita do mar, e tēer

pola mayor coita, per boa fe,
de quantas foron, nen son, nen serán.
E estes outros que amor non an
dizen que non, mas eu direi qual é:
coita d' amor me faz escaecer
a muy gran coita d' amor, e tēer
por mayor coita a que faz perder
coita do mar, que muitos faz morrer.

114,18. *Que mui de grad' eu querría fazer*²⁷⁶

Que mui de grad' eu querría fazer
úa tal cantiga por mia sennor
qual a devía fazer trobador
que atal sennor fosse ben querer
qual eu quer' je fazer non a sei!
e cuid' i muit', e empero non ey
de fazela, qual merece, poder;
Tan muit' avía mester de saber
trobar mui ben, quen por atal señor
trobar quisesse. A mi, peccador,
nunca Deus quisso dar a entender
atal razón qual og' eu mester ey
pera falar no que sempre cuidei,
no seu ben e no seu bon parecer.

Mas, ¿como pod' achar bôa razón
ome coitado que perdeu o sen
com' eu perdi? E quando falo, ren
ia non sei que me digo nen que non,
e con gran mal non pod' ome trobar,
e prazer non ei senón en chorar,
e chorando nunca farei bon son.

E por questo ben vei' eu que non
posso fazer a cantiga tan ben
porque ia sôo fóra de meu sen,
chorando, cativ', e meu coraçon
ia non sab' al fazer senón cuidar
en mia señor; e se quero cantar
choro, ca ela me nenhra entón.

Auswahl 10; Gonçalves/Ramos, *A lirica*, 43; Torres, *Poesia trovadoresca*, p. 165; Álvarez Blázquez, *Escolma*, pp. 176-177; Dobarro et alii, *Literatura*, 15; Piccolo 108; Jensen, *Medieval*, pp. 252-253, 536-537.
- Jensen, *Earliest*, 64-69; Gonçalves, *Atehudas*, 167-186.

A 247.

Amor, cant. de mestría, c. doblas.

a10 b10 b10 a10 c10 c10 a10 (161:70).
Capcaud. I-II; III-IV; capden. 4 III, 5 IV; 7 III, 4 IV; p. rima impfta. 2 I, II: *sennor / señor*; p. volta 6 I, 5 II: *ey*; 2 III, 3 IV: *sen*; 4 III, 1 IV: *non*; rima der. 3 I, 5 III; 5 I, 1 II; 6 II, 5 IV.

- **Monteagudo 2;** Cotarelo 2; CA 247; Machado 1602.
- Jensen, *Earliest*, 239-240; Tavani, 114-117; Mussons, *Juego*, 228-233; Souto Cabo, *Bom parecer*, 33-35; Correia, *C. doblas*, 75-90.

²⁷⁶ Esta cantiga é tamén considerada anónima (nº 157,48); consúltense na Introducción os motivos da súa atribución a Pai Gomez Charinho.

114,19. Que muitas vezes eu cuido no ben

Que muitas vezes eu cuido no ben
que meu amigo mi quer e no mal
que lhi por mi de muitas guysas vén.
Mays, quand' aquesto cuyd', ar cuyd' eu al:
*se mi quer ben que lho quer' eu mayor
e sse lhy vén mal que he por senhor.*

E poys assí [é] ¿que razón diría?
por que non sofra mal non á razón,
e, hu eu cuido que non podería,
tan gram ben mi quer, cuido logu' entón:
*se mi quer ben que lho quer' eu mayor
e sse lhy vén mal que é por senhor.*

E por tod' esto dev' el a sofrer
tod' aquel mal que lh' oie vén por mi,
pero cuido que non pode viver
tan gram ben mi quer, mays [cuido] logu' i:
*se mi quer ben que lho quer' eu mayor
e sse lhy vén mal que é por senhor.*

B 839, V 425.

Amigo, cant. de refrán, c. sing.

I, III: a10 b10 a10 b10 C10 C10 (99:23).

II: a10' b10 a10' b10 C10 C10 (99:31).

Corr. paral. lit. 4 II, III (= 4 I).

- **Monteagudo 21;** Cotarelo 21; Amigo 222; Machado 782; Braga 425.

- Lapa, *O texto*, 174; Tavani, 139-141.

114,20. Sennor fremosa, pois que Deus non quer²⁷⁷

Sennor fremosa, pois que Deus non quer,
nen mia ventura, que vos eu veer
possa, convenm' ogemais a soffrer
todas las coitas que soffrer poder
por vós; e quero ia sempre coidar
en qual vus vi, e tal vus deseiar
tódolos días que eu viver.

¡E morte assí venna quando veer!
ca deseios non ey eu de perder
da mansedume e do bon parecer
e da bondade, se eu ben fezer,
que en vós á; mais quer' a Deus rogar
que me leixe meu temp' assí passar,
deseiendo qual vos vi, soffrer,

Ca en deseios é todo meu ben.
E dizen outros que an mal señor
deseiendo; mais eu fill' y sabor,
ca deseio qual vus vi, e por én
vivo, ca sempre cuid' en qual vos vi,
e atal vos deseiei des alí
e deseiarei mentr' eu vivo for,

A 252.

Amor, cant. de mestría, c. doblas.

a10 b10 b10 a10 c10 c10 b10 (163:8).

Fiinda: c10 c10 b10 (sobre III-IV).

Capfin. II-IV; capden. 7 II, 3 III; 1 III, IV; p. volta 3 I, 7 II;
soffrer, 2 III, 3 f: señor; 5 III, 1 f: vi; rima der. 2 I, 5 III / 1 f;
3 I / 7 II, 3 IV; 7 I, 2 f; corr. paral. 5-6 I, 4-6 III.

- **Monteagudo 14;** Cotarelo 14; CA 252; Machado 1606.

- Sansone, *Temi*, 181-182; Panunzio, *Lettura*, 181-186;
Souto Cabo, *Bom parecer*, 28-30.

²⁷⁷ Esta cantiga é tamén considerada anónima (nº 157,59); véxanse na Introducción as razóns da súa atribución a Pai Gomez Charinho.

Ca sen deseios nunca eu vi quen
podess' aver tan verdadeir' amor
como og' eu ey, nen fosse sofredor
do que eu sofr', e esto me mantén:
grandes deseios que ei. E assí
quero viver, e o que for de mi
seia, ca esto tenn' eu por mellor:

Deseiar sempre ca des que non vi
vós, non vivera ren do que viví
se non coidando en qual vos vi, señor.

114,21. *Sennor fremosa, por Nostro Sennor*²⁷⁸

Sennor fremosa, por Nostro Sennor,
e por mesura e porque non á
en min se non mort' -e cedo será-
e porque sôo vosso servidor,
e polo ben que vos quer' outrossí jay, meu lume, doédevos de min!

Por mercee que vus veño pedir
e porque sôo vosso, e porque non
cato por al -nen seria razón-
e porque sempre vos ey a servir,
e polo ben que vos quer' outros[s]jí jay, meu lume, doédevos de min!

Porque vus nunca podedes perder
en aver doo de min, e por qual
vos fezo Nostro Señor, e por al
porque soub' eu qual sodes, coñecer,
e polo ben que vos quer' outrossí jay, meu lume, doédevos de min!

Por quam mansa e por quan de bon prez
e por quam aposto vos fez falar
Nostro Sennor, e porque vos catar
fez más fremoso de quantas el fez
e polo ben que vos quer' outros[s]jí jay, meu lume, doédevos de min!

114,22. *Senhor fremosa, tan de coraçon*

Senhor fremosa, tan de coraçon
vos faría, se podesse, prazer
que Ihesu Cristo nunca mi perdón

A 254.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:191).

Capfin.; capden. 2, 4 I, 1, 2, 4 II, 1, 4 III, 1, 2 IV, 5; rima der.
4 I, II; corr. paral. 4 I, II.

- **Monteagudo 11;** Cotarelo 11; CA 254; Machado 1608;
Alvar/Beltrán, *Antología*, 76.

B 812, V 396.

Amor, cant. de refrán, atehuda sen fiinda, c. sing. (b I = a III).

²⁷⁸ Esta cantiga é tamén considerada anónima (nº 157,60); véxanse na Introducción as razóns da súa inclusión na obra de Pai Gomez Charinho.

nen de vós ben nunca me leix' aver
se eu soubesse que vos prazia
de mba morte, sse logu' eu non querria
 morrer, senhor; ca todo praz a min
 quant' a vós praz, ca ess' é o meu ben,
 e que seia verdade qu' é assy,
 mays mal mi venha de vós, que mi (non) vén,
se eu soubesse que vos prazia
de mba morte, sse logu' eu non querria
 morrer, senhor, ca se vos eu prazer
 fezess', jay, lume destes olhos meus!
 nunca mui mal podería morrer,
 e por esto nunca mi valha Deus,
se eu soubesse que vos prazia
da mba morte, sse logu' eu non querria.

114,23. Senhor, sempr' os olhos meus

Senhor, sempr' os olhos meus
 an sabor de vos catar,
 e que os vossos pesar
 nunca veian, e, por Deus,
non vos pes, e cataráram
vos, que a deseiar am
 sempr' en quanto vyvo for,
 ca nunca poden dormir,
 nen aver ben, senón hir
 hu vos veian, e senhor,
non vos pes, e cataráram
vos, que a deseiar am
 sempre, mha senhor, ca prez
 non é fazérdelhes mal,
 mays, por Deus, e non por al
 que os vossos taes fez
non vos pes, e cataráram
vos, que a deseiar am.

114,24. Tanto falam do vosso parecer

Tanto falam do vosso parecer
 e da vossa bondade, mha senhor,
 e da vossa mesura, que sabor
 an muitos por esto de vos veer;
 mays non vos digam que de coraçon
 vos outro quer ben senón eu, ca non
 saben quant' eu vós, de bon conhocer.

a10 b10 a10 b10 C9' C10²⁷⁹.
 Capfin. refr.; capden. 1 II, III; p. volta 2 I, 1 III: *prazer*; rima
 der. 2 I / 1 III, 5; corr. paral. 3-4 I, 4 II, III.

- **Monteagudo 10;** Cotarelo 10; *Amor* 120; Machado 756; Braga 396.
- Souto Cabo, *Olhos*, 410-413; Gonçalves, *Atehudas*, 177-179.

B 815, V 399.
 Amor, cant. de refrán, atehuda sen fiinda, c. sing.

a7 b7 b7 a7 C7 C7 (160:435).
 Capfin. II-III; capden. 1 II, III; rima der. 2 I, 5.

- **Monteagudo 8;** Cotarelo 8; *Amor* 123; Machado 759; Braga 399.
- Souto Cabo, *Olhos*, 403-407; Gonçalves, *Atehudas*, 172-174.

B 808, V 392.
 Amor, cant. de mestría, c. uniss.

a10 b10 b10 a10 c10 c10 a10 (161:71).
 Capcaud.; capfin.; capden. 1 I, 2 III; 5; 6 II, III; p. rima
 impfta. 3 II, III: *non for*; p. equív. 3 II, III: *for*; rima der. 3 II,
 6 III; corr. paral. 5-7.

- **Monteagudo 7;** Cotarelo 7; *Amor* 117; Machado 752; Braga 392.

²⁷⁹ Para Tavani, 99:30, tó dolos versos son decasílabos.

Ca poucos son que sabhan entender
quantos bêes en vós á, nen amor
sab[an] aver, e quen muyto non for
entendudo, non o pode saber;
mays lo gran ben a hi mui gran sazón,
eu volo quer', e outro con razón
non volo pode tan grande querer.

Ca tanto ben ouví de vós dizer
6 III; 7 I, 2 II; 4 II, 7 III; corr. paral. 7 I-1 II, 3 III.

- **Marroni 27**; Lapa 314; *Randgl. VII*, pp. 673-674; Machado 1566; Braga 1196.

- Ventura, *Sátira*, 533-550; Rodríguez, *Anti-retrato*, 50-63.

²⁹³ No v. 2 II seguimo-la lectura de Lapa (nota ó v. 9 no aparato crítico), mentres Marroni ofrece: *fora da claveyra*.

²⁹⁴ No v. 6 I Lapa le *enmente*, substantivo deverbal que aparece nas CSM (Mettmann (1981), ed. Xerais, II, p. 540). Nese caso non habería p. volta, senón que teríamos unha rima der. en 5, 6 I, 6 III.

E, já que lhi vós amor demonstrades,
semelh' ora que lhi sodes amigo:
jazede logo aquesta noyte migo
e des y, poys, cras, hu quer que o vejades,
dizede-lhi que comigo albergastes
por seu amor, e que me lh' enmentastes,
e non tenha que o pouc' ajudades".

116,28. *Por meu amig', amiga, preguntar*

Por meu amig', amiga, preguntar
vus quer' eu ora, ca se foy d' aqui
muy meu sanhud' e nunca o ar vi;
se sabe já ca mi quer outro ben.
"Par Deus, amiga, sab[ed]: o pesar
que oj' el á, non é por outra ren".

Amiga, pesa-mi de coraçon
por que o sabe, ca de o perder
ey muy gram med', e ide-lhi dizer
que lhi non pes, ca nunca lh' én verrá
mal e, poys el souber esta razon,
sey eu que log' aqui migo será.

E dizede-lhi ca poder non ei
de me partir, se me gram ben quiser,
que mh-o non queira, ca non sey molher
que sse d' el[e] possa partir per al
se non per esto que m' end' eu farey:
non fazer ren que mi-o tenhan por mal.

E, poys veher meu amigo, ben sey
que nunca pode per mi saber al.

B 1213, V 818.
Amigo, cant. de mestria, c. sing.
a10 b10 b10 c10 a10 c10 (183:7).
Flinda: a10 c10 (sobre III).
P. volta 4 III, 2 f: *al.*

- **Marroni 11**; *Amigo* 335; Machado 1161; Braga 818.

116,29. *Quand' eu hun dia fuy en Compostela*

Quand' eu hun dia fuy en Compostela
en romaria, vi hunha pastor
que, poys fuy nado, nunca vi tan bela,
nen vi outra que falasse melhor,
e demandey-lhe logo seu amor
e fiz por ela esta pastorela.

Dix[i-lh] eu logo: "Fremosa poncela,
queredes vós min por entendededor,
que vos darey boas toucas d' Estela,
e boas cintas de Rrociamador,
e d' outras doas a vossa sabor,
e ffremoso pano pera gonela?"

E ela disse: "Eu non vos queria
por entendededor, ca nunca vos vi

B 1098, V 689.
Amor (pastorela), cant. de mestria, c. doblas.
a10' b10 a10' b10 b10 a10' (79:12).
Capcaud. I-II; III-IV; V-VI; capfin. IV-V; capden. 1 II, V; 1 III,
VI; 2 III, VI; 3 III, 5 IV; rima der. 2, 6 I; 5 I, 4 V; 3 III, 2 VI; 6 III,
2 V.

- **Marroni 5**; *Amigo* 330; *Crestomatia*, pp. 234-235;
Machado 1031; Braga 689; Gonçalves/Ramos, *A Lírica*, 56;
Alvar/Beltrán, *Antología*, 69; Ferreira, *Antol. lit.*, pp. 108-
109; Torres, *Poesia trovadoresca*, pp. 466-467; Tavares,
Textos medievais, pp. 53-55; Spina, *Lírica*, pp. 324-326;
Álvarez Blázquez, *Escolma*, p. 217; Pena, *Lit. Galega*, II,
140; id., *Manual*, 53; Dobarro et alii, *Literatura*, 19; Jensen,
Medieval, pp. 268-271, 546-548.

- Lesser, *Pastorela*, 117-123; Jensen, *Earliest*, 80-85;
Stegagno, *Papagaio*, 27-66; D' Heur, *Pastorella romanza*,
588-590; Lorenzo Gradiñ, *La pastorela*, 351-359; Tavani,

se non agora, nen vus filharia
doas que sey que non som pera min,
pero cuyd' eu, sse as filhass' assy,
que tal á no mundo a que pesaria.

E, se vêess' outra, que lhi diria,
sse me dizesse ca per vós perdi
meu amigu' e doas que me tragia?
Eu non sey rem que lhi discess' aly;
se non foss' esto de que me tem' i,
non vos dig' ora que o non faria".

Dix' eu: "Pastor ssodes bem rrazôada,
e pero creede, se vos non pesar,
que non est' oj' outra no mundo nada,
se vós non sodes, que eu sabia amar,
e por aquesto vos venho rrogar
que eu seja voss' ome esta vegada".

E diss' ela, come bem ensinada:
"Por entendedor vos quero filhar
e, poys for a rromaria acabada,
aqui, d' u sôo natural, do Sar,
cuydo-[m' eu], se me queredes levar,
ir-m' ei vosqu' e fico vossa pagada."

116,30. *Quand' eu vi a dona que non cuydava*

Quand' eu vi a dona que non cuydava
nunca veer, logo me fez aly
mays ca mi fez, hu a primeyro vi,
tan muyto levar d' afam e de mal
que morrerey, hu non jaz al,
quand' eu, ante, mays ca todus levava.

E non morri, pero pus mi andava
mha morte, quant' á que eu conhoci
aquesta dona que agora vi;
que non visse! ca de guisa me ten
o seu amor já fora de meu sen
que lhi quito quanto lh' én demandava.

Ca hinda m' eu ant' a [vil]ver cuydava,
mays sey que non vyverei des aqui,
e non por al se non por que a vi;
aquesta vez que con ela faley,
que non falasse! poys por én perd[e]li
tod' aquelo que ant' eu receava.

Ca sey mha morte que commig' andava
.....
se non ora poys esta dona vi,
e poys [que] m' eu d' aqueste mundo vou

217-223; Stegagno, *Entre pastorelas*, 409-424; id., *Interpretación*, 89-102; Carvalho, *Texto*, 52-57; Correia, *C. doblas*, 75-90; Ventura, *Toponimia*, 476-477.

B 1097, V 688.

Amor, c. de mestria, c. uniss. (rima c sing.).

a10' b10 b10 c10 c10 a10' (189:20).

Fiinda: d10 d10 a10'.

Capcaud. I-IV; capden. 4 II, 5 III; 1 III, IV; 5 IV, 1 f; p. rima 3: vi; p. rima impfta. 1 I, III: *cuydava*; 1 II, IV: *andava*.

- **Marroni 4**; Amor 235; Machado 1030; Braga 688.

- Mussons, *Locura*, 163-172; Magán, *U non jaz al*, 107-116.

pesa-mi que dirán: "Por que leixou
assy morrer que-na tan muyt' amava?".

E pesa-mi, por que perderá prez;
quanto Deus en aqueste mundo fez
que non era, erg' u ela mandava.

116,31. *Quen mh' ora quysessee cruzar*

Quen mh' ora quysessee cruzar,
ben assy poderia hyr
ben como foy a Ultramar
Pero d' Ambrôa Deus servyr,
morar tanto quant' el morou
na melhor rua que achou
e dizer: "Venho d' Ultramar".

E tal vyla foy el buscar,
de que nunca quiso sayr,
atá que pôde ben osmar
que podia hir e vîir
outr' ome de Iherusalen;
e poss' eu hir, se andar ben,
hu el foy tod' aquest' osmar,
e poss' en Monpirller morar,
ben como el fez, por nus mentir;
e, ante que cheg' ao mar,
tornar-me poss' e departir,
com' el depart', en como Deus
prêis mort' en poder dus judeus,
e enas tormentas do mar.

E, se m' eu quiser enganar
Deus, ben o poss' aqui comprir
en Burgos, ca, sse preguntar
por novas, ben as posso oyr
tan ben come el en Monpirller
e dizê-las poys a quenquer
que me por novas preguntar.

E, poys end' as novas souber,
tan ben poss' eu, se mi quiser,
come hun gram palmeyro chufar.

116,32. *Quer' eu gram ben a mba senhor*

Quer' eu gram ben a mha senhor
po-lo seu mui bon parecer,
e, por que me non quer veer
pobre, lhi quer' eu já melhor;
ca diz que, mentr' eu alg' ouver,
que nunca já será molher
que mi queyra por én peyor.

B 1661, V 1195.
Escarnio persoal, cant. de mestria, c. uniss. (rima c sing.).

a8 b8 a8 b8 c8 c8 a8 (100:53).
Fiinda: c8 c8 a8 (sobre IV).
Capcaud. I-IV; capfin. IV-f; capden. 2, 3 I, 2 III; 7 I, 6 IV; 6 II,
1 III; 5 IV, 2 f; dobre 3, 7 I: *Ultramar*, II: *osmar*, III: *o mar*, IV:
preguntar; rima der. 3/7 I, III; 5 I, 1 III; 6 IV, 2 f.

- **Marroni 26:** Lapa 313; Randgl. VII, pp. 683-684;
Machado 1565; Braga 1195; Fonseca, *Escárnio*, 34;
Jensen, *Medieval*, pp. 272-273, 548-550.

- De Lollis, *Cant. amor*, 53-54; Pérez/Rodríguez, *A viaxe*,
139-144; Ventura, *Sátira*, 533-550.

V 1200.
Escarnio de amor, cant. de mestria, c. sing. (rima a uniss.).
a8 b8 a8 c8 c8 a8 (161:267).

Capcaud.; capden. 5 I, 6 II; p. rima 1: *mha senhor*.
- **Marroni 31:** Lapa 318; Machado 1688; Braga 1200.

- Tavani, 178-185; Rodríguez, *Anti-retrato*, 50-63.

Conselha-me mha senhor,
como sse ouvess' a levar
de min algo, poys mh' o achar,
e diz-mh' o ela con sabor
que ouves' eu algo de meu,
ca diz que tant' é come seu,
poys que mh' á por entendedor.

116,33. *Sey ben que quantus eno mund'
amaron*

Sey ben que quantus eno mund' amaron
e amam, todo-lus provou Amor,
e fez a mi amar hunha senhor
de quantas donas no mundo loaron
en todo bem, e des y muy coytado
me tev' Amor, poys que desenganado
fuy dus que aman e dus que amaron.

E des enton, por quantus se quitaron
d' amar, por én travou en min Amor,
ca provou min por leal amador,
e, po-lus outrus que... o deixaron,
quer matar min por esto, mal pecado:
ca sabe já ca non será vingado
nunca d' aqueles que sse d' el quitaron.

E ssabor [á] de min, que por seu ando,
....., pero ca me tev' en poder
d' esta dona que mi fez ben querer,
e matar-mh' á por esto e nonsey quando,
e prazer-m'-ia sse Amor achasse,
depus mha morte, quen con el ficasse,
com' eu fiquey, muyt' á que por seu ando.

E matar-m'-á por esto, desejando
ben d' esta dona, poys non á poder
sobre lus outrus de lhis mal fazer,
ca os outrus foron-xi-lh' alongando,
e pero sey d' Amor, se lhis monstrasse
aquesta dona, poys que mi matasse,
mata-lhos-hia, seu ben desejando.

E non ssey al per que ss' Amor vingasse,
nen per que nunca dereyto filhasse
dus que sse foron assi d' el quitando.

116,34. *Sey eu, donas, que non quer tan
gram ben*

Sey eu, donas, que non quer tan gram ben
hom' outra dona com' a mi o meu
amigo quer, ca, por que lhi dix' eu:

B 1094, V 685.
Amor, cant. de mestria, c. doblas.
a10' b10 b10 a10' c10' c10' a10' (161:186).
Fiinda: c10' c10' a10' (sobre III-IV).
Capcaud. I-II; III-IV; capden. 4 III, 1 IV; dobre 1, 7 I: *amaron*,
II: *quitaron*, III: *que por seu ando*, IV: *desejando*; p. rima
2 I, II: *Amor*, III, IV: *poder*; rima der. 1/7 I, 2 I/II, 3 II; 1/7 II,
3 f; 6 II, 1 f.

- **Marroni 1**; *Amor* 232; Machado 1027; Braga 685.
- Brea, *Dona*, 161-163; Souto Cabo, *Bom parecer*, 40-41;
Correia, *C. doblas*, 75-90.

"Non me veredes já mays des aqui",
desmayo[u] logo ben ali por én,
e ouve logu' i a morrer por min.

Por que lhi dixi que nunca veher
me poderia, quis por én morrer,
e fui alá e achey-o jazer
sen fala já, e ouv' én gram pesar,
e falei-lh' [e] ouve-mh' a conhocer,
e diss': "Ouvi húa dona falar".

Dix' eu "Oystes?" já po-lo guarir,
e guareceu, may-la que vus disser
que ama tant' om[e] outra molher
mentir-vus-á, ca já x' o el provou
con quantas vyu e achou-as partir
todas d' amor, e assy as leixou.

E ben vus poss' eu en salvo jurar
que outr' ome vivo non sab' amar
dereitamente, ca, per me provar,
vêheron outrus en min entender
se poderiam de mi gaanhar;
mays non poderom de mi ren aver.

Mays aquel que [altan de coraçon
quer ben, par Deus, mal seria se non
o guarisse, poys por mi quis morrer.

116,35. *Hun bispo diz aqui, por sy*

Hun bispo diz aqui, por sy,
que é de Conca, mays ben sey,
de mi, que bispo non achey
de Conca, des que eu naci,
que d' alá fosse natural;
mays d' aqueste mi venha mal
se nunca tan sen conca vi.

E nunca tal mentira oy,
qual el diss' aqui ant' el-Rey,
ca sse meteu por qual direy:
por bispo de Conca logu' i.
E dixi-lh' eu logu' enton al:
"Hu est' essa conca bispal
de que vós falades assy?

E po-lo bispo aver sabor
grande de Conca [e] non [a] aver,
non lh' o queremus nós saber,
ca diss[e] o vesitador:
que bispo per nenhum logar
non pode por de Conca andar
bispo que de Conca non for.

II, IV: a10 a10 a10 b10 a10 b10 (13:23).
Fiinda: d10 d10 b10 (sobre IV).
Capfin. II-III; p. volta 2 II, 3 f: *morrer*, rima der. 4 III, 3 IV;
corr. paral. 1-3 I, 2-4 III, 1-3 IV; 3-6 I, 1-2 II.

- **Marroni 15:** Amigo 339; Machado 1165; Braga 822;
Cidade, Poesia medieval, pp. 54-55.

- Pinto-Correia, Dimensão, 30-31; Magán, *U non jaz al,*
107-116; Gomes, *Trobar*, 221.

B 1659, V 1193.
Escarnio persoal, cant. de mestria, c. doblas.
a8 b8 a8 c8 c8 a8 (161:268).
Capcaud. I-II; III-IV; capfin. I-II; III-IV; p. rima impfta. 3 III, IV:
saber, aequivocatio: *Conca / conca*; rima der. 2 I, 3 III/IV.
- **Marroni 24:** Lapa 311; Machado 1563; Braga 1193.
- Filgueira, *Verbo antigo*, 361-363; Correia, *C. doblas*, 75-90.

Vedes que bisp' e que senhor,
que vus cuya a fazer creer
que é de Conca, mays saber
podedes que é chufador
per min, que o fuy asseytar
per hun telhad' e non vi dar
ant' el conca nen talhador.

116,36. *Hun cantar novo d' amigo*

Hun cantar novo d' amigo
querrey agora aprender
que fez ora meu amigo
e cuyo logu' entender,
no cantar que diz que fez
por mi, se o por mi fez.

Hun cantar d' amig' á feyto
e sse mh' o disser alguen
dereyto, como é feito,
cuyd' eu entender mui ben
no cantar que diz [que fez
por mi, se o por mi fez].

O cantar este mui dito,
pero que o eu non sey,
mays, poys m' o ouveren dito,
cuyd' eu que entend[er]ley
no cantar que diz que fez
por mi, [se o por mi fez].

116,37. *Hun cavaleyro, fi' de clericón*

Hun cavaleyro, fi' de clericón,
que non á en sa terra nulha ren,
por quant' está con seu senhor mui ben,
por tanto se non quer já conhoder
a quen sab' onde ven e onde non,
e leixa-vus en gram conta pôer.

E poys xe vus en tan gram conta pon
por que é tan oco, lhi non conven
contar quen sabe ond' est' e onde non
o seu barnagen e todo seu poder,
e faz creent' a quantus aqui son
que val mui mays que non dev' a valer.

El sse quer muyt' a seu poder onrrar,
ca se quer por mays fidalgo meter
de quantus á en tod' aquel logar

B 1214, V 819.

Amigo, cant. de refrán, c. sing.

a7' b7 a7' b7 C7 C7 (99:63).

Capfin. refr. I-II; capden. 1 I, II; dobre 1, 3 I: *amigo*, II: *feyto*
/ *feito*, III: *dito*; p. volta 5, 6: *fez*; rima der. 1/3 II, 5/6; 4 I, III;
corr. paral. lit. 4.

- **Marroni 12:** Amigo 336; Machado 1162; Braga 819;
Alvar/Beltrán, Antología, 71; Álvarez Blázquez, Escolma,
p. 218; Pena, Lit. Galega, II, 53.

V 1201.

Escarnio social, cant. de mestría, c. doblas (c I, II = b III).

I: a10 b10 c10 a10 c10.

II: a10 b10 a10 c10 a10 c10 (118:1)²⁹⁵.

III: a10 b10 a10 c10 b10 c10 (121:2).

Capfin. I-II; p. volta 5 I, 3 II: *e onde non*; rima der. 6 I, 1 II.

- **Marroni 32:** Lapa 319; Machado 1689; Braga 1201;
Torres, Poesia trovadoresca, p. 470; Deluy, Troubadours,
pp. 226-227.

- Andrade/Magalhães, Igreja, 41-44; Correia, C. doblas,
75-90.

²⁹⁵ Segundo Tavani este esquema corresponde as dúas primeiras estrofias.

hu seu padre ben a missa cantou,
e non quer já por parent' acolher
hun seu sobrino que aqui chegou.

117. Pedr' Eanes Solaz

Probablemente, trobador galego, xa que Solaz é un topónimo galego e o trobador está integrado no que constitúe un vestixio de Cancioneiro Aristocrático. Este rango social motiva que non se poida identifica-lo noso autor co "Pedro Anes, jogral" mencionado logo da morte da súa muller Urraca en 1268, a pesar de que se adecúa á cronoloxía (mediados de século) derivada da súa colocación. As súas cantigas de escarnio non conteñen datos históricos que nos permitan unha mellor definición da súa persoa e dos ambientes nos que desenvolveu as súas artes poéticas (cf. Menéndez Pidal, que lle deu unha orixe galega ó relaciona-la referencia a unha "freira de Nogueira", contida nunha das súas cantigas de amor, co mosteiro de Nogueira, Pontevedra; cf. *CA* II, 448-450; Menéndez Pidal, 224; *Amigo* I, 212-215; Tavani, 312-313, que, baseándose no seu apelido, visto como un alcume, lle deron unha condición de xograr ou de segrel).

Bibliografía:

- *CA* II, 448-450, 627, 940; *Amigo* I, 262-265; Resende, *Acrescento*, 708-709, 743-744; id., *Galiza*, 14; Menéndez Pidal, 223-225; Tavani, 312-313; id., *DLMGP*, 520-521; Resende, 406-407.
- Videira, 182-186.
- EDIC.: Reali; *CA*, 557-563; *Amigo*, 212-215; Alvar/Beltrán, *Antología*, 168-172; Torres, *Poesía trovadoresca*, 487-492; Álvarez Blázquez, *Escolma*, 62; Pena, *Lit. Galega*, II, 44-45, 151-152; Deluy, *Troubadours*, 131-132, 282-283.

117,1. A que vi ontr' as amenas

A que vi ontr' as amenas,
Deus, como parece ben!
E mirey-la das arenas:
des i penado me ten!
Eu das arenas la mirey,
e des enton sempre peney.

A que vi ontr' as amenas,
Deus, com' á bon semelhar!
E mirey-la das arenas:
des enton me fez pena!
Eu das arenas la mirey,
le des enton sempre peney.

Se a non viss' aquel dia,
que se fezera de min!
Mays quis Deus enton, e vi-a:
nunca tan fremosa vi!
Eu das arenas la mirey,
le des enton sempre peney.

Se a non viss' aquel dia,
muyto me fôra melhor!
Mays quis Deus enton, e vi-a:

A 283, B 1220, V 825 (en B e V as estr. III e IV aparecen invertidas).

Amor, cant. de refrán, c. doblas (rima a) e sing. (rima b).
a7' b7 a7' b7 C8 C8 (99:64).
Capfin. III-IV; rima der. 4 II, 6; corr. paral. lit. 2 I, II; 3 I/II, 5;
4 I, II, 6; repet. lit. 1 I, II; 3 I, II; 1 III, IV; 3 III, IV.

- **Reali 3**: *CA* 283; Machado 1168; Braga 825; *Auswahl* 13; Alvar/Beltrán, *Antología*, 46; Torres, *Poesía trovadoresca*, p. 489; Álvarez Blázquez, *Escolma*, p. 62; Pena, *Lit. Galega*, II, 16; Jensen, *Medieval*, pp. 276-277, 552.

- Correia, *C. doblas*, 80-81.

muy fremosa mia senhor!
*Eu das arenas la mirey,
/e des enton sempre peneyl.*

117,2. Dizia la ben talhada

Dizia la ben talhada:
agora viss' eu, penada,
ond' eu amor ei!

A ben talhada dizia:
penada, viss' eu un dia
ond' eu amor ei!

Ca, se o viss' eu, penada,
non seria tan coitada,
ond' eu amor ei!

Penada, se o eu visse,
non á mal que eu sentisse,
ond' eu amor ei!

Quen lh' oje por mi dissesse
que non tardass' e veesse
ond' eu amor ei!

Quen lh' oje por mi rogassee
que non tardass' e chegassee
ond' eu amor ei.

B 828, V 414.
Amigo, cant. de refrán, c. sing. (a I = a III).
a7' a7' B5 (26:111).
Capfin. II-III; capfin. refr. III-IV; p. volta 2 I, 1 III: *viss' eu penada*; rima der. 1 II, V; paral. lit. 1 I, II; 2 I, II; 1 III, IV; 2 III, IV; 1 V, VI; 2 V, VI.

- **Amigo 235;** Reali 5; *Crestomatia*, p. 257; Machado 771; Braga 414; Auswahl 34; Álvarez Blázquez, *Escolma*, p. 60.

117,3. Eu sey la dona velida ²⁹⁶

Eu sey la dona velida
que a torto foy ferida...
ca non ama.

Eu sey la dona loada
que a torto foy malhada...
ca non ama.

Ca se oj' amig' amasse,
mal aja quen-a malhasse,
ca non ama!

Se se d' amigo sentisse,
mal aja quen-a ferisse,
ca non ama!

Que a torto foy ferida,
nunca en seja guardida,
ca non ama!

A 281.
Amigo, cant. de refrán, c. sing. (a I = a V; a II = a VI).
a7' a7' B3' (26:120).
Capfin. refr. II-IV; capfin. IV-V; rima der. 2 I / 1 V, 2 IV; 2 II / 1 VI, 2 III; 1 III, 3; paral. lit. 1 I, II; 2 I, II; 1 III, IV; 2 III, IV; 1 V, VI; 2 V, VI; repet. lit. 2 I, 1 V; 2 II, 1 VI.

- **Reali 1;** CA 281; *Crestomatia*, pp. 256-257; Machado 1624.

²⁹⁶ Esta cantiga é tamén considerada anónima (nº 157,24); véxanse na Introducción os motivos da súa atribución a Pedr' Eanes Solaz.

Que a torto foy malhada,
nunca en seja vingada,
ca non ama!

117,4. *Eu velida non dormia*

Eu velida non dormia,
lelia doura,
e meu amigo venia,
edoí lelia doura.

Non dormia e cuidava,
lelia doura,
e meu amigo chegava,
edoí lelia doura.

E meu amigo venia,
lelia doura,
e d' amor tan ben dizia
edoí lelia doura.

E meu amigo chegava,
lelia doura,
e d' amor tan ben cantava,
edoí lelia doura.

Muito desejei amigo,
lelia doura
que vos tevesse comigo,
edoí lelia doura.

Muito desejei amado,
lelia doura,
que vos tevesse a meu lado,
edoí lelia doura.

Leli leli, par Deus, leli,
lelia doura,
ben sei eu que[n] non diz leli,
edoí lelia doura.

Ben sei eu que[n] non diz leli,
lelia doura,
demo x' é quen non diz lelia,
edoí lelia doura.

117,5. *Jurava-m' oje o meu amigo*

Jurava-m' oje o meu amigo,
por tal, madre, que lhi perdoasse
que nunca já mais se mi assanhasse,
mais preit' é já que non porrá migo;
vedes porquê: ca já s' el perjurou
per muitas vezes que m' esto jurou.

B 829, V 415.

Amigo, cant. de refrán (intercalar), c. alt.

a7' B4' a7' B7' (57:6).

Capfin. III-V; VII-VIII; capfin. refr. VI-VII; capden. 1 VII, 2; p.
rima impfta. 3 VII, VIII: *quen non diz leli / lelia*; p. volta 2, 4:
lelia doura; 1, 3 VII, VIII: *leli / lelia*; rima der. 1 V, VI; paral.
lit. 1 I, II; 3 I, II; 3 III, IV; 1 V, VI; 3 V, VI; 3 VII, VIII; repet. lit.
3 VIII, 1 VIII; leixa-prén I-IV.

- **Amigo 236;** Reali 6; *Crestomatia*, pp. 257-258 (ed. parcial); Machado 772; Braga 415; *Auswahl* 35; Alvar/Beltrán, *Antología*, 44; Torres, *Poesía trovadoresca*, pp. 491-492; Álvarez Blázquez, *Escolma*, pp. 60-61; Pena, *Lit. Galega*, II, 74; id., *Manual*, 14; Dobarro et alii, *Literatura*, Apéndice I, 2; Deluy, *Troubadours*, pp. 131-132; Jensen, *Medieval*, pp. 280-283, 553-554.

- Dutton, *Lelia doura*, 1-9; Crespo, *Lelia doura*, 54-55; Souto Cabo, *A natureza*, 400-405; Prieto Alonso, *Sobre Leliadoura*, 53-61; Filgueira, *Seguida*, 131-134; Tyssens, *Cant. amigo*, 341-347.

El me cuidava tal preit' a trager
per las juras, que lho foss' eu parcir
e, pois que vi que m' avi' a mentir,
non lho parci, nen quis sol [enl saber;
vedes porquê: ca já s' el perjurou
per muitas vezes que m' esto jurou.

E mais de cen vezes lhi perdoei
per las juras e achei-m' end' eu mal,
e por aquesto já lhi ren non val
de me jurar, pois que me lh' assanhei;
vedes porquê: ca já s' el perjurou
per muitas vezes que m' esto jurou.

117,6. Non est a de Nogueyra a freyra que m' e(n) poder ten

Non est a de Nogueyra a freyra que m' e(n)
[poder ten,
mays é x' outra fremosa a que me quer' eu
[mayor ben.

E moyro-m' eu pola freyra...
mays non pola de Nogueyra.

Non est a de Nogueyra a freyra ond' eu ey amor,
mays é x' outra fremosa a que me quer' eu muy
[melhor.

E moyro-m' eu pola freyra...
[mays non pola de Nogueyra].

Se eu a freyra visse, o dia que eu quisesse,
non á coya no mundo, nen míngua que ouvesse.
E moyro-m' eu pola freyra...
[mays non pola de Nogueyra].

Se m' el' a min amasse, muy gran dereyto farya,
ca lle quer' eu muy gran ben e punh' i mays
[cada dia.

E moyro-m' eu pola freyra...
[mays non pola de Nogueyra].

117,7. [V]ou-m' eu, fremosa, pera 'l-rey²⁹⁷

[V]ou-m' eu, fremosa, pera 'l-rey:
por vós, u fôr', penad' irey
[d']amor, d' amor, d' amor, d' amor;
por vós, senhor, d' amor, [d' amor].

- **Amigo 237**; Reali 7; Machado 773; Braga 416.
- Juárez, *Madre*, 140-143.

A 282, B 1219, V 824.
Escarño de amor, cant. de refrán, c. sing.
I, II: a15 a15 B7' B7'.
III, IV: a14' a14' B7' B7'²⁹⁷.
Capfin. refr. I-II; capfin. II-III; capden. 1 III, IV; paral. lit. 1 I, II; 2 I, II.
- **Reali 2**: CA 282; Machado 1167; Braga 824; *Auswahl* 12; Alvar/Beltrán, *Antología*, 45; Torres, *Poesía trovadoresca*, p. 488; Álvarez Blázquez, *Escolma*, pp. 61-62; Deluy, *Troubadours*, pp. 282-283; Piccolo 13; Jensen, *Medieval*, pp. 278-279, 552-553.
- Tavani, *Versões*, 350-360; Tavani, 88-93; Ventura, *Toponimia*, 475.

²⁹⁷ Tavani non contempla a posibilidade de estructura-la cantiga en versos longos, presentando como esquemas o 217:6 (I, II: a6' b7 c6' b7 A7' A7') e o 217:7 (III, IV: a6' b7' c6' b7' A7' A7').

²⁹⁸ Esta cantiga é tamén considerada anónima (nº 157,64); véxanse na Introducción as razóns da súa inclusión na obra de Pedr' Eanes Solaz.

Vou-m' eu a la corte morar:
por vós, u fôr', ey a penar
d' amor, d' amor, d' amor, d' amor;
[por vós, senhor, d' amor, d' amor].

E se vos non vir, que farey?
Cuydand' en vós, morrer-vos-ey
d' amor, d' amor, d' amor, d' amor;
[por vós, senhor, d' amor, d' amor].

paral. lit. 1 I, II; 2 I, II.

- **Reali 4:** CA 284; *Crestomatia*, p. 171; Machado 1625;
Auswahl 14; Torres, *Poesia trovadoresca*, p. 490; Piccolo 14.

118. Pedro de Portugal, Conde de Barcelos.

Fillo bastardo do rei Don Denis (nº 25) e de Gracia Froiás, debeu de nacer ó redor de 1285. A primeira mención que temos sobre el xorde nun doc. de 1289, onde recibe unha serie de bens doados polo seu pai en Estremoz, Évora-Monte, Sintra e Tavira. Casa por primeira vez con Branca Peres de Portel, filla de Pero Anes de Portel e de Constança Mendes de Sousa, conseguindo incrementa-lo seu patrimonio, sobre todo despois da morte da súa muller en 1305 aproximadamente. En 1307 exerce de mordomo da infanta Brites, futura esposa de Afonso IV. Casa de novo en 1309 con Maria Jimenez de Aragón, pero o matrimonio, polas continuas desavinzas, disólvese en 1316. En 1314 recibe o título de conde de Barcelos e o de alférez do rei, títulos que ata 1312 foran desenvolvidos por Martin Gil de Riba de Vizela. No período que decorre entre 1319 e 1324 vese envolto na guerra civil e, por amosarse partidario do príncipe herdeiro, terá que exiliarse na corte castelá de María de Molina. En Castela estreitará lazos de amizade con Alfonso XI. Cando regresa a Portugal recupera, pouco a pouco, as súas posesións que seguen medrando en número (Torres Vedras, bens na rexión de Pontevedra...) para, dende 1340, instalarse en Lalín en compañía de Teresa Anes de Toledo. É nesta vila onde recolle o material do *Livro das Cantigas*, considerado o arquetipo máis importante da nosa lírica e que logo regalará ó monarca de Castela Alfonso XI; é onde traballa na confección dos *Livros de Linhagens* e na redacción da *Crónica Geral de Espanha de 1344*. A súa corte converteuse no refuxio dos derradeiros alentos da poesía trovadoresca. En 1354, morre sendo soterrado en São João de Tarouca, tal e como dispuxera no seu testamento redactado en Lalín (30-3-1350).

Bibliografía:

- CA II, 115-117, 246, 282, 359, 479; Lopes, *Alguns documentos*, 486-503; Mattoso, *A guerra civil*, 293-308; Tavani, 313; Simões, *DLMGP*, 521-523; Resende, 402-405.
- EDIC.: Simões; *Amor*, 207-214; Lapa, 481-490; Alvar/Beltrán, *Antología*, 390-393; Torres, *Poesia trovadoresca*, 383-385; Álvarez Blázquez, *Escolma*, 241-244; Pena, *Lit. Galega*, II, 68; Deluy, *Troubadours*, 224-225.

118.1. Alvar Ro[drigu]iz, monteyro mayor

Alvar Ro[drigu]iz, monteyro mayor,
sabe bem que lhi [ál] el-rey desamor
porque lhe dizem que é mal feitor
na sa terra; est' é cousa certa,
ca diz que se quer ir e, per u for,
levará cabeça descuberta.

El entende que faz al rey pesar
se lhi na terr' aqui mais [de]morar;
por em quer ir sa guarida buscar
com gram despeit' em terra deserta,

V 1037.

*Esta cantiga foy feita a um [e]scudeiro que andou alem
mar e dizia que fora a lo mouro.*

Escarnio persoal, cant. de mestria, c. sing. (rima b uniss.).

a10 a10 a10 b9' a10 b9' (13:43).

P. rima 6: *cabeça (bem) descuberta*; corr. paral. 5-6.

- **Simões 5:** Lapa 324; Machado 1683; Braga 1037; Fonseca, *Escárnio*, 12.

- Osório, *Cant. escarnho*, 179-181; Dagenais, *Careless love*, 252-253.

e diz que pode, per u for, levar
sempr' a cabeza bem descuberta.

118,2. *Mandei pedir noutro dia*

Mandei pedir noutro dia
um alão a Pay Varela
pera ūa mha cadela,
e diss' el que mho daria;
e, per como mho el dá,
eu ben cuyo do que verrá
quand' aqui veer Messia.

Outrossi Pero Marinho
dous sabujos mh-á mandado
lá da terra de Condado;
e disse-me un seu mininho
que bem certo foss' eu disto:
poys veer o Antre-Cristo
verrá com el per caminho.

Eu nom foy homem de siso
u m' as promessas faziam,
duvidando ca verria[m];
e entolha-xe-me riso
de que o foy duvidando:
poys ja sey que verram quando
for Judas no Paraíso.

B 1431, V 1041.

Esta cantiga foy feita a estes cavaleiros que aqui conta que prometerom un alano e sabujos segundo aqui <e>scrito e pero que lhos enviarom pedir nom os quiserom dar e o conde fez-lhis por én esta cantiga.
Escarño persoal, cant. de mestria, c. sing.

I: a7' b7' b7' a7' c7 c7 a7' (161:291).

II, III: a7' b7' b7' a7' c7' c7' a7' (161:296).

Capden. 4 I, II; 6 I, 1 III; 6 II, III; rima der. 4, 5 I; 6 I, 3 III; corr. paral. 6-7.

- **Simões 9**; Lapa 328; Machado 1343; Braga 1041; Torres, *Poesia trovadoresca*, p. 385; Álvarez Blázquez, *Escolma*, pp. 242-243.

- Carvalho, *Texto*, 21-26.

118,3. *Martim Vasquez, noutro dia*

Martim Vasquez, noutro dia,
u [e]stava en Lixboa,
mandou fazer gram coroa,
ca vio per estrologia
que averia igreja
grande, qual la el deseja,
de mil libras en valia.

E diz que vio na [e]strela,
pero que a non demande,
d' aver igreja mui grande,
ca non igreja mesela;
ca da pequena nom cura,
ca lhe seria loucura
d' el aver a curar dela.

E diz que vio na lúa
que averia, sem contendia,
igreja de mui gran renda
ca nom pequena e nūa;
e porque lhe vai tardando

B 1432, V 1042.

Esta cantiga suso [e]scrita que se começa "Martim Vasquez, no outro dia" fez o conde a ūu jograr que avia nome Martim Vasquez e preçava-se que sabia d' estrelologia e non sabia én nada e tolheu vaidade na mão ca avia d' aver egreja de mil libras ou de mil e quinhentas e mandou fazer corôa e razou a barba e foy-se alem Doiro e nom ouve nen migalha e o conde fez-lhi esta cantiga.
Escarño persoal (estr. IV fragm.), cant. de mestria, c. sing.

a7' b7' b7' a7' c7' c7' a7' (161: 297).

Capden. 5 I, 2 III; 4 II, III; rima der. 4 I, 1 II; corr. paral. lit. 1 II, III; corr. paral. 3-4 II, III.

- **Simões 10**; Lapa 329; Machado 1344; Braga 1042; Álvarez Blázquez, *Escolma*, pp. 243-244.

- Ventura, *Sátira*, 533-550.

el vai-se muito agravando
porque lhe nom dam nenhūa.

El acercou na espera
qual planeta tem por certa
que lhe outorga sem referta.

118.4. Natura das animalhas

Natura das animalhas
que som dúa semelhanza
é de fazerem crianza,
mais des que som fodimalhas.
Vej' ora estranho talho,
qual nunca cuydey que visse:
que emprenhass' e parisse
a Camela do Bodalho.

As que som dúa natura
junta[n]-s' a certas sazões
e fazen sas criações;
mays vejo ja criatura
ond' eu nom cuydey vee-la,
e por én me maravilho
de Bodalho fazer filho,
per natura, na Camela.

As que som, per natureza,
corpos dúa parecenza
junta[n]-s' e fazen nacença.
Esto é sa dereyteza;
mays nom cuydey en mha vida
que Camela se juntasse
con Bodalho, emprenhasse,
demays seer d' el parida.

V 1040.

Esta cantiga de cima foy feita a ūa dona d' ordim que chamaravam Moor Martinz, por sobrenome Camela, e a um home que avia nome Joham Mariz, por sobrenome Bodalho, e era tabaliom de Braga.

Escarnio persoal, cant. de mestria, c. sing.

a7' b7' b7' a7' c7' d7' d7' c7' (177:3).

Capfin. II-III; capden. 4 I, II, 5 III; 1 II, III; 2 II, 3 III; rima der. 3 I, 3, 4 II; 6 I, 5 II; 7 I, 8 III; 1 II, III; corr. paral. 1-3; 5-8 I, 6-8 II, 5-8 III.

- **Simões 8;** Lapa 327; Machado 1686; Braga 1040; Alvar/Beltrán, *Antología*, 198; Torres, *Poesia trovadoresca*, p. 384; Álvarez Blázquez, *Escolma*, p. 242; Deluy, *Troubadours*, pp. 224-225.

- Rodríguez, *Equívoco*, 38-44; Rossell, *Comparaciones*, 555-556; Canettieri/Pulsoni, *Contrafacta*, 487-490; id., *Imitación métrica*, 33-36, n. 66.

118.5. Non me poss' eu de morte defender

Non me poss' eu de morte defender,
poys vejo d' Amor que me quer matar
por ūa dona; mays, poys m' eu guardar
non posso ja de por dona morrer,
catarey já das donas a melhor
porque, poys mb-á de matar, mat' Amor.

E poys Amor em tal guisa me tem
en seu poder que defensa nom ey
de parar morte, e poys eu certo sey
que por dona a morrer me conven,
catarey [ja das donas a melhor
porque, poys mb-á de matar, mat' Amor].

B [610^{bis}], V 213.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:196).

Capfin. refr. I-II; rima der. 1 I, 2 III; corr. paral. 1-3; 3-4.

- **Simões 4;** Amor 104; Machado 574; Braga 213; Tavares, *Textos medievais*, pp. 26-27; Pena, *Lit. Galega*, II, 31.

- Panunzio, *Lettura*, 192-194, n. 11; Brea, *Dona*, 161-163.

E bem vej' eu per qual poder em mi
Amor tomou que nom ey defenson
d' escusar morte, [e] poys eu tal razom
ey por dona de prender mort' assi,
catarey ja das donas a melhor
porque, poys mb-á de matar, mat' Amor.

118,6. *Nom quer' a Deus por mha morte rogar*

Nom quer' a Deus por mha morte rogar
nem por mha vida, ca non mh-á mester:
[e ploys] aquel que o rogar quiser,
por si o rogu' e leix' a mim passar
assi meu tempo, ca mentr' eu durar,
nunca me pode bem nem mal fazer,
nem ond' eu aja pesar nem prazer.

E ja m' El tanto mal fez que nom sey
rem u me possa cobrar d' iss', e nom
sey nem sab' outrem nem sab' El razom
porque me faça mays mal de quant' ey.
E poys eu ja per tod' esto passey,
nunca me pode bem nem mal fazer,
[nem ond' eu aja pesar nem prazer].

E bem nem mal nunca m' El ja fará
poys m' El pesar com tam gram coytá deu
que nunca prazer no coraçom meu
me pode dar, ca ja nom poderá.
E poys por mim tod' esto passou ja,
nunca me pode bem nem mal fazer
nem ond' eu aja pesar nem prazer.

118,7. *Os privados que d' el-rey ham*

Os privados que d' el-rey ham,
por mal de muitos, gram poder,
seu saber é juntar aver;
e non-no comen nem o dan
mays posfaçan de quem o dá;
e, de quanto no reyno ha,
se compre tod' a seu talam.

Os que trabalhan de servir
el-rey por tirar galardom
-se do seu band' ou se nom, som-
logo punham de lho partil[ri];
o que d' el-rey quiser tirar
bem sem servir, se lhis peitar,
avê-lo[-á] u l[h]o pedir.

B 609, V 211.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 b10 a10 a10 C10 C10 (139:6).

Capden. 3 I, 5 II/III; rima der. 4 I, 5 II; 1 III, 6; corr. paral. lit. 5 II, III; corr. paral. 1-2 II, 2-4 III; 1 III, 6.

- **Simões 2:** Amor 102; Machado 572; Braga 211; Varnhagen, *Cancioneirinho*, 47.

V 1038.

Esta cantiga foi feita a Miguel Vivas que foi enleyto de Viseu e a Gomiz Lourenzo de Beja.

Escarnio político-moral, cant. de mestria, c. sing.

a8 b8 b8 a8 c8 c8 a8 (161:269).

Fiinda: c8 c8 a8 (sobre III).

Capden. 3 I, 1 III; 5 III, 1 f; rima der. 1, 3, 6 I; 4, 5 I.

- **Simões 6:** Lapa 325; Machado 1684; Braga 1038; Alvar/Beltrán, *Antología*, 197.

- Filgueira, *Verbo antigo*, 357-361; Tavani, 187-194, 232-239; Ron, *Cant. morais*.

Se[u] sen e seu saber é tal
qual vos ca j' agora contey;
e fazem al, que vos direi,
que é mui peior que o al:
u s' el-rey mov' a fazer bem,
com' é razom, pesa-lhes en
e razoam-no bem per mal.

E u compre conselh' ou sem
a seu senhor, nom saben rem
se nom en todo desigual.

118,8. *Que muyto bem me fez Nostro Senhor*

Que muyto bem me fez Nostro Senhor
aquele dia en que m' El foy monstrar
húa dona que fez melhor falar
de quantas fez, e parecer melhor.
E o dia em que mh-a fez veer,
El quis assi que foss' em seu poder,
u me podia nunca mays bem dar

(nom ja em al, d' esto som sabedor)
se m' algum tempo quisera leixar
ela servir, e non-na ir matar;
mays, poys la matou, serei sofredor
sempre de coyta enquant' eu viver,
ca sol u cuido no seu parecer
ey morte mays d' outra rem desejar.

E poys eu nunca d' outra rem sabor
poss' atender pera me conortar,
muy bem posso com verdade jurar,
polos que dizem que an mal d' amor,
que com verdade nom poden dizer
porque cuydand' i tomam gram prazer,
o que a mim nunca pode chegar.

Nem [elsperança nunca poss' aver
com' outros an d' algun bem atender,
poys eu meu bem nunca posso cobrar.

118,9. *Tal sazom foy em que eu ja perdi*

Tal sazom foy em que eu ja perdi
quanto bem ouv' e nom cuydey aver
que par podesse a outro bem seer;
mays ora ja mi guisou Deus assi
que, u perdi tam gram bem de senhor,
cobrey d' atender outro muy melhor
en todo bem de quantos outros vi.

E quand' en outra sazom perdi eu
aquele gran bem, logu' i cu[y]dey que nom

B 608, V 210.
Amor, cant. de mestria, c. uniss.
a10 b10 b10 a10 c10 c10 b10 (163:9).
Fiinda: c10 c10 b10.
Capfin. II-f; capden. 1 III, 3 f.
- **Simões 1**; Amor 101; Machado 571; Braga 210;
Varnhagen, *Cancioneirinho*, 45.
- Brea, *Dona*, 161-163.

B 610, V 212.
Amor (mot. da *chanson de change*), cant. de mestria, c.
sing. (b I = c II).
a10 b10 b10 a10 c10 c10 a10 (161:75).
2 fiendas: c10 c10 a10 (sobre III).
Capden. 4; 5 I, III; 1 II, III; rima der. 1, 5 III; 7 III, 2 If; corr.
paral. 4-6 I, III.
- **Simões 3**; Amor 103; *Crestomatia*, p. 184; Machado
573; Braga 212; Oliveira/Machado, p. 64; Varnhagen,
Cancioneirinho, 46.
- Brea, *Dona*, 163-167; Bertolucci, *Motivi*, 118-119.

perdesse coyta do meu coraçom;
mays agora Deus tal senhor mi deu
que de bom prez e sem e parecer
é muy melhor de quantas quis fazer,
e quis logu' i que foss' em poder seu.

Quand' eu perdi aquela que amar
sabia mays que mim nem outra rem,
non cuydava d' atender outro bem;
mays prougue a Deus de mho assi guisar
que, u perdi aquela que amei,
en outra senhor muy melhor cobrey
que me faz Deus servir e desejar.

[Foi] en-na sazom em que m' eu queyxley
a Deus, u perdi quanto desegey:
oy mays poss' eu con razom Deus loar
porque me pos em tal cobro que ey
por senhor a melhor de quântas sey,
em que pos tanto bem que nom á par.

118,10. *T[al sazon] foy en que eu ja podi[a]*

T[al sazon] foy en que eu ja podi[a]

B 611²⁹⁹.

- Tavani, RM, 118,10.

118,11. *Um cavaleyro avya*

Um cavaleyro avya
úa tenda muy fremosa
que, cada que n' ela s' ia,
a[s]saz lh' era saborosa.
E um dia, pela sesta,
u estava bem armada,
de cada part' espeçada
foy toda pela meestra.

Na tenda nom ficou pano
nem cordas nem guarnimento
que toda non foss' a dano
pelo apoderamento
da meestra que, tirando
foy tanto pelo esteo,
que por esto, com' eu creo,
se foy toda [e]speçando.

A corda foy en pedaços
e o mays do al perdido,

V 1039.

Esta cantiga de cima foy feita a um meestre d' ordim de cavalaria porque avya sa barragã e fazia seus [filhos] en ela ante que fosse meestre e depoys avya úa tenda en Lixboa en que tragia mui grande aver a guanho e aquela sa barragã quando lhi alguns dinheiros vinham da terra da Ordem e que o meestre i nom era envyava-os àquela tenda pera guanharem com eles pera seus filhos e depoys tiraram ende os dinheiros da tenda e derom-nos en outras partes pera ganharem com eles e ficou a tenda desfeita e nom leyxou por em o meestre depoys a gaa[r].

Escarnio persoal, cant. de mestria, c. sing.

a7' b7' a7' b7' c7' d7' d7' c7' (113:1).

Capfin. II-III; capden. 5 III, 6 IV; rima der. 7 I, 8 II; 8 I, 1 IV; 2, 7, 8 III.

- Simões 7; Lapa 326; Machado 1685; Braga 1039; Arias, Poesia obscena, 48.

- Andrade/Magalhães, Igreja, 41-44; Osório, Cant. escarnho, 179-181.

²⁹⁹ Segundo Tavani "ripetizione dell' incipit del testo n. 9 o framm. del 1º v. di un altro testo? in B 611, al framm. segue spazio per 5 str. (o per 4 str. e la *fiinda*) per le quali erano già state scritte le iniziali (nell'ordine F, H, M, E)".

mays ficarom-lhi dous maços
par do esteo merjudo;
e a meestra metuda
n[al] grand' estaca jazendo,
e foy-s' a tenda perdendo
assi como é perduda.

Per mingua de bon meestre
pereceo tod' a tenda
que nunca se dela preste
pera dom nen pera venda;
ca leyxou, com mal recado,
a meestra tirar tanto
da tenda que, ja enquanto
viva, será posfaçado.

118,11^{bis}. Vós que soedes en Corte morar³⁰⁰

Vós que soedes en Corte morar,
d' estes privadus queria saber
se lhes há a privança muyt' a durar,
ca os non vejo dar nen despender,
ante os vejo tomar e pedir;
e o que lhes non quer dar ou servir
non pode rem con el-rrey adubar.

D' estes privado[s] non sey novelar
se non que lhes vejo muy gram poder,
e grandes rendas, casas guaanhar,
e vejo as gentes muyto emprovecer
[e] con proveza da terra sayr;
e há el-rrey sabor de os ouvir,
mays eu non sey que lhe van conselhar.

Sodes de Cort' e non sabedes ren,
ca mester faz a tod' omen que dê,
poys a Corte por [livrarl] algo ven,
ca, sse dar non quer, por [sen-sabor hé]:
pensse de dar, non sse trabalhe d' al.
E, se non der, non pod' adubar al,
ca os privados queren que lhes den.

B 888, V 472 (atrib. a Martin Moxa); V 1036 (atrib. a Lourenço).

Esta cantiga foi feita no tempo del-Rei Don Afonso, a seus privados (ed. de Lapa).

Escarnio político-moral, cant. de mestria, c. doblas.

a10 b10 a10 b10 c10 c10 a10 (100:10).

Capcaud. I-II; capfin. II-III; capden. 2 I, 1 II; p. volta 5, 6 III:
at; rima der. 2, 7 III.

- **Stegagno 2**; Tavani, Lourenço, 15 (sobre V 1036); Lapa 278; Machado 828; Braga 472 e 1036; Varnhagen, *Cancioneirinho*, 38.

- Jensen, *Earliest*, 117-121; Tavani, 199-207, 232-239; Correia, *C. doblas*, 81-84; Russo, *En gran coita*, 139; Lanciani, *Tipologia*, 127; Ron, *Cant. morais*.

³⁰⁰ Esta cantiga lévanos a diversas conjecturas que atinxeñ á súa atribución e á súa tipoloxía xenérica. En base á dupla atribución da cantiga, Michaëlis, *CA*, p. 472, considerou que estabamos perante unha tensó da que a primeira e a terceira estrofa serían de Martin Moxa (nº 94,20) e a segunda de Lourenço (nº 88,18); véxanse na Introducción as explicacións que permiten establecer a autoría do Conde de Barcelos. Segundo Stegagno, esta cantiga é unha tensó. Nós preferimos considerala unha cantiga político-moral, polo que suprimiremos os guións que introducen as distintas intervencións no diálogo.

119. Per' Eanes Marinho

Trobador portugués, fillo de Johan Rodriguez de Valadares e da súa segunda esposa, Teresa Anes Marinho, e medio irmán de Martin Anes Marinho, de ser certa a lectura que fai Resende da rúbrica atributiva da cantiga de amor de Per' Eanes (véxase o nº 89, onde expoñémo-la problemática que encerra esta rúbrica). En consecuencia, Osoir' Anes (nº 111) non sería irmán de Per' Eanes e de Martin Anes. Ademais, de ser identificado co homónimo que figura na documentación da Chancelería de Sancho IV, con data de 1284, a súa actividade poética tería que situarse no derradeiro cuarto do século XIII, mantendo relacións con Johan Vasquiz de Talaveira (nº 81) e, con anterioridade, nos derradeiros tempos de Alfonso X, con Johan Airas (nº 63). Beltrán, 134, di que ainda seguía activo durante o reinado de Fernando IV, ó que acompaña na conquista de Alxeciras, e quen lle confirma as adquisicións da parroquia de Santa María de Fisterra e San Vicente de Duio.

Bibliografía:

- Beltrán, *Tipos XI*, 121-140; Brea, *Pai Gómez*, 180-181;
- EDIC.: Cotarelo, *Mariño; Amor*, 345-346.

119.1. Boa ssenhor, o que me foy miscrar³⁰¹

Boa ssenhor, o que me foy miscrar
vosco por certo ssoube-vos mentir
que outra dona punhei de sservir;
de tal razom me vos venho salvar:
*[ca] s(e) eu a molber oge quero bem,
se non a vós, quero morrer por em.*

E, nobr(e) amiga, poys vos sey amar
de coraçom, devedes rreceber
aquesta salva que venho fazer
e non creades quen quer porfaçar
*ca, s(e) eu a molber oge quero ben,
se non a vós, quero morrer por em.*

E, meu amor, eu vos venho rogar
que non creades nen hūu dizedor
escontra min, meu lum(e) e meu amor,
dos que me queren mal [e mal] buscar,
*ca, s(e) eu a molber oge quero bem,
se non a vós, quero morrer por em.*

Nen quis eu dona por senhor tomar
senon vós, que amo e quero amar.

B 935, V 523.

*Esta cantiga fez Pero Anes marinho filho de Joham rr³⁰² de Valadares per salvar outra que fez Johan Ayras de Santiago que diz asy ó comezo: "Dizen, amigo, que outra senhor queredes vós, sen meu grado, filhar".
Amor (*escondit*), cant. de refrán, c. uniss. (rima a) e sing. (rima b).

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:197).

Fiinda: a10 a10.

Capfin. refr. III-f; capden. 6, 2 f; p. volta 1 II, 2 f: *amar*; rima der. 1 II / 2 f, 3 III.

- **Amor 170**; Cotarelo, *Mariño*, 13-14; Machado 879; Braga 523.

- Brea, *Dona*, 153-155; id., *Escondit*, 178-179, 181-183.

120. Pero da Ponte

Probablemente segrel galego, de condición escudeiro. Desenvolveu a súa intensa actividade poética entre 1235 (data do pranto adicado á raíña Beatriz) e 1275 (Beltrán, *Trovadores I*, en virtude de que Pero da Ponte colle por modelo unha composición de Guiraut Riquier que data dese mesmo

³⁰¹ A cantiga nace como resposta a unha de Johan Airas (nº 63,21).

³⁰² Esta abreviatura é interpretada por Resende e Gonçalves como Rodrigues.

ano). Nese tempo estivo asentado nas cortes rexias de Fernando III e de Alfonso X, áinda que deberon de ser frecuentes as súas viaxes polas cortes señorais (á de Lopo Diaz de Haro e á de Telo Afonso de Meneses, por exemplo). Mantivo estreitas relacións con Afons' Eanes do Coton (nº 2) e con Bernal de Bonaval (nº 22). Ademais, colaborou na vida literaria da corte coa súa participación no ciclo de ataques a Maria Balteira (véxanse os trovadores nºs 18, 50, 64, 81, 116, 126, 131, 154), coas sátiras a Sueiro Anes, coa sátira a Fernan Diaz, etc; con Garcia Martinz (nº 52) compuxo un *partimen*, o que vén a demostrar que foi un dos trovadores más activos e prolíficos da nosa lírica. López Ferreiro, propón identificalo cun Pero Fernandez de Ponte presente nun doc. do mosteiro de Oseira, pero a ausencia do patronímico nos cancioneiros dificulta manter esta identificación, o mesmo cá do Pero Anes da Ponte referenciado por Resende, 409.

Bibliografía:

- De Lollis, *Cant. amor*, 42-44; López Ferreiro, 373; CA II, 281, 322, 336, 417, 437, 450-464, 579, 581, 654, 656, 659; *Amigo* I, 181-188; Menéndez Pidal, 203, 207-220; Tavani, 313-314; Lorenzo, *DLMGP*, 537-539; Beltrán, *Trovadores I*, 486-503; id., *Tipos IV*, 15-35; Mongelli, *A originalidade*, 313-315; Resende, 408-409.
- Pellegrini, *Provenzalismo*, 127-137; Alvar, *Balteira*, 11-40; Juárez, *Trager*, 65-76; id., *Nuevos puntos*, 237-253; id., *Afinidad*, 255-263; Videira, 189-190; Mongelli, *Pero da Ponte*, 65-114.
- EDIC.: Panunzio; Juárez; Fdez. Pousa, *Pero da Ponte*; CA, 577-585, 892-906; *Amigo*, 215-223; Lapa, 89-90, 508-552; Alvar/Beltrán, *Antología*, 155-167; Torres, *Poesia trovadoresca*, 387-398; Álvarez Blázquez, *Escolma*, 41-48; Pena, *Lit. Galega*, II, 28-29, 227-231, 305-306, 324-325; Deluy, *Troubadours*, 133-134, 228-232, 284-285.

120.1. Agora me part' eu mui sen meu grado

Agora me part' eu mui sen meu grado
de quanto ben oj' eu no mund' avya,
c' assy quer Deus e mao meu pecado,
ay eu!

De mays, se mi non val Santa Maria,
d' aver coyta muyto tenh' eu guysado;
mays rog' a Deus que mays d' oj' este dia
non vyva eu, se m' el non dá consselho.

Non vyva eu se m' el hi non dá consselho,
nen vyverei, nen é cousa guisada,
ca, poys non vyr meu lum' e meu espelho,
ay eu!

ja per mha vida non daria nada,
mha senhor; e digo-vus en concelho
que, sse eu morr' assy d' esta vegada,
que a vo'-lo demande meu linhage!

Que a vo'-lo demande meu linhage,
senhor fremosa, ca vos me matades,
poys voss' amor en tal coita me trage,
ay eu!

e ssol non quer Deus que mh' o vos creades,
e non mi val hi preyo nen menage.
E hydes-vus e min desemparades;
desempare-vus Deus, a que o eu digo!

A 290, B 981, V 568.

Amor (mot. da *mala cansó*), cant. de refrán (intercalar),
c. sing. (a I = b IV; d I = a II; d II = a III; d III = a IV).

a10' b10' a10' C2 b10' a10' b10' d10' (120:1).

Capcaud.; capfin.; capden. 5 I, 3 IV; 6 II, 2 III, 7 IV; rima der. 6 I, 2 II; 8 I / 1 II, 5 IV; 7 III, 2 IV; p. perduda 8; repet. lit. 8 I, 1 II; 8 II, 1 III; 8 III, 1 IV.

- **Panunzio, pp. 85-87;** Juárez, pp. 98-99; Fdez. Pousa, *Pero da Ponte*, 11; CA 290; Machado 924; Braga 568; Alvar/Beltrán, *Antología*, 36.

- Sansone, *Temi*, 182-186; Panunzio, *Lettura*, 181-186; Neves, *O campo semântico*, 259-265.

Desempare-vus Deus, a que o eu digo
ca mal per fic' oj' eu desemparado!
De mays non ei parente nen amigo,
ay eu!
que m' aconsellh'! E desaconselhado
fiqu' eu sen vos, e non ar fica migo,
senhor, se non gram coyta e cuydado.
Ay Deus! Valed' a hom que d' amor morre!

120,2. *Ay, madr' o que me namorou*

"Ay, madr' o que me namorou
foy-sse n' outro dia d' aqui;
e, por Deus, que faremus hi,
ca namorada me leixou?"
Filha, fazed' end' o melbor:
[poys vus seu amor enganou,
que o engane voss' amor".

"Ca me non sey [eu] conselhar,
mha madre, se Deus mi perdon!"
-Dized', ay filha, per que non?
Quero-me vo-lo eu mostrar:
Filha, fazed' end' o melbor:
[poys vus seu amor enganou,
que o engane voss' amor].

Que o recebades mui ben,
filha, quand' ante vos veher,
e todo quanto vus disser
outorgade-lh' o e, per en,
Filha, fazed' end' o melbor:
[poys vus seu amor enganou,
que o engane voss' amor].

120,3. *A mha senhor, que eu mays d' outra ren*³⁰³

A mha senhor, que eu mays d' outra ren
desejey sempr' e amey e servi,
que non soya dar nada por mi,
preyo me trage de mi fazer ben:
ca meu ben é d' eu por ela morrer,
antes que sempr' en tal coyta vyver.

En qual coyta me seus desejes dan
toda sazon! Mays, des agora ja,
per quanto mal mi faz, ben mi fará,

B 837, V 423.

Amigo (dial.), cant. de refrán, c. sing. (A = D).

I: a8 b8 b8 a8 C8 A8 C8 (156:6).

II, III: a8 b8 b8 a8 C8 D8 C8 (173:4).

Capden. 1 III, 7; 2 III, 5; rima der. 1 I, 7.

- **Panunzio, pp. 74-75;** Juárez, p. 78; Fdez. Pousa, *Pero da Ponte*, 7; Amigo 244; Machado 780; Braga 423; Álvarez Blázquez, *Escolma*, pp. 43-44.

- Juárez, *Madre*, 143-146, 149-152; Pinto-Correia, *Dimensão*, 25-26; Mongelli, *A originalidade*, 317.

A 291, B 982, V 569.

Amor, cant. de refrán, c. sing. (a I = a IV).

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:198).

Capfin. refr. I-II.

- **Panunzio, pp. 88-89;** Juárez, pp. 103-104; Fdez. Pousa, *Pero da Ponte*, 12; CA 292; Machado 925; Braga 4 e 569.

- Tavani, 114-117; Mongelli, *A originalidade*, 318; Russo, *En gran coita*, 139-140.

³⁰³ En B 394 e V 4, só coas estr. I e IV, figura o texto atribuído a Sancho Sanchez (nº 150,1); véxanse na Introducción as razóns da súa atribución a Pero da Ponte.

ca morrerey e perderey affan:
ca meu ben é d' eu por ela morrer,
antes que sempr' en tal coyta vyver.

E quanto mal eu per ela levei,
ora mh' o cobrarey, sse Deus quiser;
ca, poys eu per ela morte priser,
non mi diram que d' ela ben non ei:
ca meu ben é d' [eu por ela morrer,
antes que sempr' en tal coyta vyver].

Tal sazon foy que me tev' en desden,
quando me mays forçava seu amor;
e ora, mal que pes a mha senhor,
ben mi fará, e mal-grad' aja en:
ca meu ben é d' eu por ela morrer,
[antes que sempr' en tal coyta vyver].

120,4. Aos mouros que aqui son

Aos mouros que aqui son
Don Álvaro ren non lhis dá,
mais manda-lhis filhar raçon
da cachaça, e dar-lhis-á
do al que na cozinh' ouver;
mais o mouro que mi crever
a cachaça non filhará.

Mais, se lha deren, logu' enton
aos cães a deitará,
e direi-vos por qual razon:
ca nunca xe lhi cozerá,
e a cachaça non á mester,
pois que se non cozer [ouver]
a quanta lenha no mund' á.

Nenos mouros, a meu cuidar,
poi-la viren, nona querran;
mais, se a quiseren filhar,
direi-vos como lhi faran:
i-la-an logo remolhar,
ca assi soen adubar
a cachaça, quando lha dan.

120,5. Dade-m' alvíssara, Pedr' Agudo

Dade-m' alvíssara, Pedr' Agudo,
e ôi-mais sodes guardo:
vossa molher á bon drudo,
baroncinho mui velido.
Dade-m' alvíssara, Pedr' Agudo,
vossa molher á bon drudo.

B 1654, V 1188.
Escarnio persoal, cant. de mestria, c. doblas.
I, II: a8 b8 a8 b8 c8 c8 b8 (101:56).
III: a8 b8 a8 b8 a8 b8 (60:3).
Capden. 1 I, 2 II; 7 I, 5 II, 7 III; 3 II, 4 III; p. rima impfta. 3 I, II: *raçon / razon*; p. volta 5 I, 6 II: *ouver*; p. equív. 3 I, II: *raçon / razon*; rima der. 2, 4 I, 7 III; 5 I / 6 II, 7 II; 7 I, 3 III.
- **Lapa 369:** Panunzio, pp. 201-202; Juárez, p. 205; Fdez. Pousa, *Pero da Ponte*, 50; Machado 1558; Braga 1188.
- Correia, *C. doblas*, 81-84.

B 1639, V 1173.
Escarnio persoal (bailada), cant. de refrán (intercalar), c. sing.
A9' b7' A7' b7' A9' A7' (58:2).
Capcaud. refr.; redupl. refr. 1, 5; 3, 6.

*Dade-m' alvissara, Pedr' Agudo,
e cresca-vos ende gabo:
vossa molher á bon drudo,
moyr' eu,
moyr' eu.

B 905, V 491.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
I-III: a4 a4 a4 a4 B2 (7:1).
IV: a4 a4 a4 B2 B2 B2 (19:42).
Capden. 2 II, IV; dobre 1, 2 I: *eu vi*, II: *veer*, III: *mi ven*, IV:
non mi val; rima der. 1/2 I, II; redupl. refr. 4-6 IV.
- **Amor 156:** Machado 847; Braga 491; Alvar/Beltrán,
Antología, 85; Torres, *Poesía trovadoresca*, p. 285; Deluy,
Troubadours, pp. 289-290.
- Panunzio, *Lettura*, 192-194, n. 11.

143,5. Esta senhor qu(e) ora filhey

Esta senhor qu(e) ora filhey
grave dia vedes que faz:
por que lh' agrav' ou lhi non praz
de que con ela comecey,
assanha-ss' ora contra mi
e pero faz seu prazer by.

E ben pode saber que non
meresco eu d' esta sanha ren,
ergo se lhi quero gran ben,
e pero non á hy razon,
assanha-ss' ora contra mi
e pero faz seu prazer by.

Ben vos digo que ante m' eu
queria já siquer matar
ca lhi fazer nen hun pesar,

B 911, V 498.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a8 b8 b8 a8 C8 C8 (160:376).
Fiinda: c8 c8.
Capcaud. refr. III-f; capfin. refr. III-f; capden. 1 II, III; 4 II, 6;
p. volta 5, 2 f: *mi*.
- **Amor 163:** Machado 854; Braga 498; Jensen, *Medieval*,
pp. 350-351, 588.

mays ela ben assy de sseu
assanha-ss' ora contra mi
e pero faz seu prazer by.

E, poy' lo quer fazer assy,
non ssey eu que seja de mi.

143,6. *Hy logo, senhor, que vos vi*

Hy logo, senhor, que vos vi,
vi eu que fazia mal sen
d' ir osmar de vos querer ben
e partira-m' end' eu logu' i,
may' lo vosso bon parecer
non mb-o leixou, senhor, fazer,
nen mb-o leixa, senhor, fazer.

Assaz entendo eu que d' ir
começar con atal molher
come vós non m' era mester
e quisera-m' end' eu partir,
may' lo vosso bon parecer
non mb-o leixou, senhor, fazer,
nen mb-o leixa, senhor, fazer.

Senhor, e non foy pelo meu
grad', u vos fuy amar, nen ey
hi culpa por que vos amey,
ca me vos partira end' eu,
may' lo vosso bon parecer
non mb-o leixou, senhor, fazer,
nen mb-o leixa, senhor, fazer.

E non xe vos filhe pesar,
por vos eu muy de coraçon
amar, ca Deus non mi perdon,
se m' en non quisera quitar,
may' lo vosso bon parecer
non mb-o leixou, senhor, fazer,
nen mb-o leixa, senhor, fazer.

143,7. *Já eu non am[o] a quen soya*

Já eu non am[o] a quen soya,
nen ey à coytá que ant' avya,
e pesa-mi par Santa Maria,
ca m' ey outra coytá d' amor mayor.

Nostro Senhor, quen m' oj' a mi desse
que a que ben quigi ben quisesse!
ca tenh' eu que meor coyt(a) ouvesse,
ca m' ey outra coytá d' amor mayor.

B [904^{bis}], V 490.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a8 b8 a8 C8 C8 C8 (164:2).

Capfin. I-II; capfin. refr. II-III; capden. 1 I, 3 III; p. volta 6, 7:
senhor, fazer; corr. paral. lit. 4 I-III (= 4 IV).

- **Amor 155**; Machado 846; Braga 490.

- Brea, *Dona*, 157-161.

B 904, V 489.

Amor (mot. da *chanson de change*), cant. de refrán, c.
sing.

a9' a9' a9' B10 (11:9).

Capfin. refr. II-III; mordobr. impfto. 2 I: *ey / avya*, II: *quigi /*
quisesse; rima der. 2 I, 3 II.

- **Amor 154**; Machado 845; Braga 489.

- Bertolucci, *Motivi*, 117-118.

E, mentr' eu d' ela fuy namorado,
nunca me viro desacordado,
mays ora já non á hi recado,
ca m' ey outra coyta d' amor mayor.

143,8. Ora começa o meu mal

Ora começa o meu mal
de que ja non temia ren,
e cuidava que m' ia ben.
E todo se tornou en mal:
*ca o dem' agora d' amor
me fez filhar outra senhor!*

E ja dormia todo meu
sono, e ja non era fol,
e podia fazer mia prol.
Mais lo poder ja non é meu:
*ca o dem' agora d' amor
me fez filhar outra senhor!*

Que ledo me fezera ja,
quando s' Amor de min quitou
un pouco, que mi-a min leixou.
Mais d' outra guisa me vai ja:
*ca o dem' agora d' amor
me fez filhar outra senhor!*

E non se dev' om' alegrar
muito de ren que poss' aver,
ca eu, que o quige fazer,
non ei ja de que m' alegrar:
*ca o dem' agora d' amor
me fez filhar outra senhor!*

Ao dem' acomend' eu amor;
e bêeiga Deus a senhor
de que non será sabedor
nulh' om', enquant' eu vivo for'.

143,9. Ora mh-o tenham a mal-sen

Ora mh-o tenham a mal sen,
ca non leixarey a trobar,
nen a dizer eno cantar
que eu fezer o muy gran ben
que vos eu quero, mba senhor,
e querrey, mentr' eu vyvo for.

Vós quant' eu poder negarey
que non sode' la que eu vi;
que non visse, ca des aly
foy sandeu, may' lo ben [direy]

A 309, B 901, V 486.

Amor (mot. da *chanson de change*), cant. de refrán, c. sing.

a8 b8 b8 a8 C8 C8 (160:377).

Fiinda: c8 c8 c8 c8.

Capcaud. refr. IV-f; capfin. I-II; capfin. refr. II-III; capden. 2 I, 3 f; 4 II, III; dobre 1, 4 I: *mal*, II: *meu*, III: *ja*, IV: *alegrar*; p. volta 5, 1 f: *amor*, 6, 2 f: *senhor*.

- **CA 309:** *Crestomatia*, pp. 166-167; Machado 842; Braga 486; Ferreira, *Antol. lit.*, pp. 129-130; id., *Poesia e prosa*, p. 93; Álvarez Blázquez, *Escolma*, p. 83; Piccolo 103; Jensen, *Medieval*, pp. 346-347, 587.

- Filgueira, *Formas*, 145-147; Brea, *Misradores*, 172-176; Bertolucci, *Motivi*, 117-118.

B 909, V 496.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a8 b8 b8 a8 C8 C8 (160:378).

Fiinda: c8 c8.

Capcaud. refr. IV-f; capfin. refr. I-III; IV-f; capden. 2 I, 1 f; 4 I, 2 f; 1 III, IV; p. volta 5, 2 f: *senhor*; rima der. 4 II, 2 III, 4 IV; corr. paral. 2-5 I, 4-5 II, III, 3-5 IV.

- **Amor 161:** Machado 852; Braga 496.

- Mussons, *Juego*, 228-233; Juárez, *Datos*, 195-196.

*que vos eu quero, mba senhor,
e querrey, mentr' eu vyvo for.*

Ben tenh' eu que m' estranhará
esto de vós, poy' lo disser,
mays será o que Deus quiser,
ca o ben a dizer é já
*que vos eu quero, mba senhor,
e querrey, mentr' eu vyvo for.*

E ben pod' ûa ren creer
quen me d' esto quiser cousir,
que nunca me pode partir
que o ben non aja a dizer
*que vos eu quero, mba senhor,
e querrey, mentr' eu vyvo for.*

Ca non querrá Deus nen Amor
qu' eu ley[xar]-vos queyra, senhor.

143,10. Os meus olhos, que vyron mba senhor

Os meus olhos, que vyron mba senhor
e o seu muy fremoso parecer,
maos seram agora d' afazer
longi d' ela, nas terras hu eu for,
e cataram muyto contra hu jaz
a terra d' esta dona, que os faz
sempre chorar e o sono perder.

E muyto fezeram a ssi melhor
e a min, se a non fassen veer.

B 914, V 501.

Amor, fragm.

a10 b10 b10 a10 c10 c10 b10 (163:13)³⁴⁶.

Fiinda: a10 b10.

Rima der. 3, 6 l.

- **Amor 166**; Machado 857; Braga 501; Torres, *Poesia trovadoresca*, p. 286.

- Panunzio, *Lettura*, 196-198, n. 20; Brea, *Dona*, 161-163; Mussons, *Locura*, 163-172; Casas Rigall, *Silepsis*, 390-394; Magán, *Rasgos epigramáticos*.

143,11. Pero mba senhor nulha ren

Pero mba senhor nulha ren
non mh á de fazer senon mal,
nen eu d' ela non atend' al,
tan muyto parec' ela ben
*que o seu muy bon parecer
mb a faz à força ben querer.*

De punhar de lhi nunca [já]
querer algúa vez mi praz
e de tod' esto al xi mi faz,
poys tan bon parecer [ela] á
*que o seu muy bon parecer
mb a faz à força ben querer.*

B 906, V 492.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a8 b8 a8 C8 C8 (160:379).

Fiinda: c8 c8.

Capcaud. refr. III-f; capfin. refr. III-f; capden. 4 I, III; 1 II, III;
p. volta 6, 2 f: querer; corr. paral. 4 I, II, 3-4 III.

- **Amor 157**; Machado 848; Braga 492.

- Brea, *Dona*, 163-170.

³⁴⁶ Tavani fala unicamente dunha cobra de sete versos, aclarando que "nei mss. seguono altri 2 vv."; nós preferimos sinalalos como fiinda.

De já sempr' esta dona amar
por min non sse pode partir,
ca Deus, que me quis destroir,
tan bon parecer lhy foy dar
que o seu muy bon parecer
mb a faz à força ben querer,

E faz-mi que non ey poder
que lhi non aja de querer.

143,12. *Pero tant' é meu mal d' amor*

Pero tant' é meu mal d' amor
e a muy gram coyta que ey
por vós que dizer non o sey;
bon dia nacera, senhor,
se, após tod' aqueste mal,
eu atendesse de vós al.

Tod' este mal quant' a mi ven,
nen a gran coyta que sofri
por vós, des que vos conhoci,
non o terria já en ren,
se, após tod' aqueste mal,
eu atendesse de vós al.

Per' este mal mi tolherá
o sen, nen lhi cuyd' a guarir,
se de min non sse quer partir,
sabor averya d' el já,
se, após tod' aqueste mal,
eu atendesse de vós al.

Muyto é o mal que mi sofrer
fazedes, por que mi falar
non queredes, nen ascoytar,
pero mays en querria aver,
se, após tod' aqueste mal,
eu atendesse de vós al.

Ca de vós non atend' eu al
que mi façades senon mal.

143,13. *Quand' eu non podia veer*

Quand' eu non podia veer
a senhor do meu coraçon
e de mi ben cuydav' enton
que podesse coyta perder,
sol que a visse; poy' la vi,
ouv' eu mayor coyta des y.

Pero que perdia o sen
pola fremosa mha senhor,

B 912, V 499.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a8 b8 b8 a8 C8 C8 (160:380).

Fiinda: c8 c8.

Capcaud. refr. IV-f; capfin. refr. IV-f; capden. 1 I, III; 3 I, II;
p. volta 5, 2 f: *mal*; 6, 1 f.: *al*; rima der. 2 I, 4 IV; 2 II, 1 IV.

- **Amor 164**; Machado 855; Braga 499.

B 907, V 494.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a8 b8 b8 a8 C8 C8 (160:381).

Capfin.; rima der. 1 I, 5; 1, 2 III; 3-5 I, II, 4-5 III.

- **Amor 159**; Machado 850; Braga 494.

- Brea, *Dona*, 163-170; Mussons, *Locura*, 163-172.

quanta coyt(a) avya d' amor
non cuydava teer en ren,
sol que a visse; poy' la vi,
ouv' eu mayor coyta des y.

De quant' eu cuydey acabar
nulha cousa non acabey,
ca vede' lo que eu cuydey:
cuydei-me de coyta quitar,
sol que a visse; poy' la vi,
ouv' eu mayor coyta des y.

143,14. *Quand' eu vejo las ondas*

Quand' eu vejo las ondas
e las muyt' altas ribas,
logo mi veen ondas
al cor, pola velyda:
maldito seljla 'l mare
que mi faz tanto male!

Nunca veljlo las ondas
nen as altas debrocas
que mi non venham ondas
al cor, pola fremosa:
maldito seljla 'l mare
[que mi faz tanto male!].

Se eu vejo las ondas
e vejo las costeyras,
logo mi veen ondas
al cor, pola ben feyta:
maldito seljla 'l mare
[que mi faz tanto male!].

B 903, V 488.
Amor (mariña), cant. de refrán, c. uniss. (rima a) e sing.
(rima b).

a6' b6' a6' b6' C6' C6' (99:81).
P. rima dobrada 1, 3: *ondas*; corr. paral. lit. 4; corr. paral.
1-4; repet. lit. 3 I, III.

- **Tavani, Per il testo, p. 99:** Amor 153; Machado 844;
Braga 488; Alvar/Beltrán, Antología, 84; Reckert/Macedo,
Cinuenta cant., p. 135; Torres, *Poesía trovadoresca*, p.
284; Beltrán, *O cervo*, 12; Álvarez Blázquez, *Escolma*, p.
82; Dobarro et alii, *Literatura*, Apéndice I, 16; Deluy,
Troubadours, p. 290; Jensen, *Medieval*, pp. 348-349,
587-588.

- Jensen, *Earliest*, 54-58; Beltrán, *O cervo*, 15-20; Souto
Cabo, *A natureza*, 400-405; Brea, *Pai Gómez*, 144-146.

143,15. *Quantas coytas, senhor, sofri*

Quantas coytas, senhor, sofri
por vos veer, u me quitey
de vós he vosco non morey!
e, poys me Deus aduss' aqui,
dizer-vos quer' o que m' aven:
tanto me nembr' agora já
come se nunca fosse rem.

Pero que vivo na mayor
coyta que podia viver,
desejando-vos a veer,
e, poys vos vejo, mha senhor,
dizer-vos quer' o que m' aven:
tanto me nembr' agora já
come se nunca fosse rem.

B 899, V 484.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a8 b8 a8 C8 D8 C8 (173:5).
Capden. 4; 1 II, III; 2 III, 7; corr. paral. 4 II, III.
- **Amor 152;** Machado 840; Braga 484.
- Videira, p. 172;

Pero quem tanto mal levou,
com' eu levey, e tant' afam
a nembrar-lh' avia de pram,
e, poys me vos Deus amostrou,
dizer-vos quer' o que mb aven:
tanto me membr' agora já
come se nunca fosse rem.

143,16. Que doo que agora ey

Que doo que agora ey
dos meus olhos polo chorar
que faram, poy' los eu levar,
senhor, hu vos non veerey,
ca nunca os ey a partir
de chorar, hu vos eu non vyr.

Quisera-m' eu que vyssen al
e non vissen vós estes meus
olhos e non quis assy Deus,
mays sey que mi verrá en mal,
ca nunca os ey a partir
de chorar, hu vos eu non vyr.

O vosso mui bon parecer
viron en mal dia por ssy
e mal dia lhe' lo sofri,
senhor, que o fossen veer,
ca nunca os ey a partir
de chorar, hu vos eu non vyr.

Pero que ora, senhor, am
en vos veer mui gran sabor,
já o pesar será mayor
poys, quando vos non veeram,
ca nunca os ey a partir
de chorar, hu vos eu non vyr.

Nen os poderey eu partir
de chorar, hu vos eu non vyr.

B 908, V 495.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a8 b8 a8 C8 C8 (160:382).
Fiinda: c8 C8.
Capcaud. refr. IV-f; capfin. refr. I-II; IV-f; capfin. III-IV; capden. 4 I, III; p. volta 5, 1 f: *partir*; rima der. 1 I, IV; 4 I, III, IV, 6 / 2 f.

- **Amor 160**³⁴⁷; Machado 851; Braga 495.
- Casas Rigall, *Silepsis*, 390-394.

143,17. Que mui gran prazer og' eu vi

Que mui gran prazer og' eu vi
u me vos Deus mostrou, senhor!
E ben vos faço sabedor
que, pois que m' eu de vos parti,
non cuidara tant' a viver
como vevi sen vus veer.

A 310 (só estr. I), B 902, V 487.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a8 b8 b8 a8 C8 C8 (160:383).
Capfin. I-II; capden. 1 I, II; 4 II, III; rima der. 1 I, 6.
- **CA 310**; Machado 843; Braga 487.

³⁴⁷ Disponemos tipograficamente como refrán o último verso da fiinda.

Que muito que eu desejei
de vus veer e vus falar!
E foi mi-o Deus ora guisar,
senhor, e mais vus én direi:
non cuidara tant' a viver
como vevi sen vus veer.

E Deuls, que mi fez este ben,
ainda m' outro ben fará,
pois el quis que vus visse ja,
mia senhor; ca per nenhun sen,
non cuidara tant' a viver
como vevi sen vus veer.

143,18. *Se om' ouvesse de morrer*

Se om' ouvesse de morrer,
senhor, veendo gran pesar
da ren que mais soubess' amar
de quantas Deus quiso fazer,
eu non podera mais viver
u vus foron d' aqui filhar,
a força de vos elevar,
e vos non puid' eu i valer!

[Non me sòubi conselh' aver
per como podess' endurar]
a coita 'n que me vi andar,
pola força que vos prender
vi; e quiser(a) ante soffrer
mort' ùa vez ja ca ficar
vivo, por aver a estar
a tan grave pesar veer,

E nunca no mundo prazer
des aqui ja mais aguardar;
e sempre m' aver a queixar
a Deus por el esto querer.
Mais ùa ren posso creer
que Deus, que m' esto foi mostrar,
por én me leixa de matar
que aja sempre que doer,

E que nunca possa tolher
estes meus olhos de chorar,
e que sempr' aj(a) a desejar
vos e o vosso parecer
(que nunca mi-á d' escaecer),
e no meu mal sempre cuidar.
Ben me posso maravilhar
por mi-a morte non aduzer.

E nunc' a Deus queira prazer,
que nunca el queira mostrar

A 308, B 900, V 485.

Amor, cant. de mestria, c. uniss.

a8 b8 b8 a8 a8 b8 b8 a8 (133:1).

Fiinda: a8 b8 b8 a8.

Capcaud.; retrogr.; capden. 1 III, f; 1, 5 IV, 2 f; p. volta 2 I,
3 f: *pesar*; 5 II, 4 f: *soffrer / sofrer*; 1 III, f: *prazer*; 6 III, 2 f:
mostrar.

- **CA 308**; Machado 841; Braga 485.

a nulh' ome tanto pesar
quant' el poderia sofrer.

144. Roi Gomez de Briteiros

Trobador portugués, fillo de Gomes Mendez e neto de Mem Pires. Naceu ó redor de 1210 (Resende, 431, di que a finais do século XII) e morreu en 1250 aproximadamente. A familia á que pertence asentábase orixinariamente na rexión de Braga. En 1224 e 1225 a súa irmá Marinha Gomez cédelle parte da súa herданza. En 1226 encóntrase na corte leonesa de Alfonso IX en calidade de vasalo de Pedro Sanchez. A súa ausencia das terras portuguesas abrangue os anos 1225-1245. En 1227 rapta a Elvira Anes da Maia, filla de Johan Perez da Maia e de Guiomar Mendez de Sousa, conseguindo ó casar con ela unha certa consolidación social e patrimonial que se fortalecerá en 1248, cando Afonso III o nomea *mordomo-mor*. Lembremos que Roi Gomez acompañara ó Boloñés a Francia en 1245 tralo seu xuramento. Neste sentido, con este rei desenvolveu funcións diplomáticas, de conselleiro político e de xefe militar. A proxección social da liñaxe reforzarase cos logros do seu fillo Men Rodriguez de Briteiros (nº 100) e do seu neto Johan Mendiz de Briteiros (nº 73), ámbolos dous trobadores. A través dos escarnios dirixidos contra un tal Johan Fernandez, do que nada sabemos, podemos relacionalo con Johan Soarez Coelho (nº 79) e con Martin Soarez (nº 97). Por consequence, situarémo-la súa actividade poética no segundo cuarto do século XIII.

Bibliografía:

- CA II, 322, 329, 336; Tavani, 322; Finazzi-Agrò, *DLMGP*, 583-584; Resende, 431-432.
- EDIC.: Finazzi-Agrò, *Roy Gomez*; Lapa, 600-601.

144,1. Joham Fernandiz, aqui é chegado

Joham Fernandiz, aqui é chegado
un freyr' e anda un mouro buscando,
e anda dele os sinaes dando:
e diz que é cresp[o] e mal tal[h]ado;
e ide-vus deste preyto [escapando],
ca atal era o voss' anzizado,
que vus eu achei [nunca] bautizado.

B 1544.
Escarnio persoal, fragm.
a10' b10' b10' a10' b10' a10' a10' (149:1).
- **Finazzi-Agrò, Roy Gomez, 2**; Lapa 409; Molteni 417;
Machado 1456.
- Magán, *Rasgos epigramáticos*.

144,2. Joham Fernandiz quer [ir] guerreyar

Joham Fernandiz quer [ir] guerreyar,
e non quer vinhas alheas talbar,
mays quer queymar, ca lhi foron queimar,
en sa natura, ja unha vegada;
e non quer vinhas alheas talbar,
pero ten a mays da sua talhada.

Per tod' outra guerra os quer coitar,
e non quer vinhas alheas talbar,
mays quer-lhe-la mal[h]ada esnarigar,
pola sua que traj' esnarigada;
e non quer vinhas alheas talbar,
[pero ten a mays da sua talhada].

B 1543.
Escarnio persoal (bailada), cant. de refrán (intercalar),
c. uniss.
a10 A10 a10 b10' A10 B10' (13:34).
Capden. 3; rima der. 2/5, 6; 3, 4 II; redupl. refr. 2, 5.
- **Finazzi-Agrò, Roy Gomez, 1**; Lapa 408; Molteni 416;
Machado 1455.

145. Roi Martinz do Casal

Trobador portugués, pertencente a unha liñaxe de cabaleiros. Martin Perez do Casal e Gracia Fernandez Portugal, mencionados no segundo *Livro de Linbagens*, serían os seus pais. En 1286, era beneficiado pola doazón que lle facían dúas monxas do mosteiro de Tarouquela, Durança Gracia e Mor Garcia, ámbalas dúas familiares do trobador. Tamén aparece documentado entre 1288 e 1296 en relación con diversos asuntos do mosteiro de San Simón da Junqueira, preto de Vila de Conde, co que a familia mantivo sempre unha grande relación. Alusións textuais sitúano nos episodios da Reconquista: para Nunes, *Amigo* I, o trobador participaría na conquista de Xaén de 1246 no exército de Fernando III e/ou na de Granada de 1266 acompañando ó Rei Sabio; para Resende é más segura a súa participación, nos inicios da década dos sesenta, nas conquistas de Salé, Niebla e Cádiz efectuadas polo Rei Sabio; sen embargo, F. Jensen seguindo a Macchi sitúa as alusións a Granada nos anos 1309-1312, cando Fernando IV de Castela e Jaime II de Aragón atacan Granada. Docs. de 1289 e de 1294 sitúan ó trobador asentado na vila de Santarém e en contacto coa corte de Don Denis. Tivo dúas fillas, froito das súas relacions con Aldonça Martinz de Resende, abadesa do mosteiro de Tarouquela, logo lexitimadas por Don Denis en 1300 e 1310. Foi neste mosteiro onde o noso trobador morre en 1312.

Bibliografía:

- CA II, 618; *Amigo* I, 224-225; Resende, *Acrescento*, 705-707, 750; Tavani, 322-323; Jensen, *DLMGP*, 585-586; Resende, 433-434.
- EDIC.: Macchi; *Amor*, 513-516; *Amigo*, 354-356; Torres, *Poesia trovadoresca*, 149-151; Deluy, *Troubadours*, 147-148.

145,1. Cf. Apéndice I (e 157,6).

145,2. Dized', amigo, se prazer vejades

-Dized', amigo, se prazer vejades,
vossa morte se a dessejades,
poys non podedes falar comigo.
-Dessejo, senhor, ben-no creades!

-Dessejades!? Tan bon dia migo,
poys que o meu dessejo dessejades!

-Dizede, amigo, se vus prazeria
con a vossa morte todavia,
poys vivedes de min alongado.

-Praz er, senhor, par Santa Maria!
-Prazeria!? Deus aja bom grado,
poys vos do meu prazer prazeria!

-Dizede, amigo, se gradoedes,
a vossa morte se a queredes,
poys que vivedes de mim tan longe.
-Quero, mha senhor, non duvidedes!
-Queredes!? Poys tan bom dia oje,
poys vós o que eu quero queredes!

B 1161, V 764.

Amigo (dial.), cant. de mestría, c. sing.

a10' a9' b9' a9' b9' a9' (34:1).

Capden. 1; 3, 6; dobre impft. 2, 6 l: *dessejades*, 1, 6 ll: *prazeria*, 2, 6 III: *queredes*; mordobre 4, 5 l: *dessejo / dessejades*, II: *praz / prazeria*, III: *quero / queredes*; 6 l: *dessejo / dessejades*, II: *prazer / prazeria*, III: *quero / queredes*; p. volta 3, 5 l: *comigo / migo*; rima der. 3 ll, III; 5 ll, 1 III; paral. lit. 1 l, III; 2 l, III (= 1-2 ll); 3 ll, III (= 3 l); 4; 5 l, III (= 5 ll); 6.

- **Macchi 4**: *Amigo* 391; Machado 1106; Braga 764.

- Lapa, *O texto*, 185; Lorenzo Gradín, *Repetitio*, 96-104.

145,3. *Mui gran temp' á que servo hūa senhor*

Mui gran temp' á que servo hūa senhor,
e avya eu hy tam gran prazer,
meus amigos, assy Deus me pardon,
que ant' eu quisera en poder d' Amor
morrer, ou viver segundo meu sem:
ca, hu a mays servid' avia, non
quer que a veja, nen lhy que[i]ra ben.

B 1159, V 762.

Amor, fragm.

a10 b10 c10 a10 d10 c10 d10 (214:1).

P. perduda 2.

- **Macchi 1;** *Amor* 257; Machado 1104; Braga 762.

- Neves, *O campo semântico*, 259-265; Sáez/Víñez, *Expresiones*, 265-267; Magán, *Rasgos epigramáticos*.

145,4. *Muyt' ey, ay Amor, que te gradecer*

Muyt' ey, ay Amor, que te gradecer,
porque quiseste comigo morar
e non me quiseste dessemparar,
atá que vem meu lum' e meu prazer
e meu amigo, que se foy andar
a Granada por meu amor lidar.

Amor, gradescol[-te] mays d' outra ren,
des que sse foy meu amigo d' aquy,
que te non quiseste partir de min,
atá que veu meu lum' e meu ben
e meu amigo, [que se foy andar
a Granada por meu amor lidar].

Nunca prenderey de ti queyxume,
ca nun[ca] fuste de min partido
poys meu amigo foy d' aquend' ido,
atá que vem meu ben e meu lume
e meu amigo, [que se foy andar
a Granada por meu amor lidar].

Poys me quiseste tan ben aguardar,
par Deus, non me leixes, se migo morar.

B 1163, V 766.

Amigo, cant. de refrán, c. sing. (B = C).

I: a10 b10 b10 a10 B10 B10 (151:5).

II: a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:220).

III: a9' b9' b9' a9' C10 C10 (160:303).

Fiinda: c10 c10.

Capcaud. refr. III-f; capfin. refr. I-II; p. volta 2 I, f: *morar*, corr. paral. lit. 4; corr. paral. 2 I, 3 II, 2 III.

- **Macchi 6;** *Amigo* 393; Machado 1108; Braga 766; Torres, *Poesia trovadoreasca*, p. 151; Deluy, *Troubadours*, p. 148; Jensen, *Medieval*, pp. 354-355, 589-590.

- Ventura, *Toponimia*, 476-477.

145,5. *Ora, senhor, muy [ben] ledá ficade*

Ora, senhor, muy [ben] ledá ficade:
d[e] m' ir, pesar non vos filhe d[e] min,
ca me vou eu, e non levo d' aquy
meu coraçon. E, por Deus, enviade
o vosso mygo, e faredes bom sen:
sse non, ben certa seede, senhor,
que morrerey, tant' ey de vós amor.

B 1164, V 767.

Amor, fragm.

a10' b10 b10 a10' c10 d10 d10 (176:2).

P. perduda 5.

- **Macchi 3;** *Amor* 259; Machado 1109; Braga 767.

- Magán, *Rasgos epigramáticos*.

145,6. *Que muyto ben fez Deus à mha senhor*

Que muyto ben fez Deus à mha senhor,
se por ben ten de lh' eu gran ben querer!

B 1160, V 763.

Amor, cant. de refrán, c. sing. (b I = a III).

Ca tan ben está ja do meu amor
que nunca jamays o pode perder.
*Mays, si eu d' ela esteves[s] assy,
muy mayor ben faria Deus a min.*

Muyto ben lhi fez, aquesto sey eu,
se a ela praz de lhi eu querer ben:
poys meu coraçon hé en poder seu
que nunca o pode perder per ren.
*Mays, s[e]l eu d' ela [estevess'] assy,
muy mayor ben faria Deus a min].*

E muyto ben lhi deve Deus fazer,
se co[n] meu serviço lhy prazerá:
poys meu coraçon ten en sseu poder
que nunca ja per ren-no perderá.
*Mays, se eu d' ela esteves[s] assy,
[muy mayor ben faria Deus a min].*

E se prougesse a Deus que foss' asy,
non me fezesse outro ben dess aly.

145,7. Cf. Apéndice I (e **157,49**).

145,8. *Rogo-te, ay Amor, que queyras migo
morar*

Rogo-te, ay Amor, que queyras migo morar
tod' este tempo, enquanto vay andar
a Granada meu amigo.

Rogo-te, ay Amor, que queyras migo seer
tod' este tempo, enquanto vay viver
a Granada meu amigo.

Tod' este tempo, enquanto vay andar,
lidar co[n] mourus e muytus matar
a Granada meu amigo.

Tod' este tempo, enquanto vay viver,
lidar con mourus e muytos prender
a Granada [meu amigo.]

145,9. Cf. Apéndice I (e **157,53**).

145,10. Cf. Apéndice I (e **157,63**).

146. Roi Martinz d' Ulveira

Trobador portugués, posiblemente o Rui Martinz de Oliveira presente no *Livro de Linhagens do Conde D. Pedro*, orixinario de Santa Maria de Oliveira, no partido xudicial de Arcos de Valdevez

a10 b10 a10 b10 C10 C10 (99:26).
Fiinda: c10 c10.
Capcaud. refr. III-f; capfin. refr.; capden. 2; 1 II, III; p. volta
5, 1 f: *assy / asy*; rima der. 4 I, III; corr. paral. lit. 4; 3 II, III;
corr. paral. 1-2.

- **Macchi 2:** *Amor* 258; Machado 1105; Braga 763.

B 1162, V 765.
Amigo, cant. de refrán, c. alt.

I, II: a12 a11 B7' (26:46).
III, IV: a11 a10 B7' (26:64).
Capfin. refr. I-II; paral. lit. 1 I, II; 2 I, II; 2 III, IV; leixa-prén.
- **Macchi 5:** *Amigo* 392; *Crestomatia*, p. 273; Machado 1107; Braga 765; Torres, *Poesia trovadoresca*, p. 150; Deluy, *Troubadours*, p. 147; Jensen, *Medieval*, pp. 352-353, 588.

(Resende, 433, dá conta ademais da existencia de varias liñaxes co locativo do trobador, como a de Martinho Perez de Oliveira, arcebispo de Braga e a do seu fillo Rodrigo de Oliveira, bispo de Lamego). Polo seu casamento con Sancha Anes de Sandin entrou en parentesco co tamén trobador Martin Perez Alvin (nº 96). Estivo activo no derradeiro cuarto do século XIII, no momento inicial do reinado de Don Denis. En 1280 testemuña unha doazón en Guimarães, e en 1288 é probablemente el o que figura nas *Inquirições* como propietario dunha quinta en Santa Maria de Oliveira.

Bibliografía:

- Amigo I, 223-224; Resende, *Acrescento*, 705-707, 750; Tavani, 323; Resende, *DLMGP*, 586; Resende, 433.
- EDIC.: Amigo, 300-302; Amor, 396-397.

146,1. *Ai, madr', o meu amigo morr' assi*

Ai, madr', o meu amigo morr' assi
come quen morre de coitas que á
grandes d' amor, e non queredes já
que o veja e el morr', eu o sei,
por mi d' amor, mais eu morta serei,
pois el morrer por mi, por el logu' i.

E amores tantas coitas lhi dan
por mi, madre, que non pode guarir,
pero sei eu que guerrá, se me vir,
e jaz morrend' assi por mi d' amor,
mais eu morrerei, madr' e mia senhor,
pois el morrer por mi, por el de pram.

V 591.
Amigo, cant. de mestría, c. sing.
a10 b10 b10 c10 c10 a10 (189:12).
Capden. 5 I, 2 II; corr. paral. lit. 6; corr. paral. 5-6.
- **Amigo 329**; Machado 1636; Braga 591.
- Magán, *U non jaz al*, 107-116.

146,2. *Disseron-vos, fremosa mha senhor*

Disseron-vos, fremosa mha senhor,
que me non mat' a mi o voss' amor,
e non o negu' eu, poys eu sabedor
faço quen quer que o queyra saber:
ca me non mat' a min o voss' amor,
mays mata-me que o non poss' aver.

Ca ben sey que vos disseron por mi
que me non mata voss' amor, assy
com' algun cuiyda, e digu' en tant' i
a vós que o non posso mays negar:
ca me non mata voss' amor assy,
mays mata-me que mh-o non quer Deus dar.

E os que cuidan que mi buscaran
per i mal vosco dizen-o de pran
e non mh-o negu' eu, poi-lo saber am,
desi entendo que non poderey:
que me non mata voss' amor de pram,
mays mata-me, senhor, que o non ey.

B 999, V 588.
Amor (mot. do *Escondit*), cant. de mestría, c. sing.
a10 a10 a10 b10 a10 b10 (13:27).
Capden. 3 I, III; dobre 2, 5 I: *que/ca me non mat' a mi/min*
o voss' amor, II: *que/ca me non mata voss' amor assy*, III:
de pran/pram; rima der. 3, 4 I; 6 I, 3, 6 III; corr. paral. lit. 2,
5 I, II, 5 III; 6.
- **Amor 196**³⁴⁸; Machado 944; Braga 588.
- Brea, *Escondit*, 179, 181-183.

³⁴⁸ Apartámonos da edición seguida en que non dispoñémo-los versos 5 e 6 coma se fosen refrán.

146,3. Oimais, amiga, quer' eu já falar

Oimais, amiga, quer' eu já falar
con meu amigo quanto x' el quiser,
vedes porque: ca tan gran ben mi quer
que ben vos digu' eu, quant' é semelhar,
[por] quant' eu sei, que non ei de cuidar:
*non querria meu dano, por saber
que podia per i meu ben aver.*

Falarei con el, que non m' estará
mal nulha ren, e mesura farei
de lhi falar, ca, per quant' eu d' el sei
que mi quer ben e sempre mi-o querrá,
que vejades o grand' amor que mi-á:
*non querria meu dano, por saber
que podia per i meu ben aver.*

Falarei con ele, pois est' assi,
par Deus, amiga, ca sempre punhou
de me servir, des i nunca m' errou,
des que meu fui, por quant' eu aprendi,
e mais vos direi que d' el entendi:
*non querria meu dano por saber
que podia per i meu ben aver.*

E, pois m' el quer, com' oídes dizer,
de sa fala non ei ren que temer.

146,4. Ú' á que diz que morrerá d' amor

Ú' á que diz que morrerá d' amor
o voiss' amigo, se vo-lo veer
non faço, filha, mais quer' eu saber
que perç' eu i, se por vós morto for?
-Drei-vos, madr', as perdas que á i:
perder-s' á el e poss' eu [il] perder
o corp' e vós, madr', o vosso por mi.

-Ai minha filh', entenderá quen quer
que vos tēedes por el sa razon,
mais dized' ora, se Deus vos perdon,
que perç' eu i, se x' el morrer quiser?
-Drei-vos, madre, quant' eu entend' i:
perder-s' á el e perderei enton
o corp' e vós, madr', o vosso por mi.

B 1000, V 589.
Amigo, cant. de refrán, c. sing.
a10 b10 b10 a10 a10 C10 C10 (139:11).
Fiinda: c10 c10.
Capcaud. refr. III-f; capfin. III-f; capden. 1 II, III; 3 II, III; rima der. 2, 3 I, 4 II; 3 II, 6; 5 II, 7.
- **Amigo 327**³⁴⁹; Machado 945; Braga 589.
- Lapa, *O texto*, 182; Mussons, *Locura*, 179-180.

B 1001 (só vv. 1-3), V 590.
Amigo (dial.), cant. de refrán, c. sing.
a10 b10 b10 a10 c10 b10 C10 (159:1).
P. rima 5: i; rima der. 1, 4 II; corr. paral. lit. 4; 5; 6; corr. paral. 3-4; 5-7.
- **Amigo 328**; Machado 946; Braga 590.
- Lapa, *O texto*, 182; Tavani, 162-166; Lorenzo Gradín, *Repetitio*, 80-94.

³⁴⁹ Substituímo-la lectura dè Nunes pola de Lapa, *O texto*, p. 182, nos vv. 5 I e 1 III; no primeiro caso, Lapa prefire a integración *[por]* en vez do *[d' el]* de Nunes (*quant' eu [d' el] sei, que non ei de cuidar*); no caso do v. 1 III, rexeitamos, con Lapa, a integración *[eu]* de Nunes (*Falarei [eu] con el, pois est assi*).

147. Roi Paez de Ribela

Trobador probablemente galego, de poderse identificar co Roi Paez documentado en 1283 en Santa Giáá, hoxe Santa Xuliana de Monfero, na Coruña (Resende, 434). Sería fillo do Pai Soares de Ribela que testemuña en 1204 unha venda de bens en Búbal ó priorato do Sar; nese mesmo doc. figurán, por un lado, un Airas Soarez "laicus", quizais identifiable co trobador mencionado na Tavola Colocciana como autor de tres composicións hoxe perdidas, dadas as lagoas existentes en B; polo outro, tamén aparece un Fernan Paez, quen podería se-lo trobador de Tamalancos. As referencias contidas nas súas cantigas a "Sevilh' Anrique" e a "Fernand' Escalho" permiten situalo no tempo: Sevilha Enriquez está documentada en Burgos nos anos 1258, 1280 e 1282 pola doazón que recibe de Alfonso X; Fernand' Escalho foi escarnecido tamén polos trobadores Pero Garcia Burgalés (nº 125) e Pero Garcia d' Ambroa (nº 126), co que podemos supoñer que o noso trobador se relacionou con eles na corte de Castela, ó redor do infante Alfonso, durante a década dos corenta (Resende, 434). Certos indicios sinalan unha estadía do trobador na corte portuguesa de Afonso III durante o terceiro cuarto do século XIII (Barbieri).

Bibliografía:

- CA II, 388; Resende, *Galiza*, 14, 21; Tavani, 323; Barbieri, *DLMGP*, 586-588; Resende, 434.
- Videira, 155-156.
- EDIC.: Barbieri; CA, 369-384; Lapa, 602-609; Gonçalves/Ramos, *A lírica*, 274-277; Alvar/Beltrán, *Antología*, 235-238; Álvarez Blázquez, *Escolma*, 49-52.

147,1. A donzela de Bizcaya

A donzela de Bizcaya
ainda mh-a preyo saya
de noyt' ou lñar.

Poys m' agora assy desdenha,
ainda mh-a preyo venha
de noyt' ou lñar.

Poys dela sôo maltreyto,
ainda mi venha a preyo
de noyt' ou lñar.

B 1435, V 1045.
Escarnio de amor, cant. de refrán, c. sing.

a7' a7' B5 (26:112).
Capden. 1 II, III; paral. lit. 2; corr. paral. 1 II, III.

- **Barbieri 16**; Lapa 412; Monaci 1045; Machado 1347; Braga 1045; Álvarez Blázquez, *Escolma*, p. 50.
- Filgueira, *Formas*, 147-150; Corral, *Donzela*, 352-354; Videira, 113-114, 125; Ventura, *Toponimia*, 486.

147,2. A guarir non ey per ren

A guarir non ey per ren,
se non vir a que gram ben
quiero, ca perco o sén.
Poi-la non vejo, me ven
tanto mal que non sey quen
mh-o tolha, pero mi al den;
mays Deus mh-a mostre por én
cedo, que a en poder ten.

E se eu mha senhor vir,
a que mi tolh' o dormir,
se eu ousasse, pedir-
lh' ia logo que guarir
me leixass' u a servir

A 197, B 348.
Amor, cant. de mestría, c. sing.
a7 a7 a7 a7 a7 a7 a7 (5:1).

- **Barbieri 12**; CA 197; Molteni 292; Machado 288.

podess' eu, mays consentir
non mh-o querrá nen oyr,
mays leixar-m' á morrer hir.

147,3. A mha senhor, a que eu sey querer

A mha senhor, a que eu sey querer
melhor ca nunca quis hom' a molher,
poy-la tant' amo e mh-o creer non quer,
Nostro Senhor, que á mui gram poder,
*mi dê seu ben, se lh' eu quero melbor
ca nunca quis no mund' om' a senhor.*

[E] se non é, [que] me leixe prender
por ela morte, ca non m' é mester
d' eu viver mays, se seu ben non ouver,
mays Deus, que pod' a verdade saber,
*mi dê seu ben, se lh' eu quero melbor
[ca nunca quis no mund' om' a senhor].*

Porque lhi fez as do mundo vencer
de mui bon prez e do que vus disser:
de parecer mui ben hu estever,
Deus, que lhi fez tam muyto ben aver,
*mi dê seu ben, se lh' eu quero melbor
[ca nunca quis no mund' om' a senhor].*

147,4. A mha senhor que mui de coraçon

A mha senhor que mui de coraçon
eu amey sempre des quando a vi,
pero mi ven por ela mal des i,
é tan bôa, que Deus non mi perdon,
*se eu querria no mundo viver
por lhi non querer ben nen a veer.*

Pero dela non atendo outro ben,
ergo vee-la mentr' eu vivo for;
mays porque eu amo tan boa senhor,
Deus non mh-a mostre, que a en poder ten,
*se eu querria no mundo viver
(por lhi non querer ben nen a veer).*

Porque desejo de vee-los seus
olhus tan muyto que non guarrei já,
e porque antre quantas no mund' á
val tan muyto, que non mi valha Deus,
*se eu querria no mundo viver
(por lhi non querer ben nen a veer).*

A 193, B 344.
Amor, cant. de refrán, c. uniss.
a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:221).
Capfin. refr. II-III; rima der. 1, 3 I; 3 II, 4 III; corr. paral. 4-5.
- **Barbieri 8**; CA 193; Molteni 288; Machado 284.

A 195, B 346.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:222).
Capfin. refr.; rima der. 2 I, 6.
- **Barbieri 10**; CA 195; Molteni 290; Machado 286.
- Ramos, *A separação*, 706-715.

147,5. Comendador, hu m' eu quytey

Comendador, hu m' eu quytey
de vós e vus encomendey
a mha molher, perquant' eu sey
que lhi vós fezestes d' amor,
tenhades vós, comendador,
comendad' ò demo mayor!

Ca muyto a fostes servir,
non vo-lo poss[ol] eu grazir,
mais, poy-la vós fostes comprir
de quant' ela ouve sabor,
tenhades vós, comendador,
[comendad' ò demo mayor!]

E dizer-vus quer' unha ren:
ela por servida se ten
de vós, e, poys que vus quer ben,
como quer a min, ou melhor,
tenhades vós, comendador,
[comendad' ò demo mayor!]

B 1438, V 1048.
Escarnio persoal, cant. de refrán, c. sing.
a8 a8 a8 b8 B8 B8 (19:31).
Capden. 2 I, 3 III; rima der. 2 I, 5.
- **Barbieri 19**; Lapa 415; Monaci 1048; Machado 1350;
Braga 1048; Alvar/Beltrán, *Antología*, 83; Álvarez Blázquez,
Escolma, p. 51.
- Rodríguez, *Equívoco*, 44-45; Beltrán, *Zéjeles*, 255-258;
Rodríguez, *Mulher*, 50-63; Carvalho, *Texto*, 26-33;
Canettieri/Pulsoni, *Contrafacta*, 490-491; id., *Imitación*
métrica, 33-36, n. 68 e 69.

147,6. De mha senbor entend' eu hunha ren

De mha senhor entend' eu hunha ren:
ca mi quer mal, assy Deus mi perdon,
mays pero sey eno meu coraçon
ca mh-o non quer porque lhi quero ben:
ca me non quis nunca, nen quer creer,
per nulha ren, que lhi sey ben querer.

Mays quer-mi mal polo que vus direy:
porque mi diz que lhi faço pesar
[de a veer nunca nen lle falar];
ca mh-o non quer por al, eu ben o sey:
ca me non quis nunca, nen quer creer,
[per nulha ren, que lhi sey ben querer].

E des quand' ela fosse sabedor
do mui gram ben que lh' eu quis, poi-la vi,
pero me mal ar quisesse, des y
terria-m' eu que estava melhor:
ca me non quis nunca, nen quer creer,
[per nulha ren, que lhi sey ben querer].

A 188, B 339.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:223).
Capfin. refr.; capden. 2, 4 I, 4 II, 5; rima der. 4 II, 1 III; corr.
paral. 4 I, II.
- **Barbieri 3**; CA 188; Molteni 283; Machado 279.

147,7. Mala ventura mi venha

Mala ventura mi venha
se eu pola de Belenha
d' amores ey mal.

V 1026.
Escarnio de amor, cant. de refrán, c. sing.
a7' a7' B5 (26:113).

E cofonda-me San Marcos
se pola donzela d' Arcos
d' amores ey mal.

Mal mi venha cada dia
se eu por Dona Maria
d' amores ey mal.

Fernand-Escalho me pique
se eu por Sevilh' Anrique
d' amores ey mal.

Capfin. refr. II-III; paral. lit. 2; corr. paral. 1-3.

- **Barbieri 14;** Lapa 410; Monaci 1026; Machado 1673; Braga 1026; Alvar/Beltrán, *Antología*, 81; Varnhagen, *Cancioneirinho*, 30; Álvarez Blázquez, *Escolma*, pp. 49-50.
- Filgueira, *Formas*, 147-150; Corral, *Donzela*, 352-354; Rodríguez, *Anti-retrato*, 45-57; Videira, 113-114, 125; Ventura, *Toponimia*, 486.

147,8. *Maria Genta, Maria Genta da saya cintada*

Maria Genta, Maria Genta da saya cintada,
hu masestes esta noyte ou quen pôs cevada?
Alva, abríades-m' alá!

Albergámos eu e outra na carreyra,
e rapazes con amores furtan ceveyra.
Alva, abríades-m' alá!]

Hu eu maj' aquesta noyte, ouv' y gran cèa
e rapazes con amores furtan avéa.
Alva, abríades-m' alá!]

B 1439, V 1049.

Escarnio de amor (dial.; mot. da alba), cant. de refrán, c. sing.

I: a13' a13' B8 (26:29).

II, III: a12' a12' B8 (26:42).

Capden. 2 I, 1 III; rima der. 2 I, II; paral. lit. 2 II, III.

- **Barbieri 20;** Lapa 416; Machado 1351; Braga 1049; Álvarez Blázquez, *Escolma*, pp. 51-52.
- Jensen, *Earliest*, 73-79; Filgueira, *Formas*, 147-150; Ferreira, *Guarvaya*, 133-135; Videira, 113-114, 125; Gomes, *Trobar*, 226.

147,9. *Meu senhor, se vus aprouguer*

Meu senhor, se vus aprouguer,
comendador, dade-mi mba molber,
e se vo-la outra vez ar der,
dê-mi Deus muyta de maa ventura;
comendador, dade-mi mba molber
que vus dey, e fazede mesura.

De fazer filhos m' é mester,
comendador, dade-mi mba molber,
e dar-vus-ei outra d' Alanquer
en que percadess a caentura;
comendador, dade-[mi] m[ba] molber
[que vus dey, e fazede mesura.]

B 1440, V 1050.

Escarnio persoal (bailada), cant. de refrán (intercalar), c. uniss.

a8 A10 a9 b9' A10 B9' (13:46).

Capfin. refr.; redupl. refr. 2, 5.

- **Barbieri 21;** Lapa 417; Monaci 1050; Machado 1352; Braga 1050; Álvarez Blázquez, *Escolma*, p. 51.
- Rodríguez, *Equívoco*, 44-45; id., *Anti-retrato*, 50-63; Carvalho, *Texto*, 26-33; Ventura, *Toponimia*, 487.

147,10. *Nunc' assy home de senhor*

Nunc' assy home de senhor
esteve com' oj' eu estou.
Ey d' ir hu ela é sabor,
mays d' outra ren, e poys hi vou,
non lh' uso dizer nulha ren
pero lhi quero mui gram ben.

A 187, B 338.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a8 b8 a8 b8 C8 C8 (99:55).

Rima der. 2 I, 4 III; corr. paral. 4; 1, 3 II, 1-3 III.

- **Barbieri 2;** CA 187; Molteni 282; Machado 278.

E cuydo-lh' eu senpr' a dizer
quando a vir, per bôa fé,
a coyta que me faz aver.
E poys que vou hu ela é,
non lh' ouso dizer nulba ren
[pero lhi quero mui gram ben].

Quanta coyta e quant' afam
m' ela no mundo faz levar
ben lhi cuyd' eu dizer de pram,
mais poys m' ant' ela vej' estar,
non lh' ouso dizer nulba ren
[pero lhi quero mui gram ben].

147,11. *Os que mui gram pesar virom, assy*

Os que mui gram pesar virom, assy
com' eu vejo da que quero gram ben,
porque sey eu ca morreron por én,
maravilhado me faço per mi;
poys todo vejo quanto recehey
como non moyro, poys a morrer ey?

De mha senhor e do meu coraçon,
porque me Deus já todo faz veer,
per quant' eu logo dever a morrer,
meravillo-me e faço gran razon;
poys todo vejo quanto recehey,
[como non moyro, poys a morrer ey?]

Porque cuydava, se visse hun pesar
de quantos vej' ora de mha senhor,
que morreria én polo mëor,
dereito faç' en me maravilhar;
poys todo vejo quanto recehey,
[como non moyro, poys a morrer ey?].

[E] poys me non pod' a coyta que ey
nen Deus matar, jamais non morrerey.

147,12. *Por Deus, ay dona Leonor*

Por Deus, ay dona Leonor,
gram ben vus fez Nostro Senhor!

Senhor, parecedes assy
tan ben que nunca tan ben vi,
e gram verdade vus digu' i,
que non poderia mayor.
Par Deus, ay dona Leonor,
gran ben vus fez Nostro Senhor.

E Deus, que vus en poder ten,
tan muyto vus fezo de ben

A 196, B 347.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:224).
Fiinda: c10 c10.
Capcaud. refr. III-f; capfin. refr. III-f; capden. 3 I, 2 II, 1 III;
p. volta 6, 1 f: ey; rima der. 3 II, 2 f; corr. paral. 4.
- **Barbieri 11;** CA 196; Molteni 291; Machado 287.

A 198, B 349.
Amor, cant. de refrán, c. sing. (a I = a IV).
a8 a8 b8 B8 B8 (19:32).
Dist. inic. = refrán.
Capfin. díst. inic.-II; capden. 2 I, II; 3 I, 6 / 2 díst. inic.;
p. rima impfta. 2 I, IV: vi; p. equív. 4 III, 6 / 2 díst. inic.:
senhor / Senhor.
- **Barbieri 13;** CA 198; *Crestomatía*, pp. 165-166; Molteni
293; Machado 289; Piccolo 98; Jensen, *Medieval*, pp. 356-
357, 591-592.
- Ceschin, *Irreverência*, 439-452; Jensen, *Earliest*, 46-48,
250-251; Beltrán, *Zéjelas*, 255-258; Tavani, 109-114;

que non soub' El no mundo ren,
por que vus fezesse melhor.

*Par Deus, ay dona Leonor,
[gram ben vus fez Nostro Senhor.]*

En vós monstrou Él seu poder,
qual dona sabia fazer;
de bon prez e de parecer
e de falar fez vus, senhor.

*Par Deus, ay dona Leonor,
[gram ben vus fez Nostro Senhor.]*

Com' antr' as pedras bon roby
sodes, antre quantas eu vi,
e Deus vus fez por mal de mi,
que á comigo desamor.

*Par Deus, ay dona Leonor,
[gram ben vus fez Nostro Senhor.]*

Ferreira, Guarvaya, 131-132; Canettieri/Pulsoni, *Contrafacta*,
490-491.

147,13. *Por Deus vus venho rogar, mha senhor*

Por Deus vus venho rogar, mha senhor,
que vus fezo, de quantas donas fez,
a mays fremosa nen de melhor prez.
Poys todo ben entendedes, senhor,
entended' or' en qual coyta me ten o voss' amor porque vus quero ben.

E se o vós, mha senhor, entender
esto quiserdes, averedes hi,
a meu cuidar, algun doo de min.
Poys vus Deus fez tanto ben entender,
entended' or' en qual coyta me ten o voss' amor porque vus quero ben.

E mha senhor, tempo seria já
de vus nembrardes de me non leixar
en gram coyta, com' oj' eu viv', andar.
E mha senhor, vel por mesura já,
entended' or' en qual coyta me ten o voss' amor porque vus quero ben.

A 186, B 337.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:225).
Capfin. I-II; capden. 4 I, II; dobre 1, 4 I: *senhor*, II: *entender*, III: *já*; corr. paral. 4 I, II.
- **Barbieri 1**; CA 186; Molteni 281; Machado 277.
- Luján, *Estructura*, 427-430.

147,14. *Preguntad' un ricome*

Preguntad' un ricome,
mui rico, que mal come,
porque o faz.

El de fam' e de sede
mata home, ben sabede
porque o faz.

B 1436, V 1046.
Escarño social, cant. de refrán, c. sing.
a6' a6' B4 (26:130).

Capfin. refr. II-III.
- **Barbieri 17**; Lapa 413; Randgl. III, p. 160; *Crestomatía*, p. 290; Machado 1348; Braga 1046; Alvar/Beltrán, *Antología*, 82; Fonseca, *Escárñio*, 57; Álvarez Blázquez,

Mal com' e faz nemiga;
dizede-lhi que diga
porque o faz.

Escolma, pp. 50-51.
- Filgueira, *Formas*, 147-150; Tavani, 187-194.

147,15. *Quando vus vi, fremosa mha senhor*

Quando vus vi, fremosa mha senhor,
logo vus soubi tan gran ben querer
que non cuydey que ouvesse poder,
per nulha ren, de vos querer melhor;
*[a] ora já direy-vus que mb-aven:
cada dia vus quero mayor ben.*

E porque vus vi fremoso falar
e parecer, logo vus tant' amei,
senhor fremosa, que assy cuydei
que nunca vus podesse mays amar;
*[a] ora já direy-vus que mb-aven:
[cada dia vus quero mayor ben].*

Amey-vus tant' u vus primeyro vi
que nunca home, tam de coraçon,
amou molher, e cuydey eu^{e motu}
que mayor ben non avya já hi;
*[a] ora já direy-vus que mb' aven:
[cada dia vus quero mayor ben].*

A 189, B 340.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:226).
Capfin. II-III; capden. 4 II, 2 III; rima der. 2, 4 II; corr. paral.
2-4 I, II, 1-4 III.
- **Barbieri 4:** CA 189; Molteni 284; Machado 280; Piccolo 97.
- Fidalgo/Souto Cabo, *Oídas*, 313-314.

147,16. *Quant' eu mas donas mui ben parecer*

Quant' eu mas donas mui ben parecer
vej' u eu and' e entendo ca son
mui boas donas, se Deus mi perdon,
e quantas donas mays posso veer,
*atant' eu mays desejo mha senhor,
e atant' entendo mays que é melhor.*

E mha senhor, a quen a Deus mostrar,
u vir das outras as que an mays ben,
ben veerá que cab' ela non son ren,
e quant' eu ouço as outras mays loar,
*atant' eu mays desejo mha senhor,
le atant' entendo mays que é melhor.*

E Deus Senhor que lhi tanto ben fez,
u a juntar con quantas no mund' á
das melhores, tant' ela mays valrrá,
e quant' eu vej' as outras mays de prez,
*atant' eu mays desejo mha senhor,
le atant' entendo mays que é melhor.*

A 194, B 345.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:227).
Capden. 1, 4 I, 4 II, III; 2 II, III; 5, 6.
- **Barbieri 9:** CA 194; Molteni 289; Machado 285.

147,17. *Tan muyt' á já que non vi mha senhor*

Tan muyt' á já que non vi mha senhor,
e tan coytado fui poi-la non vi,
que hunha ren sey eu muy ben de mi:
pero mi faz muito mal seu amor,
a mayor coyta, de quantas oj' ey,
perderia, se a visse u sey.

Pero que m' ela nunca fezo ben
nen mh-o fará já, enquant' eu viver,
tan gram sabor ei eu de a veer
que, se a visse, sei eu ūa ren:
a mayor coyta, de quantas oj' ey,
[perderia, se a visse u sey].

E vej' a muitos aqui razõar
qu' é a mays grave coyta de sofrer
vee-la home e ren non lhi dizer;
mays pero lh' eu non ousasse falar,
a mayor coyta, de quantas oj' ey,
[perderia, se a visse u sey].

147,18. *Tanto fez Deus a mha senhor de ben*

Tanto fez Deus a mha senhor de ben
sobre quantas no mundo quis fazer,
que vus direy eu ora que mh-aven:
pero m' eu vejo por ela morrer,
non querria das outras a melhor
eu querer ben, por aver seu amor,

e non amar mha senhor, que eu vi
tam fremosa e que tam muyto val,
e en que eu tanto ben entendi;
pero que punha de mi fazer mal,
non querria das outras a melhor
leu querer ben, por aver seu amor.

Pero que dela eu nenhun ben non ey,
e assy moyr' e me non ten por seu,
tam muyto val sobre quantas eu sei
que, pois mi Deus tan bôa senhor deu,
non querria das outras a melhor
leu querer ben, por aver seu amor.

Ca mi faz Deus tan bôa don' amar,
que mi val mays vee-la hûa vez
que quanto ben m' outra podia dar,
e poi-la Deus tan bôa fez,
non querria das outras a melhor
leu querer ben, por aver seu amor.

A 190, B 341.

Amor, cant. de refrán, c. sing. (b II = b III).

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:228).

Capfin.; capden. 1, 2 I, 3 II; rima der. 2 I, 3 II; corr. paral.
3 I, 4 II.

- **Barbieri 5;** CA 190; Molteni 285; Machado 281.

- Ramos, *A separação*, 706-715.

A 192, B 343.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 a10 b10 C10 C10 (99:27).

Capfin. refr.; capden. 1 I, 2 II, 3 III; 4 I, II, 1 III; rima der. 2 I,
4 IV; 4 III, 3 IV; 1 IV, 6.

- **Barbieri 7;** CA 192; Molteni 287; Machado 283.

147,19. *Un dia que vi mba senhor*

Un dia que vi mba senhor,
quis-lhi dizer o mui gram ben
que lh' eu quer' e como me ten
forçad' e pres' o seu amor,
e vi-a tan ben parecer
que lhi non pudi ren dizer.

Quant' eu pugi no coraçon
mi fez ela desacordar,
ca se lh' eu podesse falar,
quisera-lhi dizer enton,
e vi-a tan ben parecer
[que lhi non pudi ren dizer].

Seu medo, poi-la vi atal,
que ouvi, me tolheu assy,
ca lhi quisera falar hi
de como me faz muyto mal,
e vi-a tan ben parecer
[que lhi non pudi ren dizer].

Pero m' ela non ten por seu,
mui gram verdade vus direy:
meu mal est' é, quanto ben ei,
e fora polo dizer eu,
e vi-a tan bem parecer
[que lhi non pudi ren dizer].

A 191, B 342.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a8 b8 a8 C8 C8 (160:384).
Capden. 2 I, 4 II; 3 II, III; rima der. 2 IV, 6; corr. paral. 4 II,
3 III.
- **Barbieri 6;** CA 191; Molteni 286; Machado 282.
- Ramos, *A separação*, 706-715.

147,20. *Hun ricomaz, bun ricomaz*

Hun ricomaz, bun ricomaz,
que de maos jantares faz!

Quanta carne manda cozer
quand' ome vay pola veer,
se s' ante muyto non merger,
sol non pode veer hu jaz.
Hun ricomaz, bun ricomaz,
que de maos jantares faz!

Quen vee qual cozña ten
de carne, se s' y non deten,
non podrá estimar ben
se x' est[e] carne, se pescaz.
Hun ricomaz, bun ricomaz,
[que de maos jantares faz!]

B 1437, V 1047.
Escarnio social, cant. de refrán, c. sing.
a8 a8 b8 B8 B8 (19:33).
Díst. inic. = refrán.
Capfin. I-II; dobre 2, 4 I: *veer*, II: *carne*.
- **Barbieri 18;** Lapa 414; *Randgl. III*, pp. 160-161; Machado 1349; Braga 1047; Álvarez Blázquez, *Escolma*, p. 50.
- Beltrán, Zéjeles, 255-258; Carvalho, *Texto*, 8-15; Canettieri/Pulsoni, *Contrafacta*, 490-491.

147,21. *Ven hun ricome das truytas*

Ven hun ricome das truytas,
que compra duas por muytas,
e coz' end' a hunha.

V 1027.
Escarnio social, cant. de refrán, c. sing.
a7' a7' B5' (26:114).

Por quanto xi quer, apenas
conpra én duas pequenas,
e coz' end' a húa.

Venden cen truytas vivas
e conpra én duas cativas,
e coz' end' a húa.

E hu as venden bolindo,
vay-s' én con duas riindo,
e coz' end' a húa.

Corr. paral. lit. 2 II, III.

- **Barbieri 15**; Lapa 411; *Randgl. III*, pp. 159-160 (omite a estr. IV); Machado 1674; Braga 1027; Gonçalves/Ramos, *A lirica*, 79; Álvarez Blázquez, *Escolma*, p. 50; Jensen, *Medieval*, pp. 358-359, 592-593.

- Filgueira, *Formas*, 147-150; Jensen, *Earliest*, 112-115; Bréa et alii, *Animales*, 78-86.

148. Roi Queimado

 per algúa ventura dar
 d' el(a) algun ben, log' a cuidar
 dev' esto (se scient' ouver')
 ca inda o á de perder,
 e creo que dev' a morrer,
 se o cuidar', con pesar én.

E tod' ome que se poder'
 per algúa guisa guardar
 de nunca molher muit' amar,
 fará bon sen, se o fezer';
 que, enos dias que viver',
 ¿que pesar pode já prender
 eno mundo per outra ren?

Mais quen s' én ben guardar quiser',
 guarde-se ben d(e) ir a logar
 u veja o bon semelhar
 da mia senhor, se lhe Deus der',
 que a tal fez, end' o poder;
 ca se o vir', log' á d' aver
 mui gran cuita sen neun ben.

A 5, B 95.
 Amor, cant. de mestria, c. uniss.
 a8 b8 b8 a8 c8 c8 d8 (167:8).
 Capden. 3 I, 6 IV; 2 II, III; p. volta 5 I, 6 IV: aver; rima der.
 5 I / 6 IV, 4 II; 1 II, IV; 2 II, 4 IV; 1 III, 5 IV; p. perduda 7.
 - **CA 5**; Molteni 69; Machado 69; Alvar/Beltrán, *Antología*, 11.

151,10. O mui fremoso parecer

O mui fremoso parecer
 que vos avedes, mia senhor,
 esse faz oj' a mi saber
 qual coita Deus fezo mayor
 de quantas coitas quis fazer,
 e faz mi-a toda padecer!

U vus eu non posso veer,
 mi-a faz padecer, mia senhor;
 mais sei m' end' eu pouco doer,
 pois, u vus vejo, tal sabor
 ei que me fez escaecer
 quanta coita soí prender.

E al vus ar quero dizer
 que m' aven de vos, mia senhor:
 ben cuido que ja [eu] poder
 nunc(a) averei de vos melhor

B 85.
 Amor, cant. de mestria, c. uniss.
 a8 b8 a8 b8 a8 a8 (58:3).
 Capcaud.; capden. 6 II, IV; p. rima 2: *mia senhor*.
 - **CA 369**; Molteni 59; Machado 59.
 - Souto Cabo, *Bom parecer*, 36-40.

do que vus eu quero, querer.
Ben i mi-o ei logo d' aver.

E ides-m' ora defender
que vus non veja, mia senhor;
e se m' og' eu visse morrer,
non me seria én peor,
ca mi queredes i tolher
quant' og' eu ei en que viver!

151,11. *Par Deus, mia senhor, enquant' eu viver'*

Par Deus, mia senhor, enquant' eu viver',
ja vus eu sempre por Deus rogarei
que mi valhades; mais eu vus direi
log' al que vus nunca cuidei dizer:
*eu cuido que me non possades
valer ja, macar vus queſiſrades.*

E seed' ora mui ben sabedor
que vos mi-avedes metud' en atal
coita por vos que, macar vus gran mal
seja de mi, fremosa mia senhor,
*eu cuido que me non possades
valer ja, macar vus queſiſrades.*

E mia senhor, direi-vus én com' é
o meu; e por Deus que vus non pes én!
Vedes, macar m' og' eu por vosso ben
assi perço, senhor, per bôa fé,
*eu cuido que me non possades
valer ja, macar vus queſiſrades.*

E macar vus eu mui de coraçon
amo, senhor, muit' a vosso pesar,
e vus venho cada dia rogar
que me valhades se Deus mi perdon!
*eu cuido que me non possades
valer ja, macar vus queſiſrades.*

151,12. *Par Deus, senhor, ja eu ben sei*

Par Deus, senhor, ja eu ben sei
ca, entanto com' eu viver',
ca nunca de vos ei d' aver
¡mal-peccado! se coita non.
Mais por end' ¿ora que farei?
Que non sei esta sazon
de por én conselh' i pôer.

Que nunca eu ja poderei
por vos tanta coita prender

B 84.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 b10 a10 C8' C8' (160:278).

Capfin. II-III; capfin. refr. III-IV; capden. 3 I, 4 IV; rima der.
2 I, 3 IV; 3, 4 I.

- **CA 368;** Molteni 58; Machado 58.

B 79.

Amor, cant. de mestría, c. uniss.

a8 b8 b8 c8 a8 c8 b8 (184:2).

Capfin. III-IV; capden. 1 I, 6 II; p. rima 4: *non*; p. volta 3 II,
2 III: *creer*; rima der. 3 I, 5 II; 5 I, 3 III; 1 II, 3 IV; 1 III, 2 IV.

- **CA 363;** Molteni 53; Machado 53.

que m' eu por én [non] possa creer
sempre voss' omen' e al non;
e poi'-lo eu d' esta guis(a) ei,
por Deus, meted' o coraçon,
se poderdes, en vos prazer.

E mia senhor, al vos direi
que mi devedes a creer;
se o non quiserdes fazer,
non tenh' eu i se morte non.
E senhor, preguntar-vus-ei:
dizede ¡se Deus vus perdon!
¿sera ben d' eu assi morrer?

E nunca vus eu ja irei
de mia fazenda mais dizer.
Mais aque-m' en vossa poder,
per bôa fé, que d' outra non.
E per mi non vus falarei,
ca se vus ren fiz sen razon,
dereit' é de m' eu padecer.

151,13. *Par Deus, senhor, sei eu mui ben*

Par Deus, senhor, sei eu mui ben
ca vus faço mui gran pesar
de que vus sei tan muit' amar.
Mais se o sei, non ar sei ren
*Per que end' al possa fazer
enquant' eu no mundo viver'.*

E pesa-vus porque non ei
eu poder no meu coraçon
d' amar, mia senhor, se vos non.
Mais pero vus pesa, non sei
*[Per que end' al possa fazer
enquant' eu no mundo viver'.*

Porque vus quer' eu [mui] melhor
d' outra ren, viv' en grand' affan
e sei que faço-vus, de pran,
pesar, pero non sei, senhor,
*Por que end' al possa fazer
enquant' eu no mundo viver'.*

E mia senhor, se vus prouguer',
ben me devedes a parcir
ben que vus queira consentir,
pois que mi Deus guisar non quer
*Por que end' al possa fazer
enquant' eu no mundo viver'.*

A 13 (só os primeiros 11 versos), B 103.
Amor, cant. de refrán, c. sing.

a8 b8 a8 C8 C8 (160:387).
Capfin. refr. II-III; capfin. III-IV; capden. 4 I, II; corr. paral.
1-3 I, II, 1-4 III; 4 I-III.

- **CA 13;** Molteni 77; Machado 77.

151,14. *Per bôa fé, fremosa mia senhor*

Per bôa fé, fremosa mia senhor,
sei eu ca mais fremoso parecer
vus fez Deus, e mais fremoso falar
de quantas outras donas quis fazer.
E al vus fez que vus ora direi:
fez-vus mais mansa e de mui melhor
dõair' e melhor talhada seer.

E por esto, fremosa mia senhor,
non me devedes vos culp' a pôer
porque non sei eu ren no mund' amar
se non vos. E mais vus quero dizer:
senhor, nunca eu já culp(a) averei
de non amar, enquant' eu vivo for',
se non vos, pois me vus Deus fez veer.

E rogo-vus, fremosa mia senhor,
por aquel que vus fez [tan ben] nacer,
que, macar vus og' eu tanto pesar
digo, que vos me leixedes viver
u vus veja; que, de pran, morrerei,
se vus non vir'; e ei mui gran pavor
d' averdes vos en mia mort' a perder

Gran mesura, fremosa mia senhor,
per bôa fé, que vus Deus fez aver;
ca non poss' eu i per nenhum logar
a min nen a vos mais perd(a) entender
de quanta coita eu de viver ei,
polo vosso, que non ja con sabor
que eu aja, senhor, de non morrer.

151,15. *Per bôa fé, meu coraçon*

Per bôa fé, meu coraçon,
mal me per fostes conselhar
aquele dia 'n que vos filhar
me fezestes esta senhor;
ca cedo mi per fez saber,
quejandas noites faz aver
Amor, a quen el preso ten!

E jmao meu pecado! non
foi nunca soo en pensar
que s' ela quisesse pagar
de saber eu, qual ben Amor
a[ol] seu preso faz prender,
quando se d' ele sol doer,
ca nunca lhe per al faz ben!

Mais pero non ei eu razon
de me por én a vos queixar,

B 80.

Amor, cant. de mestria, c. uniss.

a10 b10 c10 b10 d10 a10 b10 (231:1).

Capden. 1 I, 2 IV; 4 I, 5 IV; p. rima 1: *fremosa mia senhor*,
rima der. 5 I, 4 II; 7 I, 6 II; 5 II, 2, 5 IV; 5 III, 7 IV; p. perduda 3; 5.

- **CA 364**; Molteni 54; Machado 54; Alvar/Beltrán,
Antología, 10.

B 86.

Amor (mot. da *mala cansó*), cant. de mestria, c. uniss.

a8 b8 c8 d8 e8 (207:1).

Rima der. 5 III, 4 IV; p. perduda 1; 4; 7.

- **CA 370**; Molteni 60; Machado 60.

- Casas Rigall, *Silepsis*, 390-394.

mais a min que mi-a foi buscar.
E algun foi ja de melhor
sen que eu i sòubi seer;
ca, de pran, mi-a cuidei veer
e non lazerar pois por én!

E se eu sen ouvess' enton,
non fora tal, cuido, cuidar;
e quen a oje vir' falar
e parecer, se omen for'
que sen aja, á [d'] entender
ca non devia eu fazer
o que ali cuidei, per ren.

151,16. *Por Deus, que vus fez, mia senhor*

Por Deus, que vus fez, mia senhor,
mui ben falar e parecer,
pois a mi non pode valer
ren contra vos ¿e que farei?
que eu conselho non me sei,
nen atendo de me leixar
esta cuita, 'n que m' eu andar
vejo por vos, nunca saber?

E de tal coita, mia senhor,
non é sen guisa d' eu morrer.
Pero nunca mi-a Deus perder
leix' ar per vos per quen a ei,
se vus eu nunca mais amei
de quanto vus devia amar
omen que vivess' en logar
en que vus podesse veer!

E se quiserdes, mia senhor,
algña vez mentes meter
en qual vus Deus quis[o] fazer,
ja vus eu sempre gracirei,
ca ùa cousa vus direi:
ben poderedes log' osmar
ca me non fazedes levar
coita que eu possa soffrer.

E mais vus quero, mia senhor,
de mia fazenda ja dizer;
e vos deveades mi-a creer
(que nunca vus eu mentirei):
vedes, nunca vus poderei
tan muit' en mia coita falar
que vus per ren possa mostrar
quan grave m' é de padecer.

B 87.

Amor, cant. de mestria, c. uniss.

a8 b8 b8 c8 c8 d8 d8 b8 (201:2).

P. rima 1: *mia senhor*, rima der. 4 I, 3 III; 5, 8 I; 5, 6 II; 5 III,
2 IV; p. perduda 1.

- **CA 371**; Molteni 61; Machado 61.

151,17. *Por Deus Senhor e ora que farei*

Por Deus, senhor ;e ora que farei,
pois que me vos non leixades viver
u vus eu possa, mia senhor, veer?
Mais, pero vus pregunt', eu be'-no sei!
Per bôa fé, moir' eu con pesar én,
ca oje perço por vos quanto ben
mi Deus d' este mundo quisera dar.

E pois vus eu mais a ve[e]r non ei,
quant' eu mais cedo podesse morrer,
tanto m' a mi mais devi(a) a prazer!
Mais prazer é que eu nunca verei,
ca por mia morte sei [eu] que alguen,
senhor fremosa, querrá vosso ben
e vossa mesura mëospreçar.

E vedes, gran verdade vus direi:
se vos a min fezesses des perder
quanto ben Deus no mundo quis fazer
-que ja eu nunca por vos perderei-,
por tod' esto non daria eu ren,
se visse vos. Ca mal vëess' a quen
se d' outra causa podesse nembrar!

Ed ùa causa vus preguntarei:
por Deus ;per que[n] podestes vos saber
aqueste ben que vus eu sei querer?
Ca, mia senhor, sempre vo'-lo eu neguei,
por me guardar d' esto que m' oj' aven.
Mais non quis [Deus] que m' eu por én
d' aquesta perda podesse guardar.

151,18. *Quando vos eu, meu amigu' e meu ben*

Quando vos eu, meu amigu' e meu ben,
non posso veer, vedes que mi-aven:
tenho-lb' e vej' e non posso veer,
meu amigo, que mi possa prazer.

Quando vos eu con estes olhos meus
non posso veer, se mi valha Deus,
tenho-lb' e vej' e non posso veer,
meu amigo, que mi possa prazer.

E non dorm' eu, nen enfinta non é,
u vos eu non vejo, e per bôa fé
tenho-lb' e vej' e non posso veer,
meu amigo, que mi possa prazer.

B 81.

Amor, cant. de mestria, c. uniss.

a10 b10 b10 a10 c10 c10 d10 (167:4).

Capfin. III-IV; capden. 1 I, 2 IV; 4 I, II; 2 II, 3 III; p. rima impfta. 6 I, II: *ben*; rima der. 1 I, 3 III; 3 I, 4 II; 4 I, 2 IV; 2, 4 III; p. perduda 7.

- **CA 365;** Molteni 55; Machado 55.

- Brea, *Miscradores*, 172-176.

B 637, V 238.

Amigo, cant. de refrán, c. sing.

a10 a10 B10 B10 (37:39).

Capden. 1 I, II; 2 I, II; corr. paral. 1-2 I, II; 1 III, 2 IV.

- **Amigo 71³⁵⁵**; Machado 600; Braga 238; Torres, *Poesia trovadoresca*, p. 437.

- Lapa, *O texto*, 161; Sáez/Víñez, *Expresiones*, 267-269.

³⁵⁵ No primeiro verso do refrán seguimo-la lectura dos mss. *tenho-lb'* e non *tenho*, tal e como xa indicara Lapa, *O texto*, p. 161.

E os meus olhos sen vós que prol mi-am?
pois non dorm' eu con eles, e de pran
tenbo-lb' e vej' e non posso veer,
meu amigo, que mi possa prazer.

151,19. *Quen oge mayor cuita ten*

Quen oge mayor cuita ten
d' amor eno seu coraçon
de quantos d' el cuitados son,
Nostro Senhor lhe ponha i
conselho, se a el prouguer',
atal per que lh' a tolha én.

E creed' ora ūa ren:
ca non é outre se eu non,
que mi-a tive dê-la sazon
que eu primeiramente vi,
per bôa fé, atal molher
que dá mui pouc(o) ora por én.

Mais pero, enquant' eu viver',
sempre a ja mais amarei
d' outra causa, e rogarei,
o mais que eu poder' rogar,
a Deus que el mi-a leix(e) oîr
falar e mi-a leixe veer;

E se o el(e) quiser' fazer
log(o) eu coita [non] sentirei;
ca inda vus [eul] mais direi:
logo mi-averei a quitar
de nunca ja cuita sentir
enos dias que eu viver'.

A 4, B 94.
Amor, cant. de refrán, c. doblas.
a8 b8 b8 c8 d8 a8 (202:1).
Capcaud. I-II; III-IV; p. volta 1 III, 6 IV: *viver'*; rima der. 4 II,
6 III; 3, 4 III; 2, 5 IV; p. perduda 4; 5.
- **CA 4**; Molteni 68; Machado 68; Piccolo 6.
- Correia, *C. doblas*, 75-90.

151,20. *Quero-vus eu, senhor, gran ben*

Quero-vus eu, senhor, gran ben,
e non ei al de vos se non
muito mal, si Deus me perdon.
Pero direi-vus ūa ren:
Todo vo-l' eu cuid' a soffrer,
se m' end' a morte non tolher'.

E creede que a min é
este mal, que me vos levar
fazedes, de mia morte par.
Pero, senhor, per bôa fé,
Todo vo-l' eu cuid' a soffrer,
se m' end' a morte non tolher'.

E pois por ben, que vus eu sei
querer, me fazedes assi

A 12, B 102.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a8 b8 b8 a8 C8 C8 (160:388).
Capden. 4; corr. paral. lit. 4 I, III.
- **CA 12**; *Crestomatia*, p. 151; Molteni 76; Machado 76.

viver (tan mal-dia vus vi),
pero verdade vus direi:
Todo vo-l' eu cuid' a soffrer,
se m' end' a morte non tolher.

151,21. *Que sen conselho que vos, mia senhor*

Que sen conselho que vos, mia senhor,
m(e) en este mundo fazedes viver!
E non atend' eu, mao-pecado,
de nunca i mais de conselh' aver,
ca me non sei, senhor, sen vosso ben
niun conselh', e viv' assi por én
sen conselho e del desesperado.

E ora, por Deus, que vus fez melhor
falar e mais fremoso parecer
d' outra dona, e mui mais loado
o vosso prez pelo mundo seer,
pois a mi contra vos mester non ten
nulha causa, dizede-me ūa ren:
¿que farei eu, desaconselhado?

E ja m' end' eu ben sōo sabedor,
macar mi-o vos non queirades dizer:
morrer cativo, desamparado!
E mia senhor, non vus dev' a prazer,
ca, pois eu morrer', logo dirá 'Iguen,
senhor fremosa, por quê e por quen
eu fui assi a mort' achegado.

E ja, entanto com' eu vivo for',
per bôa fé, ben me dev' a tēer
por ome mui desaventurado,
senhor, porque me vus Deus fez veer,
e non por esto que me por vos ven,
mais porque vejo que é vosso sen
per meu preito mal embaratado.

151,22. *Sabedes quant á, 'migo, que m' eu vosco veer*

Sabedes quant á, 'migo, que m' eu vosco veer
non pud', atan 'tá oje que nunca vi prazer:
e, amigo, grado já Deus
que vos veen os olhos meus.

Ouv' eu por vós tal coita eno meu coraçon
que nunca vos cuidara veer nulha sazon:

A 10, B 100.
Amor, cant. de mestría, c. uniss.
a10 b10 c9' b10 d10 d10 c9' (248:1).
Capfin. II-IV; capden. 1 III, IV; 4, 6 III, 4 IV; rima der. 4 II,
1 IV; 5 II, 2 IV; p. perduda 1.
- **CA 10;** Molteni 74; Machado 74.
- Fdez.-Pereiro, *Songe*, 303-305.

B 633, V 235.
Amigo, cant. de refrán, c. sing.
a13 a13 B8 B8 (37:20; outra possibilidade, 244:21).
Capden. 2 II-IV.
- **Amigo 68**³⁵⁶; Machado 597; Braga 235.
- Lapa, *O texto*, 160.

³⁵⁶ Disponémo-la cantiga en versos longos tal e como indica Lapa, *O texto*, p. 160; así mesmo, el suxire cambia-la lectura do v. 2 I, onde Nunes ofrecía: *non pud'*, *atant' á oje*, e a do v. 2 III, fronte á tamén presentada por Nunes: *sen vós tanlt' outra vez*.

*e, amigo, grado já Deus
que vos veem os olhos meus.*

E rogu' eu, meu amigo, aquel Deus que me fez
que nunca eu já viva sen vosc' ar outra vez:

*e, amigo, grado já Deus
que vos veem os olhos meus.*

E ben assi mi-o quiso mia ventur' aguisar,
que nunca sen vós ouvi sabor, ergu' en chorar:

*e, amigo, grado já Deus
que vos veem os olhos meus.*

151,23. *Se Deus me valba, mia senhor*

Se Deus me valha, mia senhor,
de grado querria saber
se avedes algun sabor
en quanto mal m' ides fazer;
ca se sabor avedes i,
gran ben per est' é para mi.
Mais poi-l' eu non sei ¿que me val?

E seed(e) ora sabedor
do que vus eu quero dizer:
ca me seria mui melhor
de sempre de vos mal prender
(se sabor ouvessedes i)
ca de prender ja sempr(e) assi
de vos ben, se vus foss' én mal.

E quen mi-a mi por de mal-sen,
mia senhor, por esto tever',
direi-lh' eu que faça; porén
non faç' assi, se non quiser'!
Ca ja eu sempre guardar-m' ei
d' aver mais ben do que og' ei,
se per vosso mandado non.

E Deus nunca me neun ben
dê, se end(e) a vos non prouguer',
ca non fará per nulha ren,
se o ant(e) eu saber poder'.
Ca de tal ben eu guardar-m' ei;
e con mia cuita me querrei
compõer con meu coraçon.

151,24. *Senhor, eu vus quer' ûa ren dizer*

Senhor, eu vus quer' ûa ren dizer,
e pero sei que vus direi pesar:
vedes, quando vus eu venho veer
e cuid' en vos, quant' i posso cuidar,

A 8, B 98.

Amor, cant. de mestría, c. doblas.

a8 b8 a8 b8 c8 c8 d8 (106:4).

Capfin. I-III; p. rima 5 I, II; i, III, IV: *guardar-m' ei*; rima der. 2 I, 1 II; 4 III, 6 IV; p. perduda 7.

- **CA 8**; Molteni 72; Machado 72; Torres, *Poesia trovadoresca*, pp. 431-432.

- Lapa, *Uma cantiga*, 218; Correia, *C. doblas*, 75-90.

senhor, eu sôô maravilhado
porque pod' ome seer guardado,
pois vus ja vee, de vus tan muit' amar?

Ca, senhor, por quanto Deus quis fazer
no mund' a om' en molher muit' amar,
vedes, tod' esto vus eu ei a veer,
pero punhades vos de o negar.
Mais Deus! que preito tan desguisado
de poderdes vos têer negado
tan muito ben como vus quis Deus dar!

E senhor, se vus caess' en prazer,
de pran, non vus deviades queixar
a min, porque non sei sen vos viver,
nen sei al d' este mundo desejar
se non vos, e muit', e sen meu grado.
E demais sabedes jmal-pecado!
ca vus non ei ren do voss' a custar.

E senhor, por Deus que vus fez nacer,
pois vus eu ja ren non ei a custar,
¿en que perdedes d' eu vossa seer,
e de vus do meu ja-quê ementar?
Ca sei que o meu ei ementado,
ca saben que fui mal-dia nado,
porque vus vi e vus oí falar.

151,25. *Senhor fremosa, grand' enveja ei*

Senhor fremosa, grand' enveja ei
eu a tod' ome que vejo morrer;
e, segund' ora o meu conhocer
enquant' est' é, faço mui gran razon,
ca ei por vos eno meu coraçon
tan gran cuita, que mil vezes me ten,
senhor, sen fala e sen todo sen:
e non vus queredes de min doer!

Pero, senhor, ûa ren vus direi:
con tod' est' ora non ei eu poder,
per bôa fé, de nulh' enveja aver
a nulh' ome de quantos vivos son,
mais faç' eu esto porque sei ca non
vive nulh' ome que de vos mais ben
aja de mi (que non ei de vos ren
se non quant' ora m(e) oïstes dizer),

E porque sei tan ben, per bôa fé,
que non sei cousa no mundo melhor
que ja, entanto com' eu vivo for',
nulha cousa non me pode guardar
d' aquesta cuita que levo levar,
se eu de vos algun ben non ouver';

impfta.3 I, II: *veer*; p. volta 7 I, 2 II: *muit' amar*; 7 III, 2 IV:
custar; rima der. 4, 6 II; 1, 6 IV; 4, 5 IV.

- **CA 367**; Molteni 57; Machado 57.

A 2, B 92.

Amor, cant. de mestria, c. doblas.

a10 b10 b10 c10 c10 d10 d10 b10 (201:1).

Capfin. III-IV; rima der. 1 I, 3 II, 6 III; 1, 8 II; 2 II, 7 III; 4 II,
3 III, 1 IV; p. perduda 1.

- **CA 2**; Molteni 66; Machado 66; Torres, *Poesia trovadoresca*, pp. 429-430.

- Fdez.-Pereiro, *Songe*, 303-305; Correia, *C. doblas*, 75-90;
Ramos, *A separação*, 706-715.

e o que m' ende guardar non poder',
ja me non pod(e) en al prestar, senhor.

Ca esta cuita, senhor, tan grand' é
com' eu vus dixe ja, o[u] é mayor,
e ben creede que non é mēor.
E ora, por Deus, que vus fez falar
mui ben, senhor, e mui ben semelhar,
doede-vus de mi, se vus prouguer';
e se o fezerdes, ja foi molher
que xe pensou de sa alma peor.

151,26. *Senhor fremosa, par Deus, gran razon*

Senhor fremosa, par Deus, gran razon
seria ja agora se en prazer
vus caesse de quererdes prender
doo de min; ca ben dê-la sazon
que vus eu vi e que vusco falei,
Deu-lo sabe, ca nunca desejei
ben d' este mundo se o vosso non,

Nen desejarei no meu coraçon
enquant' eu ja eno mundo viver',
ca, de pran, vus ei mayor ben-querer
de quantas cousas eno mundo son.
E de mais, ūa causa vus direi:
non me quitará ren, eu ben-no sei,
de vus querer assi, se morte non.

Ca, de pran, se m' end' ouvess(e) a quitar
nulha causa sen morte, mia senhor,
quitar-m' end'-ia o mui gran sabor
que vus vejo aver de m' alongar
de vos mui mais ca outr' ome por én;
mais, mia senhor, direi-vus ūa ren:
non vus am' eu por vus ar desamar,

Ben-no creede, mais por vus buscar
muito serviç' enquant' eu vivo for',
e porque vus fez parecer melhor
Deus d' outra dona, e melhor falar.
E el que vus tal fez, se m' algun ben
non der' de vos, senhor, non me dê sen
nen poder de vus por én desamar.

Ca sei eu ben, u outra ren non jaz,
ca me será, mia senhor, mais mester
de veer vos, se end' a vos prouguer',
ca me será o mayor ben que faz
en-neste mund' [a] om(e) outra molher.

A 3, B 93.

Amor, cant. de mestria, c. doblas.

a10 b10 b10 a10 c10 c10 a10 (161:99).

Fiinda: d10 e10 e10 d10 e10.

Capcaud. I-II; III-IV; capfin. III-IV; capden. 5 I, 4 III; 6 I, 4 IV;
3 II, 1 III; p. rima 7 I, II: non, III, IV: *desamar*; rima der. 2 I,
3 f; 5 I, 4 IV; 4 II, 2 IV; corr. paral. 5 II, 6 III.

- **CA 3;** Molteni 67; Machado 67; Piccolo 5.

- Fdez.-Pereiro, *Songe*, 303-305; Magán, *U non jaz al*, 107-116; Correia, *C. doblas*, 75-90.

151,27. *Se vus prougesse, mia senhor*

Se vus prougesse, mia senhor,
rogar-vus-ia ūa ren
que, pois me non fazedes ben,
que me non fezesses mal.
E mia senhor, a meu cuidar,
nunca vus devi' a pesar
de vus quen-quer rogar assi.

E pero sôo sabedor,
mia senhor, que fèz[il] mal-sen
porquê vus ora falei én.
Ca ben creede que por al
non ousaria eu provar,
mia senhor, de vosco falar,
como vus fezestes en mi.

Ca sei eu ben, u al non jaz,
ca Deus vus fez tanto valer
que nunca devedes fazer
en nulha cousa se ben non.
Mais eu tan grave coita ei
por vos, senhor, que sol non sei
que me dig' [ou faça] que-quer.

E pois m[e] esta coita faz
agor(a) aqui o sen perder,
u vus vej(o), [el] mi faz dizer
quanto me ven a coraçon,
por Deus, mia senhor, ¿que farei?
Ou que conselho prenderei
u vus eu veer non poder?

151,28. *Tanto me senç' ora ja cuitado*

Tanto me senç' ora ja cuitado
que eu ben cuido que poder
non aja ren de me valer;
ca esta cuita, mao-pecado,
tal me ten ja que non ei sen
de me temer de neun mal,
nen ar desejar neun ben!

E pero nunca foi empensado
que podess(e) eu per ren veer
o que me faz tal cuit(a) aver,
por que en esto sôo chegado.
Einda vus mais direi én:
nunca del prix, por quanto mal
eu por el prendo, neun ben.

Ca nunca eu vi, des que fui nado,
amor, nen prendi del prazer,

B 82.

Amor, cant. de mestria, c. doblas.

a8 b8 c8 d8 e8 (207:2).

Capfin. III-IV; capden. 4 I, 7 III; 5 I, 2, 6 II; rima der. 1 II, 6 III;
3 III, 1, 5 IV; p. perduda 1; 4; 7; corr. paral. 1 II, III.

- **CA 366;** Molteni 56; Machado 56.

- Magán, *U non jaz al*, 107-116; Correia, *C. doblas*, 75-90.

A 11, B 101.

Amor, cant. de mestria, c. uniss.

a9' b8 b8 a9' c8 d8 c8 (173:3).

Capfin. II-III; capden. 2 III, IV; p. rima 6: *mat*; 7: *ben*; p. perduda 6.

- **CA 11;** Molteni 75; Machado 75; Torres, *Poesia trovadoreasca*, pp. 433-434.

nen-no cuido nunca prender
del nen d' al, ca non é ja guisado.
C' amor, de pran, m' en guisa ten
que me non pode nuzer mal
d' este mundo, nen prestar ben.

Ca [a]ssi faz mi desamparado
amor eno mundo viver
de quanto ben Deus quis fazer;
e per bôa fé, ja pelo grado
da senhor, por que m' est' aven,
seu amor non faria mal
a null' ome nado, nen ben.

151,29. *Vos que mi-assi cuitades, mia senhor*

Vos que mi-assi cuitades, mia senhor,
que eu me quite de vus ben querer,
de pran ¿cuidades que algun poder
ei eu, senhor, de me vus én quitar?
ca vos por al non o ides fazer.
Mais a verdad[el] vus quer' eu dizer:
este poder nunca mi-o Deus quis dar.

Mais se mi-o Deus dess(e) ora, mia senhor,
ainda me poderia valer,
ca log[ol] m' eu quitaria d' aver
gran cuita e de vus fazer pesar;
mais o vosso fremoso parecer,
que eu por mi non ouver' a veer,
me quitou ja de mi-o Deus nunca dar.

E quitou-me por sempre, mia senhor,
per bôa fé, de nunca eu saber
sen veer-vus, senhor, que x' é prazer;
e, senhor, non vo-lo quer' eu negar:
se vus de mi non quiserdes doer,
veer-m' edes cedo por vos morrer,
ca ja m' end' eu vejo de guis' andar.

E se vus digo pesar, mia senhor,
non me devedes én culpa pôer,
ca entanto com' eu pude soffrer
mia cuita, non vus fui d' ela falar,
nen me soub' ende soo trameter,
mais non sei ora conselho prender
a esta cuita 'n que me vej(o) andar.

A 7, B 97.

Amor, cant. de mestria, c. uniss.

a10 b10 b10 c10 b10 b10 c10 (186:1).

Capfin. I-III; capden. 2 I, 6 II; 5 III, 1 IV; p. rima 1: *mia senhor*,
p. rima impfta. 7 I, II: *dar*, 7 III, IV: *andar*, p. perduda 1.

- CA 7; Molteni 71; Machado 71.

- Fdez.-Pereiro, *Songe*, 302-303.

152. Vasco Gil

Trobador portugués, identificado con Vasco Gil de Soverosa, polo tanto, membro dunha familia nobre de orixe galega que acadou unha grande importancia social e política na corte portuguesa

durante o século XII e inicios do seguinte (*CA* II, 352-354; Mattoso). É fillo de Gil Vasquez e da súa terceira esposa, Sancha Gil, e casou, en data incerta, con Froila Fernandez de Riba de Vizela, filla de Fernand' Eanes Cheira e de Orraca Mendez (*Livro de Linhagens do Conde D. Pedro*; Piccat, 25-30). Desenvolveu a súa actividade entre 1235 e 1260 aproximadamente. Aparece por primeira vez documentado en 1238, confirmando un acordo entre Sancho II e o bispo do Porto. Cf. Piccat, 31-34, para quen o trovador está na documentación dende 1215 ata 1239, figurando neles coma *Egidius Valasquiz*, e co cargo de “tenens Sousam” dende 1229; sen embargo, coidamos que existe unha confusión, xa que a forma semella agachar máis ben á persoa de Gil Vasquez, pai do trovador. Co establecido da Guerra Civil (1245-47) os Soverosa e os Riba de Vizela apoiaron ó rei Sancho II; tras ser feito prisioneiro polo Boloñés na cidade de Leiria, o noso trovador tense que exiliar nas terras de Castela, onde participa na Conquista de Sevilla de 1248. Sen que saibamos exactamente cando, pero antes de 1258, por figurar nas *Inquirições* deste ano, o trovador volve a Portugal, vivindo afastado da corte. Dono de varios bens no partido xudicial de Santa Cruz, entre os ríos Sousa e Támega, e na Beira. Segundo Resende, 436-437, puido manter relacóns coa Orde do Hospital. En datas moi recentes, puxéronse de manifesto as relacóns entre Vasco Gil, Pero Garcia Burgalés (nº 125) e Pero Goterrez (nº 129), todos eles presentes, con bastante probabilidade, no exército do infante Alfonso trala súa axuda ó rei portugués Sancho II (cf. García Oro, onde atopamos un Vasco Gil, cabaleiro de San Fiz, en relación co mosteiro de Carboeiro).

Bibliografía:

- *CA* II, 352-354; *Amigo* I, 349-352; García Oro, *La nobleza*, Apéndice I, 370; Mattoso, *A nobreza*, 171-196; Tavani, 325; Resende, *DLMGP*, 649-650; Resende, 436-437; Piccat, *Vasco Gil*, 23-53; Beltrán, *Tipos XII*.
- EDIC.: Piccat, *Vasco Gil*; *CA*, 291-309; *Amigo*, 89-90; Lapa, 616-619; Alvar/Beltrán, *Antología*, 190-192; Torres, *Poesía trovadoresca*, 289-292.

152,1. *Ay mia senhor! quero-vus preguntar*

Ay mia senhor! quero-vus preguntar,
pois que vus ides e eu non poss' ir
vosco per ren, e sen grad' a partirm'-ei eu de vos e de vosco morar,
Ay eu cativo! por Deus ¿que farei?
Ay eu cativo, que non poderei
prender conselho, pois sen vos ficar'!

Non sei og' eu tan bon conselhador
que me podesse bon conselho dar
na mui gran coita que ei d' endurar,
u vus non vir', fremosa mia senhor.
Ay eu cativo! de mi que será?
Ay eu cativo, que ei por vos ja
viver en cuita, mentr' eu vivo for'!

E os meus olhos non poden veer
prazer, en mentr' eu vivo fôr', per ren,
pois vus non viren, meu lum' e meu ben;
e por aquesto querria saber
Ay, eu cativ', e que será de mi?
Ay eu cativ', e mal-dia naci
pois ei de vos alongad' a viver!

A 154.

Amor, cant. de mestría, c. sing. (a I = b II).

a10 b10 b10 a10 c10 c10 a10 (161:100).

Capfin. I-II; capden. 5, 6; rima der. 5, 7 II; corr. paral. lit. 5 II, III (= 5 I).

- **CA 154**; Piccat, *Vasco Gil*, 11; Machado 1577.

152,2. *Estes olhos meus ei mui gran razon*

Estes olhos meus ei mui gran razon
de querer mal, enquant' eu ja viver',
porque vus foron, mia senhor, veer,
ca depois nunca jsi Deus me perdon!
*pud' eu en outra ren aver sabor
ergu' en coidar en vos, ay mia senhor!*

D' esses vossos olhos e d' estes meus
me [alvēo sempre coit' e pesar
poi'-los meus foron os vossos catar;
ca des i nunca jsi me valha Deus!
*pud' eu en outra ren aver sabor
ergu' en coidar en vos, ay mia senhor!*

152,3. *Irmāa, o meu amigo, que mi quer ben de coraçon*

Irmāa, o meu amigo, que mi quer ben de coraçon
e que é coitado por mi, se Nostro Senhor vos
[perdon,
*treide-lo veer comigo,
irmāa, o meu amigo.*

Irmāa, o meu amigo que sei que me quer maior
[ben
ca si nen ca seu coraçon, fazede por mi ūa ren:
*treide-lo veer comigo
irmāa, o meu amigo.*

Irmāa, o meu amigo, que mi quer melhor ca os
[seus
olhos e que morre por mi, que vos amostr' o
[vooso Deus,
*treide-lo veer comigo,
irmāa, o meu amigo.*

152,4. *Muit' aguisad(o) ei de morrer*

Muit' aguisad(o) ei de morrer,
e non tenho mia mort' en ren;
ante me prazeria én,
pois sen meu grad' ei a fazer
*a mia senhor mui gran pesar,
ca l/he pesa de a amar.*

A mia senhor gran pesar á
de que lhe quer' eu mui gran ben,
e a min gran coita m' én ven;

A 149, B 272.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:232).
Corr. paral. lit. 4; corr. paral. 3.

- **CA 149**; Piccat, *Vasco Gil*, 6; Molteni 258; Machado 256;
Jensen, *Medieval*, pp. 368-369, 597.
- Sansone, *Temi*, 175-176; Souto Cabo, *Olhos*, 403-407,
410-413; Casas Rigall, *Silepsis*, 390-394.

B 664, V 266.
Amigo, cant. de refrán, c. sing.
a16 a16 B7' B7'³⁵⁷.
Capfin. refr.; capden. 1, 4; paral. lit. 1 I, II (= 1-2 III).
- **Amigo 98**³⁵⁸; Piccat, *Vasco Gil*, 14; *Crestomatia*, p. 194;
Machado 627; Braga 266.
- Jensen, *Earliest*, 231; Beltrán, *Balada*, 87-89.

A 144, B 267.
Amor, cant. de refrán, c. sing. (b I = b II).
a8 b8 a8 C8 C8 (160:389).
Fiinda: c8 c8.
Capcaud. refr. IV-f; capfin. refr. I-II; capden. 1 II, 5; p. volta
5, 2 f: pesar; rima der. 4 I, IV; 2 III, 6; corr. paral. 4.
- **CA 144**; Piccat, *Vasco Gil*, 1; Molteni 253; Machado 251.

³⁵⁷ Tavani, 217:2, ofrece únicamente un esquema en versos cortos: a7' b8 c8 b8 A7' A7'.

³⁵⁸ Apartámonos da edición seguida en que dispoñémo-la composición en versos longos.

mais pero de fazer ei ja
a mia senhor mui gran pesar,
ca lhb[e] pesa de a amar.

E grave dia eu naci
con quanto mal me faz Amor,
ca por el, mentr' eu vivo for',
ei ja sempr' a fazer assi
a mia senhor mui gran pesar,
ca lhb[e] pesa de a amar.

E nunca m' end' eu partirei,
ca non quer o meu coraçon,
nen Deus; e jsi Deus me perdon!
a meu pesar a fazer-lh' ei
a mia senhor mui gran pesar,
ca lhb[e] pesa de a amar.

E non me poss' end' eu quitar
de lhe fazer este pesar!

152,5. Muito punhei de vus negar

Muito punhei de vus negar,
senhor fremosa, o gran ben
que vus quero; mais ja per ren
no[n] ei poder de me guardar
que vus non aja de fazer
do ben que vus quero saber.

Quisera-m' eu que foss' assi
que podesse meu coraçon
encobrir, mais no'-me perdon
Deus, se ja poss' al fazer i
que vus non aja de fazer
do ben que vus quero saber.

Ca entend' i eu por meu mal
que vos parecedes melhor
de quantas eu vi, mia senhor;
pero non poss' i fazer al
que vus non aja de fazer
do ben que vus quero saber.

Tal ben vus quero que ben sei
per ren que non posso guarir;
pero non me poss' én partir,
mais é 'si que poder non ei
que vus non aja de fazer
do ben que vus quero saber.

Ca todo non sei og' eu quen
o podesse dizer per ren.

E negara-vo'-l' eu, mais non
quis Deus, ne'-no meu coraçon.

A 150.

Amor, cant. de refrán, c. sing. (b I = d; b II = e).

a8 b8 b8 a8 C8 C8 (160:390).

I fiinda: d8 d8.

II fiinda: e8 e8.

Capfin. refr. I-II; III-If; capfin. II-III; capden. 3 I, 5; 4 III, 3 IV;
p. volta 3 I, 2 If: *per ren*; 2 II, IIIf: *meu coraçon*; rima der. 1 IV,
6; corr. paral. 3-6 I, II, 4-6 III, IV.

- **CA 150;** Piccat, *Vasco Gil*, 7; Machado 1573.

- Fdez.-Pereiro, *Songe*, 301-303.

152,6. Non soube que x' era pesar

Non soube que x' era pesar,
-jsi me valha Nostro Senhor!
quen Deus non fez, a seu pesar,
longe viver de sa senhor,
u lhe non possa ren dizer
da coita' n que o faz viver
mui trist', e mui coitad' andar!

Nen ar soube parte d' affan,
nen de gran coita nulha ren,
o que non soffreu est' affan
de non poder per nulha ren
veer la senhor que ben quer!
E quen tal coita non ouver',
o al non lh' é coita, de pran!

Esta tenh' eu por la mayor
coita do mund(o), a meu coidar,
e non pud' i aver mayor;
e no'-no quer' eu én coidar
esto per nulha ren meter,
mais por verdade o dizer,
como quen end' é sabedor,

Ca me fez Deus coitas saber,
porque mi-as fez todas soffrer,
e tenh' end' esta por mayor.

A 155.

Amor, cant. de mestria, c. sing. (a I = b III; b I = a III; c I = c III).

a8 b8 a8 b8 c8 c8 a8 (100:56).

Fiinda: c8 c8 a8 (sobre III).

Capfin. III-f; capden. 3 I, 6 II; dobre 1, 3 I: *pesar*, II: *affan*, III: *mayor*; 2, 4 I: *Senhor / senhor*, II: *nulha ren*, III: *coidar*, p. volta 5 I, 6 III: *dizer*, 1/3 III, 3 f: *mayor*; p. equív. 2/4 I: *Senhor / senhor*; rima der. 7 III, 1 f; corr. paral. 1-2 III, 3 f.

- **CA 155**³⁵⁹, Piccat, *Vasco Gil*, 12; Machado 1578; Torres, *Poesia trovadoresca*, pp. 290-291.

- Ramos, *A separação*, 706-715.

152,7. Pero Martiiz, ora, por caridade

-Pero Martiiz, ora, por caridade,
vós, que vos teedes por sabedor,
dizede-mi quen é comendador
eno Espital ora da escassidade,
ou na fraqueza, ou quen no forniz,
ou quen en quanto mal se faz e diz.
Se o sabedes, dizede verdade.

-Pois, Don Vaasc', un pouco m' ascoitade:
os que mal fazen e dizen son mil:
eno forníz[io] é Don Roí Gil
e Roí Martiiz ena falsidade,
e ena escasseza é o seu priol.
Non vos pod' om' esto partir melhor;
se mais quise[r]des, por mais preguntade.

-Pero Martiiz, mui ben respondestes,
pero sabia-m' eu esto per min

V 1020.

Tensó (cf. **132,1**), escarnio persoal, cant. de mestria, c. sing. (rima a dobla; b III = b IV).

a10' b10 b10 a10' c10 c10 a10' (161:177).

2 fiendas: d10 d10 a10' (sobre III-IV).

Capcaud. I-II; III-IV; capden. 1 I, III, If; 2 I, 1 IV; 4 I, 3, 5 II; 7 I, II; p. volta 1 If, 1, 2 If: *ben*; rima der. 2 I, 6 IV; corr. paral. 1 III, If.

- **Lapa 423**; Piccat, *Vasco Gil*, 17; *Randgl. II*, p. 148; Machado 1667; Braga 1020.

- Jensen, *Earliest*, 126-131; Andrade/Magalhães, *Igreja*, 54-56; Tavani, 199-207; Ventura, *Sátira*, 533-550; Lanciani, *Tipologia*, 125-127.

³⁵⁹ Segundo as suxerencias de Piccat e apoíádonos en A, apartámónos da edición seguida en que modificamos no v. 6 I *coita* por *coita' n* (o ms. le *coitan*) e no v. 3 III *pod' i* por *pud' i* (o ms. ofrece a lectura *pudi*).

ca todos três eran senhores i
das comendas, comendadores estes,
e partistes-mi-o tan ben, que m' é mal;
mais ar quer' ora de vós saber al:
que mi digades de quen no aprendestes.

-Vós, Don Vaasco, já me cometestes
doutros preitos; des i, ar dig' assi:
non mi deu algo, pero lho pedi,
o priol; e fodi, e vós fodestes
con Roí Gil; e meus preitos talhei
con Frei Rodrigu' e mentiu-mi-os, e sei,
per aquest', a sa fazenda daquestes.

-Pero Martiiz, respondestes tan ben
en tod' esto, que fostes i con sen
e trobador, e cuid' eu que leestes.

-[De] vós, Don Vaasco, tod' esso m' é ben;
ei sis' e sei trobar e leo ben;
mais que tárdi que o vós entendestes!

152,8. *Punhar quer' ora de fazer*

Punhar quer' ora de fazer
a meus olhos mui gran prazer
que lhes non fiz, á gran sazon,
ca lhes quero fazer veer
a senhor do meu coraçon.

Pero sei ben, u non jaz al,
que lhes verrá én muito mal,
que os non pod' én guardar ren;
mais de tod' esto ren m' enchal,
ca eles x' o buscaron ben!

Quand' eles viron mia senhor,
muit' ouveron én gran sabor,
mais non os quise Deus quitar
de grand' affan e de pavor
que pois ouveron d' endurar.

A 156.

Amor, cant. de mestría, c. sing.

a8 a8 b8 a8 b8 (33:17).

Capfin. II-III.

- **CA 156**; Piccat, *Vasco Gil*, 13; Machado 1579.

- Souto Cabo, *Olhos*, 403-407; Casas Rigall, *Silepsis*, 390-394; Magán, *U non jaz al*, 107-116; Ramos, *A separação*, 706-715.

152,9. *Quando se foy n' outro dia d' aqui*³⁶⁰

Quando se foy n' outro dia d' aqui
o meu amigo, roguey-lh' eu, por Deus,
chorando muyto d' estos olhos meus,
que non tardass' e disse m' el assy:

B 665, V 267.

Amigo, cant. de refrán, c. sing. (C = D).

I-III: a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:233)³⁶¹.

IV: a10 b10 c10 a10 D10 D10.

³⁶⁰ Esta cantiga é tamén atribuída a Johan Perez d' Aboim (nº 75,18); véxanse na Introducción as razóns da súa inclusión na obra de Vasco Gil.

³⁶¹ Tavani considera só este esquema para toda a composición.

*que nunca Deus lhi desse de mi ben,
se non vebesse mui ced'; e non ven.*

Quando se foy n' outro dia que non
pud' al fazer, dixi lh' eu, se tardar
quisesse muyto, que nunca falar
podia migu e disse m' el enton:
*que nunca [Deus lhi desse de mi ben,
se non vebesse mui ced'; e non ven.]*

Non sey que x' est ou que pode seer,
porque non ven, poys que lho eu roguey:
ca el mi disse como vus direy
e sol non meteu hi de non poder,
*que nunca Deus lhi desse [de mi ben,
se non vebesse mui ced'; e non ven.]*

Non sey que diga tanto m' é gran mal
do meu amigo, de como morreu:
ca mi diss' el hu sse de mi quitou,
e non sacou én de morte nen al,
*que nunca Deus lhi desse de mi ben,
se non vebesse mui ced'; e non ven.]*

Capfin. II-III; capden. 1 I, II; 1 III, IV; 3 III, IV.

- **Piccat, Vasco Gil, 15;** Amigo 99; Machado 628 (atrib.
a Vasco Gil, sobre B).

- Ron, Ir-se, 124-125; Souto Cabo, Olhos, 413-417.

152,10. *Que partid' eu serei, senhor*

Que partid' eu serei, senhor,
de nunca ja veer prazer,
des quand' ora partido for'
de vus falar e vus veer!
*E partido serei logu' i
d' aver sabor d' al nen de mi!*

E partir-s'-an os olhos meus
de non veer de nulha ren
prazer, pois que os partir' Deus
de vos, senhor, que quero ben.
*E partido serei logu' i
d' aver sabor d' al nen de mi!*

E partir-s'-á meu coraçon
de nunca d' al-ren se pagar;
e partir-s'-á én con razon,
des quando vus eu non falar'.
*E partido serei logu' i
d' aver sabor d' al nen de mi!*

A 145, B 268.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a8 b8 a8 b8 C8 C8 (99:56).

Capden. 2 I, III; 3 I, 4 III; 1 II, 1, 3 III; corr. paral. lit. 1 II, III;
corr. paral. 1-2 I, 1-3 II, 1-2 III.

- **CA 145;** Piccat, Vasco Gil, 2; Molteni 254; Machado 252.

152,11. *Que sen-mesura Deus é contra mi!*

Que sen-mesura Deus é contra mi!
Pois que me faz sempre pesar veer,
¿por quê me leixa no mundo viver?
Mais pois me vejo que x' el quer assi,

A 146, B 269.

Amor (mot. da *mala cansó*), cant. de refrán, c. sing. (b I =
b II).

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:234).

*quant' eu oimais no coraçon tever',
negar-lo-ei e direi-lh' al que-quer!*

E quant' el sabe que me pesará,
poí-lo el faz por xe me mal fazer,
e por al non, quero vus eu dizer,
se eu poder', o que lh' end' averrá:
*quant' eu oimais no coraçon tever',
negar-lo-ei e direi-lh' al que-quer!*

E des oimais non pod' el saber ren
de mia fazenda, se non devinhar',
pois el assi quer migo guerrejar!
Mais vedes que vo'-lh' eu farei por én;
*quant' eu oimais no coraçon tever',
negar-lo-ei e direi-lh' al que-quer.*

152,12. *Rei Don Alfonso, se Deus vos pardon*

-Rei Don Alfonso, se Deus vos pardon,
desto vos venho [aqui] preguntar;
[sil]quer ora punhade de mi dar
tal recado, que seja con razon:
Quen dá seu manto, que lho guard' alguen,
e lho não dá tal qual o deu, poren,
que manda [end'] o Livro de Leon?

-Don Vaasco, eu fui já clerizon
e Degreda soía estudar;
e nas escolas, u soía entrar,
dos maestres aprendi tal liçon:
que manto doutren non filhe per ren;
mais se m' eu o melhoro, faço ben,
e non sôo, por aquesto, ladron.

-Rei Don Alfonso, ladron por atal
en nulha terra nunca chamar vi,
nen vós, senhor, nono oístes a min,
ca, se o dissesse, diria mal;
ante tenho [já] por trajeitador
(se Deus mi valha, nunca vi melhor)
quen assi torna pena de cendal.

-Don Vaasco, dizer-vos quer' eu al
daqueste preito, que eu aprendi:
óí dizer que trajeitou assi
ja ûa vez un rei en Portugal:
ouve un dia de trajeitar sabor
e, por se meter por mais sabedor,
fez [Foan] cavaleiro do Espital.

Capfin.; capden. 4 I, III; 1 II, 5.

- **CA 146**; Piccat, *Vasco Gil*, 3; Molteni 255; Machado 253.

B 1512.

Tensó (cf. **18,38**), escarnio social, cant. de mestria, c. doblas.

a10 b10 b10 a10 c10 c10 a10 (161:101).

Capcaud. I-II; III-IV; capfin. II-III; capden. 1 I, III; 5 I, 7 III;
1 II, IV.

- **Lapa 422**; Piccat, *Vasco Gil*, 16; CA II, pp. 352-354;
Randgl. II, p. 131; Molteni 385; Machado 1424; Alvar/
Beltrán, *Antología*, 54.

- Tavani, 199-207; Ventura, *Sátira*, 533-550; Correia, *C. doblas*, 75-90; Lanciani, *Tipología*, 126-127.

152,13. *Senhor fremosa, non ei og' eu quen*

Senhor fremosa, non ei og' eu quen
vus por min queira mia coita mostrar;
nen eu, senhor, non vus ous' i falar;
pero quero-vus rogar d' ûa ren:
que vus prenda doo de mi
por quant' affan por vos soffri!

Por quanta coita, ben dê'-la sazon
que vus eu vi, sempre por vos levei,
se vus prouguer', ora rogar-vus-ei,
senhor, por Deus, por est' e por al non:
que vus prenda doo de mi
por quant' affan por vos soffri!

Ay mia senhor! lume d' aquestes meus
olhos, que eu vi sempre por meu mal,
non vus ous' eu por min falar en al;
mais, mia senhor, rogo-vus eu por Deus
que vus prenda doo de mi
por quant' affan por vos soffri!

Avede vos doo de mi
por quant' affan soffr' e soffri!

A 147, B 270.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 b10 a10 C8 C8 (160:277).

Fiinda: c8 c8.

Capcaud. refr. I-II; capfin. refr. I-II; capfin. II-III; capden. 1 I,
4 II, 1 III; 1 II, 6, 2 f; 2 II, 5; p. volta 5, 1 f: *doo de mi*; 6, 2 f:
soffri; corr. paral. 3 I, III; 4 I, 3-4 II, 4 III.

- **CA 147;** Piccat, *Vasco Gil*, 4; Molteni 256; Machado 254.

- Fdez.-Pereiro, *Songe*, 303-305; Brea, *Miscradores*, 169-171.

152,14. *Senhor fremosa, pois m' og' eu morrer*

Senhor fremosa, pois m' og' eu morrer
vejo, assi que contra vos gran ben,
que vus quero, non me val nulha ren,
nen mui gran coita que por vos levei,
des que vus vi, atanto vus direi:
e vedes que coita ei de soffrer!

E mia senhor, non devia perder
eu contra vos por vus querer melhor
ca min nen al, nen aver d' al sabor
se non de vos, e de poder guarir
u vus vejo, e aver-m' a 'ncobrir
de vos e d' autre de mi-o entender!

E mia senhor, como vus eu disser'
esto de vos, des quando vus amei,
todo sabor do mundo perdud' ei,
e non mi-ar pude d' outra ren pagar
se non de vos, e conven mi-a guardar
de mi-o saberdes, quant' eu mais poder'.

A 153.

Amor, cant. de mestría, c. sing. (a I = a II; c I = b III).

a10 b10 b10 c10 c10 a10 (189:13).

Capcaud. I-II; capden. 1; 4 II, 5 III; rima der. 5 I, 1 III.

- **CA 153;** Piccat, *Vasco Gil*, 10; Machado 1576.

152,15. *Senhor fremosa, pois pesar avedes*

Senhor fremosa, pois pesar avedes
de que vus amo mais ca min nen al,

A 151.

Amor, cant. de mestría, c. sing. (rima a dobla).

direi-vus gran verdad'; e se non, mal
me venha de vos que me mal queredes:
non vus quer' eu pelo meu grado ben!
E mia senhor, pois que vus pesa én,
dizer-vus quer' eu a quen vus tornedes.

A vos, senhor, que tan ben parecetes,
e a quen vus fez parecer assi
que quantas donas eno mundo vi
de parecer todas las vos vencedes,
e de bon prez e de falar melhor.
E pois Deus tanto ben vus fez, senhor,
de vus amar non me vus én queixedes.

Ca non é en min, mao meu pecado,
nen quer Amor que m' én possa quitar,
nen Deus, senhor, nen vosso semelhar,
ca me tēen de tal guisa forçado
que me vus fazem mui de coraçon
querer gran ben; e ¡si Deus me perdon!
non vus faç' i pesar pelo meu grado.

E mia senhor, se Deus fosse pagado
d' eu de gran coita guardado seer,
non me mostrara vosso parecer,
nen vos, senhor, que eu, mal-dia nado,
por meu mal vi e d' estes olhos meus!
E pois vus vi, nunca despois quis Deus
que perdess' eu gran coita nen coidado!

E gran coita, ¿como a perderei?
Pois que vus pesa porque vus amei,
sei, se viver', que viverei coitado.

152,16. *Senhor fremosa, quero-vus rogar*

Senhor fremosa, quero-vus rogar
por aquel Deus que vus feze nacer
e mui melhor das outras parecer
donas que el en este mundo fez,
e mui mansa e de mui melhor prez,
que vus non pes de vos eu muit' amar!

Por vosso prez e por Deus, mia senhor,
e por mesura e por quanto ben
vus el foi dar, rogo-vus eu por én,
que, se vus og' eu faço pesar i
en vus amar, mia senhor, mais ca mi,
que me non façades én sabedor.

a10' b10 b10 a10' c10 c10 a10' (161:178).
Fiinda: d10 d10 a10' (sobre III-IV).
Capcaud. I-II; III-IV; capfin. IV-f; capden. 1, 6 I, 1 IV; 5 I, 7 III;
6 II, IV; rima der. 1 II, 3 IV.
- CA 151³⁶²; Piccat, *Vasco Gil*, 8; Machado 1574.
- Souto Cabo, *Bom parecer*, 28-30.

A 152.
Amor, cant. de mestría, c. sing. (b II = b III).
a10 b10 b10 c10 c10 a10 (189:14).
Capden. 6 I, 2 III; p. volta 2 II, 3 III: *ben*.
- CA 152; Piccat, *Vasco Gil*, 9; Machado 1575; Vasconcelos, *Textos arcaicos*, pp. 22-23; Piccolo 1.

³⁶² Pensamos, con Piccat, que *senhor* é un vocativo referido á dona, e, polo tanto, en vez de ler no v. 3 III *nen Deus Senhor*, lemos *nen Deus, senhor*.

E se me vos quiserdes consentir
que vus am' eu, direi-vus ūa ren:
i me faredes aquel mayor ben
d' aqueste mund' e que mais desejei
des que vus vi; e mais vus én direi:
sol por atanto vus quer' eu servir!

152,17. *Se vus eu ousasse, sennor*

Se vus eu ousasse, sennor,
no mal que por vós ei, falar,
des que vus vi, a meu coidar
pois fossedes én sabedor,
doer-vus-yades de mi.

E porque nunca estes meus
ollos fazen se non chorar
u vus non veen, con pesar,
se o soubessedes, por Deus,
doer-vus-yades de mi.

Com' e quanto meu coraçon
se non en vós d' en al coidar,
se vo-l' eu ousasse mostrar,
por mesur' e por al non,
doer-vus-yades de mi.

Mais non vus faç' -eu saber
de quanto mal me faz Amor
por vós, ca m' ei de vós pavor,
ca, se vo-l' ousasse dizer,
doer-vus-yades de mi.

A 148, B 271.
Amor, cant. de refrán, c. sing. (a I = b IV; b I = b II = b III).
a8 b8 b8 a8 C8 (155:23).
Capden. 1 I, 3 III; p. volta 3 I, 2 III: *coidar*; rima der. 4 I, 1 IV;
corr. paral. 4 I, II, 3 III, 4 IV.

- **Piccat, Vasco Gil, 5;** CA 148; *Crestomatia*, p. 159;
Molteni 257; Machado 255; Torres, *Poesia trovadoresca*,
p. 292; Jensen, *Medieval*, pp. 370-371, 597-598.

- Jensen, *Earliest*, 46.

153. Vasco Martinz de Resende

Trobador portugués, membro da liñaxe dos Pimentel por parte do pai, Martin Vasquez, e da liñaxe dos Resende por parte da nai, Constança Martinz de Resende. Casou tres veces: con Tareja Rodriguez, viúva de Estevan Anes Tavares, con Guiomar Martinz de Avó, neta do arcebispo de Braga Johan Martinz de Soalhães e con Mecia Vasquez de Azevedo. Estes casamentos póneno en relación con dúas liñaxes importantes polo seu poder e pola súa influencia: os Moedeiros de Braga e os Azevedo. Estivo activo entre finais do século XIII e o primeiro cuarto do século seguinte. A súa presencia na corte de Don Denis e de Afonso IV testemúñase nos docs. desa época. A *Crónica Geral de 1419* revela que o noso trobador tomou o bando de Don Denis na Guerra Civil de 1319-1324; aspecto que é apoiado por un doc. de 1320, onde figura coma fiel vasalo de Afonso Sanchez (nº 9), fillo bastardo do rei Don Denis (CA II, 216-217; Gonçalves, *DLMGP*; véxase Mattoso para todo o que se refire ós acontecementos da Guerra Civil). Pola *Inquirição* de 1343 sabemos que áinda estaba vivo e que gobernaba a terra de Sá, no partido xudicial de Guimarães. Diferentes docs. de entre 1307 e 1330 sinalan a relación que tivo cos mosteiros de Salzedas e Mancelos. Debeu de morrer entre 1343 e 1357.

Bibliografía:

- CA II, 108, 115, 224; Mattoso, *A guerra civil*, 293-308; Tavani, 325; Gonçalves, *DLMGP*, 650-651; Resende, 437.

- EDIC.: Complétese este apartado coa bibliografía exposta en 9,14.

153,1. Tensó. Cf. 9,14.

154. Vasco Perez Pardal

Probablemente, trovador portugués. A pesar de que o apellido do trovador é pouco corrente, non figura nos *Livros de Linhagens*, o que pode significar que a súa familia tiña pouca relevancia política e social. Resende menciona a existencia dunha familia de Coimbra que usa ese patronímico. Un dos seus membros é Fernan Soarez Pardal, documentado entre 1213 e 1242; o seu fillo, Estevan Fernandez Pardal, foi familiar e testamenteiro de Pero Martinz, presbítero e mestre-escola da Sé de Coimbra, en 1281. Esta familia tiña varios bens en Mondego e en Coimbra. Sen embargo, na documentación consultada, non se atopa nada sobre un Vasco Perez ou sobre o seu pai, que se chamaría Pero ou Pedro. Estamos, polo tanto, á espera dun doc. ou dunha referencia, por indirecta que sexa, que permita relaciona-lo noso trovador con esta familia de Coimbra. Baseándonos en elementos textuais (a súa participación no ciclo de escarnios adicados á soldadeira Maria Balteira, a súa tensó con Pedr' Amigo de Sevilha, nº 116) e na súa colocación nas tres seccións a carón de Johan Garcia de Guilhade (nº 70) e Fernan Velho (nº 50), estamos na disposición de conjecturar que o trovador estivo presente na corte toledana do rei Sabio a mediados e no terceiro cuarto do século XIII.

Bibliografía:

- CA II, 145; Amigo I, 249-252; Tavani, 325-326; Lorenzo Gradín, *DLMGP*, 651-653; Resende, 437-438.
- EDIC.: Majorano; Amor, 46-51; Amigo, 204-209; Lapa, 620-627; Torres, *Poesia trovadoresca*, 375-377; Deluy, *Troubadours*, 241-242.

154,1. *Amiga, ben cuyd' eu do meu amigo*

Amiga, ben cuyd' eu do meu amigo
que é morto, ca muit' á gran sazon
que anda triste o meu coraçon;
e direy-vo-lo mays porque o digo:
Porque á gram sazon que non oy
nen bun cantar que fezesse por mi,
nen que non ówi seu mandad[ol] migo.

E ssey eu d' el mui ben que é coitado,
se oj[e]l el viv' en poder d' amor,
mays, por meu mal, me filhou por senhor
e por aquest' ei eu mayor cuydado.
Porque á gran sazon [que non oy
nen bun cantar que fezesse por mi,
nen que non ówi seu mandad[ol] migo.

E cuyd' eu ben d' el que sse non partisse
de trobar por mi, sen mort' ou sen al,
mays por esto sey eu que non est al,

B 824, V 409.

Amigo, cant. de refrán, c. sing. (A = D).

I: a10' b10 b10 a10' C10 C10 A10' (161:179).

II, III: a10' b10 b10 a10' C10 C10 D10' (167:5).

Capfin. II-III; capden. 3 II, III; p. volta 2, 3 III: *al*; rima der. 4 I, III.

- **Majorano 8³⁶³**; Amigo 231; Machado 768; Braga 409; Torres, *Poesia trovadoresca*, p. 377; Jensen, *Medieval*, pp. 372-373, 599-600.

- Lorenzo Gradín, *Repetitio*, 80-94.

³⁶³ Apartámonos da lección de Majorano no v. 4 I, quen lera *e direy-vo-lo, mays porque o digo?*, e adoptámo-la puntuación dada por Nunes.

pero que mh' o [a ren] nen hun non disse.
*Porque á gran sazon [que non oy
nen hun cantar que fezesse por mi,
nen que non òuvi seu mandad[o] migo].*

154,2. Amigo, que cuydades a fazer

-Amigo, que cuydades a fazer
quando vus ora partirdes d' aqui
e vus nenbrar algunha vez de mi?
-Par Deus, senhor, quero-vo-lo dizer:
*chorar muyt[ol] e nunca fazer al,
se non cuydar como mi faz Deus mal.*

En me partir de nunca ja saber
voso mandado nen húa sazon,
nen vus falar, se per ventura non,
mays este conforto cuyd' a prender:
*chorar [muyt[ol] e nunca fazer al,
se non cuydar como mi faz Deus mal].*

En me partir de voso parecer
e d' u soya convosc' a falar,
ca mi valera mays de me matar!
Mays este consselho cuyd' i aver:
*chorar [muyt[ol] e nunca fazer al,
se non cuydar como mi faz Deus mal].*

154,3. Amigo, vós hides dizer

Amigo, vós hides dizer
que vus non quero eu fazer ben,
pero, sey-m' eu d' est' unha ren,
que dizedes voso prazer:
*ca ben é de vus sofrer eu
de dizerdes ca sodes meu.*

Mays non sse sabe conhoder
algun home a que ben Deus dá
nen ten por ben esto que á;
mays eu vus farey entender
*ca ben é de vus [sofrer eu
de dizerdes ca sodes meu].*

Mays, des que vus eu entender
que non venhades hu eu for,
non me tenhades por senhor,
des y poderedes saber
*ca ben é de vus sofrer [eu
de dizerdes ca sodes meu].*

B 820, V 405.
Amigo (dial.), cant. de refrán, c. uniss. (rima a) e sing. (rima b).
a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:235).
Capden. 1 II, III; corr. paral. 4 II, III.
- **Majorano 4**³⁶⁴; *Amigo* 227; Machado 764; Braga 405;
Cidade, *Poesia medieval*, p. 45.

B 823, V 408.
Amigo, cant. de refrán, c. uniss. (rima a) e sing. (rima b).
a8 b8 b8 a8 C8 C8 (160:391).
Capfin. II-III; capden. 1 II, III; rima der. 4 II, 1 III.
- **Majorano 7**; *Amigo* 230; *Crestomatia*, pp. 208-209;
Machado 767; Braga 408.
- Tavani, 139-141.

³⁶⁴ Seguindo a edición de Nunes, suprimí-lo signo de interrogación que Majorano sitúa ó final do v. 2 I.

154,4. *Coytada sejo no meu coraçon*

Coytada sejo no meu coraçon
por meu amigo, [quel] diz ca sse quer
hir d' aqui e, sse ora [o] fezer,
pesar-mh' á muyto, se Deus mi perdon,
porque ssey ben que as gentes diram
que, sse morrer, por mi morre de pram.

E que me non pesass' a mi por al,
pesar-mh' á [én] muyto por hūa ren,
porque mi diz ca mi quer muy gran ben,
mays vedes ora de que m' é gran mal,
porque ssey ben lque as gentes diram
que, sse morrer, por mi morre de pram.

Ca, pola gran coyta que soffr' [eu] i,
non dou eu ren, ca, sse eu coyta sofrer,
des que ss' el for, non poderey viver,
mays temo ja qual pesar avere' y,
porque ssey ben lque as gentes diram
que, sse morrer, por mi morre de pram.

B 821, V 406.
Amigo, cant. de refrán, c. sing.
a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:236).
Capfin. I-II; capden. 3 II, 5; 4 II, III; mordobre impfto. 1, 2 II:
pesass' / pesar-mh' á, III: soffro / sofrer, p. volta 1, 4 III: i /
y; corr. paral. lit. 4 I, 2 II.
- **Majorano 5**³⁶⁵; Amigo 228; Machado 765; Braga 406.
- Lapa, *O texto*, 174-175.

154,5. *De qual engano prendemus*

De qual engano prendemus
aqui, non sab' el-Rey parte:
como leva quant' avemus
de nus Balteyra per arte;
ca x' é mui mal engan[ad]o,
se lh' algun non dá conselho,
o que ten co[n]lo mercado,
se lhi por el dam folhelho.

Balteyra, como vus digo,
nus engana tod' est' ano
e non á mesura sigo;
mays, par fé, sen mal engano,
non terria por guysada
cousa, se el-Rey quisesse
de molher cono, nen nada,
vender, se o non ouvesse.

E ssomus mal enganadus
todus d' esta merchandia
e nunca himus vingadus.
Mays mande Santa Maria
que prenda hy mal joguete
o d' Anbrôa que a fode.

B 1506.
Escarnio persoal, cant. de mestría, c. sing.
a7' b7' a7' b7' c7' d7' c7' d7' (112:7).
Capden. 4 II, III; rima der. 3 I, 8 II; 5 I, 4 II, 1 III; 7 I, 2 III.
- **Majorano 10**; Lapa 425; *Randgl. VII*, pp. 676-677;
Molteni 379; Machado 1418.
- De Lollis, *Cant. amor*, 57; Tavani, 94-96; Montero, *A cantiga*, 32-42; Rodríguez, *Anti-retrato*, 45-47, 50-63.

³⁶⁵ Majorano integra *E/n* no v. 1 II, inclusión que non consideramos necesaria polo valor concessivo do *que* (véxase Lapa, *O texto*, pp. 174-175).

E ela porque promete
cono, poy-lo dar non pode?

154,6. *Don Anssur, per qual serviço fazedes*

Don Anssur, per qual serviço fazedes
al Rey, per com' eu ouço razoar,
nunca foy home do vosso logar
que mays pojasse ca vós pojaredes,
ca, poys el-Rey o dereyto catar,
sey [eul] que vós non podedes errar
que a muyt' alto logar non pojedes.

Quyçay, depoys vós ar baixar-vus-edes,
ca vymus melhores ca vós baixar;
mays húa vez quer-vus el-Rey alçar
en gram [tlalho, poy-lo servid' avedes].
Mays quant' ouverdes punhad' eno dar!
E, sse d' esto non quiserdes mingar,
poys vus alçaren, alçado seredes.

E, don Ansur, pola fé que devedes,
poys vus el-Rey assy quer encimar,
como dizen, se per vós non ficar,
per vós non fiqu', e assy pojaredes
a mui gran talh' u avedes d' estar;
e, se vós aly [plunhades pojar,
nunca depoys malandante seredes.

154,7. *Muyto ben mi podia Amor fazer*

Muyto ben mi podia Amor fazer,
se el quisesse non perder hi ren,
mays non quer el e perç' eu ja o sén
e direy-vo-lo que mi vay fazer:
ven logu' e faz-m' en mba senhor cuidar
e poys cuyd' i muyt': ar quer-me matar
e mba senhor non me quer bi valer.

Faz-mi mal e non ous[ol] a dizer
de muyto mal que mi faz se non ben,
e, sse al digo, faz'-esto poreñ,
ou sse cuydo sol de lh' end' al dizer:
ven logu' e faz-m' en mba senhor cuidar
e poys cuyd' i muyt': ar quer-me matar
e mba senhor non me quer bi valer].

E tod' aquesto non poss' eu sofrer
que ja non moyra, ca non sey eu quen
non morresse con quanto mal mi ven
d' Amor que mi faz tan muyto mal sofrer:
ven logu' e faz-m' en mba senhor cuidar

B 1507.

Escarnio persoal, cant. de mestria, c. uniss.

a10' b10 b10 a10' b10 b10 a10' (152:2).

Capcaud.; retrogr.; capden. 1 I, III; 3 I, 7 III; 6 II, III; 7 II, 2 III;
p. rima impfta. 4 I, III: *pojaredes*; 7 II, III: *seredes*; rima der.
4 I/III, 7 I, 6 III; 1, 2 II; corr. paral. 3 II, 2 III.

- **Majorano 11**; Lapa 426; Molteni 380; Machado 1419.

- Souto Cabo, *Olhos*, 410-413.

B 453, V 60.

Amor, cant. de refrán, c. uniss.

a10 b10 b10 a10 C10 C10 A10 (161:102).

Flinda: c10 c10 a10.

Capcaud. refr. I-III; capfin. I-II; capfin. refr. III-f; dobre 1, 4 I:
fazer, II: *dizer*, III: *sofrer*, mordobre impfta. 2, 3 I: *quisesse / quer*, III: *moyra / morresse*; p. volta 6, 1 f: *quer(-me) matar*.

- **Majorano 3**; Amor 24; Molteni 345; Machado 395;
Braga 60.

*le poys cuyd' i myyt': ar quer-me matar
e mba senhor non me quer bi valer].*

Mays Amor, que m' or' assy quer matar,
dê-lhi Deus quen lhi faça desejar
algun ben en que non aja poder.

154,8. *Pedr' Amigo, quero de vós saber*

-Pedr' Amigo, quero de vós saber
hunha cousa que vus ora direy,
e venho-vus preguntar, porque sey
que saberedes recado dizer,
de Balteyra que vej' aqui andar
e vejo-lhi mytus escomungar.
Dizede: quen lhi deu end' o poder?

-Vaasco Perez, quant' eu aprender
pudi d' esto, ben vo-lo contarey:
este poder ante tempo del-Rey
Don Fernando ja lhi vyron aver,
mays non avya poder de soltar;
mays foy poys hu[n] patriarca buscar,
fi-d' Escallola, que lh' o fez fazer.

-Pedr' Amigo, sey-m' eu esto mui ben
que Balteyra nunca home soltou,
e vi-lh' eu mytus que escomungou,
que lhi peytaron grand' algo poren
que os soltass' e direy-vus eu al:
fi-d' Escallola non á poder tal
perque solt' ergo seus presus, que ten.

-Vaasco Perez, ben de Meca ven
este poder; e, poy-lo outorgou
o patriarca, des y mal levou
sobre ssy quanto sse fez en Jaén
e en Eixares, hu sse fez muyto mal;
e poren met' en escomunhon qual
xi quer meter e qual quer saca én.

-Pedr' Amigo, esto vus non creo eu:
que o poder que Deus en Roma deu,
que o Balteira tal de Meca ten.

-Vaasco Perez, á-x' en Meca seu
poder, e o que Deus en Roma deu,
diz Balteyra que todo non é ren.

154,9. *Por Deus, amiga, provad' un dia*

-Por Deus, amiga, provad' un dia
o voss' amigo de vo'-lh' assanhar
e veredes home coytad' andar.

B 1509.

Tensó (cf. 116,24), escarnio persoal, cant. de mestria,
c. doblas.

a10 b10 b10 a10 c10 c10 a10 (161:103).

2 fiindas: d10 d10 a10 (sobre III-IV).

Capcaud. I-II; III-IV; capfin. II-III; capden. 1 I, III, If; 1 II, IV,
IIIf; 3 II, 2 IV; 7 II, 6 III; p. volta 7 III, 3 If; 2 If, IIIf; deu;
rima der. 1, 3 I; 2, 4 I; 6 I, 3 III; 5 II, 2 III; corr. paral. lit. 6 I,
3 III.

- Majorano 13; Lapa 428; Randgl. VII, pp. 559 e 677-
678; Molteni 382; Machado 1421; Fonseca, Escárnio, 31;
Deluy, Troubadours, pp. 241-242; Jensen, Medieval, pp.
388-391, 609-611.

- De Lollis, Cant. amor, 57; Dutton, Lelia doura, 7-9; Álvarez Blázquez, Mulher, 94-96; Jensen, Earliest, 98-102, 126-
131; Tavani, 199-207; Corral, Velha, 412-414; Rodríguez,
Anti-retrato, 45-47, 50-63; Ventura, Sátira, 533-550;
Correia, C. doblas, 75-90; Lanciani, Tipología, 125-127.

-Ay, amiga, que mal conselh' ess' é,
ca sey eu aquesto, per boa fé,
mui ben, que logu' el morto seria.

-Amiga, ben vus consselharia
dizerdes que non dades por el ren
e veredes coita [d' home] poren.

-Non mh'-o digades, se Deus vus perdon,
ca sey eu ja, pelo seu coraçon,
mui ben, que logu' el [morto seria].

-Amiga, nunca lhi mal verria
de lhi dizerdes atanto por mi,
que non dades por el ren des aqui.

-Par Deus, amiga, non vus creerey,
nen vós nunca mh'-o digades, ca ssey
mui ben, [que logu' el morto seria].

Capcaud. refr.; capfin. refr. I-II; capden. 1 I, 4 III; 4 I, 1 II,
III; rima der. 4 I, 6; corr. paral. lit. 3 I, II; 5 I, II (= 5 III); corr.
paral. 1-2 II, 1-3 III; 4 II, 4-5 III.

- **Majorano 6;** *Amigo* 229; Machado 766; Braga 407;
Torres, *Poesia trovadoresca*, p. 376; Jensen, *Medieval*, pp.
374-375, 600.

154,10. *Sempr' eu punbey de servir mha senhor*

Sempr' eu punhey de servir mha senhor
quant' eu mays pud', assy me venha ben;
pero direy-vo-lo que m' end' aven
e o poder en que me ten Amor:
*non me quer ela nen bun ben fazer
e Amor me faz por ela morrer.*

Ca non catey por al des que a vi,
se non por ela, e sempre punhei
de a servir; pero, end' al non ei
se non aquest' e aven-m' end' assy:
*non me quer ela [nen bun ben fazer
e Amor me faz por ela morrer].*

E sempr' eu cuydei no meu coraçon
de lhi fazer serviç' e me guardar
de ja mays nunca lhi fazer pesar;
pero ven-m' én mal por esta razon:
*non me quer ela nen bun ben fazer
le Amor me faz por ela morrer].*

B 451, V 58.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:237).
Capden. 1 I, III; 3 I, 4 III; corr. paral. 1 I, 2-3 II, 1-2 III; 3 I,
4 II, III.

- **Majorano 1;** *Amor* 22; Molteni 343; Machado 393;
Braga 58.

- Fidalgo/Souto Cabo, *Oidas*, 313-314.

154,11. *Senhor, des quand' en vós cuydey*

Senhor, des quand' en vós cuydey
e no vosso bon parecer,
perdi o sén que eu aver
soya e ja perdud' ey,
de quant' al avya, sabor:
assi me forçou voss' amor!

Cuydando, des que vus vi,
en vós, senhor, perdud' ei ja

B 452, V 59.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a8 b8 b8 a8 C8 C8 (160:392).
Capden. 2 II, 4 III; rima der. 1 I, 3 III; 3, 4 I; corr. paral. 1-3 I,
II; 4-5.

- **Majorano 2;** *Amor* 23; Molteni 344; Machado 394;
Braga 59.

o sén; mays quando mi valrrá
o vosso ben, per que perdi,
de quant' al avya, sabor?
[Assi me forçou voss' amor!].

E sab' este meu coraçon,
que por vós muyto mal levou
des que vus vi et el cuydou
en vós, ca perdi des enton,
de quant' al avya, sabor?
[lassi me forçou voss' amor!].

154,12. *Senhor, don Anssur se vus querelou*

Senhor, don Anssur se vus querelou
por couces muytus que lhi for[on] da[r];
mays, por Deus, mandad' ora justiçar
porend' aquel que os couces levou,
ca o foy ferir hun ome mui vil;
mays, por hun couce, den ora aqui mil
a don Anssur, poys gram torto tomou.

E ssenhor, nunca don Anssur cuydou,
seendo vós na terra e no logar,
que lh' os couces non mandassen dobrar
os alcaydes; mays, poys que vus achou,
por Deus, mandad' agora vós poren
por hun couce que mil couces lhi den,
poys don Anssur per justiça hy mingou.

E Ayras Veaz non o seelou,
mays agora ja qué-lh' o seelar,
e vós mandade-lh' us mil couces dar,
ca ben os aqui el ós outrus dou;
e, poys s' el vēo querelar assy,
taes mil couces levou ora d' aqui
que diga poys: "Con meu dereyto vou!".

154,13. *Vedes agora que mala ventura*

Vedes agora que mala ventura
de Don Fernando, que non pod' aver
fisico que lh' ora possa tolher
aqueste mal que á de caentura;
pero dizen os fisicus atal:
que o guarria mui ben d' este mal
quen lh' o corpo metess' a ventura.

E d' este mal sempr[e] é mui coytado
e non guarrá ja d' el, se non ouver

B 1508.

Escarño persoal, cant. de mestría, c. uniss. (rima c sing.).
a10 b10 b10 a10 c10 c10 a10 (161:104).
Capcaud.; capfin. I-II; capden. 1 I, II; p. volta 2 I, 3 III: *dar*,
rima der. 2 I / 3 III, 6 II, 4 III; 1, 2 III; corr. paral. 6-7 I, 5-7 II,
3-4 III.

- **Majorano 12:** Lapa 427; Molteni 381; Machado 1420.

B 1505.

Escarño persoal, cant. de mestría, c. sing.
a10' b10 b10 a10' c10 c10 a10' (161:180).
Capden. 6 II, III; mordobre impft. 2, 4 I: *aver / á*, 2, 5 II:
ouver / á, 2, 4 III: *dizen / diria*; p. volta 1, 7 I: *ventura*; rima
der. 1/7 I, 6 III; 2 I, II; corr. paral. 6-7 I, II, 5-7 III.

- **Majorano 9⁶⁶:** Lapa 424; Molteni 378; Machado 1417.

⁶⁶ Como Lapa, lemos *se* e non *sen* no v. 3 III.

home que lhi dê quanto lh' é mester.
Mays aquesto ten el mui desgysado,
ca, pero muytus fisicus á aqui,
se lh' o corpo non aventuram hy,
non guarrá já, ca jaz desacordado.

E pesa-m' ende, par santa Maria,
d' este seu mal, ca mi dizen que non
pode guarir se maestre Simhon
o non guarisse, mays vus én diria
tal: hi non pode nulha ren prestar,
se lh' o maestre non aventurar
o corpo, ca x' á mui gran maloutia.

155. Vasco Rodriguez de Calvelo

Trobador probablemente portugués; quizais sexa o Vasco Rodriguez nomeado nas *Inquirições* de 1258 que tiña as súas fillas criándose na poboación de Santa María de Duas Igrejas, preto de Calvelo. Pertencería a unha liñaxe de escasa relevancia política e social na vida do Portugal medieval. Con este mesmo apelido os *Livros de Linhagens* recollen a unha Mor Martinz de Calvelo casada con Fernan Guedaz, pai do trobador Fernan Fernandez Cogominho (nº 40). Nas súas composicións nomea á musa que as inspira: Maior ou Mor Gil. Nos *Livros de Linhagens* só aparecen dúas persoas con este nome, Mor Gil de Eiró e Mor Gil de Jolda, ligadas á liñaxe dos Bravães, que estaban asentados no partido xudicial de Penela. Segundo Resende, a aludida nas cantigas do trobador de Calvelo é Mor Gil de Jolda, por ser contemporánea del (Resende, 439-440; A. Correia di que a mencionada é a filla de Gonçalo Gil de Eiró, no que pode representar unha mala lectura das hipóteses de Resende). A súa colocación nos Cancioneiros amosa que desenvolvería a súa actividade poética no terceiro cuarto do século XIII.

Bibliografía:

- CA II, 464; Amigo I, 355-356; Resende, *Acrescento*, 708-709, 751; Tavani, 326; Correia, *DLMGP*, 653-654; Resende, 439-440.
- EDIC.: CA, 589-603, 908; Amigo, 227-229.

155,1. Coitado vivo d' amor

Coitado vivo d' amor,
e da mort' ei gran pavor,
desejando mia senhor,
a que eu muito servi:
a mia senhor, que eu vi
mui mui fremosa en si.

Amor me ten en poder;
e pavor ei de morrer,
porque non posso veer
a que eu muito servi:
a mia senhor, que eu vi
mui mui fremosa en si.

Amor en poder me ten
e faz-mi perder o sen,

B 998, V 587.
Amor, cant. de refrán, c. sing.

a7 a7 a7 B7 B7 B7 (19:35).
Rima der. 3 II, 5; paral. lit. 2 I, II; 1 II, III; 3 II, III.
- CA 467; Machado 943; Braga 587; Piccolo 96.
- Panunzio, *Lettura*, 181-186.

porque non poss' aver ben
da que eu muito servi:
a mia senhor, que eu vi
mui mui fremosa en si.

155,2. Des quand' eu a mia senhor entendi

Des quand' eu a mia senhor entendi
que lhe pesava de lhe querer ben,
ou de morar u lhe dissesse ren,
veed', amigos, como m' én parti:
*Leixei-lh' a terra, por lhe non fazer
pesar, e viv' u non posso viver*

Se non coitad'. E mais vos én direi:
pero m' eu viv' en gran coita d' amor,
de non fazer pesar a mia senhor,
veed', amigos, que ben m' én guardei:
*leixei-lh' a terra, por lhe non fazer
pesar, e viv' u non posso viver*

Se non coitado no meu coraçon;
ca me guardei de lhe fazer pesar.
E amigos, non me soub' én guardar
per outra ren se per aquesta non:
*leixei-lh' a terra, por lhe non fazer
pesar, e viv' u non posso viver!*

155,3. Ja eu, senhor, muitas coitas passei³⁶⁷

Ja eu, senhor, muitas coitas passei,
sempr' atendendo ben, que non prendi,
de vos, que eu en mal dia servi.
E non vos pes, et preguntar-vus-ei,
senhor de mi e de quanto

A 294, B 994, V 583.
Amor, cant. de refrán, atehuda sen fiinda, c. sing.
a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:238).
Capden. 4 I, II; 1 II, III; rima der. 4 II, 3 III; corr. paral. 3-4 II,
2 III.
- **CA 294**; Machado 939; Braga 583.
- Gonçalves, *Atehudas*, 172-174.

155,4. Meus amigos, pese-vus do meu mal

Meus amigos, pese-vus do meu mal
et da gran coita que me faz aver
úa dona que me ten en poder
e por que moir'. E pois m' ela non val,
morrerei eu, meus amigos, por én,
ca ja perdi o dormir e o sen

Polo seu ben! E Deus non mi-o quer dar,
se non gran coit' en que sempre vivi,

A 302.
Amor, fragm.
- **CA 302**; Machado 1627.

A 296, B 996, V 585.
Amor, cant. de refrán, atehuda ata a fiinda, c. sing.
a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:239).
Fiinda: c10 c10.
Capcaud. refr. III-f; capfin. III-f; capden. 1 II, III; 2 II, III; 4 II,
III; rima der. 2 I, 1 III; corr. paral. 4.
- **CA 296**; Machado 941; Braga 585.
- Gonçalves, *Atehudas*, 176-177.

³⁶⁷ Esta cantiga é tamén considerada anónima (nº 157,27); véxanxe na Introducción os motivos da súa atribución a Vasco Rodriguez de Calvelo.

des que vi ela, que por meu mal vi.
E pois eu tanto viv' a meu pesar,
morrerei eu, meus amigos, por én,
ca ja perdi o dormir e o sen

Polo seu ben que desej', e non ei
se non gran coita que m' ela deu ja.
Et se mais vivo, mais mal me fará;
e pois eu tanto mia fazenda sei,
morrerei eu, meus amigos, por én,
ca ja perdi o dormir e o sen.

E coitad' eu, que muito mal me ven
porque quero mui bôa senhor ben!

155,5. *Non perç' eu coita do meu coraçon*

Non perç' eu coita do meu coraçon,
cuidando sempr' en quanto mal me ven
por ùa dona que quero gran ben.
E sei ja esto jse Deus me perdon!
que nunca Deus gran coita quiso dar
se non a quen el fez molher amar,

Com' a min fez. Ca des que eu naci,
nunca vi om' en tal coita viver,
com' eu vivo, per molher ben querer.
E sei ja esto que passa per mi:
que nunca Deus gran coita quiso dar
se non a quen el fez molher amar,

Com' a min fez, mui coitado d' amor
e d' outras coitas grandes que eu ei.
E pois eu ja toda-las coitas sei,
d' ùa causa sôo ben sabedor:
que nunca Deus gran coita quiso dar
se non a quen el fez molher amar,

Com' a min fez; e nunca me quis dar
ben d' essa dona que me fez amar.

155,6. *Por vos veer vin eu, senhor*

Por vos veer vin eu, senhor
et lume d' estes olhos meus.
E valha-me contra vos Deus,
ca o fiz con coita d' amor!
Ca, senhor, non ei eu poder
de viver mais sen vos veer.

Aventurei-m', e vin aqui
por vos veer e vos falar;
e mia senhor, se vos pesar',
fazed' o que quiserdes i,

A 298, B 992, V 580.

Amor, cant. de refrán, atehuda ata a fiinda, c. sing.

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:240).

Fiinda: c10 c10.

Capcaud. refr. III-f; capfin. refr.; capden. 1 II-f; p. volta 5,
1 f: *dar*; 6, 2 f: *amar*, rima der. 1 III, 6 / 2 f; 3, 4 III; corr.
paral. lit. 4 I, II (= 4 III).

- CA 298; Machado 936; Braga 580.

- Filgueira, *Verbo antigo*, 357-361; Gonçalves, *Atehudas*,
167-186.

A 295, B 995, V 584 (falta a última estrofa).

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a8 b8 b8 a8 C8 C8 (160:393).

Capfin. II-III; capden. 1 I, 2 II; corr. paral. lit. 4 II, III; corr.
paral. 1 I, 1-2 II.

- CA 295; *Crestomatia*, p. 176; Machado 940; Braga 584.

*ca, senhor, non ei eu poder
de viver mais sen vos veer.*

Como vos quiserdes será
de me fazerdes mal e ben;
e pois é tod' en vosso sen,
fazed' o que quiserdes ja,
*ca, senhor, non ei eu poder
de viver mais sen vos veer.*

155,7. Porque non ous' a mia senhor dizer

Porque non ous' a mia senhor dizer
a mui gran coita do meu coraçon
que ei por ela jse Deus me perdon!
veed' a coit' en que ei a viver:
*ond' eu atendo ben, me ven gran mal,
e quen me devi' a valer, non me val.*

Non me val ela que eu sempr' amei,
nen seu amor que me forçado ten,
que me tolheu o dormir e o sen.
Ora veed' a coita que eu ei:
*ond' eu atendo ben, me ven gran mal,
e quen me devi' a valer, non me val.*

Nen me val Deus, nen me val mia senhor,
nen qual ben lh' eu quero, des que a vi,
nen meus amigos non me valen!
Ay eu cativo! coitado d' amor!
*ond' eu atendo ben, me ven gran mal,
e quen me devi' a valer, non me val.*

A 297, B 997, V 586.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:241).

Capfin. refr.; capden. 1 II, III; 2 II, III; rima der. 1 II, 4 III; corr. paral. 4.

- **CA 297**; Machado 942; Braga 586.

- Brea, *Miscradores*, 169-171.

155,8. Pouco vus nembra, mia senhor

Pouco vus nembra, mia senhor,
quant' afan eu por vos levei,
e quanta coita por vos ei,
e quanto mal me faz Amor
*por vos; e non me creedes
mia coita, nen me valedes!*

E senhor, ja perdi o sen,
cuidand' en vos, et o dormir,
con gran coita de vos servir!
Et outro mal muito me ven
*por vos; e non me creedes
mia coita, nen me valedes!*

Por vos me vêo muito mal
des aquel di' en que vos vi
e vos amei e vos servi,
vivend' en gran coita mortal

A 300, B 991, V 579.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a8 b8 b8 a8 C7' C7' (160:406).

Fiinda: c7' c7'.

Capcaud. refr. III-f; capfin. II-III; capden. 1 III, 5; rima der. 3 II, III; corr. paral. 4-5 II, 1 III.

- **CA 300**; Machado 935; Braga 579.

*por vos; e non me creedes
mia coita, nen me valedes!*

E desmesura fazedes,
que vos de mi non doedes.

155,9. *Quanto durou este dia*

Quanto durou este dia,
mia madre, mal me trouxestes
e muito mal mi fezestes,
mais sobr' aquesta perfia
*será oj' aqui con migo
mandado do meu amigo.*

Mal me trouxestes sen falha
e non á ren que detenha
meu amigo que non venha;
mia madre, se Deus mi valha,
*será oj' aqui con migo
mandado do meu amigo.*

Será migo seu mandado
e praz-mi que veeredes
por quanto mal mi fazedes,
mia madre, sen vosso grado
*será oj' aqui con migo
mandado do meu amigo.*

155,10. *Roguei-vos eu, madre, ai gran sazon*

Roguei-vos eu, madre, ai gran sazon,
por meu amig' a que quero gram ben
que o viss' eu e a vós non prougu' en,
mais, poi-lo eu já vi, de coraçon
*gradesc' a Deus que mi-o fezo veer
e que non ei a vós que gradecer.*

Gran sazon á, madre, que vos roguei
que o leixassedes migo falar
e non quisestes vós esto outorgar
mais, poi-lo eu ja vi [e lhi faleil],
*gradesc' a Deus que mi-o fezo veer
e que non ei a vós que gradecer.*

Vós non quisestes que el veess' aqui,
o meu amig', ond' avia sabor
de o veer e quis Nostro Senhor,
que o eu visse, mais, poi-lo eu já vi,
*gradesc' a Deus que mi-o fezo veer
e que non ei a vós que gradecer.*

Mostrou-mi-o Deus e fez-me gran prazer,
sen aver eu a vós que gradecer.

B 850, V 436.

Amigo, cant. de refrán, c. sing.

a7' b7' b7' a7' C7' C7' (160:464).

Capfin. refr. II-III; capden. 2 I, 4 II, III; 1 III, 5; rima der. 3 I, III; corr. paral. 2 I, 1 II; 1 III, 5-6.

- **Amigo 250;** Machado 793; Braga 436.

- Pinto-Correia, *Dimensão*, 25-26.

B 851, V 437.

Amigo, cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:242).

Fiinda: c10 c10.

Capcaud. refr. III-f; capfin. refr. I-III; capden. 3 I, 2 II, 4 III; p. volta 6, 2 f: a vós que gradecer; rima der. 2, 4 II; 4 III, 5; corr. paral. lit. 1 I, II; 4 I, II (= 4 III); corr. paral. 1-3 I, II, 1 III; 5-6, 1-2 f.

- **Amigo 251;** Machado 794; Braga 437.

- Pinto-Correia, *Dimensão*, 25-26; Antunes-Rambaud, *Mère*, 134; Tavani, 162-166.

155,11. *Se eu ousass' a Mayor Gil dizer*

Se eu ousass' a Mayor Gil dizer
 como lh' eu quero ben, des que a vi,
 meu ben seria dizer-lh' o assi;
 mais non lh' o digo, ca non ei poder
de lhe falar en quanto mal me ven,
e quantas coitas, querendo-lhe ben.

Como lh' eu quero ben de coraçon,
 se lh' o dissesse, ben seria ja;
 mais porque sei que mi-o estranhará,
 sol non lh' o digo, ca non ei sazon
de lhe falar en quanto mal me ven,
e quantas coitas, querendo-lhe ben.

Se lh' eu discess', en qual coita d' amor
 por ela viv' e quant' afan [eu] ei,
 meu ben seria; mais non lh' o direi
 per nulha guisa, ca ei gran pavor
de lhe falar en quanto mal me ven
e quantas coitas, querendo-lhe ben.

Mais de tod' esto non lhe digu' eu ren,
 nen lh' o direi, ca lhe pesará én.

155,12. *Senhor, eu vivo muit' a meu pesar*³⁶⁸

Senhor, eu vivo muit' a meu pesar
 e mui coitado ¡se Deus me perdon!
 por vos que amo mui de coraçon,
 que me fez Deus, por mal de mi, amar.
 E por meu mal me vos foi amostrar,
ca dê'-lo dia, senhor, que vus vi,
per bôa fé, nunca coita perdi

Por vos, que eu por mal de mi amei,
 des que vos vi, per bôa fé, senhor;
 ca des enton me fez o voss' amor
 na mui gran coita viver que og' ei!
 E por meu mal vos vi e vos falei,
ca dê'-lo dia, senhor, que vus vi,
per bôa fé, nunca coita perdi

Por vos, que quero melhor d' outra ren,
 que me fez Deus, por meu mal, ben querer
 ca en tal coita me vejo viver
 que ja perdi o dormir e o sen.
 E por meu mal vos quero tan gran ben,
ca dê'-lo dia, senhor, que vos vi,
per bôa fé, nunca coita perdi

A 301, B 993, V 581.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:243).

Fiinda: c10 c10.

Capcaud. refr. III-f; capfin. refr. I-III; capden. 2 II, 1 III; 2 I,
 1 II; 3 I, III; 4 I, 3 II, 1 f; rima der. 1 I, 3 III; corr. paral. 1-3 I,
 1-2 II, 1-3 III; 4 I, 3-4 II, III, 1-2 f.

- **CA 301;** Machado 937; Braga 581.

- Sansone, *Temi*, 174-175.

A 299.

Amor, cant. de refrán, atehuda ata a fiinda, c. sing.

a10 b10 b10 a10 a10 C10 C10 (139:12).

Fiinda: c10 c10.

Capcaud. refr. III-f; capfin. I-II; capden. 5; 1 II-f; 3 II, 6; rima
 der. 4 I, 1, 3 II; corr. paral. lit. 4 I, 2 III; corr. paral. 3 I, 1 II-f;
 5 I, II.

- **CA 299;** Machado 1626.

- Gonçalves, *Atehudas*, 167-186.

³⁶⁸ Esta cantiga é tamén considerada anónima (nº 157,55); véxanse na Introducción os motivos da súa inclusión na obra de Vasco Rodriguez de Calvelo.

Por vos, que amo muito mais ca mi:
ben me creede, senhor, que é 'ssi.

155,13. *Vivo coitad' en tal coita d' amor*

Vivo coitad' en tal coita d' amor
que sol non dormen estes olhos meus;
e rogo muito por mia mort' a Deus.
E ūa ren sei eu de mia senhor:
*Non sab' o mal que m' ela faz aver,
nen a gran coit' en que me faz viver.*

Vivo coitad' e sol non dôrmio ren,
e cuido muit', e choro con pesar,
porque me vejo mui coitad' andar.
Mais mia senhor que todo sabe ben,
*non sab' o mal que m' ela faz aver,
nen a gran coit' en que me faz viver.*

E, meus amigos, mal-dia naci
con tanta coita que sempr' eu levei,
e porque mais no mundo viverei,
pois mia senhor, que eu por meu mal vi,
*non sab' o mal que m' ela faz aver,
nen a gran coit' en que me faz viver.*

E meus amigos, non ei [eu] poder
da mui gran coit', en que vivo, sofrer.

A 293, B 993^{bis}, V 582.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a10 b10 b10 a10 C10 C10 (160:244).
Fiinda: c10 c10.
Capcaud. refr. III-f; capfin. refr. I-II; capden. 1 I, II; 3 II, III;
1 III, f; rima der. 3 III, 6; corr. paral. 1-2 I, 1 II; 4-6.
- CA 293; Machado 938; Braga 582.

156. *Vidal, judeu d' Elvas*

Trobador portugués, orixinario de Elvas e do que só sabemos o que nos di a súa rúbrica atributiva: "Estas duas cantigas fez h̄uu judeu d' Elvas, que avia nome Vidal, por amor d' ūa judia de ssa vila que avia nome Dona. E pero que é ben que o ben que home faz sse non perça, mandamo-lo screver; e non sabemus mais d' ela[s] mais de duas cobras, a primeira cobra de cada h̄ua". Pódese considerar que é un trobador da época do rei Don Denis, pero totalmente alleo á súa corte e á súa escola (Indini). Estaría, probablemente, activo entre o primeiro cuarto e o segundo cuarto do século XIV.

Bibliografía:

- CA II, 624; Tavani, 326-327; Indini, *DLMGP*, 679-680; Resende, 440.
- Tavani, 109-114.
- EDIC.: Stegagno, *Vidal; Amor*, 527-529; Gonçalves/Ramos, *A lírica*, 317; Alvar/Beltrán, *Antología*, Apéndice, 411-412; Beltrán, *O cervo*, 87; Pena, *Lit. Galega*, II, 65-67; Deluy, *Troubadours*, 293-294.

156,1. *Faz-m' agora por ssy morrer*³⁶⁹

Faz-m' agora por ssy morrer
e tras-me muy coitado

B 1606, V 1139.
Amor (estr. II fragm.), cant. de refrán, c. sing.

³⁶⁹ Cf. a rúbrica de 156,2.

mha ssenor do bom parecer
e do cos bem talhado;
a por que ey morte a prender
come çervo lançado,
que sse vay do mund' a perder
da companha das cervas.
*E mal dia non ensandecy
e pasesse das hervas
e non viss' u primeyro vi,
a muy fremosinha d' Elvas.*

Que

.....
.....
.....
.....
.....

[*E mal dia non ensandecy
e pasesse das hervas
e non viss' u primeyro vi,
a muy fremosinha d' Elvas.*]

Oymais a morrer me conven,
ca tan coytado sejo
pola mha ssenor do bom sem,
que am' e que desejo,
e que me parec' er tan ben
cada que a eu vejo,
que semelha rrosa que ven,
quando sal d' antr' as rrelvas.
*E mal dia non ensandecy
le pasesse das hervas
e non viss' u primeyro vi,
a muy fremosinha d' Elvas.*

156,2. Moyr', e faço dereyto

Moys', e faço dereyto,
por húa Dona d' Elvas
que me trage tolheyo,
como a quen dam as hervas.
Des que lh' eu vi o peyto
branco, dix' aas ssas servas:
“A mha coyta non á par,
ca ssey que me quer matar,
e quero eu morrer por ela,
ca me non poss' ém guardar”.

Amor ey

a8 b6' a8 b6' a8 b6' a8 c6' D8 C6' D8 C7' (64:1).
Rima der. 6 III, 11.

- **Stegagno, Vidal, 2;** Amor 266; Machado 1509; Braga 1139; Alvar/Beltrán, *Antología*, Apéndice, 6; Beltrán, *O cervo*, 42; Pena, *Lit. Galega*, II, 30; Dobarro et alii, *Literatura*, Apéndice I, 20; Deluy, *Troubadours*, p. 294; Jensen, *Medieval*, pp. 378-379, 602-603.

- Deyermond, *Stags*, 268; Beltrán, *O cervo*, 22-26; Brea, *Dona*, 163-167; Ventura, *Toponimia*, 475.

B 1605, V 1138.

Estas duas cantigas fez huu judeu d' Elvas, que avia nome Vidal, por amor d' ua judia de ssa vila que avia nome Dona. E pero que é ben que o ben que home faz sse non perça, mandamo-lo screver; e non sabemus mais d' ela[s] mais de duas cobras, a primeira cobra de cada húa. Esta rúbrica tamén se refire á cantiga 156,1.

Amor, fragm.

a6' b6' a6' b6' a6' b6' c7 c7 d7' c7 (71:1).

- **Stegagno, Vidal, 1³⁷⁰;** Amor 265; Machado 1508; Braga 1138; Gonçalves/Ramos, *A lírica*, 103; Pena, *Lit. Galega*, II, 29; id., *Manual*, 37; Dobarro et alii, *Literatura*,

³⁷⁰ Modificámo-la edición seguida ó non disponer como refrán os catro últimos versos da estr. I.

Apéndice I, 22; Deluy, *Troubadours*, p. 293; Jensen, *Medieval*, pp. 376-377, 601-602.
- Ruggieri, *Riflessioni*, 23, n. 54; Panunzio, *Lettura*, 192-194; Brea, *Dona*, 161-163; Ventura, *Toponimia*, 475.

157. Cantigas anónimas

157,1. *A Deus gradesco, mia senhor*³⁷¹

A Deus gradesco, mia senhor
fremosa, que me vos mostrou;
e pois vejo que se nembru
de min, enquant' eu vivo for',
non quer' outra senhor filhar
se non vos, se vos non pesar'.

Se tanto de vos poss' aver
que vos non pes, sempr' andarei
por voss' om', e servir-vos-ei;
ca mentr' eu no mundo viver',
non quer' outra senhor filhar
se non vos, se vos non pesar'.

Tan muito vos fez Deus de ben
que, se vos prouguer', des aqui
serei voss' om', e vos de mi
seredes senhor; e por én
non quer' outra senhor filhar
se non vos, se vos non pesar'.

Ca non poss' eu d' esto forçar
Deus, que me vos faz muit' amar.

157,2. Cf. 94,1.

157,3. *A mais fremosa de quantas vejo*³⁷²

A mais fremosa de quantas vejo
en Santaren, e que mais desejo,
e en que sempre cuidando seja,
non ch' a direi, mais direi-ch', amigo:
ay Sentirigo! ay Sentirigo!
al é Alfanx' e al Seserigo!

Ela e outra, amigo, vi-as
¡se Deus me valha! non á douis dias!
Non ch' a direi eu, ca o dirias

A 276.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a8 b8 b8 a8 C8 C8 (160:394).
Fiinda: c8 c8.
Capcaud. refr. III-f; capfin. refr. I-II; corr. paral. 4 I, II; 1-3 II,
2-4 III.
- **CA 276**; Machado 1619.

A 278.
Amor, cant. de refrán, c. sing.
a9' a9' a9' b9' B9' B9' (19:25).
Capfin.; capden. 4 I, 3 II; rima der. 3 II, 4 III.
- **CA 278**; Machado 1621.
- Mussons, *Locura*, 163-172; Tavani, 123-134.

³⁷¹ Resende pensa que esta cantiga anónima é, en realidade, de Vasco Perez Pardal (nº 154); véxase o dito na Introducción.

³⁷² Obsérvese a similitude do refrán co da cantiga 157,39.

e perder-t'-ias por én comigo!
ay Sentirigo! ay Sentirigo!
al é Alfanx' e al Seserigo!

Cuidand' [en] ela ja ei perdudo
o sen, amigo, e ando mudo;
e non sei ome tan entendudo
que m' og' entenda o por que digo:
ay Sentirigo! ay Sentirigo!
al é Alfanx' e al Seserigo!

157,4. *Amigos, des que me parti*

Amigos, des que me parti
de mia senhor e a non vi,
nunca fui ledo, nen dormi,
nen me paguei de nulha ren.
Tod' este mal soffr' e soffri
des que me vin de Santaren.

Assi me ten forçad' Amor,
par Deus, por ela, que sabor
non ei de min; e se non for'
veê'-la, perdud' ei o sen.
Tod' este mal soffr', e mayor,
des que me vin de Santaren.

O seu fremoso parecer
me faz en tal cuita viver
qual non posso nen sei dizer;
e moiro, querendo-lhe ben.
Esto me faz Amor soffrer
des que me vin de Santaren.

E [a] ela e o seu ben
desejando, perço meu sen.

157,5. *Amor, des que m' a vos cheguei*

Amor, des que m' a vos cheguei,
ben me pos[s]lo de vos loar,
ca mui pouc', ant', a meu cuidar,
valia; mais pois emmendei

Tan muit' en mi que, com' ant' eu
era de pobre coraçon,
assi que nenhun ben enton
non cuidava que era meu,

E sol non me preçavan ren,
ante me tinhan tan en vil

A 280.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a8 a8 a8 b8 a8 B8 (13:55).

Fiinda: b8 b8.

Capcaud. refr. III-f; p. volta 4 II, 2 f: *sen*; 4 III, 1 f: *ben*; rima der. 5 I, III; corr. paral. lit. 5 I, II (= 5 III).

- CA 280³⁷³, Machado 1623.

B 1, L 1.

Este lais fez Elis o Baço que foi Duc de Sansonha, quando pas[s]ou aa gran Bretanha, que ora chaman Ingraterra. E pas[s]ou lá no tempo de Rei Artur, pera se combater con Tristan, porque lhe matara o padre en ùa batalha. E andando un dia en sa busca, foi pela Joyosa-Guarda u era a Rainha Iseu de Cornoalha. E viu-a tan fremosa que adur lhe poderia omen no mundo achar par. Enamorou-se enton d' ela e fez por ela este laix. Este lais posemos a[a] cima porque era o melhor que foi fe[i]to.

Lai, cant. de mestria, c. sing. (a I, IV = a VI; b I = b IV; a II = a V; b II, V = b VI; b VIII = a X).

a8 b8 b8 a8 (127:1).

³⁷³ Apartámonos da edición seguida ó non dispoñer tipograficamente como refrán o v. 5.

que, se de mi falavan mil,
nunca dezian nenhun ben...

E des que m' eu a vos cheguei,
Amor, e tod' al fui quitar
se non de vos servir punhar...
logu' eu des i en prez entrei!

Que mi-ante de vos era greu,
e per vo'-l' ei, e per al non,
assi que, u os bôos son,
mais loo meu prez ca o seu.

Amor! [el] pois eu al non ei,
nen averei nulha sazon,
se non vos, e meu coraçon
non será se non da que sei

Mui fremosa e de gran prez,
e que polo meu gran mal vi,
e de que sempre atendi
mal (ca ben nunca m' ela fez):

E por én vus rogu' eu, Amor,
que me façades d' ela (a)ver
algun ben, pois vo'-lo poder
avedes. E mentr' eu ja for'

Vivo, cuido vo'-lo servir.
E ar direi, se Deus quiser',
ben de vos, pois que me vêer'
per vos, de que mi-á de viir.

E se non m' est(o) ides fazer
(que sei que será vo[s]o ben),
cofonda-vus por én quen ten
[o mund' e vos] en seu poder!

Amen! Amen! Amen!
Amen! Amen! Amen!
Amen! Amen! Amen!

157,6. Cf. Apéndice I (e **145,1**).

157,7. Cf. **94,7.**

157,8. Cf. **114,5.**

157,9. Cf. **70,13.**

157,10. Cf. **44,1^{bis}.**

Fiinda: b6 b6 b6 (sobre X).

Capden. 1 I, 2 IV, 1 VI; 2 I, 3 IX; 3 II, V; 3 IV, VI, 1 X; 2 V, 4 IX; p. rima impfta. 1 I, IV: *a vos cheguei*; p. volta 2 II, 3 VI: *coraçon*; 4 III, 2 X: *ben*; 3 VIII, 4 X: *poder*; rima der. 3 V, 4 VIII; 1 VI, 2 VIII; 4 VIII, 1 X; 3, 4 IX; corr. paral. lit. 1 I, IV; repet. lit. 1-3 f.

- **CA 311**; Molteni 1; Machado 1.

- Sharrer, *La materia*, 565; Tavani, 223-226; Alvar, *Materia*, 33-34.

157,11. Cf. **114,6.**

157,12. *Des oge mais me quer' eu, mia senhor*³⁷⁴

Des oge mais me quer' eu, mia senhor,
quitar de vus mia fazenda dizer,
per bôa fé, se o poder' fazer,
pois vejo que avedes gran sabor
que vos non diga quanto mal me ven
por vos; pero non poderei per ren
soffrer a coita (e)n que me ten Amor

Por vos, mia senhor; ca muit' á, de pran,
que vos eu dixe toda mia razon,
e quanto mal soffri, á gran sazon,
e qual pavor de mort', e quant' affan
por vos; e nunca fezestes por mi
ren; mais non poss' eu soffrer des aqui
quantas coitas meus cuidados me dan.

Por vós, mia senhor, que sempr' amarei,
mentr' eu for' vivo, mais ca min nen al,
perdi o sen e soffri muito mal.

E, pois vos praz, ogemais soffrerei
de vos non dizer ren, pois prol non mi-á
que vo'-lo diga, pero ben sei ja
que d' esta coita morte prenderei.

Por vos, [mia] senhor, que servi, muit' á,
prenderei morte, pois que Deus non á
doo de min, nen vos que sempr' amei.

157,13. Cf. **44,1^{ter}.**

157,14. Cf. **38,3^{bis}.**

157,15. *Dizedes vos, senhor, que vosso mal*³⁷⁵

Dizedes vos, senhor, que vosso mal
seria, se me fezesses ben,
e non tenh' eu que fazedes bon sen
en me leixardes en poder d' Amor
morrer, pois eu non quero min nen al
atan gran ben come vos, mia senhor.

A 271.

Amor, cant. de mestria, c. sing.

a10 b10 b10 a10 c10 c10 a10 (161:105).

Fiinda: c10 c10 a10 (sobre III).

Capden. 5 I, 2 II, 6 III; 6 I, 1, 5 II, 1 III, f; p. volta 5 III, 1, 2 f;
á; rima der. 7 I, 1 III, 3 f; corr. paral. 6 I-1 II, 6-7 II; 6-7 III,
1-2 f.

- **CA 271;** Machado 1614.

A 273.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 b10 c10 a10 C10 (183:10).

Fiinda: a10 c10 (sobre III).

Capfin. refr. I-III; capden. 5 II, III; p. volta 6, 2 f; *mia senhor*,
rima der. 5 II, III; corr. paral. lit. 5.

- **CA 273**³⁷⁶; Machado 1616.

³⁷⁴ Resende pensa que esta cantiga anónima é, en realidade, de Vasco Perez Pardal (nº 154); véxase o dito na Introducción.

³⁷⁵ Resende pensa que esta cantiga anónima é, en realidade, de Vasco Perez Pardal (nº 154); véxase o dito na Introducción.

³⁷⁶ Apartámonos da edición de Michaëlis, pois non dispoñemos tipograficamente como refrán o v. 5.

Ben me podedes vos leixar morrer,
se quiserdes, come senhor que á
end' o [poder]; mais sabed' ora ja
que seria de me guarir melhor,
pois eu non sei eno mund' al querer
atan gran ben come vos, mia senhor.

- Tavani, 120-123.

Sempre vos eu, senhor, conselharei
que me façades ben por me guarir
de mort'; e vos devedes mi-o gracir,
ca mal será se por vos morto for',
pois eu non quis no mund' al, nen querrei
atan gran ben come vos, mia senhor.

Ca nunca dona vi nen veerei
con tanto ben come vos, mia senhor.

157,16. Cf. **75,7.**

157,17. Cf. **114,8.**

157,18. *Don Amor, eu cant' e choro*

Don Amor, eu cant' e choro,
e todo me ven d' ali:
da por que eu cant' e choro
e por meu mal-dia vi.

E pero, se a eu oro,
mui gran derecho faç' i,
[c]a ali u [a] eu oro
sempre lhe peç' e pedi

Ela. E pois eu demoro
en seu amor, por Deus, de mi
aja mercee, ca, s' eu demoro
en tal coita, perder-m'-ei i.

B 4, L 4.

Lai, cant. de mestria, c. uniss.

I, II: a7' b7 a7' b7 (57:5)³⁷⁷.

III: a7' b8 a9' b8 (57:1).

Dobre 1, 3 I: *eu cant' e choro*, II: *a eu oro*, III: *eu demoro*,
p. volta 2 II, 4 III: *i*.

- **CA 314;** Molteni 4; Machado 4.

- Sharrer, *La materia*, 566; Tavani, 223-226; Alvar, *Materia*,
33-34.

157,19. Cf. Apéndice I (e **85,8**).

157,20. Cf. **79,19.**

157,21. Cf. **70,20.**

157,22. Cf. **70,22.**

³⁷⁷ Para Tavani este esquema corresponde coa estr. II, pois para a estr. I ofrece o seguinte esquema: a7' b7 a7' b8 (57:3).

157,23. Cf. **79,20.**

157,24. Cf. **117,3.**

157,25. Cf. **44,2^{bis}.**

157,26. Cf. **70,27.**

157,27. Cf. **155,3.**

157,28. *Ledas sejamos ogemais!*

Ledas sejamos ogemais!
E dancemos! Pois nos chegou
e o Deus con nosco juntou,
cantemos-lhe aqueste lais!
*"Ca est(e) escud(o) é do melhor
omen que fez Nostro Senhor!"*

Con [e]st(e) escudo gran prazer
ajamos! e cantemos ben!
E dancemos a nosso sen,
pois lo avemos en poder!
*"Ca est(e) escud(o) é do melhor
omen que fez Nostro Senhor!"*

Oy nus devemos [allegrar,
e est(e) escudo, que Deus aqui
trouxe, façamo'-lo assi:
Puinhemos muit(o) e'-no onrar!
*"Ca est(e) escud(o) é do melhor
omen que fez Nostro Senhor!"*

157,29. Cf. **94,11.**

157,30. Cf. **79,37.**

157,31. *Mia senhor, quantos eno mundo
son*³⁷⁸

Mia senhor, quantos eno mundo son
que saben como vos quero gran ben
e saben o mal que me per vos ven,
todos dizen que filh' outra senhor,

B 5,1 5.

Este laix fezeron donzelas a don Ançaroth quando estava na Insoa da Lidiça quando a rainha Genevra achou con a filha de rei Peles e lhi defendeo que non pareces[s]e ant' ela.

Lai, cant. de refrán, c. sing.

a8 b8 a8 C8 C8 (160:396).

Capden. 2 I, 3 II; corr. paral. 1-4.

- **CA 315;** Molteni 5; Machado 5; *Auswahl* 17.

- Sharer, *La materia*, 566; Tavani, 223-226; Alvar, *Materia*, 33-34.

A 275.

Amor, cant. de refrán (intercalar), c. sing.

a10 b10 b10 C10 a10 C10 (183:11).

Fiinda: c10 c10.

³⁷⁸ Resende pensa que esta cantiga anónima é, en realidade, de Vasco Perez Pardal (nº 154); véxase o dito na Introducción.

e punh' en partir o [meu] coraçon
de vos amar, pois non ei voss' amor.

E mia senhor, por vos eu non mentir,
sen vossa ben non poss' eu guarecer,
e pois lo non ei jse veja prazer!
todos dizen que filb' outra senhor
e que me punhe mui ben de partir
de vos amar, pois non ei voss' amor.

Este conselho non poss' eu filhar,
pero m' assi vejo, per boa fé,
morrer por vos; e pero assi é,
todos dizen que filb' outra senhor,
e que me punhe ben de [mel] quitar
de vos amar, pois non ei voss' amor.

Mais esto non quer' eu provar, senhor,
de me quitar d' atender voss' amor.

Capcaud. refr. III-f; capden. 1 I, II; p. volta 4, 1 f: *senhor*, 6, 2 f: *amor*; rima der. 1 I, 3 III; corr. paral. lit. 5 II, III (= 5 I).

- **CA 275**³⁷⁹; Machado 1618.

- Tavani, 123-134; Brea, *Miscradores*, 169-171.

157,32. *Mui gran temp' á, par Deus, que eu non vi*

Mui gran temp' á, par Deus, que eu non vi
quen de beldade vence toda ren!
E se xe m' ela queixasse por én,
gran dereit' é, ca eu o mereci.
E ben me pode chamar desleal
de querer eu, nen por ben nen por mal,
viver com' ora sen ela vivi.

E pois que me de viver atrevi,
sen a veer (en que fiz mui mal-sen)
dereito faz, se me mal-talan ten,
por tal sandice qual eu cometí.
E con tal coit' e tan descomunal,
se me Deus ou sa mesura non val,
deffenson outra non tenh' eu por mi!

Ca d' aquel dia, en que m' eu parti
da mia senhor e meu lum(e) e meu ben,
porque o fiz, a morrer me conven,
pois vivi tanto, sen tornar ali
u ela é. Se por én sanha tal
filhou de min, e me sa mercee fal,
jai eu cativo! ¿e por quê naci?

B 3, L 3.

Lai, cant. de mestría, c. uniss.

a10 b10 b10 a10 c10 c10 a10 (161:106).

Capcaud.; capfin.

- **CA 313**; Molteni 3; Machado 3; Spina, *Lírica*, 335-336; Dobarro, *Literatura*, apéndice I, XXVIII, p. 106.

- Sharer, *La materia*, 566; Tavani, 223-226; Alvar, *Materia*, 33-34.

157,33. Cf. 44,5^{bis}.

157,34. Cf. 75,12.

³⁷⁹ Non disponémo-lo v. 5 como refrán, apartándonos así da edición de Michaëlis.

157,34^{bis}. *Nunca tan coytad' ome por molher*³⁸⁰

Nunca tan coytad' ome por molher
fui com' eu por hunha que me non quer
fazer ben; pero, se mh-o non fezer,
é cousa guisada
de non viver nada.
Se mi Deus non der
ben da ben-talhada,
nen vid' alongada
non mh-á mi mester.

E melhor mi seria a min de morrer
ca senpr' assi como vivo, viver
coitado pola que non quis dizer
a min noutro dia
o per que gua[fl]ria,
per que gram prazer
ela me faria,
par santa Maria:
non mh-o quis fazer.

E poila eu vi, sempr' a vi punhar
en me de seu preyo e de ssy guitar,
mays agora ja, por me mays cohtar,
por ende me disse
que a nunca visse
en logar estar
que lh' eu non fugisse
e que a non visse
por [en] me matar.

157,35. *O Marot aja mal-grado*

O Marot aja mal-grado,
porque nos aqui cantando
andamos tan segurado,
a tan gran sabor andando!
Mal-grad' aja! que cantamos
e que tan en paz dançamos!

Mal-grad' aja, pois cantando
nos aqui danças fazemos,
a tan gran sabor andando,
que pouco lh' o gradecemos!
Mal-grad' aja! que cantamos
e que tan en paz dançamos!

E venha-lhe maa gaanca,
porque nos tan seguradas

A 63, B 174.
Amor, cant. de mestria, c. sing.
a10 a10 a10 b5' b5' a5 b5' b5' a5 (18:1).
Capfin. I-II; capden. 9 I, II; p. volta 5, 8 III: *visse*; rima der.
3 I, 7, 9 II; 3 II, 4 III.
- **Bertolucci 31;** CA 63; Molteni 149; Machado 147.
- Canettieri/Pulsoni, *Imitación métrica*, 18-23.

B 2, L 2.

Esta cantiga fezeron quatro donzelas a Marot d' Irlanda, en tempo de Rei Artur, porque Marot filhava toda-las donzelas que achava en guarda dos cavaleiros, se as podia conquerer d' eles. E enviara-as pera Irlanda pera seeren sempre en servidon da terra. E esto fazia el, porque fora morto seu padre por razon de ūa donzela que levava en guarda. Lai, cant. de refrán, c. sing. (b I = a II).

a7' b7' a7' b7' C7' C7' (99:77).
Capden. 2 I, III; 3 I, III; 1 II, 5; p. volta 2 I, 1 II: *cantando*; rima der. 1 I, 4 II; 2 I / 1 II, 5; 3 I, 2 III; 3 III, 6; repet. lit. 4 I, 3 II; corr. paral. 1-4 I, 1-3 II, 1-4 III.

- **CA 312;** Molteni 2; Machado 2; Pena, *Lit. Galega*, II, 145; Dobarro et alii, *Literatura*, 21.
- Sharrer, *La materia*, 565-566; Tavani, 223-226; Alvar, *Materia*, 33-34.

³⁸⁰ Esta cantiga é atribuída a Martin Soarez (nº 97,25); véxanse na Introducción as razóns que nos levan a considerala anónima.

andamos fazendo dança,
cantando nossas bailadas!
*Mal-grad' aja! que cantamos
e que tan en paz dançamos!*

157,36. Cf. 79,42.

157,37. *Ora poss' eu con verdade dizer*³⁸¹

Ora poss' eu con verdade dizer,
senhor fremosa, que faço mal-sen
en vus amar, pois de vos non ei ben,
nen attendo d' al (mentr' eu vivo for',
se non ouver' de vos ben) gran prazer,
o que non poss' aver de vos, senhor.

Pois se non dol Deus de mi, nen Amor,
nen vos, senhor, que eu sempre servi,
dê-lo dia que vus primeiro vi,
meu mal fiz e faço de vos amar;
ca de morrer por vos ei gran pavor
da coita que me fazedes levár.

Mui gran derecho faç' en me queixar
de vos, senhor, eno meu coraçon,
que me leixades morrer sen razon
por vos, pero me podedes guarir;
e por aquesto podedes osmar
que mal-seso faço de vus servir.

Mais non me poss' ende, senhor, partir
quant' ei poder de mia morte fogir.

A 268.

Amor, cant. de mestría, c. sing. (c I = a II; c II = a III).
a10 b10 b10 c10 a10 c10 (183:12).
Fiinda: c10 c10 (sobre III).
Capcaud.; capfin. II-III; rima der. 1, 4 II; 2 II, 6 III; corr.
paral. 1-3 I, 4 II, 5-6 III.
- **CA 268;** Machado 1611.

157,38. Cf. 75,15.

157,39. *Pero eu vejo aqui trobadores*³⁸²

Pero eu vejo aqui trobadores,
senhor e lume d' estes olhos meus,
que troban d' amor por sas senhores,
non vej' eu aqui trovador, par Deus,
*que m' og' entenda o por que digo:
al é Alfanx' e al Seserigo!*

Senhor, fremosa mais de quantas son
en Sanctaren, e que mais desejo,
dizer-vus quero [se Deus me perdon!
non vej' [eu] ome de quantos vejo

A 279.

Amor, cant. de refrán, c. sing. (a II = a III).
I: a9' b10 a9' b10 C9' C9' (99:44).
II, III: a10 b9' a10 b9' C9' C9' (99:38).
Capden. 2 I, 1 II, 3 III; p. volta 1, 3 III: *coraçon*; corr. paral.
lit. 4.
- **CA 279;** Machado 1622.
- Souto Cabo, *Olhos*, 410-413; Correia, *C. doblas*, 81-84.

³⁸¹ Resende pensa que esta cantiga anónima é, en realidade, de Vasco Perez Pardal (nº 154); véxase o dito na Introducción.

³⁸² Obsérvese a similitude do refrán co da cantiga 157,3.

*que m' og' entenda o por que digo:
al é Alfanx' e al Seserigo!*

Amo vos tant' e tan de coraçon
que o dormir ja o ei perdudo,
senhor de mi e do meu coraçon;
non vej' eu ome tan entendudo
*que m' og' entenda o por que digo:
al é Alfanx' e al Seserigo!*

157,40. Cf. **79,45.**

157,41. Cf. Apéndice I (e **25,72**).

157,42. *Pois m' en tal coita ten Amor* ³⁸³

Pois m' en tal coita ten Amor
por vos, dizede-me, senhor,
que vus non doedes de mi,
jen que grave dia vus vi
que vus non doedes de mi?

E pois m' el en tal coita ten
por vos, ay meu lum' e meu ben,
que vus non doedes de mi,
jen que grave dia vus vi
que vus non doedes de mi?

¡Ay coita do meu coraçon!
dizede, se Deus vus perdon,
que vus non doedes de mi,
jen que grave dia vus vi
que vus non doedes de mi?

Ay lume d' estes olhos meus,
dizede-mi agora, por Deus,
que vus non doedes de min,
jen que grave dia vus vi
que vus non doedes de mi?

157,43. Cf. **114,16.**

157,43^{bis}. *Pois non ei de Dona Elvira* ³⁸⁴

Pois non ei de Dona Elvira
seu amor e ei sa ira,

A 185.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a8 a8 B8 B8 B8 (42:16).

Capden. 2 I, II; 2 III, IV; corr. paral. lit. 1 I, II; corr. paral. 2 I, III, IV; redupl. refr. 3, 5.

- **CA 185;** Machado 1590.

- Souto Cabo, *Olhos*, 410-413.

³⁸³ Esta cantiga é tamén atribuída a Johan Perez d' Aboim (nº **75,17**); véxanse na Introducción as razóns que nos levan a seguir incluíndo-a entre as anónimas.

³⁸⁴ Esta cantiga é atribuída a Martin Soarez (nº **97,33**); véxanse na Introducción as razóns que nos levan a considerala anónima.

esto farei, sen mentira,
pois me vou de Santa-Vaia:
morarei cabo da Maia,
en Doiro, antr' o Porto e Gaia.

Se crevess' eu Martin Sira,
nunca m' eu dali partira
d' u m' el disse que a vira:
en Sanhoane e en saia.
Morarei cabo da Maia,
en Doiro, antr' o Porto e Gaia.

157,44. Cf. **44,7^{bis}.**

157,45. Cf. **114,17.**

157,46. *[Que mal Amor] me guisou de viver*³⁸⁵

[Que mal Amor] me guisou de viver
na mui gran coita, mentr' eu vivo for',
quando [me fez] querer ben tal senhor
que me non quer sol dos olhos catar!
Quando a vejo, non lh' ouso dizer
que lhe fiz, ou por quê me quer matar.

E non me poss' eu queixar con razon
d' Amor, nen d' outre se me venha ben!
se non de Deus que me tolhe o sen
en me fazer tal senhor muit' amar
que me non diz en algúna sazon
que lhe fiz, ou por quê me quer matar.

E por aquesto nunca perderei
ja mui gran coita, pois assi Deus quer
que eu queira mui gran ben tal molher
(e me dizer ja que me morrerei....).

a7' a7' a7' b7' B7' B7' (19:39).

- **Lapa 286;** Bertolucci 30; CA 62; Molteni 148; Machado

146.

- Ferreira, Guarvaya, 131-135; Rodríguez, *Anti-retrato*, 64;
Videira, 151; Ventura, *Toponimia*, 483, 487-489.

A 267.

Amor, fragm., cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 b10 c10 a10 C10 (183:13).

Capden. 4 I, 5 II.

- **CA 267³⁸⁶**; Machado 1610.

157,47. Cf. **75,20.**

157,48. Cf. **114,18.**

157,49. Cf. Apéndice I (e **145,7**).

157,50. Cf. **94,18.**

³⁸⁵ Resende pensa que esta cantiga anónima é, en realidade, de Vasco Perez Pardal (nº 154); véxase o dito na Introducción.

³⁸⁶ Apartámonos da edición de Michaëlis, onde o v. 5 tamén aparece disposto como refrán.

157,51. Cf. **75,21.**

157,52. Cf. **44,9^{bis}.**

157,53. Cf. Apéndice I (e **145,9**).

157,54. Cf. **70,46.**

157,55. Cf. **155,12.**

157,56. *Senhor fremosa, ja nunca será* ³⁸⁷

Senhor fremosa, ja nunca será
ome no mundo que tenha por ben,
se eu por vos moiro, por que o sen
perdi, cuidando no bon parecer
que vos Deus deu; por én vos estará
mal, se me ben non quiserdes fazer.

E vos, senhor, podedes entender
que est assi: que nunca me perdon
Nostro Senhor, se mais de coraçon
vos pud' amar do que vos sempr(e) amei,
des que vus vi, e amo! Mais morrer
cuido por vos, se de vos ben non ei.

E se eu moiro por vos, mui ben sei
que vus achar edes ende pois mal.
E por aquesto, mia senhor, mais val
de me guarirdes de mort', ao meu
cuidar, ca per al non guarecerai,
pois Deus sobre mi tal poder [vus] deu.

E non tenhades que vo'-lo digu' eu
por al, se non por ben voss' e por meu!

157,57. *Senhor fremosa, ja perdi o sen* ³⁸⁸

Senhor fremosa, ja perdi o sen
por vos, e cuido mui ced' a morrer,
ca vus sei melhor d' outra ren querer;
e, per bôa fé, se est' assi for',
quantos saben que vos eu quero ben
diran que vos me matastes, senhor.

A 270.

Amor, cant. de mestria, c. sing. (c I = a II; c II = a III).

a10 b10 b10 c10 a10 c10 (183:14).

Fiinda: c10 c10 (sobre III).

Capcaud.; capfin. II-III; capden. 3 I, 1 III; p. volta 4 III, 2 f:
meu.

- **CA 270;** Machado 1613.

- Brea, *Miscradores*, 169-171.

A 269.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 b10 c10 a10 C10 (183:15).

Capfin. refr. I-II; capden. 1 I, 2 III; rima der. 1 II, 4 III; corr.
paral. lit. 5; corr. paral. 2 I, 1-2 II.

- **CA 269³⁸⁹**; Machado 1611.

³⁸⁷ Resende pensa que esta cantiga anónima é, en realidade, de Vasco Perez Pardal (nº 154); véxase o dito na Introducción.

³⁸⁸ Resende pensa que esta cantiga anónima é, en realidade, de Vasco Perez Pardal (nº 154); véxase o dito na Introducción.

³⁸⁹ Mentre Michaëlis tamén dispón como refrán o v. 5, nós modificámolo-a súa edición, xa que só consideramos refrán o último verso de cada estrofa.

E de morrer por vos, senhor, ben sei
que me non posso ja per ren partir,
pois que me vos non queredes guarir;
mas direi vo'-lo de que ei pavor:
quantos saben qual amor vos eu ei
diran que vos me matastes, senhor.

E d' atal pleito punhad' en guardar,
senhor fremosa, o vosso bon prez;
ca se eu moiro por vos esta vez,
vedes de que vos faço sabedor:
quantos saben que vos sei muit' amar
diran que vos me matastes, senhor.

157,58. *Senhor fremosa, pois me vej' aqui*

"Senhor fremosa, pois me vej' aqui,
gradesc' a Deus que vos posso dizer
a coita que me fazedes soffrer,
e Deus nen vos non me valedes i."
"Amigo, por meu amor e por mi
soffred' a coita que vos por mi ven,
ca soffrendo coita se serv' o ben."

"Senhor fremosa, muito mal levei,
soffrendo temp(o), e atendi melhor;
e Deus e vos fazedes-me peor,
e peor m' é que quando comecei."
"Amigo [meul], por min que vo'-la dei
soffred' a coita que vos por mi ven,
ca soffrendo coita se serv' o ben."

A 277.

Amor (dial.), cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 b10 a10 a10 C10 C10 (139:13).

Capden. 1; 4 I, 3 II; 5.

- CA 277³⁹⁰; Machado 1620.

- Tavani, 123-134.

157,59. Cf. 114,20.

157,60. Cf. 114,21.

157,61. *Senhor fremosa, queria saber*³⁹¹

Senhor fremosa, queria saber
de vos que sempre punhei de servir:
pois vos eu sei mais d' outra ren amar,
¿que diredes a quen vus preguntar',
pois me podedes de morte guarir,
senhor, por qué me deixades morrer?

Pois que m' assi tēedes en poder,
senhor fremosa, dized' ūa ren:

A 272.

Amor, cant. de refrán, c. sing.

a10 b10 c10 c10 b10 A10 (257:1).

Capcaud. refr.; capfin.; capden. 1 I, 2 II, IV; 3 I, 1 II-IV; 4 I,
3 II, III, 4 IV; 5; rima der. 2 I, IV; corr. paral. lit. 5 I, II; 5 III, IV;
corr. paral. 4-6 I, 3-6 II-IV.

- CA 272³⁹²; Machado 1615.

- Tavani, 123-134; Brea, *Miscradores*, 169-171.

³⁹⁰ Apartámonos da edición seguida en que non dispoñemos tipograficamente como refrán o v. 5.

³⁹¹ Resende pensa que esta cantiga anónima é, en realidade, de Vasco Perez Pardal (nº 154); véxase o dito na Introducción.

³⁹² Apartámonos da edición de Michaëlis, pois non dispoñemos como refrán o v. 5.

¿que diredes, se vos alguen disser'
que lhe digades, se vos aprouguer',
pois me podedes guarecer mui ben,
senhor, por quê me leixades morrer?

Pois m' en tal coita podedes valer
come de morte ¡se Deus vos perdon!
¿que diredes, fremosa mia senhor,
u vos aquesto preguntado for':
pois vos eu amo mui de coraçon,
senhor, por quê me leixades morrer?

Pois vos Deus fez muito ben entender,
senhor fremosa que sempre servi,
se vos alguen preguntar' esta vez,
¿que lhe diredes, por Deus que vos fez,
pois vos eu amo muito mais ca mi,
senhor, por quê me leixades morrer?

157,62. *Tan muito mal me ven d' amar*³⁹³

Tan muito mal me ven d' amar
a mia senhor, per bôa fé,
meus amigos, que assi é
que ei a dizer con pesar:
*ao demo comend' Amor
e min, se d' amar ei sabor!*

Quando me nembra quanto mal,
meus amigos, me d' Amor ven
porqu' eu quero mia senhor ben,
con pesar digo, non con al:
*ao demo comend' Amor
e min, se d' amar ei sabor!*

Quando me nembra o prazer,
amigos, que ouv(e) e perdi
per Amor, pois mia senhor vi,
con gran pesar ei a dizer:
*ao dem(o) acomend' Amor
e min, se d' amar ei sabor!*

Pero quero ben mia senhor,
e querrei, mentr' eu vivo for'.

A 274.

Amor (mot. da *mala cansó*), cant. de refrán, c. sing.

a8 b8 b8 a8 C8 C8 (160:397).

Fiinda: c8 c8.

Capcaud. refr. III-f; capden. 3 I, 2 II, III; 1 II, III; 4 II, III; rima der. 1 I, 5; 3 I, 2 f; corr. paral. lit. 4 I, III (= 4 II).

- **CA 274**; Machado 1617.

- Tavani, 123-134.

157,63. Cf. Apéndice I (e 145,10).

157,64. Cf. 117,7.

³⁹³ Resende pensa que esta cantiga anónima é, en realidade, de Vasco Perez Pardal (nº 154); véxase o dito na Introducción.

APÉNDICE I ³⁹⁴

18,9. *Deus te salve, groriosa*

Deus te salve, groriosa

Reyna Maria,

*lume dos Santos fremosa
e dos ceos via.*

Salve-te, que concebiste
mui contra natura,
e pois teu padre pariste
e ficaste pura
Virgen, e poren sobiste
sobela altura
dos ceos, porque quesiste
o que el queria.
[D]eus te salve, groriosa

Reyna Maria,

*lume dos Santos fremosa
e dos ceos via.*

Salve-te, que enchoisti
Deus gran sen mesura
en ti, e dele fezisti
om' e creatura;
esto foi porque ouvisti
gran sen e cordura
en creer quando oisti
ssa messageria.

Deus te salve, groriosa

Reyna Maria,

*lume dos Santos fremosa
e dos ceos via.*

Salve-te Deus, ca nos disti
en nossa figura
o seu Fillo que trouxisti,
de gran fremosura,
e con el nos remiñisti
da mui gran loucura
que fez Eva, e vencisti
o que nos vencia.

Deus te salve, groriosa

Reyna Maria,

*lume dos Santos fremosa
e dos ceos via.*

Salve-te Deus, ca tollisti
de nos gran tristura

B 467 (= E 40, Tol. 30).

Lauda mariana.

a7' b5' a7' b5' a7' c5' D7' C5' D7' C5' (64:2).

- **Mettmann 40;** Pellegrini, *Le due laude*, pp. 360-361;
Molteni 359; Machado 409.

³⁹⁴ Véxanse na Introducción os motivos que guiaron a confección deste Apéndice.

u por teu Fillo frangisti
a carcer escura
u yamos, e metistí-
nos en gran folgura;
con quanto ben nos viñisti,
queno contaria?
*Deus te salve, gloriosa
Reyna Maria,
lume dos Santos fremosa
e dos ceos via.*

18,18. Falar quer' eu da senhor ben cousida

Falar quer' eu da senhor ben cousida
qual nuncas foi outra nen a de seer,
que os seus servidores muy ben convida
en tal logar hu nunca ham de morrer
(d' esto son certo); que non for falida
e cada hun avrá o don que merecer
e pois ouveren d' aqui a morrer
salrrán da mort' [e] entreran na vida.

B 468.
Lauda mariana, fragm.?
a10' b10 a10' b10 a10' b10 b10 a10' (66:1).
- **Pellegrini, Le due laude, p. 367;** *Amor*, p. 52, n.;
Molteni 360; Machado 410.

18,40. Senhora, por amor [de] Dios

Senhora, por amor [de] Dios
aved algun duelo de mi,
que los mios ojos como rrios
correm del dia que vus vy;
ermanos e primos e tyos
todos yo por vos perdy;
se vos non pensades de mi
fy...

B 471.
Canción de amor (en castelán), fragm.³⁹⁵
- **Tavani, RM, Appendix II, p. 285;** Molteni 363;
Machado 414; Paredes Núñez, 43.
- De Lollis, *Cant. amor*, 65, n. 1.

19. Alfonso XI

Fillo de Fernando IV e de Costanza de Portugal e neto de María de Molina. Naceu en 1311. O seu reinado tivo dous períodos: o primeiro ata 1325, marcado pola súa minoría e polos conflictos referentes á tutela do infante, que obtén María de Molina. Cando morre esta en 1321, deixa o seu neto baixo a tutela da cidade de Valadolide onde é coroado rei ós catorce anos en 1325. O goberno de Alfonso XI caracterizouse pola inestabilidade e polas loitas coa nobreza, representada por Don Juan Manuel e por Juan Nuñez de Lara en 1334. Para facer fronte ó poder aristocrático, suprimiu as *hermandades*, isto é, unións de municipios que se constituían coma focos de rebeldía. En 1348 confecciona o *Ordenamiento de Alcalá*, base xurídica da monarquía ata o Renacemento. Casou con María de Portugal, filla de Afonso IV, o que impulsa unha paz transitoria na península, que se creba coa morte de Alfonso IV de Aragón. Ademais, tivo que facer fronte ás invasións benimerines. A pesar deste panorama bélico, tentou unha reconstrucción cultural. Lembremos que foi o epígono e o derra-

³⁹⁵ Segundo a explicación de Tavani, trátase dunha composición fragmentaria de sete versos en castelán; é probable que falte, para completa-la estrofa, un único verso de rima *a*, presentando así un esquema do tipo: a8' b8 a8' b8 a8' b8 b8 (a8'), como a lauda mariana 18,18.

deiro protector de trobadores en Castela e que, debido á súa amizade co Conde D. Pedro de Barcelos (nº 118), recibiu en don o *Livro das Cantigas*. Morreu en 1350.

Bibliografía:

- CA II, 228, 249, 590; Tavani, 280; Beltrán, *DLMGP*, 41-42; Resende, 314-315.
- Beltrán, *Alfonso XI*, 259-273; id., *Tipos VII*, 47-64.
- EDIC.: Ruggieri, *A propósito*; Alvar/Beltrán, *Antología*, 404-406.

19,1. *Em huum tempo cogi flores*

Em huum tempo cogi flores
del mui nobre paraiso,
cuitado de mis amores
e del su fremoso risso;
e sempre vyvo en dolor
e ya lo non puedo sofrir:
mays me val[rial] la muerte
que 'n el mundo viver.
Yo cum cuidado d' amores
volo [vengo ia] dizer:
¿Que be d' aquesta mi senhora
que mu(i)cho deseio aver?

En el tiempo en que solia
yo coger d' aquestas flores,
d' al cul[i]dado non avia
desque vy los [slus amores;
e non se per qual ventura
me vino a defalir,
si lo fiz[o] el mi pecado,
si lo hizo el mal dizer.
Yo, cum cul[i]dado d' amores
volo [vengo ia] dizer:
¿Que be d' aquesta mi senhora
que mucho deseio aver?

No creades, mi senhora,
el mal dizer de las gentes,
ca la muerte m' es lhegada
sy en elo parades mientes.
¡Ay, senhora, nobre rossa!
merced(e) vos vengo pidir:
avede de mi dolor
en no' m(e) dexedes morir.
Yo cum cuidado d' amores
[volo vengo ia] dizer:
¿Que be d' aquesta mi senhora
que mucho deseio aver?

B 607, V 209.

El rey dom Alfonso de Castella e de Leeom que venceu el
Rey de Bellamarim con o poder da alem mar a par de
Tarifa.

Canción de amor (en castelán), estr. de tipo zexelesco³⁹⁶.

I: a7' b7' a7' b7' c7 d7 e7' f7 A7' F7 G7' F7 (116:1).

II: a7' b7' a7' b7' c7' d7 e7' f7 B7' F7 G7' F7.

III: a7' b7' c7' b7' d7' e7 f7 e7 G7' H7 A7' H7.

IV: a7' b7' a7' b7' c7' d7 e7' f7 A7' D7 G7' D7³⁹⁷.

(A I, IV = B = G III; F I, II = H = D; G I, II, IV = A III).

- **Beltrán, Alfonso XI, pp. 260-263;** Alvar/Beltrán, *Antología*, Apéndice, 2; Ruggieri, *A propósito*, pp. 117-125; Machado 570; Braga 209; Varnhagen, *Cancioneirinho*, 50.
- Beltrán, *Alfonso XI*, 264-273.

³⁹⁶ Os catro primeiros versos (mudanza) teñen rima independente, mentres os catro seguintes (volta) riman, neste caso parcialmente, co estribillo (Alvar/Beltrán, *Antología*, p. 404).

³⁹⁷ Coincidimos con Tavani no esquema da estr. I. Sen embargo, presenta distintos esquemas para as restantes estrofas: a7' b7' a7' b7' c7' d7 e7' f7 A7' F7 G7' F7 (116:2, II, IV) e a7' b7' a7' b7' c7' d7 e7 d7 A7' F7 G7' F7 (115:1, III).

-Yo soy la flor d[e l]as frores
de que tu [coger solias].
¡Cuidado de mis amores,
bien se lo que tu querias!
Dio[s] lo [ha] puesto[lo] por tal guisa
que te lo pueda fazer;
ant' yo queria mi muerte
que te asy deiar morir.
Yo cum cu(i)dado d' amores
volo [vengo ia dizer:
¿Que he d' aquesta mi senhora
que mucho deseio aver?]

20. Alvaro Afonso

Alleo á tradición lírica galego-portuguesa. Sabemos del que era portugués e que tiña o oficio de cantor, é dicir, mestre da capela real en tempos de Afonso V. Nada máis se sabe sobre a súa personalidade.

Bibliografía:

- Tavani, 280; Minervini, *DLMGP*, 43-44.
- Stegagno, *Pastorelas*, 111-141.
- EDIC.: Stegagno, *Pastorelas*, 119.

20.1. Luis Vaasques, depois que parti

Pregunta que fez Alvaro Afonso, cantor do senhor Inffante, a huu escollar:

Luis Vaasquez,	depois que parti
d' esa cidade	tam boa, Lisboa,
achey tall emcontro	que, digo per mim,
que som ja desfecto	e jaço à toa:
acerca de Sintra,	ò pee d' esta sserra,
vy húa sserana	que braadava g[u]erra:
"Vós treedes comigo:	deçê-vus a terra,
pois [a]llá tangem	e qua ora soa!"
Pero de sa vista eu	fos' espantado
quall me ella par' ceo	tam resanhuda,

V 410.

Pregunta, fragm.

Octava de arte maior, rima a b a b c c c b, más dous vv. dunha segunda estrofa.

- **Stegagno, *Pastorelas*, p. 119;** Machado 1635; Braga 410.

- Lesser, *Pastorela*, 135-139; Jensen, *Earliest*, 85-86.

25.72. Pero muito amo, muito nom desejo³⁹⁸

Senhora:

Pero muito amo,	muito non des[e]j[o]
aver da que amo	e quero gram bem,

B 605-606, V 208.

Canción de amor.

Tres sétimas de arte maior, rima a b a b c c b más dúas

³⁹⁸ Esta cantiga aparece atribuída nos cancioneiros a Don Denis. Véxanse na Introducción as razóns que permiten afirmar que é claramente unha composición tardía. Tavani, de feito, xa a incluíra entre as cantigas anónimas (nº 157,41).

porque eu conheço
que de aver muito
atan grande folgança
o seu dano d' ela:
o ben de ssa dama

Mas, o que non he
sse fosse assy
ben do meu bem,
aver o mayor
ca, pois a nós ambos
tal bem desejando
e sandeu seria

E quem d' outra guisa
non he namorado,
que sempre trabalh' y
da que non servyo,
e de tall amor
e non amo hūa
de seer servidor

Que, poys me eu chamo
gran treiçon seria
por meu ben ouvesse

E quantos bem aman

muy bem e vejo
a myn non me vem
que mayor non seja
quem tal ben deseja
em muy pouco ten.

e seer poderia,
que a ella veesse
eu desejaría
que aver podesse:
hi bisuha proveito
farya dereyto
quem o nom fezesse.

tal bem [ar]
mas he enfrom
por cedo cobrar,
o moor gallardam;
amo mays de cento
de que me contento
de boom coraçon.

e sôo servidor,
se minha senhor
mall ou sen-rrazon.

assy o dyrám.

fiindas.

- **Tavani, Atribución, p. 318;** Lang 76; Amor 100;
Machado 569; Braga 208; Alvar/Beltrán, *Antología*,
Apéndice, 5; Ferreira, *Antol. lit.*, pp. 40-41; id., *Poesía e
prosa*, p. 61; Pena, *Lit. Galega*, II, 149.

- Lapa, *Uma cantiga*, 205-233; Osório, *Cant. escarnho*,
182-189; Brea, *Dona*, 153.

26. Diogo Gonçalvez de Montemor-o-Novo

Poeta portugués do século XV e, polo tanto, alleo á tradición lírica galego-portuguesa. Ademais, a súa cantiga responde ó xénero da “pregunta”, xénero que vive, básicamente, nas páxinas do Cancioneiro Geral de Garcia de Resende, onde hai constancia da presencia dun autor homónimo, que a ausencia de máis datos impide identificar co dos nosos Cancioneiros.

Bibliografía:

- Resende, *Acrescento*, 726; Tavani, 283; Id., *DLMGP*, 216.
- EDIC.: Rodiño, *Diogo Gonçalvez*; Stegagno, *Pastorelas*, 125 (ofrece unha suxestiva lectura da segunda novena).

26.1. *Co[m]o] homem ferido com ferro e sem pao*

*Pregunta que foi feita a Fernam de Atainha, e
feze-a D[igo]lo Gonçalvez de Montemor-o-Novo*

-Co[m]o] homen ferido com ferro e sem pao
mais te valia de seres ja morto,
pois tua dama ha com outro conforto.
E em esto ficas tu por vaganao?
Pára bem mentes, e veras qued' a nao;
a questa ribeira dá grandes correntes,

B [1075^{bis}], V 666.

Pregunta.

Dúas novenas de arte maior, rima a b b a a c c a a.

- **Rodiño, Diogo Gonçalvez**; Machado 1009; Braga 666.

que desta guisa matará muitas gentes
ainda que se apeguem ao d' avan da nao;
e vee se faram depois dai mao.

-Perdom vos peço se em esto pequei,
em quanto vos ouve aqui devulgado
pero que grande tresteza e muito cuidado
de mim nom se parte; pero nom errei,
mas a De[us] d' Amores me tornarei
com grandes querelas e m[u]ijo braadando.
E ainda de mim sabee que ja ando
buscando juiz que veja se errei;
porem, em mha vida ja lhe nom falarei.

37. Fernand' Eanes

Trátase, o mesmo cós anteriores, Alvaro Afonso e Diogo Gonçalvez, dun poeta introducido nalgún espacio en branco nunha fase tardía da compilación dos Cancioneiros. De orixe portuguesa, estaría activo durante o século XV.

Bibliografía:

- Tavani, 284-285; id., *DLMGP*, 267.

37.1. *Do Port and e vou mudar*

*Esta troba fez Fernam
d Eane[s]l porque queria bem
a buā molher e nom lhe ffalou
en j partendo d onde ella estava, Maria Moniz.*

Do Port and e vou mudar;
por partyda mall dyrey:
a que amo nom faley
do que tomo gram pesar.

Desseyosso muy sobeyo
e nom leyxo de cudar:
deseyendo eu nom veyo
quem me faz aprisuar;
e mē[ols] penas soportar
nom me esaveçe a daçam
d onde ouve afriçam,
u ta[ll] morte sofrerey.

E, fym d esto, nom direy
por quem passo afriçam,
se nom, sempre mudarey
a su nobre descreçam,
en que tenho devaçam
que me aia de valer;
pois me tem a seu poder,
a Deus tenho de louvar.

V 387 (en B só aparece o número 803 e a anotación de Colocci: "deest").

Troba.

Redondilla (con mote inicial e unha fiinda de dous versos),
rima a b a b b c c d.

- **Machado 1633;** Braga 387.

Nunca foy partida
tam triste de logar.

50,5. *Nojo tom' e quer prazer*

*Nojo tom' e quer prazer:
ja nom posso me all fazer.*

Cobrar nom posso amiga
se nom nojo que me siga:
ainda que all nom diga
logo m[e] á d' esquecer.

*Nojo tom' e quer prazer:
[ja nom posso me all fazer.]*

E porem c' a lla partida
nom me será esquecida,
ainda que all nom diga
llogo me á d' esquecer.

*Nojo tom' e quer prazer:
ja nom posso me all fazer.]*

V 404.

Mote inicial de dous versos más glosa en dúas cobras.

- **Lanciani, A propósito, p. 160;** Lanciani, p. 127; Amigo III, pp. 498-499; Machado 1634.
- Lanciani, *A propósito*, 157-170; Beltrán, Zéjeles, 255-258.

53. Garcia Mendiz d' Eixo

Trobador portugués, da liñaxe dos Sousa. Pai dos trobadore Fernan Garcia Esgaravunha (nº 43) e de Gonçalo Garcia (nº 61). Entre 1188 e 1197 ata 1211 vémolo na corte de Sancho I confirmando docs. Nese tempo xa tería casado con Elvira Gonçalvez de Toronho, representante dunha liñaxe galega. Entre 1212 e 1217, coa subida ó trono de Afonso II, tivo que se exiliar en León, onde reinaba Alfonso IX (1188-1230). Debeu de ser neste período, entre 1215 e 1216, cando compuxo a única composición que chegou ata nós. En 1217 volve ás terras portuguesas e confirma docs. rexios ata 1224, ano en que detén a propiedade de Gouveia. Por problemas coa nobreza durante a minoría de idade de Sancho II vive afastado da corte. Morre en 1239 sendo sepultado no mosteiro de Alcobaça. O asentamento da liñaxe situábase en Eixo, preto de Aveiro. Pero, ademais, tiña bens en Aguiar de Sousa, Penafiel, Santa Cruz e Felgueiras. As datás referidas confirmán que se trata dun dos trobadore da primeira xeración trobadoreca se ben a súa cantiga, escrita en provenzal, non se adecúa ós rexistros da nosa lírica.

Bibliografía:

- CA II, 327, 528, 743; Tavani, 288; Resende, DLMGP, 290-291; Resende, 348-349.

53,1. *A la u vaz que la Torona*

A la u vaz que la Torona
e los Peiteus son tan[s]
e la terra he trou bona,
eia! quytes son los Sans!
ç ora me volho tornar
a Sousa, a lo mon logar,
que me adota e me saudona.

Las augas, que ten, me sona
que corre[n] per hū Natal

B 454.

**Esta cantiga foy feita a Roy de Spanha.*

Cantiga en provenzal (cansó), fragm., cant. de mestría, c. uniss. (rima b sing.; c I = b III).

a8' b7 a8' b7 c8 c8 a8' (100:58).

Capcaud.: p. volta 1 I, 3 III: *Torona*; 3 I, 1 III: *he trou/tro bona*.

- **Machado 396;** Molteni 346.

en la folha; assy verdona
 que nul temp non lhi faz mal;
 todo on se deu a pagar
 que nulh om non lh y acha par,
 de l odor que des y dona,
 ach on ten[pl] e he tro bona,
 que malas so[n] d asenbrar
 las saysons e la Tor[o]na
 a quen non porta culhar

.....

71,4. Senhor genta ³⁹⁹

Senhor genta,
 mi tormenta
 voss' amor em guisa tal,
 que tormenta
 que eu senta
 outra non m' é ben nen mal,
 mays la vossa m' é mortal!
Leonoreta,
fin roseta,
bela sobre toda fror,
fin roseta,
non me meta
en tal coita] voss'amor!

Das que vejo
 non desejo
 outra senhor se vós non,
 e desejo
 tan sobejo
 mataria hūu leom,
 senhor do meu coraçon!
Leonoreta,
fin roseta,
/bela sobre toda fror,
fin roseta,
non me meta
en tal coita voss'amor!]

Mha ventura
 en loucura
 me meteu de vos amar.
 É loucura
 que me dura
 que me non posso énuitar.
 Ay fremusura sem par!

B 244 e [246^{bis}].

Amor.

a3' a3' b7 a3' a3' b7 b7 C3' C3' D7 C3' C3' D7 (30:1)⁴⁰⁰.

- **Alvar/Beltrán, Antología, Apéndice, 4;** Amor 1;
 Molteni 230 e 232^{bis}; Machado 228; Oliveira/Machado, p.
 45; *Auswahl* 29; Gonçalves/Ramos, *A lírica*, 58; Pena,
Manual, 27.

- Michaëlis, *Lais*, 177-185; Reali, *Leonoreta*, 237-254;
 Beltrán, *Alfonso XI*, 259-273; id., *Leonoreta*, 187-197; id.,
Tipos VII, 47-64.

³⁹⁹ Esta cantiga foi considerada por boa parte da crítica da autoría de Johan Lobeira (nº 71); véxanse na Introducción as razóns que nos levan a considerala anónima e espirua.

⁴⁰⁰ Tavani comenta: "Ammettendo rima interna si possono riunire i vv. nello schema: a7' b7 a7' b7 b7 C7' D7 C7' D7".

*Leonoreta,
fin roseta,
/bela sobre toda fror,
fin roseta,
non me meta
en tal coita voss'amor!]*

85,8. *Donna e senhora de grande vallia* ⁴⁰¹

Donna e senhora
nom ssei sse cuidaades
de vo-rrespeitar,
que nom tenho outro
nem mayor de min
esto, senhora,
sse Deus quiser
mais comrepidamente

Mas eu vus peço,
que nojo e tristeza
de todo ponto
e todo cuidado
vos fora trager
vos[o] pode[rl], senhora;
vos gram proveito
que eu ouça nova

Fazee, senhora,
conheçam de pran
que Deus a vós deu,
que fallem do siso
com toda a graça,
que em vós assūa[m]
sobre quantas ora
esto é certo,

Muy bōa senhora,
vosa vontade,
vós averees
prazer em vida,

de grande vallia
que tenho cuidado
mais bem juraria
tam aficado
nom tem homem nado:
poderees ssaber
que posaade[s] aver
meu certo rrecado.

mui gentell senhora,
e enfadamento
vós botees de fora,
que, a gram tromento,
em esquecemento
e ssey que farees
se a mim farees
de hu seja contento.

que quantus vus virem
a gram fremusura
sse nom mentirem;
e grande cordura
viço e mesura
mui comrepidamente
vivem de presente:
sem fazer mais jura.

sse n' esto atura
em Deus esperando,
sem muito tardando
seede bem segura.

V 668.
Canción de amor.
Octava de arte maior, rima a b a b c c b.

- **Tavani, Atribuição, pp. 341-342;** Alvar/Beltrán, Antología, Apéndice, 3; Reali, Bolseyro, 19; Machado 1646; Braga 668.
- Tavani, Atribuição, 325-340.

145,1. *Asaz hé desassisado* ⁴⁰²

Asaz hé desassisado
o que cuya que ten dama
que nēhū outro non ama,
nen ten ja d' al cuydado
alçairado (?).

B [1164^{bis}], V 768.
Cobra xocosa, fragm.?, rima a b b a a.
- **Macchi 7;** Machado 1110; Braga 768.

⁴⁰¹ Esta cantiga aparece atribuída nos cancioneiros a Juão Bolseyro, ainda que claramente estamos ante unha composición tardía (véxase Introducción). Por iso, Tavani tamén lle asignou un número entre as composicións anónimas (nº 157,19).

⁴⁰² Esta cantiga é atribuída a Roi Martinz do Casal; véxanse na Introducción as razóns que nos levan a considerala anónima (nº 157,6) e espuria.

145,7. *Quen de mi saber quiser*⁴⁰³

Quen de mi saber quiser
que desejo hé ho meu:
servir quen me ten por seu
o melhor que eu poder.

Este é o meu desejo
e será sen falecer:
servir quen conheço e vejo
que me ten em seu poder.

E pero nom ten que ter
de me bem fazer vontade,
mays val seu mall, en verdade,
que o bem que m' outra der.

[B 1164^{quater}], V 769.
Canción de amor.
Tres estrofas de arte menor (redondilla), rima: a b b a (I,
III), a b a b (II).

- **Macchi 9;** Machado 1112; Braga 769.

145,9. *Se me deras galardon*⁴⁰⁴

Se me deras galardon,
Amor, de quanto servy,
mays disera [eu] de ty
do que dizem de Samsan
con razon.

B [1164^{ter}], V [768^{bis}].
Cobra xocosa, fragm.?, rima a b b a a.
- **Macchi 8;** Machado 1111; Braga 768^{bis}.

145,10. *Huna donzellasey eu*⁴⁰⁵

Huna donzellasey eu
que emprestou [a] alg[u]jem do seu.

Huna festa se fazia
em que ella foy presente.
E des que se foy a jente
e lume non y ar via,
hūa tall rezom dizia
a hun negro amigo seu:
“Beyja-me y, beijar-t’ ey eu”.

B [1164^{quinquies}], V 770.
Canción de amor.
Mote de dous versos más unha glosa de sete versos.
- **Macchi 10;** Machado 1113; Braga 770.

⁴⁰³ Esta cantiga é atribuída a Roi Martinz do Casal; consúltense na Introducción os motivos que nos llevan a considerala anónima (nº 157,59) e espuria.

⁴⁰⁴ Esta cantiga é atribuída a Roi Martinz do Casal; véxanse na Introducción as razóns que nos permiten considerala anónima (nº 157,53) e espuria.

⁴⁰⁵ Esta cantiga é atribuída a Roi Martinz do Casal; consúltese a Introducción para ve-los motivos que posibilitan considerala anónima (nº 157,63) e espuria.

APÉNDICE II

CANCIONEIROS E PRODUCCIÓN PERDIDA NA LÍRICA PROFANA GALEGO-PORTUGUESA⁴⁰⁶.

Os cancioneiros medievais, depositarios da memoria dunha cultura e dunha literatura, durante o propio proceso de elaboración e despois co decorrer do tempo sofren deterioros, as máis das veces irreparables. Isto motiva que numerosos textos e, o que é peor, voces poéticas, autores, se perdan para sempre no silencio dos manuscritos.

A nosa intención é revisa-los diversos casos nos que a tradición manuscrita silencia a producción de trovadores. Nestas páxinas centrarémonos tan só en consideracións de tipo xeral e que, por norma, soen ser aceptadas pola crítica en estudos más ou menos recentes, e noutrous xa clásicos, dos que é interesante ofrecer unha síntese que permitirá unha primeira aproximación, unha panorámica de conxunto dun tema que se presenta espallado. Isto non impidiu que o noso procedemento fose exhaustivo na procura dos obxectivos bosquexados: salientar todos aqueles casos nos que é posible sinala-la presencia dunha lagoa, os criterios dos estudiosos sobre a súa natureza e se é posible falar ou non de “producción perdida”⁴⁰⁷.

Tres son as partes privilexiadas neste traballo en virtude das propias características codicolóxicas dos cancioneiros:

1. Unha primeira parte co estudio das lagoas presentes en A, tanto as seguras como as hipotéticas. Expoñemos por rigorosa orde de aparición a lagoa, a súa situación no cancioneiro, a natureza da mesma, isto é, tentamos referenciar cales son os motivos que permiten detecta-la existencia dunha lagoa, a operación de “enchimento” practicada por Michaëlis e unha reflexión sobre as diversas hipóteses que se presenten.
2. Unha segunda parte na que o noso *modus operandi* tivo en conta dous factores, sempre baixo a óptica dos apógrafos italianos B e V, coa axuda da *Tavola Colocciana*, e mantendo os criterios de análise das lagoas establecidos para A:
 - a) A producción perdida de trovadores dos que tan só nos quedou o nome grazas ó testemuño de C; neste caso, ofreceremos unhas breves coordenadas biográficas dos mesmos.
 - b) A producción perdida de trovadores dos que a tradición manuscrita foi un pouco más xenerosa; neste punto, despois de remitir á súa posición no corpus

⁴⁰⁶ Este Apéndice foi realizado por Xosé Xabier Ron Fernández. Nestas páxinas ofrécese unha síntese da investigación que está en vías de publicación. No artigo poderanse consultar moitas das cuestións aquí referenciadas: máis riqueza de detalles nas explicacións ás lagoas; ver de que maneira afecta a producción perdida no establecemento das dependencias xerárquicas no *stemma codicum* da nosa tradición manuscrita; en fin, un desenvolvemento más pensado e ilustrado do que aquí se ofrece como información. Convén salientar que consideramos tódolos casos nos que un cancioneiro presentaba sinais de “producción perdida”, independentemente de se é recuperable ou non dende os outros testemuños da tradición manuscrita. Así mesmo, deixamos para o artigo a análise das lagoas menores, isto é, aquelas que afectan ás cantigas que teñen unha estrofa ou más, pero das que é visible no cancioneiro a posibilidade de seren incompletas.

⁴⁰⁷ Para a confección deste traballo manexámo-la recente edición facsímile do *Cancioneiro da Ajuda*, ediciones Távola Redonda, Lisboa, 1994 (=A), e as xa más antigas do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Branzutti)*. Cód. 10991, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa, 1982 (=B), e do *Cancioneiro Portugués da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*, Centro de Estudios Filológicos-Instituto de Alta Cultura, Lisboa, 1973 (=V).

da lírica profana galego-portuguesa, forneceremo-los indicios codicolóxicos que permiten unha hipótese de traballo.

3. Unha terceira parte na que falaremos, con brevidade, de autores que coñecemos gracias ás alusións presentes nas cantigas doutros trovadores.

1. LAGOAS E PRODUCCIÓN PERDIDA NO CANCIONEIRO DA AJUDA.

LAGOA I

- Anterior ó cad. I; a súa presencia vén sinalada polo carácter fragmentario de A 1, que B 91 atribúe a Vasco Fernandez Praga de Sandin.

- Perderíanse catro cadernos, segundo Michaëlis, *CA* II, p. 201. Neles estarían copiadas as 90 primeiras cantigas de B, das que só se conservaron 64 cantigas pola lagoa I deste cancioneiro⁴⁰⁸. Resende (p. 129), que corrobora a operación da erudita alemana, expón a súa sospeita sobre a inclusión de Fernan Figueira de Lemos (nº 41), Airas Moniz d' Asme (nº 13) e Diego Moniz (nº 27) nesta lagoa.

LAGOA II

- Entre os fols. 3 e 4 do cad. I, ligada cun talón novo ó fol. 4. Faltaría un folio. A existencia da lagoa é apoiada polo carácter fragmentario de A 13.

- Sen entrarmos na solución presentada por Michaëlis, *CA*, p. 30 e *CA* II, p. 203, o más verosímil é pensar que o folio perdido contería o final de A 13, de Vasco Fernandez Praga de Sandin, e dúas ou tres composicións do mesmo trovador que non chegaron ós nosos días polos infortunios da tradición manuscrita do *Cancioneiro da Ajuda*. Sen embargo, tamén é posible que só estivera contemplada a copia do final de A 13.

LAGOA III

- Entre os cad. I e II o cordón está roto, o que sería un indicio, para Michaëlis, *CA* II, p. 147, de que falta un caderno, previsiblemente un caternión. Se consideramos que nun folio poden copiarse de tres a catro composicións, nun caderno caben entre 24 e 32 cantigas, oscilando o número en función dos cambios de autor. A existencia desta lagoa demóstra o feito de estaren incompletas A 30 (fol. 7v) e A 31 (fol. 8r).

- No caderno perdido estarían copiadas as 22 cantigas de B que se sitúan entre a que corresponde a A 30 (= B 123, Johan Soarez Somesso) e A 31 (= B 146, Pai Soarez de Taveirós)⁴⁰⁹, ademais do final de A 30 e o inicio de A 31. Sen entrarmos nos detalles que se

⁴⁰⁸ Estes serían os trovadores e as súas cantigas en B: Lais (B 1-5); Airas Moniz d' Asme (B 6-7); Diego Moniz (B 8-8^{ta}); Osoir' Anes (B 37-43); Nuno Fernandez de Mirapeixe (B 44-45); Fernan Figueira de Lemos (B 46-47); Gil Sanchez (B 48); Roi Gomez de Briteiros (B 49-50); Fernan Rodriguez de Calheiros (B 51-72); Pero Garcia d' Ambroa (B 73); Fernan Paez de Talamancos (B 74-78); Vasco Fernandez Praga de Sandin (B 79-90).

⁴⁰⁹ Cf. *CA* II, p. 66. Serían estes os trovadores: Johan Soarez Somesso (B 124-128); Nun' Eanes Cérzeo (B 129-137); Pero Velho de Taveirós (B 140-143); Pai Soarez de Taveirós-Pero Velho de Taveirós, tensó (B 144) e Pai Soarez de Taveirós (B 145).

refiren ós problemas atributivos⁴¹⁰, vemos que son en realidade 20 as cantigas que se conservaron. Esta diverxencia numérica débese a que as dúas que faltan coinciden coa lagoa II de B, que afecta ás cantigas B 138-139 de Nun' Eanes Cêrgeo⁴¹¹.

LAGOA IV

- Entre os fols. 9 e 10 do cad. II. A lagoa está ligada ó fol. 12 mediante un novo talón, polo que é presumible a ausencia dun único folio⁴¹². A lagoa está entre A 39 (fol. 9va, unha estrofa) que podemos atribuír a Pai Soarez de Taveirós, e afecta á cant. nº 40 (fol. 10ra), da autoría de Martin Soarez tal como o sinala B 152, ó quedar sen os seus dez primeiros versos.

- Non sabemos que cantigas serían as copiadas neste folio, por presentar B, na mesma altura, unha lagoa que priva ó cancioneiro de tres folios⁴¹³. Para establecer cal é a posible realidade textual encuberta pola lagoa, é necesario aludir á transmisión de A 39. Sen desenvolve-las diversas hipóteses que orixina esta cantiga, para o que remitimos ó noso traballo no prelo, conjecturemos sobre o carácter unitario da cantiga e aceptemos que non estaría prevista a copia de máis cantigas de Pai Soarez de Taveirós. Polo tanto, no folio que se perdeu figurarían a miniatura que sinalaría o comezo do cancioneiro de Martin Soarez e, polo menos, tres composicións, que se perderon, e o inicio de A 40.

LAGOA V

- Sitúase no inicio do cad. III (fols. 15-19), e está ligada cun talón novo ó fol. 19⁴¹⁴. Faltaría un folio⁴¹⁵. A existencia da lagoa vén apoiada polo carácter fragmentario de A 61 (= fol. 14rb; B 151, Martin Soarez). Segue no fol. 15ra a miniatura II que introduce a producción poética dun novo autor, que se sospeita ser Roi Gomez de Briteiros (A 62-63).

- A lagoa impide que poidamos disfrutar do final de A 61, e posiblemente doutra cantiga que Michaëlis, CA, p. 128, consideraba era a que figura en B 172. Esta mesma estudiosa, con posterioridade, CA II, p. 210, rexeita esta proposta por se-la cantiga do xénero de escarnio. Sen entrarmos nos factores da extraña colocación da cantiga B 151 en B con respecto a A⁴¹⁶, sinalaremos que é improbable que B 172 pudera estar copiada no folio que dá orixe á lagoa V. Polo tanto, son dúas as posibilidades que se presentan:

1. Estaría copiado só o final de A 61, quedando o resto do recto do folio e o verso en branco como fronteira explicativa de que xa rematou a copia das cantigas de Martin Soarez (polo menos das que dispuxa o compilador).
2. Estaría previsto copia-lo final de A 61 e unha cantiga, polo menos, descoñecida, que se perdeu.

⁴¹⁰ Véxase na Introducción, no apartado das atribucións dubidosas (nºs 104 e 115), o desenvolvemento desta problemática.

⁴¹¹ Complétese este aspecto co dito máis adiante sobre a lagoa II do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*.

⁴¹² Michaëlis, CA II, p. 147, di que o fol. 12 permaneceu seguro "porque da sua primeira metade, cortada ás tesouradas, deixaram subsistir as rebarbas". Polo tanto, parece que hai unha diverxencia co que se expresa na estructuración dos cadernos realizada polos autores da ed. facs. do *Cancioneiro da Ajuda*, onde se sinala que a lagoa está ligada ó fol. 12 cun talón (= "rebarba") novo.

⁴¹³ Véxase o dito na lagoa II de B.

⁴¹⁴ Cf. *supra* Lagoa IV, xa que a situación deste folio no cancioneiro é análoga á do fol. 12 do cad. II.

⁴¹⁵ Cf. CA, p. 128.

⁴¹⁶ Remitimos ás explicacións de Resende, pp. 142-143.

LAGOA VI

- Sitúase despois do fol. 15 do cad. III, ligada á lagoa VII, coa que formaría un bifolio⁴¹⁷. Michaëlis estableceu que é un folio o que se perdeu⁴¹⁸, pero, neste caso, non sinala se quedan vestixios del no códice. A lagoa encóntrase, de seguirmos a disposición rexistrada por Michaëlis, entre a produción de dous autores diferentes, Roi Gomez de Briteiros (A 62-63; fol. 15r, o verso está en branco, sinal do remate da súa produción) e Airas Carpancho (A 64-67; fol. 16, con miniatura), sen que se rexistre nela ningunha alteración visible por mor da lagoa⁴¹⁹.

- As cantigas nºs 64-67 de A teñen correspondencia en B 176-179, baixo a rúbrica de Airas Carpancho. Este cancionero engade unha composición máis, B 175, de carácter fragmentario, que inicia a produción poética de Airas Carpancho. Baseándose neste feito, Michaëlis considerou que esta cantiga estaría copiada no folio perdido.

En realidade, é moi probable que esta cantiga non figurara en A, aínda que si pudera ser que o compilador tivera en mente incorporala. Por outra banda, se consideramos que o cancionero de Airas Carpancho se presenta unitario e ben definido (lembremos que está introducido por unha miniatura), é moi dubidoso que o compilador de A non copiara a cantiga, se realmente fose o inicio da súa produción lírica. A integración da cantiga efectuouse en B. Polo tanto, con moita probabilidade, o folio perdido estaría en branco, co que serían tres as páxinas en branco que seguirían a produción de Roi Gomez de Briteiros. Este feito ten unha dobre explicación: por un lado, remite ó carácter *finito* da súa produción, e polo outro, expresa a previsión do compilador de recibir máis composicións de Roi Gomez de Briteiros⁴²⁰.

LAGOA VII

- Entre os fols. 17 e 18 do cad. III. Segundo a reconstrucción de Michaëlis, esta lagoa formaría un bifolio coa lagoa VI⁴²¹. A súa existencia vén apoiada polo carácter fragmentario de A 69.

- Sitúase entre a produción de Nuno Rodriguez de Candarei (fol. 17r; A 68-69) e a de Nuno Fernandez Torneol (fols. 18-20; A 70-81). A 69 (fol. 17rb) preséntase incompleta e, cando un agardaría a continuación da cantiga no verso do folio, este está en branco. A explicación que se nos ocorre é que o copista tivo dificultades á hora de le-lo modelo, e que deixou espacio en branco para copia-la continuación nunha fase posterior, espacio en branco que se estendería, con moita probabilidade, ó folio perdido. Sería unha proba de que o movemento trobadoresco, coetáneo do proceso de copia de A, aínda fornecería composicións do trobador afectado pola lagoa, Nuno Rodriguez de Candarei. Sen embargo, aínda

⁴¹⁷ Na reconstrucción da ed. facs. de A, está ligada cun talón novo ó fol. 17. Na paxinación que empregan os autores (p. 68) na estructura dos cadernos do cancionero, sinálase que a lagoa VI está seguida pola lagoa VII, coa indicación "estava colocada entre os fols. 17 e 18". En realidade, non sabemos que alcance ten esta anotación: ¿quere dicir que a boa estructura é a que referencia e que a de Michaëlis estaba errada? ¿expresa que houbo unha manipulación posterior á actuación de Michaëlis no códice e que hai que retorar á estructura primitiva?

⁴¹⁸ CA, p. 134.

⁴¹⁹ Cf. CA II, p. 147.

⁴²⁰ Cf. Resende, p. 143. Deixamos para o artigo a explicación concernente ó cambio de autoría que se orixinou no desenvolvemento da tradición manuscrita da lírica galego-portuguesa con respecto á cant. B 175.

⁴²¹ Os responsables da ed. facs. de A, na estructura dos cadernos (p. 68), sinalan que a lagoa está ligada cun novo talón ó fol. 16.

que menos probable, pode que nese espacio en branco (3 páxinas) estivera *previsto* copiar la continuación de A 69, e dúas cantigas más, as que figuran en B 180 e B 181⁴²².

LAGOA VIII

- Localízase entre os fols. 20 e 21 do cad. IV, ligada ó fol. 24 por un novo talón⁴²³, e faltaría un folio (*CA*, p. 172; Resende, p. 144).

- A lagoa está entre a produción de Nuno Fernandez Torneol (A 70-81) e a de Pero Garcia Burgalés (A 82-94, con miniatura). A aparición en B dunha cantiga máis (B 185^{bis}), xusto despois da serie que aparece copiada en A e B, lévanos á suposición de que nesas tres páxinas de A podería estar prevista a copia desta e doutras cantigas (3 ou 4), descoñecidas, atribuídas a Nuno Fernandez Torneol; se ben tamén é posible que nesas páxinas figurese a produción dun autor que descoñecemos (*CA*, p. 172).

LAGOA IX

- Encóntrase entre os fols. 23 e 24 do cad. IV, ligada, segundo os autores da ed. facs. de A, ó fol. 21 mediante un talón orixinal, proba da súa propia existencia. Perderíase un folio. A presencia desta lagoa está sinalada polo carácter fragmentario de A 94 (fol. 23vb), da que só temos dous versos e medio, e de A 95 (fol. 24ra), da que non consta o seu *incipit*.

- O folio arrincado afecta á produción poética de Pero Garcia Burgalés, como o demostra B. De feito, neste cancioneiro, entre as correspondentes a A 94 (= B 198) e a A 95 (= B 202), baixo a rúbrica de Pero Garcia, encontramos tres cantigas que son as que estaban copiadas, previsiblemente, no folio perdido⁴²⁴.

LAGOA X

- Entre os fols. 29 e 30 do cad. V⁴²⁵; perderíase un folio. A existencia da lagoa vén sinalada polo aspecto inacabado de A 114 (fol. 30ra), que B atribúe a Fernan Garcia Esgaravunha. O fol. 29v está en branco, claro sinal de que a produción do trobador anterior (Johan Nunez Camanez) se dera por rematada, e que no folio seguinte principiaba a obra poética dun novo autor.

- No folio perdido, xa que logo, estaría a miniatura introductora da produción de Fernan Garcia Esgaravunha, as tres composicións que B lle atribúe xusto antes da serie coincidente con A e o inicio de A 114⁴²⁶.

⁴²² Resende, p. 152, conclúe que estas cantigas non formaron parte de A, senón que son integracións realizadas no primeiro nivel de B / V, durante a primeira metade do século XIV. Neste caso, ¿non poderían ser outras composicións, hoxe perdidas?

⁴²³ Michaëlis, *CA* II, p. 148, di que o fol. 24 permaneceu ben seguro no códice, porque da súa parella quedou o talón.

⁴²⁴ Michaëlis, *CA*, p. 200, considera tamén que estaría prevista a copia das tres cantigas, B 220-223, que figurán ó final da serie coincidente con A. Como xa sinalou Resende, pp. 144-145, 152, é moito texto para un único folio, polo que o razonamento de Michaëlis semella incorrecto.

⁴²⁵ Seguímos os criterios de Michaëlis, *CA*, p. 148. No estudio introductorio da ed. facs., a lagoa figura entre os fols. 28 e 29, coa indicación "com rebarba nova, estaba colocada a seguir ao fol. '29" (p. 69). Unha ollada ó facs. abonda para ver que a correcta situación desta lagoa é a de Michaëlis, xa que a fragmentariedade de A 114 (fol. 30ra) só se pode explicar pola presencia dunha lagoa anterior.

⁴²⁶ Cf. *CA*, p. 234 e Resende, p. 145.

LAGOA XI

- Entre os fols. 36 e 37 do cad. VI. A existencia da lagoa é indicada por Michaëlis, *CA*, p. 288, que di que falta un folio. Sen embargo, non sabemos cales son os indicios codicológicos que o permiten afirmar. Quizais sirvan de axuda as características das cantigas anterior e posterior á lagoa. De feito, semellan presentarse unitarias na súa concepción, o que invalidaría a existencia dunha lagoa; ademais, é necesario sublinhar que a cantiga A 143 (fol. 36vb, Roi Queimado) é seguida por 16 liñas regradas sen texto.

- De existi-la lagoa, o folio perdido ben podería estar en branco. Esta circunstancia encontra certo fundamento na presencia, despois da cantiga A 143 (fol. 36vb), de 16 liñas regradas sen texto. Isto pode significar dúas cousas, sempre que se dea por suposta a existencia da lagoa:

1. A produción de Roi Queimado dábase por finalizada e no folio seguinte, o perdido, iniciariase a obra poética dun novo autor, que non coñecemos.
2. A produción de Roi Queimado dábase por finalizada transitoriamente, deixando o folio seguinte, o perdido, en branco perante a eventual chegada de novos textos⁴²⁷.

LAGOA XII

- Sitúase entre os cad. VI e VII, e con moita probabilidade abrangue un caderno (¿caternión?), tal como o amosan os “cordões” que “estavam novamente cortados”. Nun principio “foram roubados apparentemente dois cadernos, um dos quaes se acha reintegrado conjecturalmente pela introducción de seis das folhas eborenses, as quaes constituem um conjunto coherente”⁴²⁸.

- O Cancioneiro B non nos serve de axuda, por presentar tamén unha lagoa moi más ampla cá de A, da que falaremos máis adiante. Se observámo-la secuencia ofrecida pola *Tavola Colocciana*, seremos quen de establecer que no caderno perdido estarían copiadas, polo menos, 31 cantigas pertencentes a Gonçal' Eanes do Vinhal e a Johan Perez d' Aboim (*CA*, p. 310). É moi probable que o fol. 46, actualmente ligado ó cad. VIII, sexa un dos folios deste caderno perdido. Nel están cinco cantigas que son atribuíbles a Johan Perez d' Aboim⁴²⁹.

LAGOA XIII

- Figura no final do cad. VII (fols. 40-45), xusto antes do fol. 46, avulso, que na actualidade está situado como primeiro do cad. VIII ligado á lagoa XIV. A lagoa é precedida pola cantiga A 179 (fol. 45vb) de Johan Soarez Coelho, do que a produción pódese dar por pechada xa que más da metade da columna *b* do fol. 45v está en branco. Segue á lagoa o fol. 46, pero, como xa sinalabamos na explicación á lagoa XII, este folio non tería que ir

⁴²⁷ Para Michaëlis, *CA*, p. 288, o folio perdido contería as dúas cantigas que B lle acrecenta á produción do trobador, as nº 265 e 266. Resende, p. 145, opta por considerar que estas dúas cantigas foron inseridas no cancioneiro de Roi Queimado despois da confección de A.

⁴²⁸ *CA* II, p. 148. O cad. constituído por folios procedentes da Biblioteca Pública de Évora é o VII.

⁴²⁹ Véxase o desenvolvemento deste aspecto na Introducción, no apartado adicado ás atribucións dubidosas, no nº 75; complétese tamén a información co exposto na lagoa IV dos apógrafo italiani.

colocado aquí; polo tanto, o que segue á lagoa é, en realidade, a produción do Anónimo 2, introducida pola miniatura XI⁴³⁰.

- É difícil establecer canta realidade textual está encuberta nesta lagoa, xa que nos encontramos nunha zona moi inestable, non só pola presencia do folio avulso, senón tamén pola do autor anónimo. Para Michaëlis, *CA*, p. 354, faltaría un folio, “e tal vez mais”. A mesma investigadora pensou na posibilidade de que nese folio estivesen copiadas as cantigas que en B figuran despois de Johan Soarez Coelho, B 331-336, atribuídas a Rodrigu' Eanes Redondo, pero desbotou esta posibilidade nun segundo momento (*CA* II, p. 210). Perante a inestabilidade xa comentada, é difícil establecermos calquera hipótese. O folio ou folios perdidos ¿non poderían conte-las cantigas dun autor descoñecido? É imposible responder a esta pregunta, só conxectar sobre a súa eventualidade.

LAGOA XIV

- No inicio do cad. IX (fols. 55-60)⁴³¹. A existencia da lagoa vén sinalada pola presencia dun talón orixinal, resto dun folio que debeu de ser arrincado, que a uniría á lagoa XV do mesmo caderno.

- Sitúase entre a produción de Johan Lopez de Ulhoa (A 199-209) e Fernan Gonçalvez de Seabra (A 210-221). Se temos en conta que a produción de Johan Lopez de Ulhoa dáse por rematada (o verso do fol. 54 está en branco) e que a de Fernan Gonçalvez de Seabra principia con miniatura, parece claro que a lagoa encobre “um pequeno cyclo de poesias, attribuidas a outro trovador” (*CA*, p. 408). ¿Quen é este trovador? Un indicio, quizais, é que en B, entre a derradeira cantiga de Johan Lopez de Ulhoa, B 360 (= A 209), e a cantiga de Fernan Gonçalvez de Seabra, B 384 (= A 217), coincidentes coa serie de A, hai catro trobadores: Fernan Fernandez Cogominho (B 361^{bis}-366^{bis}), Rodrigu' Eanes de Vasconcelos (B 367^{bis}-368^{bis}), Pero Mafaldo (B 369-374), Afonso Mendez de Besteiro (B 375-382) e Pero Mafaldo (B 383). ¿Non podería ser que o “outro trovador” sexa un destes catro? Resende parece non optar por esta solución, pero non se pode desbotá-la idea de que un deles figurara nese folio arrincado⁴³².

LAGOA XV

- Localízase no final do cad. IX (fols. 55-60). Debe de faltar un folio, o cal caería despois de ser arrincado o folio co que constituiría o bifolio⁴³³. A existencia da lagoa demóstra o feito de A 226 (fol. 61ra) atoparse incompleta, sen os seus dous primeiros versos.

- O verso do fol. 60 está en branco, sinal de que se rematara de copia-la produción de Afonso Lopez de Baian (A 224-225), o que implica que no folio perdido comezaría a obra dun novo autor, que, neste caso, polo correlato que ofrece B, sería Men Rodriguez

⁴³⁰ Véxase na Introducción, no bloque adicado ás atribucións dubidosas (nº 157,42, no apartado das cantigas anónimas), a hipótese de Resende sobre a identidade do autor desta cantiga.

⁴³¹ Seguímo-la disposición establecida por Michaëlis, *CA* II, p. 149; actualmente, segundo a disposición reflectida no estudio introductorio da ed. facs. (p. 69), a lagoa XIV semella estar unida ó fol. 46 mediante un talón novo. Véxase Lagoa XII.

⁴³² Resende, pp. 309, 337, 419-420, 428. Michaëlis, nun primeiro momento, considerou que os catro trobadores máis tres cantigas de Fernan Gonçalvez de Seabra (B 388, 390, 391) estaban inseridos nesta lagoa. Sen embargo, con posterioridade, *CA* II, p. 210, desautoriza tal “enchemento”.

⁴³³ Véxase o dito na lagoa XIV. Cf. *CA*, p. 408.

Tenoiro⁴³⁴. Polo tanto, no folio perdido estarían copiadas a miniatura, as cantigas n°s 397-400 de Men Rodriguez Tenoiro e o comezo de A 226 (= B 401 / V 11) do mesmo trobador⁴³⁵.

LAGOA XVI

- No cad. X (fols. 61-67, quinión), entre os fols. 61 e 62, faltaría un folio⁴³⁶ do que non quedan vestixios de existencia de bifolio. A existencia da lagoa, sen embargo, é clara se temos en conta que A 228, que os cancioneiros quiñentistas atribúen a Johan Garcia de Guilhade, está incompleta.

- O verso do fol. 61 está en branco, claro indicio do final da produción poética de Men Rodriguez Tenoiro (A 226-227), e sinal de que no folio perdido principiaría a obra dun novo autor. Polo tanto, no folio perdido irían copiadas a miniatura correspondente e as cantigas que B / V acrecentan á serie de A, con atribución a Johan Garcia de Guilhade: B 417 / V 28; B 425 / V 37; B 427 / V 39 e o inicio de A 228 (= B 418 / V 29 e B 426 / V 38; sobre tradición manuscrita)⁴³⁷.

LAGOA XVII

- No cad. X (fols. 61-67, quinión), entre os fols. 64 e 65, faltaría un folio do que queda o talón orixinal que liga a lagoa ó fol. 64⁴³⁸.

- A lagoa está precedida polo fol. 64v, en branco, sinal de remate da copia das cantigas de Johan Garcia de Guilhade (A 228-239), e está seguida pola produción de Estevan Faian (A 240-241; fol. 65) con espacio para a iluminación que simboliza o inicio das cantigas dun novo autor. O folio perdido, en virtude do carácter unitario das cantigas veciñas da lagoa, “deve portanto têr contido outra serie, restricta, *mas completa (de duas a cinco cantigas)*, com atribuição a um poeta diverso, a não ser que estivesse totalmente en branco”⁴³⁹.

Neste punto comentaremos algo verbo das dúas cantigas que os cancioneiros quiñentistas permiten atribuír a Estevan Faian: A 240 e A 241. As dúas encóntranse no fol. 65r; sen embargo, da segunda só se conservou, ou, mellor dito, só se copiou o primeiro verso (*Por muitas cousas eu que*), ficando más da metade da columna b do folio en branco. En B, despois da cantiga que corresponde a A 240 (= B 428), aparece tamén unha cantiga, pero o seu *incipit* non se corresponde co de A. Sen entrarmos en detalles⁴⁴⁰, diremos que, en contra do que pensa Michaëlis, CA, p. 470, a cantiga A 241, pola pobre existencia que dela quedou, é produción perdida de Estevan Faian.

⁴³⁴ Véxanse na Introducción, no apartado adicado ás atribucións dubidosas, o que se comenta sobre as cantigas deste trobador (nº 101).

⁴³⁵ Cf. Resende, pp. 147-148; CA, p. 436 e CA II, p. 210.

⁴³⁶ CA, p. 442.

⁴³⁷ Resende, p. 148. Michaëlis, CA II, p. 210, sen embargo, no tomo II da súa edición crítica, semella non estar moi contenta coa solución que adoptara ela mesma no primeiro tomo, nºs 454-456.

⁴³⁸ CA, p. 466.

⁴³⁹ CA, p. 466. A cursiva é nosa.

⁴⁴⁰ Remitimos ó artigo, base para este Apéndice, que se atopa no prelo.

LAGOA XVIII

- No cad. X (fols. 61-67, quinión), entre os fols. 66 e 67, faltaría, segundo Michaëlis, *CA*, p. 478, un folio. En realidade, non podemos establecer se realmente existiu dita lagoa, xa que non quedan vestixios dela no cancioneiro. Ademais, non se detecta ningunha cantiga fragmentaria na serie atribuída a Johan Vasquiz de Talaveira (A 242-245) e no fol. 67 comeza unha nova serie cun espacio previsto para a miniatura. De existir, sería anterior á súa encadernación, e nela tería que ir copiada unha pequena serie (de dúas a tres composicións) dun trovador que descoñecemos.

LAGOA XIX

- Localizaríase entre os fols. 70 e 71 do cad. XI (fols. 68-73)⁴⁴¹, entre as series que é posible atribuír a Pai Gomez Charinho (A 246-256) e Fernan Velho (A 257-264). Segundo Michaëlis, *CA*, p. 502, faltaría un folio. Este dato semella certo se temos en conta que quedaron vestixios do talón orixinal que, na actualidade, está ligado ó fol. 71.

- Se temos en conta que o verso do fol. 70 está en branco e que no fol. 71ra hai espacio para a miniatura dun novo autor, parece lóxico supoñer que no folio perdido estarían transcritas dúas ou tres composicións dun autor descoñecido.

LAGOA XX

- Sitúase entre os fols. 72 e 73 do cad. XI (fols. 68-73), onde atopamos vestixios dun folio arrincado, o seu talón, que está ligado ó fol. 69. A lagoa privounos do final da fiinda de A 264.

- A lagoa está precedida polas cantigas 261-264, que os cancioneiros quiñentistas permiten atribuír a Fernan Velho. Ademais, neste cancioneiro, ó final da serie coincidente con A, engádese unha cantiga de máis, B 442. Esta cantiga e o final da fiinda de A 264 figurarían no recto do folio arrincado. A diverxencia establecese no que se refire ó verso do folio extirpado, que, para nós, estaría en branco⁴⁴².

LAGOA XXI

- Entre os fols. 77 e 78 do cad. XII (fols. 74-78)⁴⁴³. Faltan dous folios (dun deles aínda é visible o talón de orixe formando parella co fol. 77; do outro hai un talón novo que o liga ó fol. 76)⁴⁴⁴.

- É difícil establecermos que cantigas conterían estes dous folios, xa que as cantigas que preceden e seguen á lagoa pertencen a autores anónimos, os chamados Anónimo 4 (fol.

⁴⁴¹ Disposición sinalada por Michaëlis, *CA* II, p. 149. O estudio introductorio da ed. facs. de A amosa que a estructura actual do caderno é de cinco bifolios (= quinión).

⁴⁴² Neste punto seguimo-la tese de Resende, p. 149. Michaëlis, *CA*, p. 518, anota a posibilidade de que no verso do folio perdido figurase un autor descoñecido.

⁴⁴³ Respectámolo a disposición establecida por Michaëlis, *CA* II, p. 149. No estudio introductorio da ed. facs. de A (p. 70) advírtese que actualmente o cad. XII é un ternión (fols. 75-78); sen embargo, os autores xa subliñan que, nunha futura restauración do cancioneiro, o fol. 74, hoxe último do cad. XI, ten que se-lo primeiro do cad. XII, e que formaría un bifolio coa que hoxe é a lagoa XXII.

⁴⁴⁴ *CA*, p. 546.

77v; o recto do fol. 77 atópase cheo de deseños e debuxos, a efectos de texto haino que considerar baleiro, en branco, e afecta á produción do Anónimo 3, A 267-276) e Anónimo 5⁴⁴⁵. Se partimos do feito de que a columna *b* do fol. 77v está en branco, pódese pensar que se daba por finalizada a produción do Anónimo 4, e, se temos en conta que no fol. 78ra hai espacio para a miniatura do Anónimo 5, nos dous folios perdidos estarían copiados “dous cyclos restrictos, mas completos de poesías; ou entao um só, um pouco maior” (*CA*, p. 546).

LAGOA XXII

- Sitúase ó final do cad. XII (fols. 74-78)⁴⁴⁶; formaría co fol. 74 o respectivo bifolio e cerraría o cad. XII. Segundo Michaëlis, *CA*, p. 554, faltaría un folio, que se perdeu antes da encadernación do cancionero.

- A lagoa está entre a serie A 278-280 do Anónimo 5 (fol. 78, a columna *b* do folio está en branco simbolizando a mudança de autor), e a serie A 281-284, que é posible atribuír a Pedr' Eanes Solaz, e que está perfectamente iniciada co espacio para a miniatura. Polo tanto, o folio perdido, tal como pensa Michaëlis, podería conter un “cyclo muito restricto, mas completo, de poesías attribuidas a um só trovador”. Sen embargo, non se pode desbotá-la idea de que o folio estivera en branco perante a previsión de o compilador incremen-ta-la produción poética do trobador anterior á lagoa, o Anónimo 5.

LAGOA XXIII

- No cad. XIII (fols. 79-82), entre os actuais fols. 79 e 80, faltarían dous folios, tal como sinalan os vestixios que quedaron e que os ligan ós fols. 80 e 81, cos que constituirían os respectivos bifolios.

- A lagoa está precedida pola serie A 281-284 (fol. 79vb en branco) e seguida pola serie A 285-287 (fol. 80), ben delimitadas no que se refire ó remate da primeira e ó inicio -con espacio previsto para a miniatura- da segunda. É imposible establecermo-lo que estaba copiado neses folios, se é que o estaban, xa que é moi probable que estivesen en branco.

LAGOA XXIV

- Entre os fols. 80 e 81 do cad. XIII (fols. 79-82) localizaríase esta lagoa da que non quedan vestixios na restauración do manuscrito, polo que, en realidade, é difícil establecer se existe. De feito, as cantigas veciñas da lagoa preséntanse unitarias, sen indicios de fragmentariedade, e cos lindeiros da serie que precede (A 285-287; fol. 80v, a columna *b* case toda en branco; Fernan Padron) e da serie que segue (A 288-292; fol. 81v, con espacio para a miniatura, o recto do folio está en branco) ben delimitados. Sen embargo, Michaëlis, *CA*, p. 574, que non dubida da existencia da lagoa, di que estaría copiado un pequeno ciclo dun autor que non coñecemos.

⁴⁴⁵ Véxase o dito na Introducción, no apartado adicado ás atribucións dubidosas, a propósito da cantiga **157,1** e as outras que xunto a ela se comentan, para a posible identificación do Anónimo 3 con Vasco Perez Pardal, e do Anónimo 5 cun personaxe de Santarém; para a identidade do Anónimo 4, véxase o nº **157,58**.

⁴⁴⁶ Cf. *supra* Lagoa XXI.

LAGOA XXV

- Localizaríase entre os actuais cad. XIII (fols. 79-82) e o XIV (fols. 83-88), e, segundo Michaëlis, *CA* II, p. 149, “o cordão está partido. Parece faltar um caderno” (a cursiva é de Dona Carolina). A propia estudiosa, *CA*, p. 586, amosa a súa indecisión e anota a posibilidade de que non teña razón de se-la presencia desta lagoa. De feito, as cantigas que preceden (A 292, fol. 82v, a columna *b* case toda en branco; Pero da Ponte) e seguen (A 293, fol. 83r con espacio para miniatura; Vasco Rodriguez de Calvelo) están perfectamente delimitadas e preséntanse unitarias na súa forma.

- Aínda así, de ser certo que existe esta lagoa -o que poñemos en dúbida- en B, entre as cantigas que corresponden a A 292 (= B 983 / V 570) e a A 293 (= B 993^{bis} / V 582), encontrámonos con 8 cantigas atribuídas a Pero da Ponte (B 984-990 / V 571-578) que poderían estar copiadas nese caderno; sen embargo, como se ve, son moi poucas cantigas para tantos folios. ¿Non podería ser que en vez dun caderno fosen folios soltos (*¿dous?*) os que faltasen? Como queira que esta hipótese non pode ter un apoio nin codicolóxico nin textual, é preferible dicir que a lagoa, en realidade, pode moi ben non existir.

LAGOA XXVI

- No cad. XIV (fols. 83-88)⁴⁴⁷, entre os fols. 84 e 85, localizaríase esta lagoa. Na actualidade semella non quedar vestixios dela. Sen embargo, a súa existencia non se pode poñer en dúbida se temos en conta que a cantiga que precede á lagoa, A 302 (fol. 84v*b*; Vasco Rodriguez de Calvelo), ficou incompleta (só cinco versos), e que a cantiga que segue á lagoa (A 303, fol. 85ra; Martin Moxa) está privada do seu comezo (só tres versos). Outra cousa é establecer cánto folio falta. Para Michaëlis, *CA*, p. 604, “é impossível calcular o que falta”. Nembargantes, establece como punto de partida que faltan, polo menos, dous folios, necesarios para realiza-lo labor de completa-las cantigas.

- Por iso, seguindo a hipótese de Michaëlis, apoiada por Resende⁴⁴⁸, e baseándonos só no que é más ou menos probable, no primeiro folio irían o final de A 302, composición que é posible atribuír a Vasco Rodriguez de Calvelo, e a cantiga que os apógrafos italianos acrecentan á súa producción B 998 / V 587. No outro folio irían a miniatura e as primeiras composicións (*¿tres?*), incluído o inicio de A 303, dun autor que é posible identificar con Martin Moxa.

LAGOA XXVII

- Sitúase entre os fols. 86 e 88⁴⁴⁹. Michaëlis, *CA*, p. 616, sinala que son tres os folios que se perderon por mor desta lagoa e di que deles “ficaram apenas as rebarbas (...) cortadas, apparentemente, ainda antes da encadernação”. Sen embargo, no deseño da constitución que se ofrece no estudio introductorio da ed. facs. de A, p. 70, semella que só se perdeu un folio, ligado mediante un talón novo ó fol. 88. Sexa como sexa, o certo é que non

⁴⁴⁷ Queremos lembrar que o fol. 88 “encontrava-se colado à tabua anterior da encadernação” (estudio introductorio da ed. facs. de A, p. 70) e que o fol. 87 estaba “colado à tábua posterior”. Por iso, cremos conveniente expoñela paxinación que figura na actualidade: fol. 83, fol. 84, lagoa XXVI, fol. 85, fol. 86, lagoa XXVII, fol. 88, fol. 87, lagoa XXVIII.

⁴⁴⁸ Resende, p. 150, n. 61.

⁴⁴⁹ Cf. *supra* Lagoa XXVI.

poderemos responder positivamente a esta dúbida antes de consultar *in situ* o propio cancionero, polo que deixamos aberta a cuestión.

- A lagoa está precedida por A 307 (fol. 86ra, a columna *b* e o verso están en branco; Martin Moxa) e está seguida por A 308 (fol. 88ra, con espacio para a miniatura; Roi Fernandiz de Santiago). É realmente difícil, ou imposible, conjecturar sobre o que podería(n) conte-lo(s) folio(s), pero a nosa impresión é que podería tratarse sinxelamente de folios en branco, á espera de recibir novos textos do autor anterior á lagoa, Martin Moxa.

LAGOA XXVIII

- Esta lagoa non é sinalada por Michaëlis na súa edición crítica (t. I), pero é evidente a súa existencia, xa que a cantiga A 310 necesita dos apógrafo italiani (B 902 / V 487) para completarse⁴⁵⁰. Por outra banda, no deseño do caderno ofrecido polo estudio introductorio da ed. facs. de A, p. 70, semella estimarse a lagoa en tres folios dos que quedarían vestixios en forma de cortes con talón orixinal. A estes efectos preguntámonos se estes tres vestixios de folios cortados non se corresponderían cos que Michaëlis sinala para a lagoa XXVII.

- Sen entrarmos nas hipóteses indemostrables, só podemos asegurar que no folio que seguiría, estaría copiada a continuación de A 310 de Roi Fernandiz de Santiago.

RECAPITULACIÓN⁴⁵¹

É certo que o *Cancioneiro da Ajuda* é en exceso inacabado e que as dúbidas se estenden a calquera das formulacións que se fan sobre a súa estructura primitiva. Sen embargo, é necesario traballar sobre unha base un pouco firme, por moi inseguro que sexa o seu asentamento teórico. Por iso, a reconstrucción de Michaëlis ofrece un punto de partida metodolóxico non só consistente, polo fortalecemento que lle deu o transcorrer do tempo, senón tamén dialéctico e aberto á renovación que se produciu no eido da crítica textual tanto interna como externa.

Unha das notas más salientables que se desprenden do estudiado é que o *Cancioneiro da Ajuda* non foi encadernado probablemente ata o século XVI. Isto explicaría non só a dispersión de folios, senón que fornecería un dato para comprendermos cal foi o sistema de copia: sobre cadernos soltos. Destes cadernos soltos, catro perderíanse (= Lagoa I), antes de seren encadernados no século XVI (¿por Pero Homem?) os restantes cadernos do cancionero xunto co *Livro de Linhagens do Conde D. Pedro*. Deses cadernos, dous perdéreronse (= Lagoas III, XII), trece conserváronse, e un foi atopado na Biblioteca Pública de Évora⁴⁵².

A correspondencia con B / V apunta de maneira clara para un modelo *concluído físicamente*⁴⁵³, pero ese modelo, pola súa coetaneidade co movemento trovadoresco, podería

⁴⁵⁰ Sen embargo, no cadro sinóptico que acompaña ó seu estudio do *Cancioneiro da Ajuda*, sinala a presencia desta lagoa (CA II, p. 200).

⁴⁵¹ Ofrecemos tan só unhas pequenas notas. No artigo que sairá, a información é moito más rica en detalles e en contrastes teóricos coa crítica especializada. A el remitimos ó lector curioso de saber algo máis sobre as peculiaridades codicolóxicas que encerra a producción perdida do *Cancioneiro da Ajuda*.

⁴⁵² Cf. CA, p. 110.

⁴⁵³ Cf. CA II, p. 223; Resende, pp. 230-232.

ser incrementado, cousa que acontecería por medio de pequenos rolos de autor, o que G. Gröber nomeou *Liederblätter*. Esa contemporaneidade explicaría por que se deixaban espacios en branco, o que responde, por riba de todo, á capacidade filolóxica do compilador de A e ó seu coñecemento do fenómeno trobadoresco.

2. LAGOAS E PRODUCCIÓN PERDIDA NOS APÓGRAFOS ITALIANOS.

LAGOA I

- Localízase no cad. II, actualmente dous bifolios (fols. 10-13), pero que na súa orixe sería un quinión, do que se perderían os tres bifolios interiores, isto é seis folios; ademais, os fols. 12-13 están en branco⁴⁵⁴. A cantiga 8^{bis} (fol. 11v, Diego Moniz, nº 27,2) quedou reducida a tan só 7 versos por antecede-la lagoa. Segue a cantiga nº 37 (fol. 14, Osoir' Anes, nº 111,5). Existe, polo tanto, un claro salto numérico.

- Para sabermos que é o que falta entre a cantiga 8^{bis} e a 37, temos que recorrer ó testemuño da *Tavola Colocciana* (C)⁴⁵⁵, que nos vai facilita-la estructura inicial de B:

- 12. Diego Moniz
- 13. Pero Paez Bazoco
- 21
- 20. Johan Velaz
- 22. Don Juano
- 23. Johan Soarez de Pávia
- 29. Pero Rodriguez de Palmeira
- 31. Don Rodrigo Diaz dos Cameros
- 34. Airas Soarez
- 37. Osoir' Anes

Esta lista fala por si mesma: a lagoa afecta á produción de 8 autores, e faltarían 27 textos, que, por ser da primeira sección do cancionero, serían de amor. Por desgracia, destes oito autores non quedou ningún testemuño literario, agás nos casos de Diego Moniz (nº 27), do que quedaron dúas cantigas, e Johan Soarez de Pávia, do que nos quedou unha cantiga de escarnio (nº 80,1).

No que segue ofrecemos unha mínimas coordenadas biográficas dos trobadores afectados, respectando a súa aparición en C, co gallo de contextualizar, na medida do posible e o máis axeitado que se poida, a personalidade destes autores e a produción perdida dos mesmos⁴⁵⁶.

1. **Diego Moniz.** Deste trobador (cf. nº 27) conserváronse 2 cantigas de amor, a segunda delas (27,2) incompleta. Perdérónse outras dúas cantigas e a continuación de 8^{bis}.

⁴⁵⁴ Ferrari, *Formazione*, p. 94.

⁴⁵⁵ A nosa grafía difire, por razóns de coherencia interna, da empregada por Gonçalves, *Tavola*, na súa excelente edición.

⁴⁵⁶ Para aqueles trobadores dos que se conservou algúnsa composición remitiremos ás fichas bio-bibliográficas da nosa edición.

2. Pero Paez Bazoco. Non se conservou ningunha cantiga del. Segundo C, serían 8 as cantigas perdidas. Activo poeticamente entre os derradeiros anos do séc. XII e a primeira metade do XIII. Sería membro da pequena nobreza ourensá (Resende, p. 423). Polo testamento do pai dedúcese que a familia se relacionaba cos mosteiros de Oseira e de Vilanova de Dozón, do que a abadesa era tía do autor. Nada se pode dicir sobre os ambientes cortesáns que frecuentou.

3. Johan Velaz. Perdeuse a única cantiga que, segundo C, compuxo. Activo entre a fin do séc. XII e a primeira metade do XIII. É fillo dun Vela. Nos *Livros de Linhagens* hai un Ponço Velas de Cabreira, fillo de Vela Ponço e de Elvira Perez de Trava. Tamén se rexistra o casamento dun membro da liñaxe anterior, Sancha Ponce de Cabreira, con Vela Gutierrez, fillo de Gutierrez Bermudez, conde de Montenegro, e de Toda Perez de Trava. Deste casamento nacería un varón co nome do trobador, e este á súa vez daría o seu nome ó seu fillo. Sen máis datos, é difícil establecer un lazo de unión entre estes individuos e o noso trobador. En Castela, Resende, p. 374, encontrou un “Johannes Velaz”, testemuña nunha doazón de Alfonso VIII ó mosteiro de Oña en 1171.

4. Don Juano. Autor dunha cantiga de amor, que debeu de ser composta entre os últimos anos do séc. XII e os primeiros do seguinte. A ausencia do patronímico imposibilita, de primeiras, calquera hipótese de traballo.

5. Johan Soarez de Pávia. Os apógrafos italianos conservaron deste trobador un escarnio político, do que as referencias cronolóxicas permiten situa-la súa composición nos anos 1200-1201. É, xa que logo, o trobador máis antigo con produción conservada (cf. nº 80). Mágoa que se perderan as 6 cantigas de amor referenciadas por C.

6. Pero Rodriguez de Palmeira. Perdéreronse as súas dúas cantigas de amor. Membro dunha liñaxe que se asentou en Portugal, a carón do río Ave, en terras de Vermoim e preto do mosteiro de Landim, centro espiritual da liñaxe, a inicios do séc. XII, por medio de Gonçalo Rodriguez da Palmeira, irmán de Men Rodriguez de Touges e fillo de Rodrigo Froilaz⁴⁵⁷. Da liñaxe dos Palmeira saírá a dos Pereira.

Os *Livros de Linhagens* semellan distinguir entre un Pero Rodriguez de Pereira e un Pero Rodriguez de Palmeira, fillos “respectivamente, de Rodrigo Gonçalves de Palmeira ou Pereira e Elvira Gonçalves de Palmeira”⁴⁵⁸. Serían contemporáneos e vivirían entre a fin do séc. XII e inicios do XIII. Resende opta polo segundo, que nos *Livro de Linhagens do Deão* é calificado como o que “morreo de amor”. Entre 1180-1183 aparece como tenente de Viseu e Trancoso, na Beira. A partir destas datas, nada sabemos del, polo que debeu de vivir afastado da corte ou das terras portuguesas. Aínda seguía vivo en 1255⁴⁵⁹. Martin Rodriguez, bispo de Porto (1191-1235) sería o seu irmán.

7. Rodrigo Díaz dos Cameros (1186-1230). Autor de tres cantigas de amor que non chegaron ós nosos días pola lagoa de B. Foi eloxiado polo trobador occitano Elias Cairel, ó que acolleu na súa corte. Fillo de Diego Jimenez e de Guiomar Fernandez de Trava, era contemporáneo doutros importantes membros da alta nobreza peninsular, dos que as cortes eran, o mesmo que a súa, centros de recepción do movemento trobadoresco: Diego Lopez

⁴⁵⁷ Resende, *A camiño*, p. 250.

⁴⁵⁸ Resende, pp. 423-424.

⁴⁵⁹ Mattoso, *Identificación*, pp. 177-178. O historiador portugués valora a posibilidade de que os dous Pero Rodriguez citados polos *Livros de Linhagens* sexan unha mesma persoa.

de Haro o Bon (1170-1214), sogro do trobador; Fernando Nunez de Lara (1173-1218); o navarro Pero Ruiz de Azagra (1170-1186), señor de Albaracín; Ermengol VIII (1184-1209), gobernador da terra de Urgel. As alianzas, a través de casamentos, entre estas familias (Haro, Lara, Azagra e Urgel) están aseguradas ó longo do séc. XII⁴⁶⁰.

Rui ou Rodrigo Diaz aparece documentado nas cortes de Alfonso VIII de Castela e de Fernando III entre 1186 e 1230. Participaría na Batalla das Navas de Tolosa (16 xullo de 1212), levada a cabo pola coalición cristiá peninsular, agás o Reino de León. Casou coa filla de Diego Lopez de Haro o Bon, Aldonza Díaz. Hai que salienta-las súas relacións cos mosteiros de Nájera, San Prudencio e Canas (Resende, p. 430).

8. Airas Soarez. Perdérónse as súas 3 cantigas de amor. Activo entre finais do séc. XII e a primeira metade do séc. XIII. O nome non figura rexistrado nos *Livros de Linbagens* e, na documentación galega e portuguesa manexadas por Resende, só hai dous individuos con ese nome, que mesmo poderían ser unha mesma persoa. De ser dúas persoas distintas, o candidato máis probable é o Airas Soarez “laicus” que testemuña en 1204 unha venda en Búval ó priorato de Sar, xuntamente con Pai Soarez de Ribela (¿pai do trobador Roi Paez de Ribela?) e con Fernan Paez (¿de Talamancos?). Sería, de se confirma-la identidade do último, contemporáneo de Fernan Paez de Talamancos e da mesma rexión ca el (Resende, p. 321).

LAGOA II

- Localízase no actual cad. IV (fols. 24-35; senión). No fol. 34v vai a cantiga de Nun' Eanes Cérzeo, B 137 (nº 104,8), o fol. 35r está en branco e no verso segue a cantiga B 140 do mesmo trobador.

- No recto do fol. 35 estaría contemplada a copia das cantigas nºs 138 e 139 e que C atribúe a Nun' Eanes Cérzeo. A causa de tal ausencia é debida, quizais, á modificación da estructura dos actuais cad. IV, V e VI que se orixinou entre o proxecto de Colocci e a realidade do proceso de copia. De feito, está demostrado que o actual cad. V se entremeteu entre o IV e o VI, que serían contiguos⁴⁶¹.

LAGOA III

- Rexístrase no cad. VII (fols. 49-54; ternión). Nel hai unha excesiva presencia de espacio en branco que abrangue os fols. 51v, 52-54 e que se estende ata o fol. 55, primeiro do cad. VIII (fols. 55-68; heptanión). Sen embargo, a pesar desta presencia, non hai alteración na numeración das cantigas: no fol. 51rb a cantiga nº 199, e no fol. 56ra a 200.

- ¿Non podería este espacio en branco corresponderse cunha lagoa de tipo constitutivo, isto é, a un momento do proceso de copia do *exemplar* (¿desencadernado?) de B, por atoparse deteriorado nesta altura?

⁴⁶⁰ Resende, *A caminho*, p. 256.

⁴⁶¹ Remitimos ós traballos xa mencionados de Gonçalves, *Tavola*, pp. 435-436, e de Ferrari, *Formazione*, pp. 98-102, para o que se refire ó erro cometido na asignación do inicio da producción de Pero Velho de Taveirós -di que principia no 140, por mor da ambigua rúbrica atributiva (véxase na nosa Introducción, no apartado adicado ás atribucións dubidosas, o nº 104)-, e no que concerne á primitiva disposición destes cadernos respectivamente. Véxase tamén o dito sobre a lagoa III de A.

LAGOA IV

- No cad. IX, actualmente un binión (fols. 69-72), pero que debeu de ser un quinión, perdéronse tres bifolios, dos que áinda hai vestixios⁴⁶². A estructura do caderno é artificiosa e resulta da unión desordenada de folios e talóns (vestixios de folios cortados). A lagoa manífestase tamén no chamativo salto numérico que se dá entre cantigas aparentemente veciñas: da 272 (fol. 69v) pásase á [316] (fol. 70r), da que só quedou o derradeiro verso.

- Para sabermos que cantigas e trobadores faltan hai que botar man de C. Así, estaremos en condicións de poder dicir que as cantigas ausentes son:

- o final de B 272 e 7 cantigas de Vasco Gil;
- 14 cantigas de Gonçal' Eanes do Vinhal;
- 17 cantigas de Johan Perez d' Aboim
- e case 5 de Johan Soarez Coelho.

Polo tanto, son 43 as cantigas ausentes. V, pola súa lagoa inicial non nos serve de axuda. En A hai tamén unha lagoa, a XII, áinda que de menor extensión cá de B, que permite recuperar (ou polo menos pensar que é así) unha pequena parte das cantigas perdidas, de tal modo que as cantigas para sempre perdidas son as 14 de Gonçal' Eanes do Vinhal e as 17 cantigas de Aboim, a non ser que A 157 e as cinco composicións (A 180-184) do fol. 46 avulso se identifiquen cunha pequena parte desas 17 cantigas⁴⁶³.

LAGOA V

- O actual cad. X (fols. 73-86; heptanión) é froito da unión de dous fascículos de menor entidade: o X, que comezaría no fol. 75 e remataría no fol. 84, ó que lle seguiría outro (X^{bis}) composto polo menos por dous bifolios (as parellas fols. 85-74 e 86-73; os fols. 86v, 73 e 74 están en branco), que se engadiu ó cad. X, por razóns que se remontan ó estado deteriorado do *exemplar* de B, ou á perda de folios.

- O carácter inacabado do primitivo cad. X^{bis} pudo se-la causa de que, entre B 383 (fol. 86r, último folio do actual cad. X; Pero Mafaldo) e B 384 (fol. 87r, inicio do cad. XI; Fernan Gonçalvez de Seabra), non se copiara o inicio da obra de Fernan Gonçalvez de Seabra tal como aparece en A. Faltan, xa que logo, as cantigas A 210-212 e A 214-216⁴⁶⁴.

LAGOA VI

- Afeta á estructura dos actuais cad. XII (fols. 97-100; binión), XIII (fols. 101-107; caternión) e XIV (fols. 108-110). Baseándose na súa estructura e na ausencia entre o cad. XIII e XIV da letra de rexistro Q, A. Ferrari considera que na súa orixe teríamos un quinión coa seguinte secuencia: fols. 97-98-107-108-109-110-fol. perdido-fol. perdido-fols. 99-100. A anómala presencia de dous binións (cad. XII e XIV) non é debida á mutilación do códice, senón que obedece ós factores de copia de B.

⁴⁶² Ferrari, *Formazione*, p. 106.

⁴⁶³ Resende, pp. 53, 146, 358.

⁴⁶⁴ Véxase na Introducción o bloque adicado ás atribucións dubidosas para o que se refire a estas cantigas: nº 44; complétese a información co exposto na análise da lagoa XIV de A.

- A mesma estudiosa sinala que en A “tra B 450 e B 451 (no fol. 98v) son presentes in A 14 componimenti”⁴⁶⁵. ¿Que quere decir? ¿Que estaría prevista a copia desas 14 cantigas neste sector de B? Sexa cal sexa a resposta, o certo é que B 450 corresponde a A 266, pero B 451 non ten correspondencia en A. Polo tanto, é difícil establecer este feito.

En V rexistrámo-la ausencia das seguintes cantigas á mesma altura: B 446-448 (Pero Viviaez); B 449-450 (Bonifaci Calvo); B 454 (Garcia Mendiz d' Eixo); B 455 (o Conde Gonçalo Garcia); B 456-478 (Alfonso X). De B 478 só se conserva o primeiro verso (*Joham Rodriguez, vejo-vos queixar, nº 18,22*), que os estudiosos adoitan identificar con V 61 (*E com[e]l omen que quer mal doitear, nº 18,17bis*)⁴⁶⁶, a pesar de que non se conservou desta última o incipit nin mesmo a súa primeira estrofa. Por iso, coidamos que é precipitado identificalas, xa que o verso de B 478 podería se-lo único vestixio dunha cantiga que se nos perdeu.

LAGOA VII

- Localízase nos fols. 134vb e 135ra do cad. XVII (fols. 131-138; caternión). No fol. 134vb, despois da cantiga *Non me poss' eu de morte defender* (B [610bis], nº 118,5), encontrámonos cun enigmático espacio en branco coa única presencia dun *incipit* fragmentario (*T[al sazon] foy en que eu ja pod[ia]*; B 611, nº 118,10), ó que lle seguen seis *cruces desperationis*, catro delas no fol. 135ra e co trazado da inicial. Despois das *cruces* témo-la cantiga B 612 de Pero Larouco.

- Nese espacio sinalado estaría prevista a copia dunha cantiga que non era de doada lectura por atoparse deteriorado o *exemplar* de B / V. En V a situación difire da expresada por B. Das tres estrofas de B 610^{bis}, V 213 só transmite a primeira, mentres que non deixa ningún espacio en branco antes da cantiga correspondente a B 612 (= V 214).

LAGOA VIII

- No fol. 163v do cad. XX (fols. 159-166; caternión), dáse un salto numérico entre dúas cantigas contiguas, B 755 (fol. 163va; Johan Garcia de Guilhade, nº 70,39) e B 776 (fol. 163vb; Johan Garcia de Guilhade, nº 70,21).

- Este salto numérico semella estar contemplado en C, xa que lle atribúe o grupo 741-778, isto é, 38 cantigas; en realidade en B hai 18 cantigas. A discontinuidade é debida, segundo E. Gonçalves, a un erro de automatismo de Colocci á hora de numera-los textos. En V non se rexistra ningún salto entre os dous textos que teñen os nºs 358 e 359⁴⁶⁷.

LAGOA IX

- No cad. XXII (fols. 177-182; ternión) os fols. 180rb, 180v, 181-182, os últimos do fascículo, están en branco.

- Esta circunstancia non afecta á numeración das cantigas, xa que non se rexistra salto numérico entre B 857 e B 858. Non é posible establecer se existe unha lagoa, ou ben, se

⁴⁶⁵ Ferrari, *Formazione*, pp. 114-115.

⁴⁶⁶ Véxase D'Heur, *Recherches*, p. 27, nº concordancias 476; véxase tamén RM 18,22.

⁴⁶⁷ Gonçalves, *Tavola*, p. 400, n. 62. Para outro criterio véxase Tavani, *Relações*, p. 70, n. 12.

existe, esta debe de ser de tipo constitutivo e remitir ó estado deteriorado do *exemplar*. Neste sentido, sinalemos que de B 857, de Afonso Paez de Braga, só se conservou unha estrofa. En V 443 tamén figura cunha única estrofa (nº 8,4).

LAGOA X

- No cad. XXIII (fols. 183-190; caternión) atopámonos con numerosos espacios en branco en diversos lugares dos folios seguintes: fols. 185va, 185vb, 186rb, 187va, 188va, 188vb, 189r (case enteiro), 189v e 190.

- A produción que se ve afectada é a do trobador Airas Nunez (nº 14). Sen querer afirmar nada, cremos que unha parte relativamente importante do *exemplar* non chegou a nós. A disposición das cantigas, cos seus espacios en branco pode ser unha perfecta mostra do estado do *exemplar*. Ese deterioro é o motivo de que se perderan os finais de B 872, 874, 879 e 882⁴⁶⁸, de que non se copiaron dúas cantigas (despois de B 885, e entre B 888 e 889) e quen sabe se as catro páxinas en branco que seguen a B 889 obedecen a unha lagoa constitutiva ou se é que se calculou mal o papel necesario á hora de confecciona-los cadernos.

LAGOA XI

- Rexístrase no cad. XXVI (fols. 209-216; quinión). No fol. 209vb, témo-la cantiga B 970, de Afons' Eanes do Coton, da que só figura o *incipit*: *A quantos sabem trobar*, ó que lle segue un espacio en branco que se prolonga ata o fol. 210ra.

- Esta cantiga ten a súa correspondencia en V 557, onde o copista transcribiu catro versos. O modelo, sen dúbida, atopábase deteriorado e era de difícil lectura. Polo tanto, xa que só se nos conservaron catro versos, é lóxico dicir que se nos perdeu unha composición de Afons' Eanes de Coton (cf. nº 2,5).

LAGOA XII

- Ó cad. XXVI, do que xa falamos no punto anterior, “extirpáronlle” dous folios, dos que son visibles os talóns, que terían que seguir ó actual fol. 216.

- Por mor desta lagoa fáltanno-las cantigas B 1001 (só temos tres versos; Roi Martinz d' Ulveira, nº 146,4), recuperable por V 590; B 1002, do mesmo trobador (nº 146,1), e que coñecemos gracias a V 591; B 1003, de Pero Gomez Barroso (nº 127,4), coñecida na súa dimensión gracias a V 593-594; B 1004-1012 (desta só faltan os dous primeiros versos), da serie 1004-1052 atribuída por C a Johan Airas de Santiago, e que son recuperables gracias á serie de V 574-604⁴⁶⁹.

LAGOA XIII

- No fol. 225ra do cad. XXVII (fols. 217-226; quinión), a cantiga B 1059, atribuída a Martin Perez Alvin (nº 96,2), só ten dous versos. V 649 transcribe tamén só dous versos.

⁴⁶⁸ O estudio destas lagoas menores poderá consultarse no artigo, no prelo.

⁴⁶⁹ Gonçalves, *Tavola*, pp. 401-403.

- Para Tavani, *RM*, sería unha fiinda de B 1058; sen embargo, a nosa hipótese é que estamos perante o inicio dunha cantiga que xa se amosaba deteriorada no *exemplar*, de aí que o copista se limitara a transcribi-lo que vía.

LAGOA XIV

- O cad. XXIX (fols. 233-240; catenión) caracterízase polo seu aspecto lacunar, debido non a mutilacións de folios, senón á presencia de espacios en branco. No fol. 237rb, despois de B 1109, témo-la presencia dun espacio en branco, que ocupa máis da metade da columna, no que figuran tan só unha rúbrica atributiva (Johan Baveca) e un número (1110), seguidos no verso do fol. 237 pola cantiga 1111 de Galisteu Fernandiz.

- En C a serie 1103-1110 é atribuída a Johan Baveca. En V, entre as cantigas correspondentes a B 1109 (= V 700) e B 1111 (= V 701), non hai ningún espacio en branco, como adoita ser habitual no copista de V, máis atento a criterios estéticos que filolóxicos. Polo tanto, podemos presumi-la perda dunha cantiga de Johan Baveca.

LAGOA XV

- No fol. 237v do cad. XXIX (fols. 233-240; catenión), os espacios en branco afectan a dúas cantigas, a 1111 de Galisteu Fernandiz (na columna *a* do folio), e a [1111^{bis}], da que non temos nin o número nin, en apariencia, os seus dous primeiros versos.

- Sen desenvolver toda a problemática, establecerémo-la nosa hipótese ó redor do estado deteriorado do *exemplar*, culpable de que a tradición manuscrita de Galisteu Fernandiz chegara a nós incompleta. Previsiblemente, en virtude dos espacios en branco, poderían faltar dúas cantigas: unha despois de B 1111, nun espacio en branco sinalado por *cruces desperationis*, suficiente para transcribir tres estrofas; outra entre [1111^{bis}] e B 1112.

LAGOA XVI

- No fol. 247v do cad. XXX (fols. 241-250; quinión), despois de B 1158, atribuída a Johan Zorro (nº 83,9), hai un espacio en branco, sinalado por tres *cruces desperationis*, ó que lle segue a cantiga B [1158^{bis}]. En V, entre as cantigas que lles corresponden (V 760 e 761) non hai espacios en branco.

- Apoiándonos nese espacio en branco e nesas *cruces desperationis*, podemos presupونela probable perda dunha cantiga de Johan Zorro.

LAGOA XVII

- No fol. 256va do cad. XXXI (fols. 251-260; quinión), despois de B 1207, atribuída a Pero d' Armea (nº 121,3), hai un espacio en branco subliñado coa presencia de tres *cruces desperationis*. Séguelle a cantiga 1208 de Pedr' Amigo de Sevilha (nº 116,6).

- Baseándonos na presencia dese espacio en branco e das *cruces*, avanzámola posibilidade de que se perdera unha cantiga de Pero d' Armea. Unha situación análoga á rexistrada na lagoa XVI.

LAGOA XVIII

- Entre o fol. 297r e o 298r do cad. XXXV (fols. 289-298; quinión) prodúcese unha serie de feitos que convén estudiar con detención. En primeiro lugar, o verso do fol. 297 está en branco, orixinándose un anómalo salto de numeración entre a cantiga 1390 (fol. 297rb) e a 1430 (fol. 298ra), da que só nos quedou o derradeiro verso.

- Parece claro, polo tanto, a existencia dunha lagoa, que debe de obedecer a unha mutilación posterior á confección do cancioneiro, posiblemente ligada á ausencia da letra de rexistro MM⁴⁷⁰, se temos en conta que a *Tavola*, síntese feita sobre B, menciona os textos e os autores que están comprendidos nese salto numérico⁴⁷¹: Gonçal' Eanes do Vinhal (9); Johan Lobeira (1); Johan Perez d' Aboim (2); Johan Soarez Coelho (14); Roi Paez de Ribela (2); Johan Servando (4); Lourenço (5); Don Pedro, Conde de Barcelos (4). As 41 cantigas, afortunadamente, coñécense na súa dimensión gracias á serie de V 1000-1041.

LAGOA XIX

- No fol. 326ra do cad. XXXVIII (fols. 321-330; quinión), despois da cantiga 1561 de Estevan Faian (nº 31,1), figuran unha rúbrica (*Meen Paez fez estas cantigas de mal dizer*) e o primeiro verso dunha cantiga (*Dizer vus quero com' oy chufar*). Segue despois un prolongado espacio en branco ata o fol. 330. No seguinte folio figura o final de B [1572], sendo B 1573 unha tensó entre Pero Garcia d' Ambroa e Johan Baveca.

- É visible, polo tanto, a ausencia de case once textos. C, outra vez, sérvenos de apoio indispensable para ter presente cal era a situación de B. Faltan as cantigas 1562 (agás o primeiro verso)-1564 de Men Paez (nº 99), as 1565-1568 de Pero Viviaeza (nº 136), e as 1569-1571 e o inicio de 1572 de Pero Garcia d' Ambroa. Por desgracia, V non nos serve de axuda, xa que este cancioneiro, por lagoa constitutiva, non transmite as cantigas correspondentes á serie B 1501-1578 entre V 1110 (= B 1500) e V 1111 (= B 1579). Polo tanto, perdéronse do corpus galego-portugués case 11 cantigas pertencentes a 3 trobadores.

LAGOA XX

- No fol. 355vb do cad. XLI (fols. 345-355; senión do que se perdeu o primeiro folio), último fascículo do cancioneiro, está transcrita a cantiga B 1664 coa segunda estrofa a medio copiar. No fol. 354v figura un reclamo (*E non needes home*), claro indicio de que no seguinte folio principiaría un novo caderno. O reclamo ten a súa correspondencia no fol. 355, hoxe último folio do caderno, como primeiro verso da cantiga B 1660^{bis} de Pedr' Amigo de Sevilha.

- A lagoa, sen embargo, parece ser de tipo constitutivo, isto é, anterior á unión dos fascículos⁴⁷². Ollando a *Tavola* vemos que os textos 1658-1674 son atribuídos a Pedr' Amigo de Sevilha e que na cantiga 1675 principiaba a obra de Juíao Bolseiro, pero ¿cántas composicións serían as deste? O único que permanece claro é que se perderon case 11 cantigas de Pedr' Amigo e, polo menos, unha de Juíao Bolseiro.

⁴⁷⁰ En realidade, a explicación non é tan doada e é fonte de discusión e opinións contrarias entre os estudiosos que se adicaron á cuestión. Este feito será desenvolvido cunha maior detención no artigo.

⁴⁷¹ Enumerámos los trobadore na orde na que aparecen en C e as cantigas que lles atribúe entre parénteses.

⁴⁷² Ferrari, *Formazione*, p. 80.

RECAPITULACIÓN

Diversos e variados son os aspectos que envolven o mundo lacunar dos apógrafos B e V. Sen desenvolver moitos dos aspectos que serán tratados oportunamente noutro marco más apropiado, vimos como as lagoas de B -as de V son todas de tipo constitutivo, xa que non presenta sinais de mutilacións físicas- responden fundamentalmente a dúas circunstancias:

1. Mutilacións físicas padecidas polo cancionero unha vez rematado e encadernado, tal como acontece nas lagoas I, IV, XII e XVIII, que nos privou de cantigas que, de non ser por A (lagoa IV; parte da producción perdida) ou por V (lagoas XII e XVIII), quedarían para sempre como producción perdida.
2. As restantes lagoas obedecen por riba de todo ó peculiar proceso de copia ó que se veu suxeita a confección de B: "alla pecia". O labor dos copistas vírase dificultado polo estado deteriorado do *exemplar*, posiblemente desencadernado, que estaban a copiar. É o caso das lagoas II, III, V, VI, VII, IX, X, XI, XIII, XIV, XV, XVI, XVII, XIX e XX, onde son visibles as dificultades dos copistas na frecuente presencia de espacios en branco entre cantigas, en non poucas ocasións sinalado con *cruces desperationis*. Se aceptámo-lo símil, os copistas de B actúan coma un espello: non só están a copiar, senón que reflictan -é tan só unha conjectura- o estado deteriorado do *exemplar*.

3. TROBADORES COÑECIDOS POR ALUSIÓN DOUTROS TROBADORES.

Nas cantigas de escarnio é frecuente, polas súas propias características xenéricas, a aparición de topónimos e, o que máis nos interesa, de nomes de persoa. Algúns destes nomes poden identificarse con trobadore dos que non se conservou ningunha cantiga, pero que, nos ambientes cortesáns, debían de ser coñecidos polos seus dotes musicais e poéticos.

Sueir' Eanes. Nas cantigas de Afons' Eanes do Coton (nº 2,22) e de Pero da Ponte (nºs 120,7, 120,48 e 120,49) aparece calificado como un mal trobador que *nunca cantar igual fez nen rimou* (nº 2,22, v. 6 III). De se-lo mesmo personaxe, o carácter literario do "mal trobador" vese complementado co de fanfarrón na cantiga de Martin Soarez (nº 97,28) que alude, quizais, a un cantar de Sueir' Eanes no que afirmaba ter peregrinado a Ultramar⁴⁷³. Semella claro, xa que logo, que se perderon as cantigas de Sueir' Eanes. Polos trobadore que falan del, desenvolvería a súa actividade poética na corte de Fernando III. ¿Estaría incorporada a súa obra nalgúnha das lagoas de A?

Na obra lírica de Martin Soarez hai outra cantiga de escarnio (nº 97,3), na que se dirixe a un "cabaleiro" que fai "cantares"; a cantiga insiste en que, cada vez que compón, *os trobadore e as molheres / de vosso cantares son nojados* (1-2 IV). De poder identificarse con Sueir' Eanes, como apunta V. Bertolucci⁴⁷⁴, teríamos unha nova información: sería cabaleiro⁴⁷⁵. Uns versos más arriba dáse un dato máis: *por estes cantares que fazedes d' amor* (5 II). ¿Non sería un apoio máis para presupónela súa presencia en A?

